Galicia encóntrase posicionada dentro das rexións europeas cualificadas como **"Innovadores moderados**", segundo a clasificación elaborada polo Índice de innovación rexional (datos 2013), nunha tendencia á alza desde a primeira edición do dito indicador, onde estaba situada na categoría "Innovadores modestos". Así mesmo, a economía galega encóntrase no grupo de economías que dispoñen dun compoñente innovador, polo que existe un **potencial amplo de mellora**.

En materia de **investimento** por parte dos **sectores público e privado,** durante a primeira década do século XXI mantívose unha **liña alcista** que establece o investimento en I+D ao redor do 1% do PIB de Galicia, aínda que durante os últimos anos se produciu un **sensible descenso**. O dito dato sitúa aínda Galicia **por debaixo da media relativa** ao investimento en actividades de I+D **dentro do conxunto de rexións españolas**.

***Gastos en I+D e porcentaxe sobre o PIB pm (esforzo en I+D). Serie 2000-2012***




**** Escala dereita***
***Fonte: INE. Estatística sobre as actividades en I+D, Contabilidade Rexional e Nacional de España. Eurostat. Statistics on research and development***
***Nota: Datos provisionais 2010-2012***
***Os datos do ano 2002 en diante inclúen I+D continua e ocasional***

Durante o período 2007-2013, unha gran parte do investimento cofinanciado por FEDER en Galicia desenvolveuse mediante a colaboración AXE-Xunta de Galicia no programa Interconecta. Esta colaboración materializouse a través dun convenio específico e permitiu incrementar de forma considerable a intensidade de absorción dos fondos por parte das empresas galegas, principalmente pemes, nos últimos anos do período.

No relativo ás debilidades detectadas en relación co investimento efectivo realizado en materia de I+D+i, cabe centrarse nunha serie de conceptos:

- **Repartición do investimento segundo os sectores de execución**: **peso demasiado alto do investimento público** en materia de I+D, xa que o investimento en I+D polas empresas, ben que alcanza case a metade do total, é un 7% inferior á media nacional en 2012 (46% fronte ao 53% nacional).

  Destaca o alto valor do **investimento realizado desde o sector público**. Así, en 2012 o sector de ensino superior supón un 39,6% fronte ao 27,7% da media nacional, e o sector formado polas AAPP e as IPSFL alcanza un 14,4% fronte ao 19,3%. Neste sentido, o **papel das universidades** en materia de I+D+i adquire unha **relevancia superior** á que ten noutras rexións.

***Distribución do gasto interno total en I+D por sectores de execución. Ano 2012***




***Fonte: INE. Estatística sobre as actividades en I+D. Eurostat. Statistics on research and development. IPSFL: Institucións privadas sen fins de lucro.***

- **Respecto ao persoal involucrado na I+D+i en Galicia**: o dato de persoal asociado a labores de investigación encóntrase **por debaixo da media nacional** (0,91% fronte ao 1,21% de media nacional en 2012 en % sobre poboación ocupada). Non obstante, a tendencia pode considerarse á alza (0,56% no ano 2000 fronte ao 0,91% de 2012). Dentro deste contexto cabe destacar que o **gasto investido por persoal investigador** na educación superior **galega si se encontra en niveis equivalentes á media nacional**.

- Respecto á **innovación empresarial**, o número de empresas innovadoras alcanza unha cifra de **2.023 empresas** no período 2010-2012 (5,0% do total nacional). Produciuse unha **importante redución** do número de empresas innovadoras (2.786 empresas no período 2005-2007), ben que a dita redución é **equivalente á sufrida en termos nacionais** (51.746 EIN en 2005-2007 fronte a 40.761 en 2010-2012).

  En materia de **innovación tecnolóxica**, o nivel de gasto en Galicia en 2012 foi de 607 millóns de euros, **un 4,5% do total nacional e con tendencia á alza** (**aumento do 9,9% de 2011 a 2012**), contrariamente ao que acontece **a nivel nacional**, onde **ten lugar un descenso continuado** ao redor do 10% interanual.

***Empresas innovadoras por comunidades autónomas. Período 2010-2012***

| | Empresas innovadoras | | Empresas con innovacións tecnolóxicas (1) | | Empresas con innovacións non tecnolóxicas (2) | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Número | % | Número | % | Número | % |
| **Total Nacional** | **40.761** | **25,9** | **20.815** | **13,2** | **32.275** | **20,5** |
| País Vasco | 3.046 | 32,6 | 1.896 | 20,3 | 2.293 | 24,6 |
| Rioja, La | 390 | 31,4 | 278 | 22,4 | 247 | 19,8 |
| Aragón | 1.422 | 29,7 | 806 | 16,8 | 1.087 | 22,7 |
| Cataluña | 8.952 | 29,3 | 4.415 | 14,4 | 7.318 | 23,9 |
| Comunitat Valenciana | 4.658 | 29,0 | 2.329 | 14,5 | 3.666 | 22,8 |
| Navarra | 731 | 27,1 | 462 | 17,1 | 547 | 20,3 |
| Melilla | 34 | 26,4 | 12 | 9,6 | 25 | 19,2 |
| Madrid | 6.830 | 26,2 | 3.199 | 12,3 | 5.631 | 21,6 |
| **Galicia** | **2.023** | **23,5** | **1.267** | **14,7** | **1.490** | **17,3** |
| Asturias | 698 | 22,9 | 359 | 11,8 | 545 | 17,9 |
| Castilla y León | 1.597 | 22,8 | 958 | 13,7 | 1.183 | 16,9 |
| Murcia | 1.107 | 22,6 | 535 | 10,9 | 901 | 18,4 |
| Andalucía | 4.989 | 22,1 | 2.295 | 10,2 | 3.979 | 17,6 |
| Castilla - La Mancha | 1.250 | 22,0 | 609 | 10,7 | 957 | 16,8 |
| Cantabria | 385 | 21,5 | 251 | 14,0 | 268 | 15,0 |
| Balears, Illes | 837 | 21,3 | 307 | 7,8 | 711 | 18,1 |
| Canarias | 1.315 | 20,6 | 605 | 9,5 | 1.058 | 16,6 |
| Extremadura | 471 | 18,6 | 219 | 8,7 | 349 | 13,8 |
| Ceuta | 25 | 18,4 | 12 | 9,0 | 20 | 14,8 |

***Fonte: INE. Enquisa sobre innovación nas empresas***
***Nota: porcentaxes calculadas sobre a poboación de empresas de 10 ou máis asalariados de cada comunidade.***
***(1) Empresas con innovacións de produto e/ou de proceso.***
***(2) Empresas con innovacións organizativas e/ou de comercialización.***

En conclusión, o diagnóstico permite determinar que a **tendencia seguida desde o longo prazo é positiva** no referente ao gasto en I+D e na evolución dos recursos humanos dedicados a estas actividades, ben que **se manteñen as distancias respecto ao resto de rexións** españolas, e **aínda máis fronte ás rexións líderes** do conxunto da Unión Europea. Por iso, este ámbito considérase un elemento clave que se debe potenciar na futura acción cofinanciada por fondos ESI.

Outra cuestión que se pode deducir do diagnóstico é a necesidade de aumentar o gasto privado en materia de innovación, polo **que a implicación do sector privado á hora de xerar cultura innovadora no tecido produtivo debe ser o elemento clave de futuro na promoción destas accións**.

Para iso, **deben terse en conta as características do tecido produtivo de Galicia**, onde o 96% das empresas son microempresas[1]. Así mesmo, debería procurarse afrontar estas políticas desde unha **perspectiva que vaia máis alá do apoio económico** para un investimento concreto, introducindo condicionantes na súa execución a través dos **cales se xere cultura innovadora** no tecido produtivo.

[1] Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas [Diario Oficial L 124 de 20.5.2003]: defínese unha microempresa como unha empresa que ocupa menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 2 millóns de euros".

Debe terse en conta a **multiplicidade de actores que forman parte do Sistema rexional de innovación** á hora de afrontar o desenvolvemento de políticas públicas. No caso dos centros de coñecemento (universidades e centros tecnolóxicos), pode **fomentarse unha dinámica de innovación aberta que permita a transferencia de coñecemento** por parte destes centros ás empresas galegas, tendo en conta as necesidades do tecido produtivo galego, desenvolvendo **proxectos moi apegados á demanda real deste**, en liña do comentado sobre a necesidade de aumentar o investimento privado en I+D+i.

A **evolución positiva** no que se refire ao **capital humano vinculado á I+D+i** debería **manter a súa liña ascendente**, coa finalidade de **consolidar o volume de produción científica e o seu posterior desenvolvemento** dirixido cara ao mercado. Todo isto a través de políticas de apoio á consolidación das redes e estruturas en materia de I+D+i.

Todos os investimentos en innovación e investigación no PO se encaixarán na RIS3, que identificou os retos que orientan a definición detallada da estratexia de actuación e o desenvolvemento de proxectos nun proceso de descubrimento empresarial que creará unha vantaxe competitiva mediante o desenvolvemento e o axuste dos propios puntos fortes en materia de investigación e innovación ás necesidades comerciais co fin de abordar as oportunidades emerxentes e os avances do mercado no período 2014-2020, así como as prioridades asociadas a cada un deles:

Reto 1. Novo modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseado na innovación, que permita a modernización dos sectores tradicionais galegos a través da introdución de innovacións que incidan na mellora da eficiencia e do rendemento no uso dos recursos endóxenos e a súa reorientación cara a usos alternativos con maior valor engadido en actividades enerxéticas, acuícolas, farmacolóxicas, cosméticas, alimentarias e culturais.

PRIORIDADES DO RETO 1:

1.1 Valorización dos subprodutos e residuos xerados polas cadeas de produción vinculadas ao mar mediante a súa utilización como compoñentes de produtos cosméticos, aditivos alimenticios, aplicacións farmacolóxicas, para conseguir unha diminución significativa nos residuos xerados e alcanzar un posicionamento nos mercados de produtos innovadores con alto valor engadido [Valorización-Mar]

1.2 Desenvolvemento do sector acuícola galego para converter a rexión en referente internacional na xeración de novos produtos e servizos de base tecnolóxica aplicados á acuicultura [Acuicultura]

1.3 Diversificación do sector enerxético galego para conseguir unha mellora significativa da eficiencia no aproveitamento de recursos naturais galegos, priorizando a biomasa e a enerxía mariña [Biomasa e enerxías mariñas]

1.4 Modernización dos sectores primarios galegos (agricultura, pesca, gandaría e forestal) cara á mellora sustentable dos indicadores de eficiencia e rendemento das explotacións e a xeración de produtos e servizos innovadores [Modernización sectores primarios]

1.5 Modernización do sector turismo e das industrias culturais galegas a través do uso intensivo das TIC para conseguir un sector competitivo a nivel europeo baseado no turismo cultural e nos recursos naturais [TIC-Turismo]

Reto 2. Novo modelo industrial sustentado na competitividade e no coñecemento, aumentando a intensidade tecnolóxica da estrutura industrial de Galicia, a través da hibridación e das tecnoloxías facilitadoras esenciais.

PRIORIDADES DO RETO 2:

2.1 Diversificación en sectores tractores galegos e os seus sectores auxiliares a través do uso intensivo das tecnoloxías facilitadoras esenciais [TFE], orientado á provisión de novos procesos e produtos de alto valor engadido que permitan explorar novos mercados baseados na hibridación, no coñecemento e na tecnoloxía. [Diversificación sectores tractores]

2.2 Potenciar a competitividade do sector industrial galego a través da optimización de procesos produtivos baixo o concepto de "Fábrica do futuro" e a través da eco-innovación para a mellora da eficiencia e do comportamento ambiental na industria. [Competitividade sector industrial]

2.3 Impulso das TIC como sector tractor da economía do coñecemento en Galicia, ao igual que outras tecnoloxías facilitadoras esenciais (TFE). [Economía do coñecemento: TIC e TFE]

Reto 3. Novo modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo da poboación, posicionando Galicia para o ano 2020 como un referente en oferta de servizos e produtos intensivos en coñecemento relacionados cun modelo de vida saudable: envellecemento activo, aplicación terapéutica de recursos hídricos e mariños e a nutrición funcional.

PRIORIDADES DO RETO 3:

3.1 Galicia como rexión líder do sur de Europa na aplicación das novas tecnoloxías ao ámbito do envellecemento activo e vida saudable e na promoción da autonomía persoal [Envellecemento activo]

3.2 Diversificación do sector de alimentación galego para posicionalo como referente internacional arredor da innovación en nutrición como elemento clave para unha vida saudable [Alimentación e nutrición]

En síntese, este eixe prioritario formúlase para facer fronte á necesidade de fortalecemento e impulso do sistema de I+D+i en liña coa RIS3, concentrando o esforzo no apoio ao investimento por parte das empresas en innovación e investigación e, en menor medida, o apoio á excelencia de centros de investigación do Sistema universitario de Galicia.

Polo tanto, como conclusión, **as liñas estratéxicas que se deberán seguir á hora de configurar a programación,** que responden ao diagnóstico e están aliñadas coa RIS3, xirarán ao redor dos seguintes puntos:

- Desenvolvemento de actuacións que fomenten o **investimento en innovación por parte das empresas galegas**, investimento ligado a unha capacitación das propias empresas en materia de innovación, xerando cultura innovadora. Estas actuacións terán que ter en conta as **necesidades reais do tecido produtivo**, formado nunha alta porcentaxe por microempresas; neste sentido, podería apostarse por **medidas concretas dirixidas a sectores en que concorran circunstancias que dificulten especialmente afrontar procesos de innovación**, apoiando posibles carencias en recursos (financeiros, humanos, etc.) para emprender procesos de innovación.

- Desenvolvemento de **actuacións dirixidas á interacción entre as empresas galegas e os axentes que forman parte do Sistema rexional de innovación**. Para garantir o éxito das experiencias de transferencia de coñecemento entre empresas e axentes de coñecemento, estas actuacións teñen que contar cunha perspectiva moi apegada ás necesidades reais do mercado, ben que se poden enfocar liñas específicas que permitan experiencias innovadoras sen un retorno garantido.

- Establecer **mecanismos de atracción de capital privado** ás políticas públicas en materia de I+D+i, aproveitando a posibilidade que ofrece o período de programación 2014-2020 de considerar elixible o gasto privado. De igual modo, **aproveitar os novos mecanismos establecidos no período 2014-2020** -como os instrumentos financeiros (IF)- que tamén xere a entrada de capital privado neste tipo de políticas.

- **Consolidación do investimento realizado en Galicia en termos de capital humano** destinado a I+D+i, **tanto nos axentes de coñecemento** (universidades, grupos de investigación, redes de investigación) **coma no propio tecido empresarial** (tecnólogos/as, persoal especializado para o desenvolvemento de proxectos específicos, etc.).

- Posta en marcha de medidas que permitan apoiar a **mellora e o reforzo das infraestruturas técnicas e tecnolóxicas** dos diferentes axentes de innovación, con especial atención ao **reforzo do sector privado vinculado ás TIC**.

# Obxectivo temático 2 "Mellorar o acceso, o uso e a calidade das tecnoloxías da información e da comunicación"

O Plan estratéxico 2010-2014, horizonte 2020 de Galicia outorga ás novas tecnoloxías o papel de catalizadores dos eixes marcados no plan, como mecanismo facilitador da cohesión social, da calidade de vida dos galegos, da xeración de emprego de calidade e como impulsor dunha Administración austera, eficiente e próxima ao cidadán. Este reto tivo como resultado a posta en marcha da Axenda Dixital de Galicia, que establece unha estratexia tecnolóxica global e aspira a lograr o reto de converxer co horizonte europeo para 2020 maximizando o potencial social e económico das tecnoloxías da información e comunicación como peza clave que axude a transformar a economía galega nunha economía intelixente, sustentable e integradora. O 17 de xuño de 2010 foi aprobada no Consello da Xunta de Galicia a primeira fase da Axenda Dixital de Galicia cun horizonte 2014 aliñada con Axenda Dixital para Europa, presentada un mes antes, que impulsaría a inclusión de Galicia nun novo contexto dixital europeo.

http://amtega.xunta.es/export/sites/amtega/descargas/2014_gal_Axenda_Dixital_de_Galicia_-_Resumo_Executivo.pdf

En novembro de 2013 aprobouse en Consello da Xunta a Estratexia galega de crecemento dixital, unha estratexia perfectamente aliñada coa Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia, que establece o marco de referencia da política tecnolóxica do Goberno autonómico para o horizonte 2020 e, polo tanto, para a extensión da Axenda Dixital ata o 2020.

http://amtega.xunta.es/export/sites/amtega/descargas/Estratexia-Galega-Crecimiento-Dixital.pdf

O Consello da Xunta de Galicia aprobou o pasado mes de xullo de 2014 o lanzamento da elaboración da segunda fase da Axenda Dixital de Galicia co horizonte 2020. Actualmente encóntrase en desenvolvemento o proceso de participación pública dirixido a axentes económico-sociais, outras institucións públicas e representantes da sociedade civil, e a previsión actual pretende elevar a consulta pública o borrador da Axenda Dixital de Galicia 2020 en xaneiro de 2015 para a súa aprobación definitiva no primeiro trimestre de 2015.

http://amtega.xunta.es/axenda-dixital/axenda-dixital-2020/axenda-dixital-2020.html

O seguimento da Axenda Dixital de Galicia realízase a través dos correspondentes balances anuais que permiten facer un seguimento das diferentes iniciativas recollidas na Axenda Dixital, así como unha avaliación dos principais fitos e resultados obtidos.

Así mesmo, Galicia conta desde 2010 co Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (Osimga) que, a través de estudos propios, así como dos realizados en colaboración co Instituto Nacional de Estatística (INE) e o Instituto Galego de Estatística (IGE), ofrece información actualizada sobre o grao de avance da sociedade da información en Galicia.

http://amtega.xunta.es/export/sites/amtega/documentos/20140522_ADG_Informe_2013.pdf

Desde a creación do Osimga en 2010 realízanse, entre outros, informes sobre equipamento e uso das TIC nos fogares e nas empresas, o sector TIC, e a e-Administración nos concellos e na Xunta de Galicia, que nos permiten facer un seguimento exhaustivo e pormenorizado da situación en Galicia.

Enquisa sobre a sociedade da información nos fogares galegos 2013:

http://www.osimga.org/export/sites/osimga/gl/documentos/d/EnquisaTIC_Fogares_2013_Diagnostico.pdf

A sociedade da información nas empresas de Galicia. Ano 2013:

http://www.osimga.org/export/sites/osimga/gl/documentos/d/Empresas_2013_Informe.pdf

Diagnóstico ás empresas TIC sobre a sociedade da información en Galicia 2014:

http://www.osimga.org/export/sites/osimga/gl/documentos/d/Empresas_TIC_2014_Informe.pdf

A Administración electrónica nos concellos de Galicia. Ano 2013:

http://www.osimga.org/export/sites/osimga/gl/documentos/d/A_administracion_electronica_nos_concellos_de_Galicia._Edicion_2014.pdf

A Administración electrónica na Administración xeral de Galicia. Ano 2013:

http://www.osimga.org/export/sites/osimga/gl/documentos/d/A_administracion_electronica_na_administracion_xeral_de_Galicia._Ano_2013.pdf

Con todo isto, o diagnóstico realizado desde a posta en marcha da Axenda Dixital de Galicia puxo de manifesto diferentes fortalezas e debilidades que xustifican a intervención nos seguintes ámbitos:

- **Infraestruturas**: A implantación do Plan de banda larga 2010-2013 permitiu que a cobertura de redes de banda larga, fixas e/ou móbiles, estea dispoñible para máis do 97% da poboación e que 1,4 millóns de galegos poidan acceder a redes de nova xeración de ata 200 Mbps. En relación coas tecnoloxías, a fibra óptica ata o fogar (FTTH) está dispoñible para o 6,3% da poboación fronte ao 26,3% da media española, e a cobertura das redes 4G é do 35,2%, por debaixo da media de España (47,8%), ao cal se suma a necesidade de unir que o alcance xeográfico do 4G está restrinxido principalmente ao ámbito urbano (onde xa existen redes de 200 Mbps).

  Segundo o último Informe de cobertura da banda larga en España publicado pola SETSI, en termos de poboación con acceso a velocidades altas e moi altas, Galicia encóntrase nunha situación sensiblemente inferior á media nacional, tanto en relación coa cobertura 30 Mbps (Galicia 57,9% e media estatal 60,4%), como en cobertura 100 Mbps (Galicia 54,8% e media estatal 55,7%). Así mesmo, o uso de conexións de 100 Mbps, que actualmente é residual, con menos do 1% de penetración comercial, fronte ao obxectivo horizonte 2020 da Axenda Dixital europea da metade dos fogares conectados a redes de 100 Mbps.

***Acceso a TIC polos fogares en Galicia / España / UE27***







***Fonte: Galicia e España, INE - TIC-H (2). UE27, EUROSTAT - ICT usage in households and by individuals***

***Notas: Considéranse aqueles fogares con polo menos un membro entre 16 e 74 anos de idade.***

***(1) Utilizaron internet polo menos unha vez por semana nos últimos 3 meses***

***(2) TIC-H: Enquisa sobre Equipamento e Uso de Tecnoloxías de Información e Comunicación nos Fogares***

- **Modernización da Administración e servizos públicos.** A Xunta de Galicia, a través do Plan de modernización 2010-2013, asumiu o obxectivo prioritario de avanzar cara a unha Administración electrónica capaz de ofrecer á cidadanía e ás empresas uns servizos eficientes e próximos mediante o emprego das tecnoloxías da información.

  Neste marco conseguiuse que Galicia alcance o primeiro posto na interacción coas administracións públicas a través da internet cunha porcentaxe do 72,6% (9,2 puntos porcentuais máis que a media estatal). Ademais, tamén ocupa a primeira posición no ránking de comunidades autónomas para obter información de páxinas web da Administración e a segunda en descarga de formularios. Galicia ascendeu catro postos no ránking estatal de comunidades autónomas respecto ao envío de formularios cubertos, e pasou da sétima posición en 2013 á terceira en 2014. Concretamente, un 67,8% dos internautas galegos obtivo información das páxinas web da Administración (7,8 puntos máis que a media estatal), un 48,9% descargou formularios oficiais (4,8 puntos máis que a media estatal) e un 40,6% enviou formularios cubertos a través da internet (3,5 puntos por riba da media estatal).

  En canto ás relacións entre Administración e empresas por vía electrónica, non se observan grandes diferenzas entre Galicia e a media nacional, salvo no referente á utilización de mecanismos de licitación electrónica (1,9% Galicia fronte ao 4,3% de media nacional).

  Entre as iniciativas postas en marcha destacan os resultados alcanzados a través da implantación do Plan de modernización de Administración pública 2010-2013 (Balance Plan modernización 2010-2013.pdf): A redución de trámites administrativos grazas á posta en marcha de proxectos de simplificación e tramitación electrónica que melloran a relación da Administración cos cidadáns e empresas. La implantación de servizos e sistemas dixitais horizontais para permitir o desenvolvemento da tramitación electrónica integral (sinatura dixital, plataforma de servizos comúns, etc.). O impulso da interoperabilidade para posibilitar o intercambio de información inter e intraadministrativa, así como o reforzo da presenza web da Xunta e a creación de novas canles de relación. De feito, actualmente xa se poden xestionar en liña na sede electrónica da Xunta máis de 600 trámites (preto do 40% total, fronte ao 4% dispoñible en 2010).

Da mesma forma, a implantación do Plan de sistemas TIC na Administración de Xustiza de Galicia - Plan Senda 2014 (Balance Plan Senda 2010 - 2014.pdf) permitiu, entre outros, a posta en marcha do portal e-Xustiza, a implantación do sistema de videoconferencia no 100% das salas xudiciais, a consolidación do sistema Lexnet de comunicacións electrónicas seguras no 100% dous órganos xudiciais, o inicio da instalación dos sistemas de gravación de vistas con sinatura dixital en 15 salas e a gravación de 6.000 vistas con este sistema.

En definitiva, as accións realizadas permitiron establecer unha base sólida, estruturada e organizada para permitir potenciar o desenvolvemento de servizos de Administración dixital tanto na propia Administración coma na relación coa cidadanía. O camiño nos próximos anos debe seguir a través da consolidación e evolución dos proxectos emprendidos, cara a unha Administración que faga uso das TIC para achegar maior valor á sociedade.

A pesar dos logros alcanzados, detéctase un amplo camiño na consolidación na prestación de servizos por medios electrónicos, que será abordado durante o próximo período.

- **Cidadanía e TIC**. O diagnóstico permite determinar que **as políticas realizadas ao longo das últimas anualidades permitiron un grande avance en Galicia**, pero **con elementos pendentes dun desenvolvemento en fases máis avanzadas de incorporación das TIC**, é dicir, cunha tendencia á alza pero lonxe do cumprimento dos obxectivos previstos para 2020. Como exemplo, o uso de ordenador é lixeiramente inferior á media nacional (66,4% en Galicia fronte ao 72,2% media nacional), situación que se repite no uso da internet nos últimos tres meses (65,2% Galicia e 71,6% de media en España), e en canto ao uso frecuente da internet (60,0% en Galicia fronte ao 65,8% de media nacional). Igualmente, o número de equipamentos e usos TIC nos fogares tamén se encontra por debaixo da media nacional, aínda que menos afastada dela.

***Usos TIC nos fogares. 2013***




| | Utilizaron o ordenador nos 3 últimos meses | Utilizaron internet nos 3 últimos meses | Usuarios frecuentes de internet (polo menos 1 vez por semana) | Utilizaron o teléfono móbil nos 3 últimos meses |
|---|---|---|---|---|
| España | 72,2% | 71,6% | 65,8% | 94,2% |
| Galicia | 66,4% | 65,3% | 60,0% | 93,2% |

***Fonte: Galicia e España, INE - TIC-H***

No ámbito educativo cabe destacar que Galicia se sitúa entre as rexións europeas que conta cunha folla de ruta específica propia para a integración plena das TIC na práctica

educativa de cara a conseguir os obxectivos comúns da Estratexia de educación e formación 2020 da Unión Europea.

Entre os resultados máis destacados do proxecto Abalar (Balance Proxecto Abalar 2010 - 2014.pdf), a estratexia para a integración plena das TIC na práctica educativa en Galicia, destacan a dixitalización de máis de 2.000 aulas en 531 centros educativos, o que beneficia a máis de 44.400 estudantes pertencentes aos cursos de 5º e 6º de primaria e 1º e 2º de ESO. A posta de 'EspazoAbalar', sitio web que serve de punto de encontro entre familias, titores e centros, conta con máis de 2.000 recursos educativos dixitais dos cales xa se realizaron máis de 2,6 millóns de descargas. Ademais, coa finalidade de aumentar o achegamento entre o profesorado e as familias púxose en marcha un piloto de abalarMóbil, unha aplicación que lles permite ás familias seguir a actividade educativa dos seus fillos desde calquera lugar, de modo rápido e cómodo a través de dispositivos móbiles.

Grazas aos avances alcanzados, e como un paso máis no desenvolvemento do Proxecto Abalar, iniciouse no curso escolar 2014/15 o proxecto L-DIXGAL, que nace co obxectivo de poñer en marcha o libro dixital nos centros educativos galegos. Polo momento, o contorno virtual de aprendizaxe ofrece contidos curriculares dixitais a máis de 2.300 alumnos de 5º de primaria.

No ámbito da sanidade dixital, a sanidade pública actual afronta o reto de manter e mellorar os seus servizos garantindo a sustentabilidade do sistema. Para iso é necesario abordar unha transformación do modelo asistencial, pasando dun modelo de atención reactivo a un modelo proactivo, cuxos principais eixes sexan a prevención da saúde, a abordaxe da cronicidade, a autoxestión e o autocoidado da enfermidade e a promoción dun envellecemento activo e saudable.

Os datos demostran que vivimos máis, pero con máis enfermidades crónicas, o que está relacionado co progresivo envellecemento da poboación que sofre Galicia, onde o 23% da poboación ten máis de 65 anos e en 2020 se alcanzará o 25%. Ao contrario, a poboación de menos de 15 anos diminuíu do 23,4% en 1981 ao 11,3% no ano 2013.

A utilización das tecnoloxías constitúe, polo tanto, un elemento crítico para avanzar cara a esta nova forma de prestar a asistencia sanitaria, conectando profesionais con profesionais, profesionais con pacientes, centros de primaria con hospitais e centros sociosanitarios, pacientes con coidadores, cidadáns coa Administración. En definitiva, constitúe de forma efectiva unha sanidade 2.0

O Servizo Galego de Saúde conta cunha infraestrutura que dá soporte a toda a súa actividade. A elaboración e consulta da historia clínica electrónica, a prescrición/dispensa de receitas e a consulta de imaxes dixitais en todos os centros sanitarios da Comunidade Autónoma galega é unha realidade na actualidade. Cada día acceden máis de 15.000 profesionais do Sergas á nosa historia clínica electrónica, consultan 160.000 informes ou imaxes dixitais, escriben 100.000 anotacións e xeran 360.000 receitas electrónicas. Máis de 10.000 pacientes piden cita pola internet diariamente e preto de 200 acceden ao seu historial clínico co seu DNI dixital.

O reto destes próximos anos será implantar tecnoloxía e sistemas de información innovadores que proporcionen á poboación o acceso a unha mellor xestión das patoloxías crónicas mediante TIC e posibiliten a reorganización dos recursos sanitarios para atender a poboación neste novo modelo de servizos. Isto débese materializar na implantación de sistemas de información intelixentes que soporten estes novos modelos de prestación de servizos sanitarios e sociosanitarios en modalidades non presenciais cos cidadáns - pacientes e coidadores-.

O despregamento destas novas plataformas tecnolóxicas tamén supoñerá un soporte sobre o cal articular unha rede para o diagnóstico. Terase acceso a todo tipo de aplicacións de diagnóstico asistido por ordenador e tamén supoñerá a universalización das modalidades de teleasistencia, creando unha rede de especialistas facilmente localizables e coa capacidade de diagnosticar a través de dispositivos fixos e móbiles desde calquera lugar, no cal terán sempre accesible toda a información clínica que sexa necesaria.

As novas tecnoloxías de explotación da información (denominadas "Big Data") tamén se fan necesarias para obter maior información sobre os procesos e, así mesmo, para posibilitar o aproveitamento de toda a información xerada na investigación clínica.

Todo isto baixo o paradigma dunha sanidade dixital segura que nos permita salvagardar a confidencialidade, dispoñibilidade e calidade da información dos nosos cidadáns.

Para levar a cabo estes retos, o Servizo Galego de Saúde está a desenvolver actualmente dous grandes proxectos denominados InnovaSaude e Hospital 2050, proxectos de innovación sanitaria que se financian mediante fondos FEDER dentro do Programa de I+D+i por e para o beneficio das empresas - Fondo tecnolóxico 2007-2013. A natureza destes fondos europeos comporta a implicación de empresas no desenvolvemento destes plans de innovación, a través da utilización da compra pública innovadora (CPI) como instrumento de promoción de I+D+i nas empresas e de transferencia e internacionalización dos resultados, conseguindo un aumento de competitividade. Os dous proxectos establécense mediante convenios co Ministerio de Economía e Competitividade.

- **Economía dixital**. O sector TIC galego representa en 2012 o 2% do PIB de Galicia cun volume de negocio que superou os 2.290 millóns de euros en 2013, conta con 2.232 empresas (situándose como a quinta comunidade autónoma con maior número de empresas do sector) e xera 15.312 postos de traballo.

***Principais magnitudes do sector TIC en Galicia***

| | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Número de empresas | 1.575 | 1.542 | 1.767 | 1.897 | 1.976 | 2.029 |
| Número de empregados | 13.521 | 16.327 | 15.851 | 15.855 | 15.473 | 15.144 |
| % do emprego de todos os sectores (1) | 1,3% | 1,6% | 1,6% | 1,6% | 1,6% | 1,7% |
| Contribución ao PIB (2) | 2,2% | 2,3% | 2,2% | 2,0% | .. | .. |

***Fonte: OSIMGA a partir de datos de IGE (INE para número de empresas)***
***Notas: (1) En 2013, avance xuño, (2) 2010 e 2011 datos provisionais***

**A implantación das TIC na xestión empresarial avanza progresivamente**; non obstante, tendo en conta, por exemplo, que se detecta moi baixa presenza na internet das empresas de menos de 10 empregados (que supoñen o 95% do tecido empresarial galego), aínda unha de cada tres empresas TIC galegas utiliza as redes sociais, o 36,1% das empresas utilizan solucións cloud ou que o volume de vendas pola internet representa o 37,9% do volume de negocio, **existe unha ampla marxe de mellora na Comunidade Autónoma.**

Como fortaleza neste ámbito, ponse de manifesto unha **implicación moi activa por parte do sector empresarial** (clúster TIC, asociacións, empresas) **e do resto de axentes e colectivos** (universidades, centros tecnolóxicos e de investigación, colexios profesionais, etc.) **no desenvolvemento dixital de Galicia**.

No ano 2013, a Xunta asinou o Pacto tecnolóxico dixital con 12 grandes empresas do sector TIC e o clúster TIC galego para cooperar no desenvolvemento dixital de Galicia. Tamén en 2013 se definiu o programa TransformaTIC, unha iniciativa que aglutina e xunta os instrumentos con que conta a Administración autonómica e os axentes do sector TIC para impulsar unha estratexia única de apoio ao sector. Para a posta en marcha de iniciativas que permitan alcanzar os devanditos obxectivos co horizonte 2020, asinouse un convenio entre a Xunta e as tres universidades galegas, os centros tecnolóxicos dedicados ás TIC e o Clúster TIC galego.

Por outra parte, é necesario ter en conta o **papel tractor da Administración pública para o sector TIC**. Así, desde a posta en marcha da **2014.gal Axenda Dixital de Galicia**, cun investimento público de 785 millóns de euros chegáronse a **mobilizar preto de 1.100 millóns de euros entre capital público e privado** no fomento das novas tecnoloxías en Galicia.

A segunda fase da Axenda Dixital de Galicia dará continuidade ás grandes liñas estratéxicas definidas na primeira fase da Axenda Dixital de Galicia, que guiarán a programación FEDER para o período 2014-2020:

- Infraestruturas e redes de telecomunicacións ultrarrápidas. A coordinación do despregamento de redes ultrarrápidas en Galicia financiadas a través do FEDER sustentarase na formalización de mecanismos de colaboración específicos cos organismos intermedios dos diferentes programas operativos plurirrexionais FEDER no obxectivo temático 2 "Mellorar o uso e a calidade das tecnoloxías da información e da comunicación e o acceso a elas" de cara a garantir o aliñamento coas prioridades definidas nos diferentes instrumentos de planificación estratéxica autonómicos e alcanzar o impacto esperado sobre o territorio galego (metas e obxectivos estratéxicos de cobertura e despregamento a nivel autonómico).

- Consolidación da Administración electrónica, e-Goberno e modernización tecnolóxica dos servizos públicos. A partir das actuacións desenvolvidas no período anterior, é imprescindible continuar co impulso decidido para a modernización das relacións coa cidadanía, empresas e outras administracións, así como dentro da propia Xunta de Galicia. Para isto a intervención proposta centrarase ao redor de:

    - Mellorar, consolidar e evolucionar de xeito continuado os servizos públicos electrónicos postos en marcha.

    - Incorporación de novos servizos avanzados que dean respostas ás continuas demandas da sociedade.

    - Dinamización e potenciación da demanda dos servizos públicos facilitando o uso por parte de cidadáns, empresas e empregados públicos.

Para isto, desde o programa operativo FEDER Galicia e a través do Plan para a calidade e seguridade de infraestruturas críticas responderase de forma centralizada ás necesidades tecnolóxicas vinculadas ao resto de actuacións de forma segura e eficiente. Desenvolverase, como unha segunda fase do plan de modernización da Administración executado no período anterior, o novo Plan de desenvolvemento de Administración e goberno electrónico co obxectivo de avanzar nunha Administración máis útil para a cidadanía e máis eficiente, que faga realidade a progresiva eliminación de papel e preste máis e mellores servizos públicos dixitais. Así mesmo, como unha segunda fase do Plan Senda 2014, que permitiu a mellora da eficiencia das infraestruturas e sistemas no ámbito xudicial, desenvolverase o novo plan e-Xustiza, que buscará a transformación do servizo que redunde na achega de maior valor en termos económicos e sociais. Ademais, darase

continuidade aos plans comezados no período anterior para a modernización tecnolóxica dos servizos sociais.

Estas iniciativas serán complementadas coas desenvolvidas por outras institucións en Galicia a través dos programas plurirrexionais FEDER, que serán coordinadas a través dos mecanismos de colaboración previstos con outros organismos intermedios.

- **Avance cara a unha cidadanía plenamente dixital**. O programa operativo FEDER Galicia encargarase de fomentar a incorporación das TIC no modelo educativo como catalizador do emprego das TIC no núcleo familiar e no ámbito económico e laboral. A través do Plan para o fomento da educación dixital darase continuidade á transformación do modelo educativo de Galicia iniciado no período anterior polo proxecto e-DIXGAL no marco de Abalar, co obxectivo de estender a outros cursos escolares o modelo que permita a docentes e alumnos desenvolver a súa actividade educativa diaria nun contorno virtual de aprendizaxe que, ademais, se verá reflectido nun aforro para a Administración e as familias. O obxectivo é pasar de 51.000 alumnos de ensino primario e secundario cubertos actualmente por servizos educativos electrónicos a 115.000 en 2023.

  En relación co desenvolvemento de iniciativas para reducir a fenda dixital, a dotación dos centros educativos realizarase a cargo do Programa de crecemento intelixente. Non obstante, as iniciativas de redución da fenda dixital desenvolveranse a través dos programas operativos rexionais doutros fondos EIE como o FSE.

- **Consolidación do sector TIC como sector estratéxico para Galicia e mellora da competitividade do tecido empresarial a través das TIC.**

  No próximo período cobrará un papel destacado o desenvolvemento do **Pacto dixital** (asinado entre a Xunta de Galicia, 12 empresas de ámbito nacional, multinacional, rexional e o Clúster TIC galego) e o **programa Transforma TIC**, materializado a través dun convenio de colaboración entre a Xunta, as tres universidades galegas, os centros tecnolóxicos dedicados ás tecnoloxías da información e da comunicación e o Clúster TIC, co obxectivo de impulsar o crecemento e a competitividade do sector TIC e desenvolver a súa capacidade de tracción para o desenvolvemento do resto de sectores produtivos de Galicia (http://amtega.xunta.es/export/sites/amtega/descargas/20140422-Programa-TransformaTIC.pdf).

  Por outra parte, enténdese que o fomento de proxectos promovidos pola Administración ten un importante efecto dinamizador da actividade económica, incrementando a competitividade dos sectores e a súa capacidade de innovación a través das TIC. Neste sentido, cun papel protagonista do sector TIC galego, desenvolveranse iniciativas como o Plan para a xestión dixital do patrimonio cultural e modernización tecnolóxica do turismo ou o Plan para a modernización da xestión territorial.

  A intervención autonómica no ámbito da economía dixital complementarase a través dos investimentos realizados por outras institucións en Galicia, que se coordinará a través dos mencionados mecanismos de colaboración con outros organismos intermedios dos diferentes programas operativos plurirrexionais no obxectivo temático 2 en relación coa I+D+i en TIC, o fomento da implementación do uso de solucións TIC polas pemes e micropemes, entre outros.

# Obxectivo temático 3 "Mellorar a competitividade das pemes"

Á hora de considerar o **enfoque necesario** en relación coas liñas prioritarias sobre as cales actuar coa finalidade de **mellorar a competitividade das pemes galegas**, é necesario analizar **o tecido empresarial galego**.

- Segundo datos de 2012, o número de empresas galegas (204.049) supón o **6,5%** do total de empresas españolas (cun **notable desequilibrio entre provincias** galegas orientais e occidentais). En canto ao tamaño destas, destaca a **importancia da peme como eixe central da economía europea** (98% do total de empresas); no caso de **España,** a súa preeminencia é **mesmo superior (99,87%)**. En Galicia, o 99,91% do tecido empresarial ten a consideración de peme: un 62,6% das empresas non ten persoal asalariado, mentres que outro 33,4% se corresponde con empresas con menos de 10 traballadores, o que supón que **un 96,1% das empresas galegas son microempresas**.

***Empresas segundo o seu tamaño e ubicación da sede social. Galicia. Ano 2012***




***Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais***

Debe destacarse o **alto grao de densidade empresarial**, que alcanza un nivel de 73,4 empresas por cada 1.000 habitantes no ano 2012, 4 puntos por riba da media nacional, aínda que **a tendencia é decrecente** desde o ano 2008.

As actividades económicas con maior representación no tecido empresarial galego son o **comercio** (26,8%), a **construción** (16,5%), a **hostalaría** (11,2%) e as actividades **profesionais** (11,1%), cun 7,6% de peso específico do sector industrial. Esta distribución sectorial correspóndese de forma directa co tamaño das empresas galegas descrito anteriormente.

***Densidade empresarial. Empresas por 1.000 habitantes***




***Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais.***

- Outro elemento de relevancia é o incremento **do índice de produtividade por ocupado**, que aínda está por debaixo da media nacional**, cunha taxa interanual superior á nacional.**

- No **ámbito da internacionalización**, o comercio exterior **alcanzou recentemente un saldo positivo**. As importacións e exportacións son na súa maioría da propia Unión Europea, e aumentan paulatinamente os intercambios con América Latina e países exportadores de petróleo.

- En materia de exportación, existe unha **alta diversidade de sectores exportadores** na economía galega, **industria agroalimentaria**, **sector primario**, os **produtos minerais** e as **manufacturas de metais**, máis alá do sector téxtil (relevancia do grupo Inditex) e do sector transporte (marca Citröen).

O mapa xeral obtido das cifras expostas mostra **unha clara necesidade de apostar polo incremento do tamaño das empresas galegas**, co fin de gañar produtividade e competitividade internacional, xa que un tecido empresarial cunha **maior representación de empresas situadas en chanzos superiores en tamaño** é un tecido empresarial que pode **apostar máis decididamente** pola innovación, a internacionalización, o acceso ao financiamento ou o capital humano, **factores claves en termos de competitividade.** Así mesmo**, a descompensación** que mostran os resultados obtidos do diagnóstico **entre as zonas orientais e occidentais pode ser corrixida** mediante determinadas priorizacións á hora de definir as actuacións en que investir.

En relación coa internacionalización, pode concluírse que a peme **galega tende a aumentar a interacción co mercado exterior cun balance positivo entre importación/exportación**, tendencia moi positiva na medida en que, globalmente, as empresas con maior orientación exportadora experimentaron durante os últimos anos un mellor comportamento en canto á súa actividade e resultados en comparación con aquelas en que a súa cifra de negocios se concentrou maioritariamente nas vendas interiores[2]. Non obstante, desde o sector público deben poñerse en práctica **políticas de apoio á peme que a axuden a dar un salto cualitativo en termos de produtividade e competitividade** para enfrontarse á competencia global no difícil contexto económico en que estas pemes operan, e especialmente no que respecta ao acceso ao financiamento empresarial para iso.

Como leccións aprendidas do período de programación 2007-2013, podemos sinalar o elevado impacto dos fondos europeos como posibilitadores da **posta en marcha de actuacións** por parte das empresas e o seu papel no **reequilibrio territorial**. É importante tamén destacar a necesidade de lograr un programa operativo áxil e flexible que permita reorientar as medidas que se deberán aplicar en función dunha conxuntura económica que con toda probabilidade variará ao longo dos sete anos de programación. Por último, a utilización de fondos de forma directa por parte da Administración para prestar **servizos a empresas** nos ámbitos do emprendemento, mellora competitiva ou internacionalización tomou especial relevancia ao final do período de programación, e provoca un amplo efecto con pequenos investimentos de fondos.

Polo tanto, como conclusión, **as liñas estratéxicas que se deberán seguir á hora de configurar a programación** poderían xirar ao redor dos seguintes puntos:

- Actuacións a través das cales se presten **servizos de apoio ás pemes,** dirixidas á **mellora da competitividade**, tanto en termos de **asesoramento** á hora de definir os procesos que se deberán poñer en marcha como á hora de prestar un **apoio** de carácter **financeiro**, xa que o contexto actual limita en boa medida o acceso das empresas ao financiamento tradicional. Estas actuacións deberán ter como efecto a preparación das pemes galegas para unha maior participación en programas comunitarios especificamente dirixidos á innovación (Horizon2020), e ao financiamento e xeración de novos produtos próximos ao mercado (Cosme). O efecto "proximidade" do programa operativo rexional complementará, pois, as iniciativas europeas.

---

2 http://www.bde.es/f/webbde/SES/Secciones/Publicaciones/InformesBoletinesRevistas/BoletinEconomico/12/Sep/Fich/be1209-art3.pdf

- Desenvolvemento de **actuacións dirixidas á mellora das capacidades das pemes galegas** á hora de emprender **procesos de internacionalización**, co obxectivo de que a peme galega poida acceder e consolidarse en novos mercados, co conseguinte retorno positivo en termos de fortalecemento e creación de emprego. Estas actuacións, ao igual que as expostas no apartado anterior, poderán enfocarse desde a perspectiva do **asesoramento técnico** sobre o proceso de internacionalización, acompañado de medidas de **apoio financeiro** para a posta en marcha dos devanditos procesos. Tendo en conta a **contracción do mercado interior**, a **internacionalización parece un aspecto especialmente relevante.**

- Posta en marcha de **accións baseadas nos novos mecanismos** establecidos na programación 2014-2020 (especialmente, os **instrumentos financeiros**) que permiten investimentos con carácter reutilizable, o que multiplica o efecto positivo e o acceso dun maior número de empresas a esta serie de accións.

  Como se desenvolverá máis adiante, Galicia opta por unha **repartición entre subvencións (incluíndo actuación directa) e instrumentos financeiros do 58%/42%**. Para tomar esta decisión tivéronse en conta as seguintes cuestións:

  - Galicia optou durante o período de programación anterior, dentro do eixe 2 do FEDER, por unha aplicación case exclusiva de subvencións a fondo perdido, cun pequeno compoñente de axudas directas e de instrumentos financeiros (restrinxidos estes últimos aos dous últimos anos do período de elixibilidade de gastos).

  - Desta forma, aumentar ata un 42% os instrumentos financeiros con FEDER é unha clara aposta de Galicia por este tipo de apoios, dos cales se espera unha maior efectividade en proxectos maduros e un maior impacto na súa reutilización.

  - Non obstante, non se considera adecuado superar este límite. Da mesma forma que Galicia é unha rexión obxectivo "ex-converxencia" no uso de fondos, tamén debería selo na aplicación dos instrumentos financiados por eles, cambiando gradualmente unha política consolidada de incentivos. Pola contra, córrese un alto risco de inexecución dos fondos asignados ao obxectivo temático, e pérdese a oportunidade de lograr que a complementariedade de subvencións directas e instrumentos financeiros reforcen neste período a consolidación das empresas galegas que, debido á situación económica, non puideron aproveitalo plenamente no período anterior.

- Adicionalmente, Galicia participa no instrumento financeiro vehiculizado polo BEI, iniciativa peme, onde se asignan fondos FEDER para financiar proxectos ou nas pemes da Comunidade Autónoma por importe de 60,0 millóns de euros, e que poderían xerar financiamento en función dos diferentes niveis de apancamento que consiga o instrumento de polo menos 180 millóns de euros. A análise *ex ante* que se desenvolverá para fundamentar e deseñar os instrumentos financeiros do PO Galicia terá en conta este financiamento para complementarse con ela. Por último, poderían formularse **actuacións concretas para sectores específicos onde a cooperación entre empresas xogue un papel relevante**, xa que, mediante a conxugación de intereses, as empresas poden adoptar un papel máis relevante en materia de innovación e internacionalización.

- Impulso da estratexia loxística que optimice a eficiencia das pemes mellorando a súa competitividade, desenvolvendo novas plataformas loxísticas e mellorando a accesibilidade e intermodalidade das xa existentes coa Rede transeuropea do transporte.

# Obxectivo temático 4 "Favorecer o paso a unha economía de baixo nivel de emisión de carbono en todos os sectores"

- A situación de partida considera que España ten unha **elevada dependencia enerxética** do exterior (un 80%, moi por riba do 50% de media europea) e Galicia presenta similares porcentaxes, pois dispón dunha **economía deficitaria en enerxía** (81,6% en 2011, segundo o Inega).

***Evolución da Enerxía primaria galega e importada 2001-2011***




***Fonte: INEGA***

Os indicadores de 2001 a 2011 poñen de manifesto que en Galicia a implantación de **novas normativas ambientais**, sumado **ao peche de minas** e ao **esgotamento do carbón** autóctono, supuxo un **claro desafío** á hora de reducir a dependencia de fontes de enerxía externas.

Non obstante, a **aposta polas enerxías renovables exerceu de resorte** ante eses factores negativos, ben que a influencia da situación climatolóxica xerou a necesidade de **recorrer á importación de enerxía** cando a devandita situación non foi favorable para **as fontes renovables: o exemplo claro é a anualidade 2011, onde unha tendencia descendente en importación de enerxía se ve freada por un ano onde descenden as chuvias e o vento.**

- En relación co **consumo de enerxía primaria**, Galicia presenta unha **dependencia relevante do petróleo** (un 49,5% en 2011). Non obstante, a **tendencia das fontes con maior custo en termos ambientais é descendente**, xa que o consumo de enerxía asociada ao gas natural aumentou do 2,4% en 2001 ao 15,9% en 2011, do mesmo modo que as enerxías renovables aumentan na devandita década do 12,1% ao 18,6%.

***Evolución na distribución do consumo de enerxía primaria por tipo de fonte en Galicia***




***Fonte: elaboración propia a partir de INEGA. Balance enerxético de Galicia 2011***

- En relación coa **intensidade enerxética**, Galicia case duplica o valor medio da media UE (295 ktep por 1.000 €, fronte a 157,8 ktep por 1.000 € en 2011); obsérvase que aínda que a tendencia é descendente, segue en **niveis excesivamente elevados**.

- En canto ás **enerxías renovables**, teñen un papel moi relevante na xeración de enerxía propia de Galicia e supoñen un 52,9% sobre o total. A máis relevante **é a enerxía eólica** (27%), que nos últimos anos viu duplicada a potencia instalada e o número de instalacións de produción. **O resto de enerxías renovables** (excluíndo a grande hidráulica) ten unha **achega moi minoritaria** (ao redor do 1%), e é un territorio pendente de explorar.

***Estrutura da xeración eléctrica en Galicia***




***Fonte: elaboración propia a partir de datos INEGA –Balance Enerxético de Galicia 2011***

En relación co **consumo de electricidade**, o **consumo procedente de enerxías renovables duplica** e mesmo triplica as **medias nacionais**, ben que **depende** en calquera caso da produción xerada polas centrais eólicas e hidráulicas, dependentes ambas as dúas das **condicións climatolóxicas**.

En termos xerais, o diagnóstico realizado determina un **consumo excesivo de enerxía** que comporta unha **alta dependencia de fontes de enerxía externas**, derivado, entre outras razóns, do excesivo gasto xerado polo tecido produtivo (intensidade enerxética). Así mesmo, ben que Galicia realizou unha **forte aposta polas enerxías renovables**, os ámbitos con maior relevancia teñen unha **dependencia excesiva de factores externos e incontrolables** (clima) e os ámbitos menos relevantes teñen unha **presenza practicamente testemuñal** (amplo potencial de desenvolvemento).

Sobre a base destas conclusións, unha das posibilidades á hora de formularse as liñas estratéxicas que se definirán na programación FEDER para o período de programación 2014-2020 é **establecer dous ámbitos a partir dos cales desenvolver a programación**: medidas dirixidas á **xeración de enerxía** co obxectivo de **reducir a dependencia enerxética** do exterior a través de enerxías renovables, e medidas vinculadas á **redución do consumo enerxético** derivado de enerxías non renovables e prexudiciais en termos ambientais. De forma complementaria, debe terse en conta a necesidade de **reducir a porcentaxe de emisións de carbono**.

- Actuacións vinculadas ao **desenvolvemento das enerxías renovables con menos presenza en Galicia** na medida en que as devanditas actuacións supoñerían unha fonte de enerxía renovable complementaria ás que dispoñen dun maior desenvolvemento, que poderían supoñer un "resorte de seguridade" cando o clima reduza a produción de enerxía hidráulica ou eólica, e que contan cun amplo potencial de desenvolvemento e mellora.

  Nesta liña, poden desenvolverse **actuacións con carácter experimental cun compoñente de** I+D que posibiliten un bo posicionamento de Galicia na produción de enerxía baseada en fontes renovables innovadoras.

- Actuacións vinculadas á **xeración de enerxía a través de materia orgánica**, na medida en que a xeración en Galicia de enerxía proveniente de biomasa ten un carácter testemuñal e é unha fonte de enerxía de alta eficiencia enerxética na que Galicia dispón dun gran potencial insuficientemente valorizado ata agora.

- Actuacións vinculadas ao **aforro enerxético na Administración pública**, na medida en que esta debe exercer de forza tractora na redución do consumo enerxético de Galicia. Neste sentido, poderían desenvolverse programas concretos a través dos cales se reduza o gasto realizado tanto pola Administración autonómica como pola Administración local, e a través de diferentes enfoques, atendendo aos distintos usos da enerxía e a posibles aspectos estruturais que optimicen o consumo desta.

- Desenvolvemento de **programas de eficiencia enerxética vinculados á peme**, co obxectivo de reducir os valores de intensidade enerxética excesivamente elevados respecto á media nacional e europea, mellorando así a produtividade do tecido produtivo galego.

- Apoio a programas dirixidos á **eficiencia enerxética en** sectores con influencia no **consumo enerxético**, de carácter público ou privado.

- Medidas destinadas á redución **do consumo de combustible fósil por parte da cidadanía**, a través do desenvolvemento da utilización de sistemas de xestión eficiente do transporte público, de carrís para bicicletas e camiños peonís que motiven un menor

consumo do devandito combustible e o fomento da mobilidade sustentable (que aposte por medios de transporte alternativos ao automóbil, como os medios colectivos ou a mobilidade non motorizada).

- Actuacións vinculadas ao fomento do uso do sistema de transporte público máis eficiente económica e ambientalmente que o transporte privado, contribuíndo así e favorecendo a existencia dun cambio modal por parte dos usuarios. Este obxectivo implica a necesidade de construír terminais intermodais que permitan o acceso dos devanditos usuarios aos novos medios de transporte de cara a facilitar a empresas e cidadanía a súa utilización.

# Obxectivo temático 5 "Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos".

Un dos principais desafíos a que se enfronta o mundo actual é o **cambio climático**, unha **ameaza ambiental, social e económica** contra a cal a política de cohesión actúa a través do presente obxectivo temático. **España é especialmente vulnerable ao cambio climático**, e enfróntase a un abano de **riscos como os incendios forestais, a alteración de recursos hídricos (inundacións e seca), a redución da capacidade dos encoros, etc**.

En Galicia **diminuíu o índice de emisións de GEI (gases con efecto invernadoiro) desde os anos 2007-2008**, o que se debe en boa medida ao impacto da crise sobre o sector da construción e o sector do transporte, unido ao desenvolvemento de instalacións de enerxías renovables, que tiveron a súa influencia na redución de emisións do sector enerxético. Non obstante, obsérvase un **lixeiro repunte naquelas anualidades** en que as **condicións climáticas foron desfavorables** en xeración de enerxía renovable.

***Evolución índice emisión GEI Galicia-España-Europa 1990-2011***




***Fonte: elaboración propia mediante datos IGE-EUROSTAT***

En referencia aos **riscos derivados de cuestións ambientais** que se ven aumentados pola influencia do cambio climático, as características de Galicia fan especialmente relevante a necesidade de poñer atención na prevención de riscos. Galicia é **unha das máis importantes potencias forestais de Europa**, cunha superficie forestal arborizada de máis de 1.400.000 hectáreas, que ocupa o **48% de todo o territorio galego** e supón aproximadamente o 8% do total nacional**.** Delas, máis de 120.000 corresponden á superficie forestal certificada, o que a coloca á fronte do Estado en canto á xestión forestal sustentable. Ademais, convén resaltar que, se falamos de biomasa arbórea ($m^2$), a nosa comunidade autónoma supón o 15% do total nacional.

En relación coa preservación deste importante activo ambiental, Galicia sofre **un impacto moi relevante en canto a número de incendios forestais**. Tomando como referencia o Informe de incendios forestais 2011 elaborado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Galicia sufriu o **50% dos grandes incendios forestais da devandita anualidade**

(superiores a 500 hectáreas), así como o **38,64% de sinistros respecto á totalidade do Estado español**.

De igual xeito, as **inundacións constitúen en Galicia**, polas súas características hidrográficas e a súa tradicional forma de asentamento poboacional, un **fenómeno meteorolóxico extremo que se repite cada vez con maior frecuencia e cunha distribución temporal máis irregular**, orixinando situacións de risco. Neste sentido, desde a Xunta de Galicia impulsouse a aplicación da **Directiva 2007/60/CE relativa á avaliación e á xestión dos riscos de inundación**, e o Real decreto 903/2010, do 9 de xullo, que a traspón ao ordenamento español, onde se establece un marco para a avaliación e xestión dos riscos de inundación, destinado a reducir as consecuencias negativas para a saúde humana, o ambiente, o patrimonio cultural e a actividade económica, asociadas ás inundacións. A súa implantación desenvólvese en tres fases: avaliación preliminar do risco de inundación (rematado en decembro de 2011), definición de mapas de perigosidade e mapas de risco de inundación (actualmente en proceso de consulta pública) e establecemento dos plans de xestión de risco de inundación (terminación estimada en decembro de 2015).

Polo tanto, as características naturais en termos xeográficos, forestais e climáticos da rexión galega convértena nun territorio onde **ten un carácter crucial levar a cabo actuacións de carácter preventivo.** Aínda que a tendencia do índice de emisións de gases con efecto invernadoiro é descendente, debe garantirse unha **especial atención á adaptación da realidade da rexión aos desafíos que o cambio climático presenta** nunha rexión coas características naturais de Galicia, así como ter en conta a **especial incidencia de fenómenos meteorolóxicos asociados ao cambio climático** e as súas consecuencias en termos ambientais, sociais e económicos.

A formulación á hora de definir liñas estratéxicas de actuación pode tomar en consideración as prioridades de investimento definidas polo Reg. (UE) nº 1301/2013 no seu artigo 5:

- Posta en marcha de **plans estratéxicos para a adaptación ao cambio climático**, que permitan determinar un estado de situación detallado a partir do cal desenvolver medidas concretas desde unha perspectiva integral.

- Desenvolvemento de actuacións de **avaliación do estado de situación** daqueles **elementos ambientais con repercusión directa no cambio climático** (auga, aire, redes subterráneas, etc.).

- O obxectivo destas actuacións sería **mellorar o coñecemento relativo aos recursos naturais vulnerables ao cambio climático**, o que permite a medio e longo prazo **desenvolver políticas de desenvolvemento sustentable acordes coa realidade** galega.

- Posta en marcha de proxectos mediante os cales se reforce a **capacitación técnica** á hora de desenvolver **políticas de carácter preventivo** a través da **xestión do territorio**, co obxectivo de avaliar adecuadamente as circunstancias que poden xerar a aparición de riscos.

- **Actuacións vinculadas aos riscos de carácter meteorolóxico**: secas, inundacións, tormentas... co obxectivo de **previr adecuadamente a existencia dos devanditos fenómenos** meteorolóxicos e elaborar **plans específicos que poidan minimizar as consecuencias da súa aparición** (que poderían supor investimentos específicos en materia de infraestruturas).

# Obxectivo temático 6 "Conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos".

Os **recursos naturais constitúen un factor decisivo para o desenvolvemento dos territorios**, polo que se considera relevante o financiamento FEDER de apoio a investimentos na conservación do ambiente e a protección eficiente dos devanditos recursos. Non obstante, **o desenvolvemento do territorio é, pola súa vez, unha ameaza** para o estado e a conservación destes recursos, cando este se **produce nunhas condicións que ignoran os límites da sustentabilidade**.

Galicia conta cunha **superficie de espazos naturais protexidos de case 400.000 hectáreas**, protexidas a través da Rede Natura 2000 (LIC e ZEPA) ou a través da Rede galega de espazos protexidos e demais. O **16,02% do total do territorio encádrase na** Rede Natura 2000 (inferior ao 27,19% do total de España), superficie que ofrece unha porcentaxe coherente coas porcentaxes da rexión bioxeográfica atlántica en que se encadra a Comunidade Autónoma, mentres que a Rede galega de espazos protexidos cobre tamén unha importante porcentaxe do territorio.

***Número e superficie ZEPA e LIC (2012)***

| | Nº LIC | Nº ZEPA | Superficie LIC (ha) | Superficie ZEPA (ha) | Superficie Total Natura 2000 (ha) | % Terrestres protexido |
|---|---|---|---|---|---|---|
| España | 1448 | 598 | 12.740.667,0 | 10.380.299,9 | 14.798.130,6 | 27,2 |
| Galicia | 59 | 16 | 373.999,3 | 101.545,5 | 475.544,8 | 16,0 |

***Fonte: Memoria MAGRAMA 2012.***

- En canto á biodiversidade, Galicia configúrase como **unha das rexións de maior riqueza natural de España**, ao presentar unha **gran variedade de hábitats naturais, así como de flora e fauna**. O 29% do territorio galego queda definido como zona de alto valor natural. Esta biodiversidade de gran riqueza é un **activo que cómpre conservar e potenciar**, mediante a previsión dos diferentes factores que poderían poñela en risco.

- En canto á **riqueza do patrimonio natural e cultural**, Galicia dispón de **paisaxes naturais de enorme valor**, tanto nas áreas costeiras coma no interior. Destaca a **gran presenza de paisaxes costeiras**, que non soamente están ameazadas, senón que experimentaron unha deterioración como consecuencia dos intensos procesos de urbanización.

- Este **patrimonio natural encóntrase moi asociado ao patrimonio cultural,** ao existir nestes ámbitos unha **multitude de elementos tradicionais arquitectónicos de gran valor patrimonial** (camiños rurais, elementos arquitectónicos, restos de antigos asentamentos...). Neste sentido, é obrigatorio destacar a **importancia crucial do Camiño de Santiago e demais rutas culturais**, que outorgan a Galicia un **tecido territorial de enorme valor**, ao existir unha rede de rutas dotadas de restos históricos, vilas, cidades e un contorno natural privilexiado, que constitúe unha das principais fortalezas do territorio e que é merecedor de ser **posto en valor por todas as vías posibles.**

- As diferentes rutas do **Camiño de Santiago**, a primeira ruta cultural europea do Consello de Europa (1987) e patrimonio da humanidade pola UNESCO (1993), executánse a través de case todo o territorio da Comunidade Autónoma, en especial as zonas rurais, ao servir como corredores estratéxicos de desenvolvemento económico e recuperación do

patrimonio. A súa actividade serve de apoio para a rexeneración da contorna e promoción do desenvolvemento sustentable.

***Patrimonio cultural galego***




***Fonte: Xunta de Galicia CMATI - Directrices de Ordenación Territorial (DOT)***.

- No relativo á **riqueza do solo, Galicia** é unha zona con **importantes recursos minerais**, rica en materia orgánica e que se enfronta a varios riscos, fundamentalmente a **eutrofización** (derivada do elevado número de gando) e a **erosión do solo**.

- Sobre a **dispoñibilidade de recursos hídricos**, o intenso réxime pluviométrico e a extensa rede hidrográfica permiten dispoñer dunha **gran cantidade de auga obtida por vías naturais**, con algunhas limitacións en determinadas zonas da rexión. En Galicia operan 47 bacías hidrográficas, xestionadas por catro organismos diferentes, con especial atención ao ente público Augas de Galicia, que controla a práctica totalidade das bacías.

***Evolución da dispoñibilidade e consumo de auga en Galicia (hm3)***

| | 2004 | 2005 | 2006 | 2007 | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Auga Consumida** | 239 | 235 | 230 | 214 | 207 | 197 | 189 | 183 |
| **Auga Dispoñible** | 357 | 328 | 296 | 320 | 302 | 293 | 280 | 285 |

***Fonte: Indicadores ambientais da Xunta de Galicia***

- Cabe precisar que o **nivel de perdas de auga nas redes de distribución de abastecemento** (cruciais na medida en que o uso de auga en fogares xera o 72,9% do

consumo total de auga da rexión) se encontra **ao redor do 22,28%**, indicador similar á media nacional pero en calquera caso excesivo.

***Distribución de auga por grandes grupos de usuarios (miles de m3)***

| | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 |
|---|---|---|---|---|
| Volume total de auga | 206.568 | 197.023 | 188.948 | 182.743 |
| Sectores económicos | 30.918 | 34.690 | 32.679 | 32.572 |
| Fogares | 145.691 | 139.027 | 132.094 | 133.212 |
| Consumos municipais | 29.959 | 23.306 | 24.175 | 16.959 |
| Outros consumos | - | - | - | - |
| Volume auga perdida nas redes de distribución | 53.280 | 40.086 | 49.554 | 40.723 |
| % perdas en redes de distribución | 25,8 | 20,4 | 26,2 | 22,3 |

***Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)***

- A **calidade de auga** en Galicia considérase **boa na súa maioría**, ben que esta se ve afectada polos efluentes urbanos e industriais e polos contaminantes agrarios. De cara á mellora da calidade, púxose en marcha o **Plan de saneamento de Galicia** co fin de cumprir o compromiso de calidade exixido no Plan nacional de saneamento e depuración. En calquera caso, **os datos recollidos melloran a media nacional,** ben que non se alcanzaron os obxectivos fixados. É importante seguir mellorando estas cifras co fin de **conseguir unha xestión totalmente eficiente dos servizos urbanos de auga**.

  O volume total de auga residual tratada en Galicia con respecto ao total de auga residual recollida é lixeiramente inferior ao do conxunto nacional (85,26% en Galicia, fronte ao 87,8%). A especial ameaza que supón para a acuicultura mariña a contaminación microbiolóxica das rías provocada polo deficiente funcionamento dos sistemas de saneamento en momentos de chuvia require seguir mellorando e completando o xa alcanzado no plan nacional e rexional de saneamento, tratamento de augas residuais e lodos de depuradoras. Constitúe unha ameaza dobre: por unha parte económica, ao ser determinante para a clasificación das zonas de piscicultura mariña, marisqueo e miticultura (actividades que empregan máis de 6.000 persoas e supoñen máis do 25% do sector pesqueiro) e para o turismo; por outra parte de reputación para a calidade do produto.

- En relación coa **xeración de residuos**, a racionalización dos fabricantes, a menor actividade económica e a aposta por reducir os residuos mesturados favoreceu a súa redución, ben que **existe moito potencial de mellora na reutilización, a reciclaxe e a valorización enerxética** destes. Galicia foi considerada no seu momento unha rexión líder na xestión de residuos, ben que **actualmente se encontra nun nivel medio**, xa que as plantas de tratamento de residuos se encontran saturadas, impedindo que unha porcentaxe moi elevada dos residuos sexa tratada da forma máis adecuada. Deste modo, **a cantidade de refugallos segue estando moi por riba da capacidade de tratamento dos sistemas de xestión galegos** (procésase o 70% do total xerado).

***Evolución dos residuos urbanos recolleitos (toneladas) en Galicia***




***Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)***

Os resultados do diagnóstico permiten determinar que **Galicia dispón dunha gran cantidade de recursos naturais, en termos de biodiversidade e de patrimonio natural e cultural**, así como dunha posición privilexiada en canto á dispoñibilidade de recursos hídricos e ao tratamento de residuos.

Non obstante, enfróntase a unha serie de desafíos en relación con esas cuestións na medida en que o **desenvolvemento económico pode constituír un factor relevante para o empeoramento desas condicións naturais.** Tendo en conta o potencial que xera ese patrimonio natural, **debe garantirse a súa protección como activo básico** que axude ao desenvolvemento da sociedade galega, **aumentando, ademais, a eficiencia no uso dos recursos naturais**.

**A relevancia do patrimonio natural e cultural** en Galicia preséntase cunhas **características que a converten en única** (paisaxes costeiras, paisaxes naturais, zonas forestais, rutas culturais) e que deben **adecuadamente ser postas en valor como elemento diferenciador**, contribuíndo ao crecemento de Galicia desde unha perspectiva sustentable.

Sobre a base destas conclusións, preséntanse os seguintes **ámbitos a partir dos cales desenvolver a programación**: medidas de mellora da xestión da auga, medidas dirixidas á **protección do patrimonio natural e cultural de Galicia desde unha perspectiva eficiente,** e medidas vinculadas á **posta en valor do devandito patrimonio como elemento característico e único da rexión.**

- Actuacións vinculadas á **conservación** dos elementos que lle confiren a Galicia o seu atractivo en termos de **biodiversidade**, tendo en conta a perspectiva transversal de **prevención de ameazas e de riscos para a biodiversidade.**

- Actuacións orientadas a alcanzar os obxectivos ambientais das directivas europeas en materia de augas**, coa reforma e optimización dos sistemas de saneamento das rías galegas e** as actuacións que permitan alcanzar os obxectivos marcados na lexislación relacionada coa materia.

- Investimentos dirixidos á **mellora nos sistemas de recollida e tratamento de residuos**, optimizando o procesamento destes de modo que reverta na **xeración de novos recursos enerxéticos**.

- Actuacións vinculadas á **conservación do patrimonio natural**, especialmente as recollidas na planificación aprobada para a Rede Natura 2000 e os espazos naturais protexidos, introducindo de forma transversal políticas de prevención contra os elementos negativos que poidan ir asociados ao progreso da rexión.

- **Potenciación das diferentes infraestruturas culturais que forman parte do legado cultural galego**, a través de accións que vinculen o devandito legado con determinados sectores nos cales a dita herdanza cultural marque a diferenza en termos de competitividade, especialmente para o turismo, en concreto a potenciación do Camiño de Santiago.

- Estas actuacións poden verse reforzadas a través de **medidas de carácter transversal dirixidas ao conxunto da cidadanía** mediante as cales se difunda e visibilice a relevancia do **patrimonio natural e cultural** de Galicia, así como a relevancia da **biodiversidade** propia de Galicia.

## Obxectivo temático 9 "Promover a inclusión social, loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación".

Un dos obxectivos fundamentais da Estratexia Europa 2020 é **promover a inclusión social**, co obxectivo de **reducir o número de europeos/as que vive por debaixo do limiar de pobreza nun 25%. Promover a inclusión e loitar contra a pobreza é o 9º o**bxectivo temático para o período 2014-2020, polo que **procede avaliar a situación en Galicia para determinar as liñas estratéxicas** da programación.

- No relativo aos indicadores asociados ao **risco de pobreza e exclusión social** (% de **persoas con renda dispoñible por debaixo do limiar de risco de pobreza**, fixado no 60% da media da renda nacional dispoñible), a Unión Europea encóntrase en 2012 nun 24,8% e España nun 28,2%, mentres que **en Galicia a taxa é menor**, cun 23,6%, aínda que desigualmente repartida. Así, na Área de Vigo alcanza o 25,0%.

***Taxa de riesco de pobreza ou exclusión social. Ano 2012.***

| | Galicia | España | UE-28 |
|---|---|---|---|
| **Taxa de risco de pobreza ou exclusión social** | **23,6** | **28,2** | **24,8** |
| Taxa de risco de pobreza | 16,5 | 22,2 | 17,0 |
| Persoas que viven en fogares con carencia material severa | 6,9 | 5,8 | 9,9 |
| Persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares con baixa intensidade de ingresos de traballo | 13,8 | 14,3 | 10,3 |

***Fonte: elaboración propia a partir de: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias; INE. Encuesta de condiciones de vida; EUROSTAT. Income and Living Conditions (EU-SILC)***

***Persoas en pobreza ou exclusión social. Intersección entre as compoñentes Galicia. Ano 2012***




***Fonte: elaboración propia a partir de: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias***

Se analizamos o indicador da taxa de risco de pobreza despois de transferencias sociais (porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar do risco de pobreza, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes), a Unión Europea encóntrase en 2012 nun 16,7% e España nun 20,4%, mentres que en Galicia a taxa é menor, cun 16,45%, pero o correspondente á provincia de Pontevedra (incluída a Área de Vigo) é o máis alto da Comunidade Autónoma de Galicia, cun 19,3%.

***Taxa de risco de pobreza ou exclusión social por sexo e idade. Galicia***




***Fonte: elaboración propia a partir de: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias***

Non obstante, unha análise desagregada por idade permite comprobar o **maior risco de pobreza do grupo da xuventude galega,** fronte a un menor risco no grupo de persoas maiores, o que permite afirmar a necesidade de **axustar o enfoque á hora de afrontar políticas de asistencia social**. Territorialmente, tamén se pode determinar unha **clara concentración xeográfica das bolsas de poboación con potencial de incorrer en risco de pobreza**.

- En relación cos **indicadores sobre renda e capacidade de ingresos**, a **renda media española está por debaixo da media europea** (un 16,6% en 2011); a **renda media en Galicia é mesmo inferior á nacional**, aínda que desde o ano 2010 se produciu un **proceso de converxencia motivado pola diminución** da renda nacional (superior á galega). Neste sentido, o **esgotamento de prestacións sociais xera un risco que cómpre considerar**, na medida en que a devandita tendencia descendente pode continuar.

***Ingreso medio mensual por unidade de consumo***




***Fonte: elaboración propia a partir de: IGE. Enquisa de condicións de vida dás familias; INE. Enquisa de condicións de vida; EUROSTAT. Income and Living Conditions (EU-SILC)***

En relación coa **desigualdade na distribución de ingresos** (índice de Gini), Galicia dispón de **valores inferiores tanto ao valor España coma ao valor UE27.** En relación co **gasto en fogares**, importante na medida en que permite determinar as prioridades de gasto da poboación e, polo tanto, determinar onde resulta máis necesario actuar en materia de loita contra a pobreza, destaca a **importancia do gasto en vivenda e alimentación**, cunha menor presenza de educación e saúde (motivada por un uso maioritario dos servizos públicos).

***Índice de Gini***




***Fonte: elaboración propia a partir de: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias; INE. Enquisa de condicións de vida; EUROSTAT. Income and Living Conditions (EU-SILC)***

- De acordo co analizado para a elaboración da estratexia sanitaria de Galicia, Estratexia Sergas 2014, Plan de prioridades sanitarias 2011-2014 e Plan de prioridades sanitarias 2014-2016 (en revisión) (1), pon de manifesto a infradotación de instalacións nalgunhas áreas sanitarias, especialmente na Área Sanitaria de Vigo, que redunda nuns parámetros asistenciais moi inferiores aos da media de Galicia. Así mesmo, a poboación galega

caracterízase polo seu envellecemento, o que supón un previsible aumento da demanda, e pola súa dispersión xeográfica, o que supón readaptar os sistemas funcionais e organizativos, e fai aínda máis necesario dispoñer de infraestruturas adecuadas.

(1) http://www.sergas.es/MostrarContidos_N2_T01.aspx?IdPaxina=10177

- Sobre as infraestruturas sociais, e máis concretamente en referencia ás **infraestruturas sanitarias**, Galicia dispón dunha rede de 14 centros e complexos hospitalarios de propiedade pública, xunto cunha serie de hospitais privados financiados polo Servizo Galego de Saúde.

***Complexos hospitalarios de Galicia***




***Fonte:*** *SERGAS. **Plan de infraestruturas sanitarias 2008-2013***

- En relación coa asistencia sanitaria concreta da Área de Saúde Vigo, cómpre dicir que esta área comprende a zona do sur da provincia de Pontevedra ata o seu límite coa fronteira con Portugal, ao redor da ría de Vigo, e está formada por 26 municipios e unha poboación protexida de 575.000 persoas (TIS 2014), que representa máis do 21% do total de Galicia. Se desagregamos esta poboación protexida, os nenos menores de 14 anos son 75.387, que representan o 23,75% do total de nenos de Galicia. Non obstante, se temos en conta que o hospital de Vigo será Hospital de referencia para a poboación de Vigo e Ourense, esta poboación elévase a 893.342 persoas (o que representa o 33% do total de Galicia).

  Esta área sofre unha importante desestruturación dos seus recursos sanitarios porque a asistencia especializada se reparte en varios centros hospitalarios públicos con ámbitos poboacionais e carteiras de servizos non sempre claramente definidas e moitas veces coincidentes co centro privado máis importante de Galicia. Desde o punto de vista do funcionamento, é un modelo que non se pode considerar como o dun complexo hospitalario, senón como o dunha simple agrupación de centros hospitalarios. Destaca deste modelo a existencia de 3 portas de urxencias hospitalarias diferentes, cinco puntos de consultas externas e 4 bloques cirúrxicos diferentes, así como un parque tecnolóxico igualmente disperso con capacidade diagnóstica redundante, e ofértanse recursos de radioloxía en 6 puntos diferentes.

- Ademais, a masificación e listas de espera na sanidade pública provocan que para a súa solución se recorra á contratación de provedores sanitarios privados e á derivación de pacientes a eses centros. Esta actuación non é incorrecta se se garante o control público sobre os procesos realizados nestas institucións. Así, o TME estrutural cirúrxico (tempo medio de espera, en días) en 2014 para a Área Sanitaria de Vigo sitúase 159,3 días fronte aos 68,2 días de media do resto de áreas sanitarias de Galicia, e o TME estrutural de primeiras consultas (tempo medio de espera, en días) en 2014 para a Área Sanitaria de Vigo sitúase en 48 días fronte aos 44 días de media do resto de áreas sanitarias de Galicia.

  Así, a elevada estadía media con que son atendidos os procesos de hospitalización (9,62 días), a relativamente baixa porcentaxe de ambulatorización dos procesos cirúrxicos (43%), así como a presión de urxencias elevada (66,57%) e a existencia de listas de espera relativamente importantes, tanto en consultas externas como en intervencións cirúrxicas programadas, son o conxunto de puntos de mellora que se identifican.

Segundo a información extraída do diagnóstico, **os indicadores vinculados a Galicia en materia de inclusión social non difiren en boa medida da media nacional española**, e mesmo melloran a dita media. Non obstante, a rexión encóntrase ante un **horizonte cheo de dificultades,** xa que a crise económica xerou determinadas **bolsas de pobreza vinculadas á idade e á área xeográfica**. Así mesmo, os altos índices de paro xeran que **un número cada vez maior da poboación incorra en risco de pobreza**. Esta situación xera a necesidade de poñer en marcha **políticas vinculadas á inclusión social** e ao reforzo daqueles sistemas **de cobertura pública básicos para a poboación** ante este contexto de incerteza económica.

Galicia mostra unha tendencia ao envellecemento da poboación maior que noutras rexións de España ou do resto de Europa, así como un crecemento demográfico negativo. Máis do 23% da poboación ten 65 anos ou máis, e a tendencia é un aumento do envellecemento en Galicia. Ademais, conta coa maior dispersión xeográfica de España, xa que case a metade das entidades singulares de poboación de todo o territorio nacional se encontran en Galicia.

Neste sentido, a consellería con competencias en servizos sociais, como departamento de referencia no ámbito da colaboración público-privada e da innovación neste campo, conta cunha planificación estratéxica e operativa na cal se recolle tanto a necesidade dunha maior accesibilidade da poboación aos servizos sociais como a consecución dun sistema máis sustentable mediante a innovación das infraestruturas sociais e os procesos de provisión de servizos. Son documentos de referencia neste ámbito a "Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, horizonte 2020," o "Plan galego de persoas maiores 2010-2013" e o "Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013”.

Tendo en conta estas consideracións, **as liñas estratéxicas que se deberán seguir** á hora de configurar a programación FEDER do período 2014-2020 **xirarán ao redor dos seguintes puntos**:

- Xeración de **redes de cobertura dirixidas cara aos colectivos en risco de exclusión social**, atendendo especialmente aspectos claves de prevención e asistencia sanitaria.

- Medidas vinculadas á **promoción da igualdade de oportunidades desde unha perspectiva práctica**, impulsando os mecanismos necesarios para **que os colectivos con necesidades específicas poidan introducir elementos adaptativos** na súa vida cotiá.

- Apoio ao **investimento en infraestruturas vinculadas a servizos sociais de carácter básico,** especialmente naqueles ámbitos nos cales estea previsto un aumento no volume de poboación que poida requirir deles, e co obxectivo de **optimizar o seu uso desde a perspectiva da eficiencia**.

- **Investimentos vinculados ao desenvolvemento tecnolóxico dos servizos de asistencia social**, co obxectivo de dotar de recursos aquelas unidades encargadas de atender necesidades básicas en materia de servizos sociais, podendo así ampliar o acceso da poboación aos devanditos servizos. Poderá terse en conta a especial debilidade de **territorios concretos onde se detecte unha alta concentración de poboación** en risco de exclusión social.

- Desenvolvemento de **novos servizos** que aproveiten as posibilidades da **sociedade da información** de cara a mellorar o **acceso das persoas usuarias aos servizos sociosanitarios**, incorporando **elementos de carácter preventivo** que permitan adecuar o sistema ás necesidades das persoas usuarias desde unha perspectiva eficiente.

## Obxectivo temático 10 "Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente".

Un dos activos máis importantes dun territorio á hora de valorar o seu potencial é o **nivel de capacitación alcanzado pola súa poboación**, xa que se encontra directamente **vinculado coa capacidade desta para integrarse na sociedade do coñecemento**. O capital humano é fundamental no aumento da produtividade do traballo e a competitividade. Por iso, o Regulamento (UE) nº 1301/2013 establece como prioridade de investimento do obxectivo temático nº 10 do FEDER o investimento en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e a aprendizaxe permanente, mediante o desenvolvemento das infraestruturas de educación e formación.

Para analizar o estado de situación de Galicia, realizouse un diagnóstico a partir da información dispoñible no informe "As cifras da educación en España", publicado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte en 2013, xunto cos indicadores recollidos na enquisa de poboación activa.

- En relación co **abandono educativo temperán** (mozos e mozas que abandonan a súa formación tras a fase obrigatoria e que se sitúan entre os 18 e 24 anos), índice que se ten en conta á hora de valorar o avance socioeconómico dunha rexión, a **taxa de abandono educativo temperán en Galicia para o ano 2013 era de 20,4%, por debaixo da taxa nacional (23,5%), pero moi afastada da media europea, situada no 11,9%**. Neste sentido, ben que os niveis de abandono son menores en Galicia que no conxunto español, queda **moito camiño por percorrer** á hora de converxer con Europa.

  En relación co **grao de ocupación das persoas que abandonan os seus estudos de forma temperá** (abandono da educación primaria ou inferior), **a taxa de actividade da poboación entre 25 e 64 anos con estudos finalizados a nivel primario ou inferior era do 58,0% en España e do 46,2% en Galicia**. Non obstante, no relativo á **taxa de emprego** para persoas que dispoñen do nivel de educación de primaria ou inferior, a taxa de emprego galega é **moi similar á nacional** (33,7% fronte ao 35,6%).

***Porcentaxe de poboación de 18 a 24 anos que abandonou prematuramente o sistema educativo. Ano 2013***




***Fonte: Eurostat/ LFS: EU Labour Force Survey.***

- En relación cos **estudos superiores**, en Galicia o 42,4% de **persoas entre 30 e 34 anos completaron os estudos superiores**, sendo o 40,7% en España. En ambos os dous casos, a **porcentaxe está por riba da media da UE27** (36,8%).

- Á hora de analizar a **transición do sistema educativo ao mercado laboral e a adecuación do nivel formativo á demanda laboral**, a **idade incide positivamente** como un factor corrector en relación coas baixas taxas de actividade nos sectores da poboación con niveis educativos básicos, o que se debe á experiencia profesional acumulada. A comparativa de datos desagregados por sexo mostra un **balance moi desigual en contra da muller**.

  No relativo á **porcentaxe de persoas que teñen emprego en función do nivel de estudos alcanzado**, pódese determinar unha **correlación positiva entre o nivel de educación e o nivel de empregabilidade** ou ocupación das persoas, con taxas desfavorables para a muller en todos os niveis formativos.

***Taxa de emprego da poboación de 25-64 anos segundo nivel de formación alcanzado, idade e sexo. 2013***

| | Total | Educación Primaria e Inferior | 1.ª etapa de Educación Secundaria | 2.ª etapa de Educación Secundaria | Educación Superior |
|---|---|---|---|---|---|
| España | 60,9 | 35,6 | 54,7 | 64,0 | 76,0 |
| Galicia | 62,2 | 33,7 | 56,8 | 66,2 | 76,4 |
| Homes Galicia | 66,4 | 38,0 | 61,5 | 70,7 | 80,0 |
| Mulleres Galicia | 58,1 | 30,4 | 51,3 | 61,7 | 73,3 |

***Fonte: elaboración propia a través do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte 2013.***

- España conta cunha **escasa participación nos sistemas de formación profesional e é, ademais, un dos países máis afectados polo desemprego xuvenil**. Neste sentido, os datos analizados permiten concluír respecto a Galicia que a medida que aumenta o nivel de estudos alcanzado a taxa de paro da poboación diminúe. **A maior nivel formativo menor é a taxa de paro**. En relación coa formación continua, definida sobre a base do % de poboación de 25-64 anos que participa nalgunha medida formativa no mes anterior, o **10,2% de galegos/as participara en accións de formación permanente en 2013**.

***Traballadores formados en accións dirixidas prioritariamente a desempregados, por sexo e idade (distribución porcentual). Ano 2012***

| | Total | Distribución por sexo | | Distribución por idade | | | Número de traballadores formados por cada 10.000 habitantes (poboación de 16 a 64 anos) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Home | Muller | <25 | 25-34 | >35 | |
| Galicia | 4.629 | 43,3 | 56,7 | 13,5 | 36,4 | 50,1 | 26 |
| España | 227.572 | 47,7 | 52,3 | 18,8 | 31,2 | 50,0 | 73 |

***Fonte: As cifras da educación en España. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte 2012.***

- En relación co **rendemento académico** en Galicia, **Galicia presenta mellores medias que España e que a media europea**, o que acredita a solidez dos sistemas educativos galegos. A análise do **alumnado matriculado en cada un dos niveis educativos post-ESO e non universitarios** permite comprobar que **Galicia presenta resultados superiores á media nacional,** cunha predominancia da participación feminina en relación co bacharelato e os graos superiores, mentres que son maioría os homes en grao medio e nos programas de cualificación profesional inicial. **En relación cos PCPI, Galicia conta cunha participación menor á nacional**, o que ten lóxica na medida en que están vinculados a alumnado en risco de exclusión do sistema educativo.

- En relación coa **taxa de idoneidade**, que mide os resultados do sistema educativo indicando a porcentaxe de alumnos/as que se encontran matriculados/as no curso que pola súa idade lles corresponde, diminuíu durante **a última década en todas as idades, salvo nos 15 anos, onde a taxa aumenta**. E por último, sobre a taxa bruta de poboación que se gradúa en cada ensino ou titulación, compróbase a existencia dun **nivel máis elevado nas ensinanzas básicas e técnicas, que descende en canto a estudos superiores**.

A análise realizada sobre o estado do sistema educativo galego permite determinar que **Galicia se encontra arredor das cifras mellores que a media nacional, ben que se encontra moi lonxe da media europea**. Existe un **alto grao de fracaso escolar, un alto grao de abandono do sistema educativo e unha baixa participación nos sistemas de formación profesional**. Tendo en conta que existe unha **relación directa entre o nivel formativo e a empregabilidade da cidadanía**, deben poñerse en práctica **medidas que reforcen o sistema educativo** naquelas áreas onde as debilidades se poñen de manifesto. Neste sentido, debe terse en conta que a presente análise se encontra vinculada ao **ámbito de aplicación do FEDER**, polo que se atenderá a aquelas actuacións que se deberán poñer en práctica vinculadas ao devandito ámbito de aplicación (art. 3 do Reg. (UE) nº 1301/2013).

Da análise da situación do ámbito das infraestruturas educativas (centros educativos) despréndense as seguintes carencias: en primeiro lugar, debido á dispersión da poboación, Galicia conta cun gran número de centros (1.000 centros na actualidade); a iso únese que máis da metade dos 1.000 centros educativos que existen en Galicia ten unha antigüidade superior aos 30 anos, polo que é preciso acometer unha reforma nunha parte deles para dotalos de mellores condicións de habitabilidade, funcionalidade e seguridade -condicións das que carecen en parte- para dar cumprimento á normativa vixente.

Outra das necesidades detectadas estriba en que aínda que nunha gran parte do territorio galego se acusa un envellecemento da poboación, especialmente nas provincias do interior, non sucede así na franxa atlántica, onde, especialmente nos grandes núcleos urbanos e nos municipios limítrofes, se observa unha evolución positiva da poboación en idade escolar, cuxa demanda educativa non é posible satisfacer coa dotación de centros actual, polo que é necesaria a dotación de novas infraestruturas para atender esa demanda.

Segundo consta no Plan de dotación de infraestruturas educativas 2014-2020, a priorización de necesidades establécese nos seguintes municipios: A Coruña, Ares, Culleredo, Mugardos e Santiago de Compostela da provincia da Coruña; Lugo; e Pontevedra, Sanxenxo e Soutomaior da provincia de Pontevedra.

No ámbito das gardarías para a poboación de 0 a 3 anos de idade, constátase que Galicia non chega á taxa de cobertura recomendada do 33%, polo que se fai necesaria a contribución do FEDER de acordo coa priorización de necesidades.

Polo tanto, tendo en conta o exposto, **as liñas estratéxicas que se deberán seguir á hora de configurar a programación do período 2014-2020 en relación con este ámbito** poderían xirar ao redor dos seguintes puntos:

- Desenvolvemento de **investimentos vinculados á modernización do sistema educativo, no ámbito da atención integral á primeira infancia, ensino primario, ensino secundario e formación profesional**, dotando os centros de equipamento que permita ter en conta a perspectiva TIC e as necesidades derivadas do paradigma da sociedade do coñecemento.

- Posta en marcha de actuacións vinculadas a **novas infraestruturas e modernización das existentes, co obxectivo de ampliar o acceso de estudantes ao sistema educativo** en condicións óptimas, tendo en conta as directrices establecidas en materia de eficiencia enerxética e adecuando as devanditas infraestruturas ás **novas demandas formativas por parte do mercado laboral**.

As actuacións que se levarán a cabo en desenvolvemento das devanditas liñas estratéxicas compleméntanse con diversas actuacións do programa operativo do FSE como, por exemplo, con programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento académico (OT 10) e coas accións do Plan de dinamización demográfica e de conciliación da vida laboral e familiar (OT 9).

A continuación achégase, como resumo, unha listaxe correspondente ás necesidades detectadas en cada un dos obxectivos temáticos:

| OBXECTIVO TEMÁTICO | Necesidades FEDER |
|---|---|
| 1 | **Necesidade 1**: Priorizar accións de apoio a sectores de ciencia e tecnoloxía para incrementar potencial de desenvolvemento socioeconómico galego. |
| | **Necesidade 2**: Resolver o déficit de investimento en I+D no sector privado. |
| | **Necesidade 3**: Crear estruturas de apoio e intercambio de coñecemento que retroalimenten os investimentos e que vinculen estes á produción de bens e servizos. |
| 2 | **Necesidade 1**: Fomentar proxectos vinculados á Administración electrónica e á redución da fenda dixital como elemento tractor de sector privado. |
| | **Necesidade 2**: Incrementar o uso das TIC dado que a súa menor implantación respecto ao contorno minimiza as posibilidades de desenvolvemento da rexión. |
| 3 | **Necesidade 1**: Apoio a accións que faciliten e incentiven o crecemento do tamaño das empresas galegas. |
| | **Necesidade 2**: Mellorar o financiamento de accións de mellora da produtividade, competitividade empresarial e internacionalización empresarial. |
| 4 | **Necesidade 1**: Aumentar a produción de enerxías renovables co obxectivo de reducir a dependencia enerxética do exterior. |
| | **Necesidade 2**: Redución do consumo enerxético derivado de enerxías non renovables e prexudiciais en termos ambientais. |
| | **Necesidade 3:** Fomento da mobilidade sustentable (non motorizada). |
| 5 | **Necesidade 1**: Mellorar o coñecemento relativo aos recursos naturais vulnerables ao cambio climático, o que permita a medio e longo prazo desenvolver políticas de desenvolvemento sustentable acordes coa realidade galega. |
| | **Necesidade 2**: Mellorar os mecanismos de prevención de riscos para minimizar o alto grao de risco a que se enfronta Galicia polas súas condicións climáticas e territoriais. |
| 6 | **Necesidade 1**: Preservar os recursos naturais de Galicia a través da eficiencia no uso sustentable destes e a través de medidas de protección deles |
| | **Necesidade 2**: Accións de posta en valor das características naturais e culturais de Galicia, que converten a rexión nunha rexión única. |
| | **Necesidade 3:** Accións de saneamento e depuración nas rías galegas polo seu alto potencial marisqueiro e turístico, e no resto de masas de auga para alcanzar o cumprimento das directivas europeas en materia de augas. |
| 9 | **Necesidade 1**: Desenvolvemento de infraestruturas de soporte e apoio ante o posible aumento das persoas en risco de exclusión social. |
| | **Necesidade 2**: Apoio a colectivos que requiren de necesidades especiais en termos de accesibilidade. |
| | **Necesidade 3**: Reforzo das estruturas do sistema sanitario galego e mellora e modernización dos servizos sociais. |
| 10 | **Necesidade 1**: Reforzo do sistema educativo galego, apostando pola modernización das infraestruturas tendo en conta as novas demandas do mercado laboral e da sociedade do coñecemento. |

### 1.1.2 Xustificación da selección dos obxectivos temáticos e das prioridades de investimento correspondentes, tomando en consideración o acordo de asociación, baseada na identificación das necesidades rexionais e, de ser o caso, nacionais, incluída a necesidade de abordar os problemas identificados nas recomendacións pertinentes específicas de cada país adoptadas de conformidade co artigo 121, apartado 2, do TFUE, e nas recomendacións pertinentes do Consello, adoptadas de conformidade co artigo 148, apartado 4, do TFUE, tendo en conta a avaliación ex ante[3]

A continuación preséntase nunha única táboa a información referente á análise das prioridades de financiamento marcadas polo Spain Position Paper, as actuacións recollidas no PNR no marco das áreas prioritarias identificadas no Estudo prospectivo anual sobre o crecemento 2013 (AGS, siglas en inglés de Annual Growth Survey), a Estratexia Europa 2020 e as debilidades e prioridades de actuación identificadas na Análise diagnóstica realizada sobre a situación de Galicia de forma comparativa coas rexións españolas e europeas no marco dos obxectivos temáticos do FEDER 2014-2020.

[3] Tomando en consideración o acordo de asociación, baseado na identificación das necesidades rexionais e, de ser o caso, nacionais, incluída a necesidade de abordar os problemas identificados nas recomendacións pertinentes específicas de cada país adoptadas de conformidade co artigo 121, apartado 2, do TFUE e nas recomendacións pertinentes do Consello adoptadas de conformidade co artigo 148, apartado 4, do TFUE, tendo en conta a avaliación *ex ante*.

***Cadro 1. Xustificación da selección dos obxectivos temáticos e das prioridades de investimento.***

| Obxectivo temático seleccionado | Prioridades de investimento seleccionado | Xustificación da selección |
|---|---|---|
| OT 1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación. | PI.1.1 Mellora das infraestruturas de investigación e innovación (I+i) e da capacidade para desenvolver excelencia en materia de I+i e fomento de centros de competencia, en especial os de interese europeo. | D1.1 Segundo o índice de innovación rexional calculado en 2011, Galicia encóntrase no grupo de economías cun compoñente innovador moderado.<br>D1.2 Tendencia descendente do gasto en investigación e desenvolvemento (I+D) desde o ano 2008.<br>D1.3 En Galicia a intensidade de gasto correspondeu ao 0,88% (2012), por debaixo da media nacional e europea e lonxe do obxectivo 2020 do 3%.<br>D1.6 Baixo nivel de innovación tanto na capacidade para transformar o esforzo en I+D en produtos ou procesos innovadores como en modelos de negocio e mellora na cualificación progresiva dos recursos humanos e as súas actividades.<br>D1.7 Escasa especialización produtiva nas actividades de maior intensidade tecnolóxica.<br>Spain PP. Fomento dun contorno empresarial favorable á innovación.<br>Spain PP. Maior participación do sector privado en actividades de investigación, desenvolvemento e innovación.<br>Europa 2020. Investimento do 3% do PIB en I+D. |

| Obxectivo temático seleccionado | Prioridades de investimento seleccionado | Xustificación da selección |
|---|---|---|
| | PI.1.2 Fomento do investimento por parte das empresas en innovación e investigación, desenvolvemento de vínculos e sinerxías entre as empresas, os centros de investigación e desenvolvemento e o sector do ensino superior (...). | D1.1 Segundo o índice de innovación rexional calculado en 2011, Galicia encóntrase no grupo de economías cun compoñente innovador moderado.<br>D1.2 Tendencia descendente do gasto en investigación e desenvolvemento (I+D) desde o ano 2008.<br>D1.3 En Galicia a intensidade de gasto correspondeu ao 0,88% (2012), por debaixo da media nacional e europea e lonxe do obxectivo 2020 do 3%.<br>D1.4 Baixa porcentaxe de investimento empresarial sobre o gasto total en I+D, cun 46% fronte ao 53% nacional ou o 63% europeo (2012).<br>D1.6 Baixo nivel de innovación tanto na capacidade para transformar o esforzo en I+D en produtos ou procesos innovadores como en modelos de negocio e mellora na cualificación progresiva dos recursos humanos e as súas actividades.<br>D1.8. A rixidez dos modelos de gobernanza das universidades en I+D+i.<br>D1.9. Falta de cooperación entre as pemes para promover proxectos e actuacións a favor da innovación.<br>Spain PP. Fomento dun ámbito empresarial favorable á innovación.<br>Spain PP. Fomento da transferencia de tecnoloxía e posta en común de coñecementos<br>Europa 2020. Investimento do 3% do PIB en I+D. |

| Obxectivo temático seleccionado | Prioridades de investimento seleccionado | Xustificación da selección |
|---|---|---|
| OT 2. Mellorar o uso e calidade das TIC e o acceso a elas. | PI.2.3.Reforzo das aplicacións das TIC para a Administración electrónica, a aprendizaxe electrónica, a inclusión electrónica, a cultura electrónica e a sanidade electrónica. | D2.1 Maior lentitude na incorporación da sociedade galega á chamada sociedade da información.<br>D2.2 Diferenza de 5 puntos en Galicia respecto á media nacional sobre equipamentos e usos TIC en fogares (con respecto á media europea a diferenza é de 10 puntos). A estrutura poboacional é un factor que condiciona esta converxencia.<br>D2.3 En 2013 a diferenza na dispoñibilidade de páxina web das empresas galegas situouse nos 11,6 puntos porcentuais por debaixo da UE.<br>D2.4 Baixa porcentaxe de vendas por comercio electrónico: en 2012 o 12,8% das empresas galegas de máis de 9 empregados realizaron vendas por comercio electrónico (fronte ao 14,4% das empresas españolas).<br>D2.5 O gasto total en innovación tecnolóxica por parte das empresas galegas decreceu nos últimos anos, sobre todo desde a crise en 2008.<br>España PNR. Axenda Dixital para España. |
| OT 3. Mellorar a competitividade das pemes, do sector agrícola (no caso do Feader) e do sector da pesca e da acuicultura (no caso do FEMP). | PI.3.1. Promoción do espírito empresarial, en particular facilitando o aproveitamento económico de novas ideas e impulsando a creación de novas empresas, tamén mediante viveiros de empresas. | D3.2 No interior das provincias de Lugo e Ourense, a pesar dos baixos niveis de poboación, a densidade empresarial é moi reducida, derivada do escaso tecido empresarial.<br>D3.5 Declive no número de empresas galegas por un maior número de baixas que altas nos últimos anos. Especialmente grave nas pequenas e medianas empresas (descenso 23,4% desde 2008).<br>A3.1 Restrición do acceso ao crédito ao sector produtivo debido á crise, especialmente ás pemes.<br>Spain PP. Fomento do espírito empresarial e a competitividade das pemes, incluídas as agrícolas e pesqueiras.<br>Spain PP. Facilitar o acceso das pemes a financiamento, especialmente a través de instrumentos financeiros reembolsables diferentes das subvencións.<br>España PNR. Lei de apoio a persoas emprendedoras e a súa internacionalización.<br>Europa 2020. Emprego para o 75% das persoas de 20 a 64 anos. |

| Obxectivo temático seleccionado | Prioridades de investimento seleccionado | Xustificación da selección |
| --- | --- | --- |
| | PI.3.4. Apoio á capacidade das pemes para crecer nos mercados rexionais, nacionais e internacionais e nos procesos de innovación. | D3.4 A produtividade por hora traballada é inferior en case 10 puntos á media nacional e europea.<br>D3.7 Existencia dun gran número de empresas sen dimensión crítica para poder internacionalizarse e con baixa accesibilidade a nodos de transporte, feitos que complican a actividade económica.<br>D3.8 Dificultades para aproveitar os mecanismos de transferencia tecnolóxica, infraestruturas científicas e tecnolóxicas e instrumentos de financiamento e innovación.<br>A3.1 Restrición do acceso ao crédito ao sector produtivo debido á crise, especialmente ás pemes.<br>Spain PP. Asistencia ás pemes no seu proceso de internacionalización<br>Europa 2020. Emprego para o 75% das persoas de 20 a 64 anos. |
| OT 4. Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores. | PI.4.1. Fomento da produción e distribución de enerxía derivada de fontes renovables. | D4.1 A Comunidade Autónoma de Galicia é deficitaria en enerxía, o 18,4% da enerxía primaria provén de Galicia e o 81,6% é importado.<br>D4.2 Aproveitamento das fontes de enerxías renovables instaladas moi dependente das condicións meteorolóxicas.<br>D4.5 O marco de apoio ás enerxías renovables supuxo un sobrecusto para o sistema eléctrico que incrementou o déficit tarifario.<br>Spain PP. Incremento do uso de enerxías renovables.<br>España PNR. Reforma enerxética.<br>España PNR. Plan nacional de mellora da calidade do aire. |

| Obxectivo temático seleccionado | Prioridades de investimento seleccionado | Xustificación da selección |
|---|---|---|
| | PI.4.2. Fomento da eficiencia enerxética e o uso de enerxías renovables por parte das empresas. | D4.3 Intensidade enerxética galega 295 ktep por 1000 euros. Superior á media española e europea. O obxectivo de eficiencia enerxética na Estratexia Europa 2020 formula seguir reducindo esta cifra ata 132,57 ktep/1000 € en 2020.<br>D4.4 A pesar da converxencia nos últimos anos, as emisións de gases efecto invernadoiro están en 2011 18 puntos por riba do obxectivo 2020.<br>Spain PP. Mellora da eficiencia enerxética.<br>España PNR. Reforma enerxética.<br>España PNR. Plan nacional de mellora da calidade do aire.<br>Europa 2020. Aumento do 20% da eficiencia enerxética equivalente a un consumo final de enerxía primaria de 1.474 Mtep. |

| Obxectivo temático seleccionado | Prioridades de investimento seleccionado | Xustificación da selección |
|---|---|---|
| | PI.4.3. Apoio da eficiencia enerxética, da xestión intelixente da enerxía e do uso de enerxías renovables nas infraestruturas públicas, incluídos os edificios públicos, e nas vivendas. | D4.1 A Comunidade Autónoma de Galicia é deficitaria en enerxía; o 18,4% da enerxía primaria provén de Galicia e o 81,6% é importado.<br>D4.3 Intensidade enerxética galega 295 ktep por 1000 euros. Superior á media española e europea. O obxectivo de eficiencia enerxética na Estratexia Europa 2020 propón seguir reducindo esta cifra ata 132,57 ktep/1000 € en 2020.<br>D4.4 A pesar da converxencia nos últimos anos, as emisións de gases efecto invernadoiro están en 2011 18 puntos por riba do obxectivo 2020.<br>Existencia dun parque de edificios públicos e de vivendas de protección oficial, antigo e ineficiente enerxeticamente. A Administración autonómica ten un patrimonio de 1.474 centros (37% edificios administrativos, 22% sanitarios, 11% educativos) cun gasto anual en electricidade, gas e combustibles superior aos 40 millóns de euros.<br>En Galicia existen aproximadamente 30.000 vivendas de protección pública, que constitúen o ámbito de actuación, das cales o 10% están en réxime de alugamento.<br>Spain PP. Mellora da eficiencia enerxética.<br>España PNR. Reforma enerxética.<br>España PNR. Plan nacional de mellora da calidade do aire.<br>Europa 2020. Aumento do 20% da eficiencia enerxética equivalente a un consumo final de enerxía primaria de 1.474 Mtep. |

| Obxectivo temático seleccionado | Prioridades de investimento seleccionado | Xustificación da selección |
|---|---|---|
| | PI.4.5. Fomento de estratexias de redución do carbono para todo tipo de territorio, especialmente as zonas urbanas, incluído o fomento da mobilidade urbana multimodal sustentable e as medidas de adaptación con efecto de mitigación. | D4.3 Intensidade enerxética galega 295 ktep por 1000 euros. Superior á media española e europea. O obxectivo de eficiencia enerxética na Estratexia Europa 2020 formula seguir reducindo esta cifra ata 132,57 ktep/1000 € en 2020.<br>D4.4 A pesar da converxencia nos últimos anos, as emisións de gases efecto invernadoiro están en 2011 18 puntos por riba do obxectivo 2020.<br>D4.7 Mobilidade baseada prioritariamente, no relativo ás persoas, no vehículo privado. Transporte urbano de pasaxeiros moi reducido (3,7% do total nacional en 2013). España PNR. Impulsar a competencia no sector de carburantes.<br>España PNR. Plan nacional de mellora da calidade do aire.<br>Spain PP. Fomento dun transporte urbano limpo.<br>España PNR. Mellora da regulación do transporte terrestre.<br>España PNR. Impulso á intermodalidade. |
| OT 5. Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos. | PI.5.1. Apoio ao investimento destinado á adaptación ao cambio climático, incluídas formulacións baseadas nos ecosistemas. | A5.1 Incremento dos riscos derivados dos efectos do cambio climático.<br>A5.5. Previsible efecto do cambio climático no incremento de pragas, enfermidades e parasitos vexetais e animais.<br>D5.2 As empresas de Galicia superaron as emisións de toneladas de $CO_2$ declaradas fronte ás asignadas a priori.<br>D5.3 Vulnerabilidade aos incendios forestais.<br>D5.4 Procesos de desertización e erosión, especialmente como consecuencia dos incendios forestais e a erosión hídrica.<br>Spain PP. Aplicación de medidas de mitigación do cambio climático e adaptación a este (incluída a xestión de riscos e a prevención). |

| Obxectivo temático seleccionado | Prioridades de investimento seleccionado | Xustificación da selección |
|---|---|---|
| | PI.5.2. Fomento do investimento para abordar os riscos específicos, garantía de resiliencia fronte ás catástrofes e desenvolvemento de sistemas de xestión de catástrofes. | D5.2 As empresas de Galicia superaron as emisións de toneladas de $CO_2$ declaradas fronte ás asignadas a priori.<br>D5.3 Vulnerabilidade aos incendios forestais. En 2012 producíronse 3.794 incendios forestais, que afectaron unha superficie de 15.598 ha. Aproximadamente o 40% dos incendios en España prodúcese en Galicia.<br>D5.4 Procesos de desertización e erosión, especialmente como consecuencia dos incendios forestais e a erosión hídrica.<br>D5.5 Vulnerabilidade fronte aos riscos de inundacións e secas. Existen 168 tramos de ríos identificados como áreas con risco potencial significativo de inundación, que supoñen un total de 543 km.<br>A5.3 Os modelos de predición meteorolóxicos apuntan a un aumento das precipitacións extremas do 10% (precipitación diaria), o que comportará un incremento do risco de inundación.<br>Spain PP. Aplicación de medidas de mitigación do cambio climático e adaptación a este (incluída a xestión de riscos e a prevención). |
| OT 6. Conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos. | PI.6.1. O investimento no sector dos residuos para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de ambiente e para abordar as necesidades, determinadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá dos devanditos requisitos. | D6.8 Nivel de saturación alto nas plantas de tratamento de residuos, que procesan só o 70% do total xerado, polo que queda un 30% de residuos sen tratar. O 85% dos residuos urbanos recollidos son residuos mesturados. Respecto ao total nacional hai un reducido peso, inferior ao 4%, na recollida selectiva de residuos como o vidro, plástico e papel e cartón.<br>D6.9 Novos custos asociados á implantación/adaptación de novos sistemas de recollida separada e tratamento.<br>Spain PP. Mellora da xestión de residuos (prevención, reciclaxe), auga (medidas relativas á demanda), augas residuais e contaminación atmosférica. |

| Obxectivo temático seleccionado | Prioridades de investimento seleccionado | Xustificación da selección |
|---|---|---|
| | PI.6.2. O investimento no sector da auga para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de ambiente e para abordar as necesidades, determinadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá dos ditos requisitos. | D6.6 Ausencia de estacións depuradoras en varios municipios galegos (aínda que porcentaxe maior á do conxunto nacional). A dispersión da poboación é un factor clave neste aspecto. O 17% das aglomeracións urbanas maiores de 200 habitantes equivalentes non dispoñen de sistemas de depuración.<br>D6.7 Tratamento de augas residuais en menor medida que o conxunto nacional. O volume total de auga residual tratada con respecto ao total de auga residual recollida alcanza o 85,3%, manifestando unha especial vulnerabilidade pola saturación que se produce nas redes de saneamento e a produción de verteduras á auga en tempo de chuvia.<br>D6.10 Actuacións orientadas a alcanzar os obxectivos ambientais da Directiva marco da auga, coa reforma e optimización dos sistemas de saneamento das rías galegas de gran potencial marisqueiro e turístico.<br>Spain PP. Mellora da xestión de residuos (prevención, reciclaxe), auga (medidas relativas á demanda), augas residuais e contaminación atmosférica. |
| | PI.6.3. Conservación, protección, fomento e desenvolvemento do patrimonio natural e cultural. | F6.1 Importancia do patrimonio natural e cultural galego como factor importante de benestar, impulso socioeconómico e articulación territorial.<br>F6.5 Valor patrimonial (cultural) do chamado Camiño de Santiago con valor internacional (UNESCO).<br>España PNR. Plan sectorial de turismo e biodiversidade. |
| | PI.6.4. Protección e restauración da biodiversidade e do solo, e fomento dos servizos dos ecosistemas, incluído a través de Natura 2000 e de infraestruturas ecolóxicas. | D6.1 Menor porcentaxe que a media estatal en superficie terrestre pertencente á Rede Natura 2000.<br>A6.1 Risco alto de presión humana, cambios uso-degradación-fragmentación de hábitats.<br>F6.2 Galicia configúrase como unha das rexións de maior riqueza natural de España. O 29% do territorio está clasificado como zona de alto valor natural.<br>Spain PP. Protección da biodiversidade e dos recursos mariños. |

| Obxectivo temático seleccionado | Prioridades de investimento seleccionado | Xustificación da selección |
|---|---|---|
| OT 9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza. | PI.9.7.O investimento en infraestruturas sociais e sanitarias que contribúan ao desenvolvemento nacional, rexional e local e reduzan as desigualdades sanitarias, e o fomento da inclusión social mediante unha mellora do acceso aos servizos sociais, culturais e recreativos e a transición dos servizos institucionais aos servizos locais. | A9.3 Crecemento das desigualdades. Taxa de risco de pobreza e exclusión social do 23,6%.<br>D9.1. Os niveis de pobreza xuvenil e dos fogares monoparentais con fillos a cargo agraváronse especialmente.<br>D9.2 Elevada taxa de risco de pobreza na poboación estranxeira residente en Galicia.<br>D9.3 A poboación en risco de pobreza sitúase principalmente en áreas próximas ás grandes cidades das provincias de Ourense e Pontevedra.<br>D9.4 A renda media por unidade de consumo en Galicia é inferior á media nacional.<br>D9.7 Progresivo envellecemento da poboación (23,1% da poboación é maior de 64 anos e o 4% supera os 85 anos) que implica a crecente necesidade de servizos sociais e sanitarios.<br>O TME estrutural cirúrxico (tempo medio de espera, en días) para a Área Sanitaria de Vigo sitúase 159,3 días fronte aos 68,2 días de media do resto de áreas sanitarias de Galicia.<br>Elevada estadía media dos procesos de hospitalización (9,62 días), baixa porcentaxe de ambulatorización dos procesos cirúrxicos (43%) e presión de urxencias elevada (66,57%).<br>D9.8 Necesidades crecentes para a protección social, para a loita contra a pobreza e a promoción da inclusión.<br>España PNR. Plan nacional de acción para a inclusión social 2013-2016. |

| Obxectivo temático seleccionado | Prioridades de investimento seleccionado | Xustificación da selección |
|---|---|---|
| OT10. Investir na educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe. | PI.10.5. Infraestruturas de educación e formación. | D10.1 Galicia presenta en 2013 un 20,4% de abandono escolar temperán cando o obxectivo da Axenda de Lisboa se sitúa no 10%.<br>D10.2 Taxa de abandono educativo temperán superior nos homes. En Galicia, 25,0% para os homes fronte ao 15,4% nas mulleres.<br>D10.3 Taxa de actividade da poboación segundo o nivel de formación alcanzado desfavorable á muller sobre todo en niveis educativos básicos.<br>D10.4 Os niveis máis baixos de actividade encóntranse na poboación con nivel formativo de educación primaria ou inferior.<br>D10.5 A taxa de actividade da poboación entre 25 e 64 anos con estudos finalizados a nivel primario ou inferior é do 58,0% e do 46,2% en España e Galicia, respectivamente.<br>D10.10 Na última década a taxa de idoneidade diminuíu tanto para homes como para mulleres nos rangos de idade de estudo de 8 a 15 anos.<br>D10.11 Baixa taxa de poboación que se gradúa na formación profesional de grao medio e superior, ao redor do 21,0% e 25,6%, respectivamente.<br>D10.12 Galicia e España non dispoñen de avaliacións externas estandarizadas. 24 dos 34 países da OCDE si as posúen.<br>D10.13 A taxa de escolarización da poboación de 0 a 3 anos aínda non alcanza a taxa do 33% recomendada pola Unión Europea.<br>Spain PP. Mellora da produtividade laboral, redución do abandono escolar prematuro e incremento da participación na formación profesional e na formación continua.<br>Europa 2020. Taxas de abandono escolar prematuro por debaixo do 10%. |

Por último, destinouse ao eixe Asistencia técnica o 1,58% dos recursos do programa. Incluiranse accións dirixidas a garantir a correcta xestión, así como as actividades de seguimento, avaliación e control do programa, e unha adecuada información e publicidade sobre as intervencións financiadas, de tal maneira que se asegure a execución das accións previstas e o cumprimento coa normativa rexional, nacional e comunitaria e o adecuado funcionamento do sistema de xestión e control, que responda aos principios xerais establecidos no artigo 72 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e garanta o adecuado cumprimento das funcións que o artigo 125 lle atribúe á autoridade de xestión.

En particular, prevese destinar unha parte significativa dos recursos asignados a este eixe á realización das verificacións de xestión para previr, detectar e, de ser o caso, corrixir irregularidades; incidirase tamén na adopción de medidas para reducir a carga administrativa dos beneficiarios (utilización de metodoloxías de custos simplificados, intercambio electrónico de información cos beneficiarios, etc.) e para reforzar a capacidade administrativa do persoal implicado na xestión e no control do programa, en especial naqueles ámbitos específicos que adquiren especial relevancia no período 2014-2020 (instrumentos financeiros, custos simplificados, contas anuais, enfoque a resultados, etc). Así mesmo, teranse en conta as orientacións e ferramentas ofrecidas na Guía sobre avaliación de risco de fraude e medidas antifraude proporcionadas, elaborada no seo do EGESIF, para levar a cabo a avaliación do risco de fraude e, cando proceda, aplicaranse medidas antifraude eficaces e proporcionadas.

## 1.2 Xustificación da asignación financeira

O programa operativo FEDER Galicia presenta unha concentración temática nos obxectivos temáticos 1, 2, 3 e 4 do 67,7%, sen ter en conta a asistencia técnica que, complementada coas accións da Administración xeral do Estado (AXE) e as administracións locais a través dos programas operativos plurirrexionais 2014-2020, contribúe a superar a concentración mínima formulada polo regulamento 1301/2014 no seu artigo 4.1.b, que define que polo menos un 60% dos recursos totais do FEDER a nivel nacional se asignarán a dous ou máis dos obxectivos temáticos 1-2-3-4 nas rexións que como Galicia, para estes efectos, se consideran rexións en transición.

En relación co obxectivo temático 4, o programa ofrece unha concentración de recursos elevada, alcanzando o 20,4%do total programado no PO sen asistencia técnica. De acordo co compromiso adquirido pola AXE e a súa sobreconcentración de recursos programados inicialmente neste ámbito no marco do programa operativo plurirrexional Crecemento sustentable FEDER 2014-2020, este programa debía alcanzar un mínimo do 6% do total de fondos do programa. É dicir, a concentración temática supera amplamente o mínimo asignado.

A asignación financeira a cada eixe prioritario e prioridade de investimento realízase fundamentalmente sobre a base das necesidades identificadas no diagnóstico e no investimento que a AXE vai realizar neste período en Galicia, garantindo a complementariedade de actuacións de ambas as dúas administracións. Así mesmo, a complementariedade cos outros fondos EIE é básica na definición da estratexia financeira.

Neste sentido, tivéronse en conta as prioridades identificadas na RIS, que en gran parte se cobren cos investimentos iniciais do PO de crecemento intelixente conxuntamente co PO de Galicia. De feito, o investimento que a AXE programa no OT1 representa máis do 31,9% do seu investimento en Galicia. Conxuntamente, case unha cuarta parte de todos os fondos dos programas FEDER que se invisten en Galicia se destinan a potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación.

***Cadro de investimento comunitario da axuda FEDER en Galicia por POs rexional e plurirrexionais e por OT***

***Investimento comunitario axuda FEDER en Galicia por POs rexional e plurirrexional e por OT***

| Obxectivo Temático | PO FEDER GALICIA | % CT PO GALICIA (2) | PO Crecemento Intelixente e Sustentable (3) | Iniciativa PEME (1)(3) | TOTAL (3) | % CT (2) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OT1 | 142.400.000 | 15,8 | 352.550.292 | | 494.950.292 | 24,8 |
| OT2 | 140.700.000 | 15,6 | 84.922.077 | | 225.622.077 | 11,3 |
| OT3 | 143.000.000 | 15,9 | 33.251.420 | 60.063.166 | 236.314.586 | 11,8 |
| OT4 | 183.225.970 | 20,4 | 216.720.517 | | 399.946.487 | 20,0 |
| OT5 | 39.538.127 | 4,4 | | | 39.538.127 | 2,0 |
| OT6 | 152.054.435 | 16,9 | 89.858.553 | | 241.912.988 | 12,1 |
| OT7 | 0 | | 141.005.999 | | 141.005.999 | 7,1 |
| OT9 | 51.438.483 | 5,7 | | | 51.438.483 | 2,6 |
| OT10 | 47.330.000 | 5,3 | | | 47.330.000 | 2,4 |
| OT12 | 0 | | 118.767.686 | | 118.767.686 | 5,9 |
| OT13 AT | 14.000.825 | | 7.204.970 | | 21.205.795 | |

*Fonte: elaboración propia.*

(1) Inclúe 15 millóns de euros achegados pola CA de Galicia
(2) % de concentración temática (non se teñen en conta os recursos da asistencia técnica)
(3) Importes estimados

No PO de Galicia dáse relevancia á prioridade de investimento 2c, derivado das conclusións do diagnóstico e tendo en conta que o PO inicial de Crecemento Intelixente vai concentrar os seus recursos nas prioridades de investimento 2a e 2b, de maneira que conxuntamente ambas as dúas administracións destinan o 11,2% en tecnoloxías da información e da comunicación .

A mellora da competitividade das PEMEs é un obxectivo prioritario no PO, onde se programan investimentos na promoción do espírito empresarial e o apoio á capacidade das PEMEs para que poidan crecer nos mercados. O diagnóstico revela a necesidade deste apoio e de facilitar o acceso ao financiamento. Deste modo, no PO de Galicia destínase case o 50% da asignación neste eixe á utilización de instrumentos financeiros.

Ademais, Galicia achega 15 millóns de euros ao PO da Iniciativa PEME (o resto ata os 60 saen dos fondos FEDER para Galicia que programa a AXE).

Como se comentou anteriormente, e derivado das necesidades identificadas no diagnóstico, prográmase en accións que favorecen o paso a unha economía baixa en carbono o 20,4% do total do PO de Galicia sen asistencia técnica (14 puntos por riba do 6% mínimo exixido segundo o acordado entre o Estado e a Xunta de Galicia). Fundamentalmente en fomentar a produción e distribución de enerxía derivada de fontes renovables para usos térmicos, avanzar na mellora da eficiencia enerxética das empresas e edificios públicos e o fomento da mobilidade urbana sustentable. Conxuntamente co investimento de Crecemento Sustentable no PO Plurirrexional a concentración alcanza o 20%.

Non obstante, a asignación financeira tamén se viu condicionada a atender os retos territoriais que a análise diagnóstica, elaborada no marco do proceso de análise de gabinete e participativa, considerou relevantes para Galicia e que viñeron ditar as necesidades básicas que mediante este programa se pretende atender. Neste sentido, e por estar fóra dos ámbitos de concentración obrigatoria, cabe destacar a asignación financeira que teñen as accións vinculadas á xestión dos recursos hídricos, e especialmente a limpeza e o tratamento das augas dalgunhas das rías galegas pola enorme importancia ambiental que teñen, e porque outorga, así mesmo, unha vantaxe económica considerable para a creación de actividade económica e emprego en sectores tremendamente competitivos a nivel global, como é o da

pesca e acuicultura, ou a actividade turística. A devandita actividade require un control de residuos e limpeza das súas augas que fan necesarios fortes investimentos para mellorar a calidade microbiolóxica das súas augas. Ademais, actuacións en materia de prevención, redución e tratamento de residuos, a posta en valor do patrimonio cultural e natural de Galicia e o fomento da protección de espazos naturais e a súa biodiversidade son necesidades que se abordan no marco do PO de Galicia.

As medidas de adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de residuos tamén son identificadas como necesarias no diagnóstico, derivado fundamentalmente dos riscos asociados aos incendios e inundacións. Ademais, no PO de Crecemento Sustentable non se programa nada neste ámbito.

Por último, e tendo en conta a complementariedade coas actuacións e cos obxectivos formulados no Fondo Social Europeo (FSE), prográmanse actuacións concretas en materia de investimento en infraestruturas sociais, sanitarias e educativas que contribúen á redución de desigualdades.

Como resumo, en termos de concentración temática (sen ter en conta os recursos destinados á asistencia técnica), no PO FEDER Galicia os catro primeiros obxectivos temáticos teñen unha asignación financeira similar. No obxectivo temático 1, dirixido a potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, concéntrase un 15,8% do financiamento. No caso do obxectivo temático 2, 'Mellorar o uso e calidade das TIC e o acceso a elas', a concentración é do 15,6% do financiamento. As accións dirixidas a mellorar a competitividade das pemes, do sector agrícola e do sector da pesca e a acuicultura do obxectivo temático 3 acaparan o 15,9% e, por último, o obxectivo temático 4, 'Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores', supón un financiamento do 20,4% do total.

Adicionalmente a estes obxectivos, establecéronse prioridades de investimento nos obxectivos temáticos 5, 6, 9 e 10, que se dotaron dunha asignación financeira adecuada ás necesidades que se deberán atender e definídas no presente programa. A asignación orzamentaria ao obxectivo temático 6 representa un 16,9% do total. Deste xeito, refórzase o obxectivo de conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos.

Por último, destinouse ao eixe Asistencia técnica o 1,53% dos recursos do programa. Incluiranse accións dirixidas a garantir a correcta xestión, así como as actividades de seguimento, avaliación, control e comunicación do programa de tal maneira que se aseguren a execución das accións previstas e o cumprimento coa normativa rexional, nacional e comunitaria.

En resumo, o programa operativo do FEDER Galicia 2014-2020 concentra os seus recursos nas necesidades que se consideran máis relevantes para a rexión de acordo coas orientacións de programación da Comisión Europea.

*Cadro 2: Presentación da estratexia de investimento do programa operativo*

| Obxectivo temático | Fondo | Axuda Unión (€) | % de axuda sobre total PO | Obxectivo temático / Prioridade de investimento / Obxectivo específico | Indicadores de resultados comúns e específicos do programa para os cales se fixou un valor previsto |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | FEDER | 142.400.000,00 | 15,59 | 01 - Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación. | |
| | | | | 1 a -A mellora das infraestruturas de investigación e innovación (I+i) e da capacidade para desenvolver excelencia en materia de I+i, e o fomento de centros de competencia, en especial os de interese europeo. | |
| | | | | 010 a 2 - OE.1.1.2. Fortalecemento das institucións de I+D e creación, consolidación e mellora das infraestruturas científicas e tecnolóxicas. | Patentes solicitadas á Oficina Española de Patentes e Marcas (OEPM) |
| | | | | 1 b - O fomento do investimento empresarial en I+i, o desenvolvemento de vínculos e sinerxías entre as empresas, os centros de investigación e desenvolvemento e o sector do ensino superior, en particular mediante o fomento do investimento no desenvolvemento de produtos e servizos, a transferencia de tecnoloxía, a innovación social, a innovación ecolóxica, as aplicacións de servizo público, o estímulo da demanda, a interconexión en rede, as agrupacións e a innovación aberta a través dunha especialización intelixente e mediante o apoio á investigación tecnolóxica e aplicada, liñas piloto, accións de validación precoz dos produtos, capacidades de fabricación avanzada e primeira produción, en particular, en tecnoloxías facilitadoras esenciais e difusión de tecnoloxías polivalentes. | |
| | | | | 010 b 1 - OE.1.2.1. Impulso e promoción de actividades de I+i lideradas polas empresas, apoio á creación e consolidación de empresas innovadoras e apoio á compra pública innovadora. | Empresas (de 10 ou máis traballadores asalariados) que realizan actividades innovadoras |
| | | | | 010 b 3 - OE.1.2.3. Fomento e xeración de coñecemento de fronteira e de coñecemento orientado aos retos da sociedade, desenvolvemento de tecnoloxia emerxentes. | Número de participacións en consorcios de proxectos internacionais (H2020), número e tipo de propostas presentadas |

| Obxectivo temático | Fondo | Axuda Unión (€) | % de axuda sobre total PO | Obxectivo temático / Prioridade de investimento / Obxectivo específico | Indicadores de resultados comúns e específicos do programa para os cales se fixou un valor previsto |
|---|---|---|---|---|---|
| 2 | FEDER | 140.700.000,00 | 15,40 | 02 - Mellorar o uso e calidade das tecnoloxías da información e da comunicación e o acceso a estas.<br>2 c - O reforzo das aplicacións das tecnoloxías da información e da comunicación para a Administración electrónica, a aprendizaxe electrónica, a inclusión electrónica, a cultura electrónica e a sanidade electrónica.<br>020 c 1 - OE.2.3.1. Promover os servizos públicos dixitais, a alfabetización dixital, e-aprendizaxe, e-inclusión e e-saúde.<br>020 c 2 - OE.2.3.2. Reforzar o e-goberno, e-cultura e a confianza no ámbito dixital. | Poboación escolar cuberta polos servizos públicos rexionais electrónicos educativos (e-educación) / Urxencias por 1.000 habitantes en pacientes pluripatolóxicos ao ano<br>Persoas (16-74 anos) que interactuaron coa Administración pola internet para obter información no último ano sobre o total da poboación dese grupo de idade |
| 3 | FEDER | 143.000.000,00 | 15,65 | 03 - Mellorar a competitividade das pemes, do sector agrícola (no caso do Feader) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP).<br>3 a -A promoción do espírito empresarial, en particular facilitando o aproveitamento económico de novas ideas e impulsando a creación de novas empresas, tamén mediante viveiros de empresas.<br>030 a 2 - OE.3.1.2. Creación de novas empresas e viveiros de empresas, en particular mellorando o acceso a financiamento e a servizos de apoio avanzados.<br>3 d - O apoio á capacidade das pemes para crecer nos mercados rexionais, nacionais e internacionais, e para implicarse en procesos de innovacións. | Taxa de supervivencia nacional/rexional da peme no cuarto ano de vida / Taxa de actividade emprendedora |

| Obxectivo temático | Fondo | Axuda Unión (€) | % de axuda sobre total PO | Obxectivo temático / Prioridade de investimento / Obxectivo específico | Indicadores de resultados comúns e específicos do programa para os cales se fixou un valor previsto |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | 030 d1 - OE.3.4.1. Promover o crecemento e a consolidación das pemes, en particular mellorando o seu financiamento, tecnoloxía e acceso a servizos de apoio avanzados, incluíndo os sectores agrícola, pesqueiro, mariño, marítimo, turístico, cultural, comercial e de rehabilitación de edificación, así como ás pemes e autónomos dedicados ao comercio retallista ou venda ambulante. | Empresas medianas (entre 50 e 249 traballadores asalariados) |
| | | | | 030 d3 - OE.3.4.3. Promover a internacionalización das PEMEs. | Número de pemes exportadoras (nacional, categoría rexión, rexión) / Tamaño medio das empresas da bisbarra de Ourense |
| 4 | FEDER | 183.225.970,00 | 20,05% | 04 - Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores. | |
| | | | | 4 a - O fomento da produción e distribución de enerxía derivada de fontes renovables. | |
| | | | | 040 a2 - OE.4.1.2. Aumentar a participación e distribución das enerxías renovables para usos térmicos, en particular a biomasa, biogás e biocombustibles para o transporte, en consonancia co Plan de enerxías renovables 2011-2020 e, de ser o caso, coa planificación das Comunidades Autónomas. | Capacidade de produción e distribución de enerxía renovables para usos térmicos. |
| | | | | 4 b - O fomento da eficiencia enerxética e o uso de enerxías renovables por parte das empresas. | |
| | | | | 040 b1 - OE.4.2.1. Avanzar na avaliación e mellora da eficiencia enerxética das empresas, en particular as PEMEs. | Intensidade enerxética final |
| | | | | 4 c - O apoio da eficiencia enerxética, da xestión intelixente da enerxía e do uso de enerxías renovables nas infraestruturas públicas, incluídos os edificios públicos, e nas vivendas. | |
| | | | | 040 c1 - OE.4.3.1. Mellorar a eficiencia enerxética e redución de emisións de $CO_2$ na edificación e nas infraestruturas e servizos públicos. | Consumo final de enerxía en edificios e vivendas públicos |
| | | | | 4 e - O fomento de estratexias de redución do carbono para todo tipo de territorio, especialmente as zonas urbanas, incluído o fomento da mobilidade urbana multimodal sustentable e as medidas de adaptación con efecto de mitigación. | |

| Obxectivo temático | Fondo | Axuda Unión (€) | % de axuda sobre total PO | Obxectivo temático / Prioridade de investimento / Obxectivo específico | Indicadores de resultados comúns e específicos do programa para os cales se fixou un valor previsto |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | 040 e 1 - OE.4.5.1. Fomento da mobilidade urbana sustentable: transporte urbano limpo, transporte colectivo, conexión urbana-rural, melloras da rede viaria, transporte ciclista, peonil, mobilidade eléctrica e desenvolvemento de sistemas de subministración de enerxías limpas. | Viaxeiros en transporte urbano regular |
| 5 | FEDER | 39.538.127,00 | 4,33 | 05 - Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos.<br>5 a - O apoio ao investimento destinado á adaptación ao cambio climático, incluídas formulacións baseadas nos ecosistemas.<br>050 a 1 - OE.5.1.1. Desenvolvemento de coñecementos e elaboración de plans en relación coa adaptación ao cambio climático e coa prevención de riscos, incluíndo os sistemas de alerta temperá, de seguimento e de avaliación.<br>5 b - O fomento do investimento para facer fronte a riscos específicos, garantindo unha resiliencia fronte ás catástrofes e desenvolvendo sistemas de xestión de catástrofes.<br>050 b 1 - OE.5.2.1. Fomento do investimento para a prevención e xestión de riscos específicos sobre as poboacións, incluíndo protección civil. | Poboación exposta á calidade do aire mala ou mellorable<br>Poboación exposta a risco de inundacións / Superficie queimada polos incendios forestais |
| 6 | FEDER | 152.054.435,00 | 16,64 | 06 - Conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos.<br>6 a - O investimento no sector dos residuos para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de ambiente e para dar resposta ás necesidades, identificadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá dos ditos requisitos.<br>060 a 1 - OE.6.1.1. Desenvolver a separación, recollida selectiva e tratamento de residuos, que inclúe accións de peche de ciclo, considerando tanto os plans de xestión coma os investimentos en infraestruturas. | Volume de residuos domésticos recollidos selectivamente sobre produción de residuos domésticos |

| Obxectivo temático | Fondo | Axuda Unión (€) | % de axuda sobre total PO | Obxectivo temático / Prioridade de investimento / Obxectivo específico | Indicadores de resultados comúns e específicos do programa para os cales se fixou un valor previsto |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | 6b - O investimento no sector da auga para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de ambiente e para dar resposta ás necesidades, identificadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá dos devanditos requisitos. | |
| | | | | 060b1 - OE.6.2.1. Culminar os requisitos da Directiva marco da auga a través do investimento en infraestruturas de saneamento, depuración e reutilización de augas residuais, e mellora da calidade da auga. | Volume de augas residuais tratadas |
| | | | | 6c - A conservación, a protección, o fomento e o desenvolvemento do patrimonio natural e cultural. | |
| | | | | 060c1 - OE.6.3.1. Promover a protección, o fomento e o desenvolvemento do patrimonio cultural. | Viaxeiros que visitan Galicia por motivos culturais |
| | | | | 060c2 - OE.6.3.2. Protección, desenvolvemento e promoción das áreas naturais, en particular as de interese turístico. | Pernoitas en establecementos turísticos / Peregrinos que reciben acreditación |
| | | | | 6d - A protección e o restablecemento da biodiversidade e do solo, e o fomento dos servizos dos ecosistemas, inclusive a través de Natura 2000 e de infraestruturas ecolóxicas. | |
| | | | | 060d1 - OE.6.4.1. Fomentar a xestión, protección e mantemento de espazos naturais e a súa biodiversidade, en particular os protexidos, incluíndo medidas para paliar os problemas de erosión, salinización, desertización, deforestación e baixo nivel de materia orgánica no solo. | Superficie de patrimonio natural en estado de risco |
| 9 | FEDER | 51.438.483,00 | 5,63 | 09 - Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera outra forma de discriminación.<br><br>9a -O investimento en infraestruturas sociais e sanitarias que contribúan ao desenvolvemento nacional, rexional e local e reduzan as desigualdades sanitarias, e o fomento da inclusión social mediante unha mellora do acceso aos servizos sociais, culturais e recreativos e a transición dos servizos institucionais aos servizos locais. | |

| Obxectivo temático | Fondo | Axuda Unión (€) | % de axuda sobre total PO | Obxectivo temático / Prioridade de investimento / Obxectivo específico | Indicadores de resultados comúns e específicos do programa para os cales se fixou un valor previsto |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | 090 a 1 - OE.9.7.1 Investimento en infraestrutura social e sanitaria que contribúa ao desenvolvemento nacional, rexional e local e reduza as desigualdades sanitarias, e transición dos servizos institucionais aos servizos locais. | Tempo medio de espera estrutural cirúrxico / Ambulatorización dos procesos cirúrxicos |
| 10 | FEDER | 47.330.000,00 | 5,18 | 10 - Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente.<br>10a - Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e a aprendizaxe permanente, mediante o desenvolvemento das infraestruturas de educación e formación.<br>100 a 1 - OE.10.5.1. Mellorar as infraestruturas de educación e formación. | Alumnos por unidade en funcionamento en centros docentes públicos / Taxa de escolarización de poboación de 0 a 3 anos, |
| 13 | FEDER | 14.000.825,00 | 1,53 | 13 - Asistencias técnicas.<br>OE. 13.1.1. Lograr unha eficaz implementación do PO apoiando a actividade de xestión e control e o desenvolvemento de capacidade nestas áreas.<br>OE.13.1.2. Mellorar o sistema de gobernanza e de partenariado, potenciando os mecanismos de coordinación, a avaliación e a comunicación entre todos os axentes: administracións públicas, axentes económicos e sociais e sociedade civil. | |

# 2. SECCIÓN 2 - EIXES PRIORITARIOS

## 2.A Descrición dos eixes prioritarios distintos da asistencia técnica

### 2.A.1 Eixe prioritario1

| | |
|---|---|
| ID do eixe prioritario | 01 |
| Título do eixe prioritario | EP1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación |

| | |
|---|---|
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase unicamente con instrumentos financeiros | *Non procede* |
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase unicamente con instrumentos financeiros establecidos a nivel da Unión | *Non procede* |
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase con desenvolvemento local participativo | *Non procede* |
| ☐ No caso do FSE: a totalidade do eixe prioritario está dedicada á innovación social, á cooperación transnacional ou a ambas as dúas | *Non procede* |

A coordinación entre os programas plurirrexionais e rexionais que fomentan a I+D+i cos diferentes fondos EIE levarase a cabo a través:

- Da Rede de Políticas de I+D+i, integrada polos órganos responsables das políticas de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación da Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas. O seu obxectivo é contribuír á coordinación de políticas e programas, e serve como foro para orientar, difundir, contrastar e compartir.
- O Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación (CPCTI), onde se creou un grupo de traballo para a coordinación de actuacións AXE-CC.AA., co obxectivo de desenvolver instrumentos de colaboración que permitan a máxima coordinación entre as políticas nacionais e autonómicas.
- O Comité de Coordinación de Fondos e os comités rexionais de coordinación de fondos.

Na coordinación dos apoios seguirase o esquema: *apoio complementario, conxunto ou por segmentos*, na medida en que cada un teña cabida na execución de cada un dos instrumentos previstos no PO FEDER Galicia 2014-2020.

A complementariedade e coherencia na implantación de instrumentos de programación conxunta en ámbitos RIS3 compartidos por varias comunidades autónomas, a través dos cales alcanzar masa crítica e potenciar as sinerxías e as complementariedades mutuas, exemplo accións de compra pública innovadora, formularanse a través de axudas ad hoc ou convenios de colaboración.

Dentro deste contexto xeral, considérase unha *coordinación específica co Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI)* como principal organismo estatal financiador da I+D+i empresarial onde se concentra a maioría das actuacións formuladas no PO FEDER Galicia 2014-2020. Esta coordinación específica defínese ao abeiro do vixente *Convenio marco de colaboración existente entre a Xunta de Galicia, a través da actual Axencia Galega de Innovación e o CDTI,* onde se recolle de forma explícita na súa cláusula terceira, que define o seu ámbito, a coordinación entre ambas as dúas entidades para o financiamento de proxectos a través duns mecanismos de complementariedade.

Pola súa vez, o convenio, na súa cláusula segunda, inclúe a elaboración dun plan de actuación inicial que se vai renovando, no cal se detallan as actuacións concretas a través das cales se vai materializando a cooperación entre ambos os dous organismos. Este plan forma parte do propio convenio de colaboración.

Dentro deste convenio incluiríase a coordinación con todos os instrumentos xestionados por CDTI, incluídos aqueles que se materializarán en 2014-2020 a través de instrumentos financeiros ao abeiro do PO de crecemento intelixente:

- Fondo Colateral da I+D empresarial
- Liña de financiamento para innovación global
- Liña de financiamento para innovación

Acceso ao texto do Convenio de colaboración para o fomento da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico na Comunidade Autónoma de Galicia publicado no BOE:

https://www.boe.es/boe/dias/2007/11/22/pdfs/A47897-47898.pdf

Neste ámbito dos programas apoiados co FEDER, a coordinación entre as intervencións da AXE e das CC.AA. correspóndese co exposto no apartado 1.1.5.1 do acordo de asociación correspondente ao obxectivo temático 1, na epígrafe sobre mecanismos de coordinación, que delimitan as actuacións da AXE e as CC.AA. en cada tipoloxía de intervención.

No ámbito do obxectivo temático 1, teranse en conta as orientacións da Comisión sobre sinerxías incluídas na guía "Enabling synergies between European Structural and Investment Funds, Horizon 2020 and other research, innovation and competitiveness-related Union programmes", dispoñible en:

http://ec.europa.eu/regional_policy/sources/docgener/guides/synergy/synergies_en.pdf

## 2.A.2.Eixe 1. Xustificación do establecemento dun eixe prioritario que abranga máis dunha categoría de rexión, obxectivo temático ou fondo

[Non procede]

## 2.A.3.Eixe 1. Fondo, categoría de rexión e base de cálculo da axuda da Unión

| Fondo | Categoría de rexión | Base de cálculo (gasto total subvencionable ou gasto público subvencionable) | Categoría de rexión para as rexións ultraperiféricas e as rexións escasamente poboadas do norte |
|---|---|---|---|
| FEDER | Máis desenvolvidas | Total | |

## 2.A.4. Eixe 1. Prioridade de investimento 1a

| | |
|---|---|
| ID Prioridade de investimento | 1a |
| Título da prioridade de investimento | Mellora das infraestruturas de investigación e innovación (I+i) e da capacidade para desenvolver excelencia en materia de I+i, e fomento dos centros de competencia, en especial os de interese europeo |

## 2.A.5. Eixe 1. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados

| | |
|---|---|
| ID do obxectivo específico | 010a2 |
| Título do obxectivo específico | OE.1.1.2. Fortalecemento das institucións de I+D e creación, consolidación e mellora das infraestruturas científicas e tecnolóxicas. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | Galicia encóntrase posicionada dentro das rexións europeas cualificadas como "Innovadores moderados", segundo a clasificación elaborada polo índice de innovación rexional (datos 2013). O investimento en I+D+i de ao redor do 1% do PIB encóntrase moi lonxe dos obxectivos fixados para 2020 para o conxunto da UE (3%) e de España (2%). O persoal investigador representa o 4,3% respecto ao do Estado, porcentaxe sensiblemente inferior ao peso doutras variables socioeconómicas.<br>Con este obxectivo específico preténdese consolidar e ampliar o acceso a infraestruturas científicas e tecnolóxicas avanzadas que permitan o desenvolvemento de investigacións científico-técnicas de vangarda e contribúan ao liderado internacional de organismos públicos de investigación e demais centros de I+D.<br>Para iso, nos ámbitos priorizados na RIS3 apoiarase o equipamento dos centros públicos e privados de investigación, así como das empresas. Fomentaranse as actuacións relacionadas coas infraestruturas científicas e técnicas singulares (ICTS) incluídas no mapa de ICTS, que se recolle como o instrumento de planificación e desenvolvemento destas infraestruturas, e que será elaborado e implementado conxuntamente polas CC.AA. e a AXE.<br>Para medir o resultado das accións financiadas con axuda da Unión proponse utilizar o seguinte indicador: número de patentes solicitadas á Oficina Española de Patentes e Marcas (OEPM) en Galicia. |

*Cadro 3: Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FEDER e o Fondo de Cohesión)*

| Obxectivo específico | | 010a-- OE.1.1.2. Fortalecemento das institucións de I+D e creación, consolidación e mellora das infraestruturas científicas e tecnolóxicas | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Indicador | Unidade de medida | Categoría de rexión | Valor de referencia | Ano de referencia | Valor previsto [1] (2023) | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
| R112G | Patentes solicitadas á Oficina Española de Patentes e Marcas (OEPM) | Número | Máis desenvolvidas | 185 | 2012 | 195 | Oficina Española de Patentes e Marcas (OEPM) | Anual |

(1 ) Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, os valores previstos poden ser cualitativos ou cuantitativos.

## 2.A.6. Eixe1. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento (por prioridade de investimento)

### 2.A.6.1. Eixe1. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluíndo, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios

| Prioridade de investimento | 1a - Mellora das infraestruturas de investigación e innovación (I+i), e da capacidade para desenvolver excelencia en materia de I+i e fomento dos centros de competencia, en especial os de interese europeo |
|---|---|

Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións:

- **MEDIDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS ESTRATÉXICOS PÚBLICO-PRIVADOS: CENTROS MIXTOS DE I+D+i**. Trátase dunha liña de estímulo do investimento privado destinado á atracción de grandes empresas para que leven a cabo en Galicia as súas actividades de I+D a través do desenvolvemento de unidades ou centros de I+D mixtos con axentes locais, ou a través de calquera outra acción que contribúa á consecución do obxectivo xeral do instrumento. O instrumento incluirá o desenvolvemento de iniciativas colaboradoras plurianuais focalizados nun conxunto limitado de áreas de singularidade estratéxica para o conxunto da rexión, e que exixirán a creación de consorcios estratéxicos rexionais entre universidades, centros xeradores de coñecemento e empresas. Nestas iniciativas colaboradoras perseguirase que tanto o proceso de execución como o resultado das iniciativas apoiadas contribúa significativamente á transformación e diversificación de sectores empresariais cara ás áreas de especialización definidas na estratexia RIS3.

Este instrumento inclúe dous dos instrumentos indicados no Plan de acción da RIS3 Galicia: os proxectos estratéxicos público-privados e a atracción de centros de desenvolvemento. Considerouse conveniente esta unión polo destacado carácter tractor que debe exercer a grande empresa en ambos os dous casos.

Nesta prioridade do PO o fondo está destinado ao **financiamento de equipamento en entidades privadas** para o desenvolvemento de actividades de I+D+i e dirixidas a promover o uso eficiente e compartido das instalacións, dotando os grupos e institucións do equipamento e infraestrutura necesarios para impulsar o seu liderado internacional e que se produza o "catching-up" coas rexións máis avanzadas de Europa.

A través desta actuación só se apoiarán proxectos aliñados coas prioridades e cos obxectivos da RIS3 Galicia.

- **MEDIDAS DE ATRACCIÓN DO INVESTIMENTO PRIVADO PARA A POSTA EN VALOR DA I+D+i EN GALICIA**. Este instrumento está orientado ás empresas con capacidade tractora e agrupará un conxunto de medidas co obxectivo de atraer investimento privado para que se desenvolvan en Galicia os produtos ou servizos innovadores obtidos a partir de actuacións de I+D+i apoiadas baixo este marco de axuda. Entre estas medidas incluirase tanto proxectos de I+D+i coma estudos de viabilidade, proxectos de demostración (na medida en que o Marco de axudas estatais a I+D+i o permita) ou calquera outra medida que contribúa á consecución do seu obxectivo. Estas medidas orientadas ás empresas combinaranse, ademais, co apoio á posta en marcha de infraestruturas nos centros públicos de investigación que contribúan a dar resposta ás necesidades do tecido empresarial e configurar así un marco de axuda completo que inclúa a mellora das capacidades dos axentes galegos xeradores de coñecemento.

  **A actuación programada nesta prioridade corresponde ao apoio a á posta en marcha de infraestruturas/equipamento nos centros públicos de investigación,** dirixidas a promover o uso eficiente e compartido das instalacións, dotando os grupos e institucións do equipamento e infraestrutura necesarios para impulsar o seu liderado internacional e que se produza o "catching-up" coas rexións máis avanzadas de Europa.

  A través desta actuación só se apoiarán proxectos aliñados coas prioridades e obxectivos da RIS3 Galicia.

## 2.A.6.2. Eixe 1. Principios reitores para a selección de operacións

| | |
|---|---|
| **Prioridade de investimento** | 1a **-** Mellora das infraestruturas de investigación e innovación (I+i) e da capacidade para desenvolver excelencia en materia de I+i e fomento dos centros de competencia, en especial os de interese europeo |

De acordo co artigo 125.3.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección de operacións asegurarán a contribución das operacións ao logro dos obxectivos e resultados específicos da prioridade, serán transparentes e non discriminatorios, e terán en conta os principios expostos nos artigos 7 (promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación) e 8 (desenvolvemento sustentable) do mencionado regulamento.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº

1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 sobre os ámbitos de intervención do FEDER.

Así mesmo, garantirase que todas as operacións executadas desde o 1 de xaneiro de 2014 ata a aprobación polo comité de seguimento destes criterios de selección estarán en consonancia con eles.

A continuación, e tendo en conta que será o comité de seguimento do programa, tal e como dispón o artigo 110 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, o que examine e aprobe a metodoloxía e os criterios de selección das operacións, descríbese a título orientativo e sen ánimo de exhaustividade a tipoloxía de operacións que se propoñerán a cofinanciamento no marco desta prioridade de investimento.

Polo tanto, co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións:

- Accións dirixidas ao aumento dos recursos dispoñibles para os equipos dedicados á I+D+i, tendo en conta tanto as necesidades do sector público coma do sector privado.

- Accións de promoción de proxectos de cooperación entre os diferentes axentes que forman parte do Sistema rexional de innovación.

- Accións que apoien a transferencia do coñecemento, de maneira que se vinculen de xeito máis claro os traballos de investigación e desenvolvemento coas necesidades do tecido produtivo.

- Outras accións que contribúan ao logro dos obxectivos asociados á prioridade de investimento de referencia.

As operacións integraranse coas políticas rexionais, estatais e europeas na materia. Así, irán en liña coas accións que se priorizaron na estratexia de especialización intelixente de Galicia. As operacións débense ademais integrar no Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015, orientadas á consecución dos obxectivos de Europa 2020, especialmente no ámbito da "Unión pola innovación".

As accións terán carácter estratéxico para Galicia e deberán xerar oportunidades potenciais de innovación a longo prazo e vantaxes competitivas que permitan a obtención de retornos sociais e económicos.

Teranse en conta proxectos de infraestruturas/equipamentos que estean incluídos nos ámbitos de especialización da RIS3 rexional, sirvan de "escaleira para a excelencia", desenvolvan vantaxes competitivas e proporcionen un probado efecto socioeconómico positivo na rexión.

Seleccionaranse mediante convocatorias abertas e criterios transparentes, de modo que se reteñan as propostas de maior calidade e se produza unha asignación eficiente de recursos.

**IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Con carácter xeral, a selección de operacións terá en conta o principio establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, promovendo activamente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero nas operacións obxecto de cofinanciamento.

A integración do principio de igualdade nos criterios de selección de operacións farase efectiva mediante a consideración dos seguintes aspectos:

- Os criterios de selección de operacións deseñaranse en concordancia coas fendas de xénero identificadas no diagnóstico, así como cos obxectivos de igualdade do programa. Así, fomentarán que as accións cofinanciadas persigan, de xeito específico ou de modo transversal, a redución das disparidades existentes entre homes e mulleres.
- Nesta liña, os criterios de selección poderán establecer medidas para promover a incorporación da perspectiva de xénero no deseño e na execución das operacións, prever operacións específicas para as mulleres, incorporar o uso de cláusulas de xénero nas subvencións e contratacións públicas, e calquera outro criterio proporcional.

Ademais da planificación multifondo seguida na RIS3 Galicia para fomentar as sinerxías entre os diferentes programas de apoio, na actualidade, tras a elaboración da RIS3-Galicia, prevese a súa coordinación coa RIS Galicia-Norte de Portugal, polo que podería establecerse que algunhas das actuacións cofinanciadas no marco do presente programa se executen fóra da zona de programa, sempre no marco da normas recollidas no art. 70 do Regulamento (UE) nº 1303/2013.

## 2.A.6.3. Eixe 1. Uso previsto de instrumentos financeiros

| | |
|---|---|
| **Prioridade de investimento** | 1a **-** Mellora das infraestruturas de investigación e innovación (I+i) e da capacidade para desenvolver excelencia en materia de I+i e fomento dos centros de competencia, en especial os de interese europeo |
| **Uso previsto de instrumentos financeiros** | |

## 2.A.6.4. Eixe 1. Uso previsto de grandes proxectos

| | |
|---|---|
| **Prioridade de investimento** | 1a **-** Mellora das infraestruturas de investigación e innovación (I+i) e da capacidade para desenvolver excelencia en materia de I+i e fomento dos centros de competencia, en especial os de interese europeo |
| Non procede | |

## 2.A.6.5. Eixe 1. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión

***Cadro 5: Indicadores de produtividade comúns e específicos do programa (por prioridade de investimento, desagregados por categoría de rexión para o FSE e, cando proceda, para o FEDER*).**

| Prioridade de investimento | | 1a - Mellora das infraestruturas de investigación e innovación (I+i), e da capacidade para desenvolver excelencia en materia de I+i e fomento dos centros de competencia, en especial os de interese europeo | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Indicador | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión | Valor previsto (2023) (1) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
| | | | | | H | M | T | | |
| C025 | Número de investigadores que traballan en instalacións de infraestruturas de investigación melloradas | Traballadores equivalentes a tempo completo (ETC) | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 24 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |

( 1 ) No caso do FSE, esta lista inclúe indicadores de produtividade comúns para os cales se fixou un valor previsto. Os valores previstos pódense presentar en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, na maioría dos casos a desagregación por xénero non é pertinente. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

## 2.A.4. Eixe 1. Prioridade de investimento 1b

| | |
|---|---|
| ID Prioridade de investimento | 1b |
| Título da prioridade de investimento | Fomento do investimento por parte das empresas en innovación e investigación, desenvolvemento de vínculos e sinerxías entre as empresas, os centros de investigación e desenvolvemento e o sector do ensino superior, en particular o investimento no desenvolvemento de produtos e servizos, a transferencia de tecnoloxía, a innovación social, a innovación ecolóxica, as aplicacións de servizo público, o estímulo da demanda, a interconexión en rede, as agrupacións e a innovación aberta a través dunha especialización intelixente e o apoio á investigación tecnolóxica e aplicada, liñas piloto, accións de validación precoz dos produtos, capacidades de fabricación avanzada e primeira produción, en particular en tecnoloxías facilitadoras esenciais e difusión de tecnoloxías polivalentes |

## 2.A.5. Eixe 1. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados

| | |
|---|---|
| ID do obxectivo específico | 010b1 |
| Título do obxectivo específico | OE.1.2.1. Impulso e promoción de actividades de I+i lideradas polas empresas, apoio á creación e consolidación de empresas innovadoras e apoio á compra pública innovadora. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | O diagnóstico da situación socioeconómica permite observar que o investimento en I+D das empresas é só o 46% do total do investimento, porcentaxe 7 puntos inferior á media nacional. Así mesmo, o número de empresas innovadoras apenas supera as 2.000 (1% do total), e prodúcese ademais unha diminución no seu número respecto a períodos anteriores. Tamén destaca que o persoal dedicado a I+D nas empresas é significativamente reducido, 3.610 persoas equivalentes a tempo completo. Considérase estratéxico apoiar a innovación das empresas co fin de conseguir unha estrutura produtiva máis innovadora, que desenvolva e ofreza ao mercado produtos e servizos de maior valor engadido, que sexan competitivos nos seus mercados de forma permanente.<br>Con este obxectivo preténdese aumentar o investimento en I+D+i en proxectos desenvolvidos por parte do sector privado en Galicia co fin de achegarse á media nacional. Con este obxectivo o cambio que se espera conseguir é incrementar a investigación e innovación no sector privado/empresarial, co fin de conseguir unha estrutura produtiva máis innovadora, que desenvolva e ofreza ao mercado produtos e servizos novos ou de maior valor engadido, que aumenten a súa competitividade e posibilidades de xeración de emprego.<br>Para iso formúlase concentrar accións que fomenten o investimento das empresas en I+D+i no marco da Estratexia galega de especialización intelixente, potenciando a colaboración entre empresas e tamén cos axentes de xeración, difusión e transferencia de coñecemento, co obxectivo de que se poidan abordar proxectos de maior impacto, que favorezan o desenvolvemento de capacidades de absorción de coñecementos nas pemes e a adopción de tecnoloxías facilitadoras esenciais. Tamén se pretenden realizar medidas de atracción do investimento privado para que se desenvolvan en Galicia os produtos ou servizos innovadores obtidos a partir de actuacións de I+D+i apoiadas. Para a mobilización de capital privado formúlase a creación dun fondo orientado a estimular a dispoñibilidade dunha oferta financeira de acordo coas necesidades das pemes e persoas emprendedoras de base tecnolóxica establecidas en Galicia.<br>Para medir o resultado das accións financiadas con axuda da Unión proponse utilizar o seguinte indicador: número de empresas de 10 ou máis traballadores con actividades innovadoras. |

***Cadro 3: Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FEDER e o Fondo de Cohesión)***

| Prioridade de investimento | | 010b1- OE.1.2.1. Impulso e promoción de actividades de I+i lideradas polas empresas, apoio á creación e consolidación de empresas innovadoras e apoio á compra pública innovadora | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **ID** | **Indicador** | **Unidade de medida** | **Categoría de rexión** | **Valor de referencia** | **Ano de referencia** | **Valor previsto [1] (2023)** | **Fonte de datos** | **Frecuencia dos informes** |
| R036A | Empresas (de 10 ou máis traballadores asalariados) que realizan actividades innovadoras | Número | Máis desenvolvidas | 1.092 | 2012 | 1.200 | INE. Enquisa sobre innovación nas empresas | Anual |

(1) Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, os valores previstos poden ser cualitativos ou cuantitativos.

| | |
|---|---|
| ID do obxectivo específico | 010b3 |
| Título do obxectivo específico | OE.1.2.3. Fomento e xeración de coñecemento de fronteira e de coñecemento orientado aos retos da sociedade, desenvolvemento de tecnoloxías emerxentes . |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | A partir do diagnóstico detéctase que a produción científica en revistas de difusión internacional (17,21 documentos por 1.000 habitantes) é inferior á doutras rexións españolas máis desenvolvidas. Por outro parte, a actividade inventiva medida polo número de patentes solicitadas por millón de habitantes é 2 puntos inferior á media estatal en 2012. Ademais, constátase unha atomización de grupos de investigación en universidades e organismos públicos con baixos niveis de colaboración con outros grupos de investigación, tanto nacionais coma internacionais, como con empresas. Non obstante, a existencia dun alto nivel e de bo número de investigadores e persoal de apoio nas universidades e centros de investigación é unha fortaleza que a rexión debe aproveitar.<br>Con este obxectivo específico preténdese contribuír á mellora das capacidades de excelencia en investigación e innovación, ademais de incrementar os fondos externos captados para proxectos de investigación, co fin último de achegarse aos innovadores seguidores.<br>Ademais, co apoio dimanante da execución deste obxectivo espérase aumentar a cantidade e a calidade da produción dos centros de investigación públicos, entre os cales ocupan un lugar destacado as universidades, así como mellorar as taxas de transferencia ao sector privado. O cambio esperado é o aumento e a consolidación da capacidade de xerar e difundir coñecemento e conseguir a excelencia innovadora e investigadora nos centros de investigación e universidades, que actúan como pancas cara á I+i noutros sectores, e avanzar na colaboración con outros grupos de investigación e mellorar a transferencia de coñecemento e cooperación coas empresas.<br>Na Estratexia de especialización intelixente de Galicia recóllese a necesidade de garantir que os organismos públicos de investigación, universidades e centros tecnolóxicos dispoñan de recursos suficientes e os empreguen eficazmente coa finalidade de mellorar a excelencia investigadora e avanzar na transferencia de coñecemento e cooperación coas empresas. Por iso, para alcanzar este obxectivo específico formúlanse actuacións tales como o financiamento da consolidación de centros singulares do Sistema universitario de Galicia sobre a base da calidade dos proxectos que desenvolvan ou o desenvolvemento de proxectos estratéxicos ligados aos centros de investigación públicos.<br>Para medir o resultado das accións financiadas con axuda da Unión proponse utilizar o seguinte indicador: número de participacións en consorcios de proxectos internacionais (H2020), número e tipo de propostas presentadas. |

***Cadro 3: Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FEDER e o Fondo de Cohesión)***

| Prioridade de investimento | | 010b3- OE.1.2.3. Fomento e xeración de coñecemento de fronteira e de coñecemento orientado aos retos da sociedade, desenvolvemento de tecnoloxías emerxentes. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **ID** | **Indicador** | **Unidade de medida** | **Categoría de rexión** | **Valor de referencia** | **Ano de referencia** | Valor previsto [1] (2023) | **Fonte de datos** | **Frecuencia dos informes** |
| R001S | Número de participacións en consorcios de proxectos internacionais (H2020), número e tipo de propostas presentadas | Número | Máis desenvolvidas | 1.550 | 2013 | 2.100 | CDTI (Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial) | Anual |

(1 ) Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, os valores previstos poden ser cualitativos ou cuantitativos.

## 2.A.6. Eixe1. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento (por prioridade de investimento)

### 2.A.6.1. Eixe1. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluíndo, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios

| | |
|---|---|
| **Prioridade de investimento** | 1b - Fomento do investimento por parte das empresas en innovación e investigación, desenvolvemento de vínculos e sinerxías entre as empresas, os centros de investigación e desenvolvemento e o sector do ensino superior, en particular o investimento no desenvolvemento de produtos e servizos, a transferencia de tecnoloxía, a innovación social, a innovación ecolóxica, as aplicacións de servizo público, o estímulo da demanda, a interconexión en rede, as agrupacións e a innovación aberta a través dunha especialización intelixente e o apoio á investigación tecnolóxica e aplicada, liñas piloto, accións de validación precoz dos produtos, capacidades de fabricación avanzada e primeira produción, en particular en tecnoloxías facilitadoras esenciais e difusión de tecnoloxías polivalentes |

Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións:

- **ACTUACIÓNS DE MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DOS SECTORES PRODUTIVOS - PROGRAMA TRANSFORMA TIC - PLAN PEME DIXITAL**. A presente actuación pretende garantir unha incorporación efectiva e continua das TIC nos sectores produtivos de Galicia apostando pola innovación coa finalidade de incrementar a competitividade e a produtividade e asegurar o crecemento sustentable. Esta actuación enmarcásese no programa Transforma TIC, aprobado polo Consello Reitor da Amtega en 2013 e que establece unha política común da Administración autonómica contando cos axentes do sector, coas universidades e co tecido empresarial para mellorar o resultado das actuacións relacionadas co impulso ao desenvolvemento e crecemento do sector TIC en Galicia. O obxectivo da actuación é dinamizar o tecido rexional TIC a través da aplicación de solucións en sectores tradicionais e sectores estratéxicos para Galicia; aumentar a capacidade tecnolóxica das pemes; impulsar a produtividade de todos os sectores produtivos e favorecer o emprego e a xeración de riqueza en Galicia. Así mesmo, fomentaranse iniciativas de implantación das TIC nas pequenas e medianas empresas de Galicia e impulsarase o uso dos servizos TIC por parte de todos os sectores produtivos a través do Centro Demostrador TIC de Galicia.

- **PROXECTOS DE INNOVACIÓN ABERTA PARA SUBMINISTRAR INCENTIVOS Á COOPERACIÓN ENTRE AS EMPRESAS**. O propósito deste instrumento é ofrecer in*centivos* á cooperación entre as empresas, especialmente pemes, pero tamén grandes, incluíndo entre elas as *midcaps*, e os demais axentes do Sistema rexional de innovación, particularmente cos axentes xeradores de coñecemento e con outras empresas, a través do apoio a proxectos de I+D+i orientados ao mercado, dun xeito aliñado cos retos e obxectivos identificados na estratexia RIS3 para Galicia. Estas son áreas en que o coñecemento xerado en Galicia é competitivo no plano internacional e nas cales se procurará que converxan os esforzos de innovación en Galicia. De xeito conxunto, tamén se prevé incentivar a I+D+i desde o lado da demanda de xeito complementario a estas medidas máis tradicionais. Esta acción desenvolverase de xeito coordinado coas actuacións do Estado.

A través desta actuación só se apoiarán proxectos aliñados coas prioridades e obxectivos da RIS3 Galicia.

- **MEDIDAS DE APOIO PARA O DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS TECNOLÓXICOS PARA INCENTIVAR A CREACIÓN DE RELACIÓNS ESTABLES ENTRE AS PEMES GALEGAS E OS AXENTES DE XERACIÓN, DIFUSIÓN E TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO.** O propósito deste instrumento será incentivar a creación de relacións estables entre as pemes galegas e os axentes de xeración, difusión e transferencia de coñecemento, orientadas á prestación de servizos intensivos en coñecemento por parte destes axentes focalizados, na resolución de problemas concretos das pemes, que dificulten a súa capacidade de trasladar ao mercado novos produtos intensivos en coñecemento, ou o melloramento de produtos e procesos existentes. Para tal efecto, este instrumento consistirá na posta á disposición das pemes dun sistema de bonos destinados a financiar a contratación por parte das pemes de servizos tecnolóxicos prestados por parte de axentes de xeración, difusión e transferencia de coñecemento. Tamén se incluirán posibles medidas de apoio para dotar as pemes galegas de competencias no uso e aplicación de estándares internacionais, orientados a facilitar a súa internacionalización e a diversificación da súa carteira de produtos e servizos mediante o acceso a novos mercados vinculados aos obxectivos da estratexia RIS3 (por exemplo o sector aeronaútico).

  A través desta actuación só se apoiarán proxectos aliñados coas prioridades e obxectivos da RIS3 Galicia.

- **DESENVOLVEMENTO DE MEDIDAS DE FOMENTO DA CAPACIDADE DE ABSORCIÓN DAS EMPRESAS DE COÑECEMENTOS ORIENTADOS AO DESENVOLVEMENTO DE NOVOS PRODUTOS OU Á MELLORA DE PRODUTOS EXISTENTES, PROPICIÁNDOLLES ACCESO A ACTIVOS E RECURSOS TANXIBLES E INTANXIBLES**. Esta actuación pretende mellorar a capacidade de innovar das empresas, principalmente pemes, debido a que non contan cos recursos necesarios para a absorción do coñecemento orientado ao desenvolvemento de novos produtos ou procesos ou á mellora dos xa existentes, como a adopción de tecnoloxías facilitadoras esenciais. Financiaranse recursos tanxibles e intanxibles que sexan parte dun proxecto ou proxectos de I+D+i con clara orientación ao mercado e que poden estar incluídos nun plan estratéxico de innovación da empresa.

  A través desta actuación só se apoiarán proxectos aliñados coas prioridades e obxectivos da RIS3 Galicia.

- **MEDIDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS ESTRATÉXICOS PÚBLICO-PRIVADOS: CENTROS MIXTOS DE I+D+i**. A presente actuación diríxese a estimular o investimento privado destinado á atracción de grandes empresas para que leven a cabo en Galicia as súas actividades de I+D a través do desenvolvemento de unidades ou centros de I+D mixtos con axentes locais, ou a través de calquera outra acción que contribúa á consecución do obxectivo xeral do instrumento. Tamén se prevé como parte desta actuación o desenvolvemento de iniciativas colaboradoras plurianuais focalizados nun conxunto limitado de áreas de singularidade estratéxica para o conxunto da rexión, e que exixirán a creación de consorcios estratéxicos rexionais entre universidades, centros xeradores de coñecemento e empresas. Estas iniciativas colaboradoras contribuirán á transformación e diversificación de sectores empresariais cara ás áreas de especialización definidas na estratexia RIS3 de Galicia.

  Este instrumento inclúe dous dos instrumentos indicados no Plan de acción da RIS3 Galicia: os proxectos estratéxicos público-privados e a atracción de centros de desenvolvemento. Considerouse conveniente esta unión polo destacado carácter tractor que debe exercer a grande empresa en ambos os dous casos. Nesta prioridade do PO o fondo está destinado ao financiamento do resto de actividades da actuación á marxe do equipamento para entidades privadas para o desenvolvemento de actividades

de I+D+i pertencente á prioridade 1a. Así mesmo, prevese a realización de calquera outra medida que contribúa á consecución do obxectivo xeral da actuación.

A través desta actuación só se apoiarán proxectos aliñados coas prioridades e obxectivos da RIS3 Galicia.

- **MEDIDAS DE ATRACCIÓN DO INVESTIMENTO PRIVADO PARA A POSTA EN VALOR DA I+D+i EN GALICIA**. Esta actuación ten como obxectivo atraer investimento privado para que se desenvolvan en Galicia os produtos ou servizos innovadores obtidos a partir de actuacións de I+D+i apoiadas baixo este marco de axuda. Inclúese unha serie de medidas enmarcadas no programa Innova en Galicia da RIS3. Entre estas medidas incluiranse tanto proxectos de I+D coma estudos de viabilidade, proxectos de demostración (na medida en que o Marco de axudas estatais a I+D+i o permita) ou calquera outra medida que contribúa á consecución do seu obxectivo. Estas medidas orientadas ás empresas combinaranse, ademais, co apoio á posta en marcha de infraestruturas nos centros públicos de investigación que contribuirán a dar resposta ás necesidades do tecido empresarial e configurar así un marco de axuda completo que inclúa a mellora das capacidades dos axentes galegos xeradores de coñecemento. As medidas non incluirán o apoio á posta en marcha de infraestruturas nos centros públicos de investigación, que pertence á prioridade 1a.

  A través desta actuación só se apoiarán proxectos aliñados coas prioridades e obxectivos da RIS3 Galicia.

- **DESENVOLVEMENTO DE MEDIDAS DE COORDINACIÓN ESTRATÉXICA ENTRE OS FONDOS ESTRUTURAIS E DE INVESTIMENTO EUROPEOS A NIVEL DE GALICIA E H2020, CO OBXECTIVO DE CAPTAR FINANCIAMENTO ADICIONAL**. Desenvolver a coordinación estratéxica entre os fondos estruturais e de investimento europeos a nivel de Galicia (principalmente FEDER) e Horizonte 2020 (H2020) co obxectivo de promover a captación de financiamento adicional. Prevese a posta en práctica, entre outros, dos seguintes modelos de financiamento combinados:
  - Cofinanciar a extensión de actividades dun proxecto de I+D+i cofinanciado con H2020 (preferentemente custos non elixibles no marco de H2020).
  - Cofinanciar proxectos que foron avaliados positivamente por H2020 e non foron financiados.
  - Cofinanciar a extensión de accións específicas de explotación de resultados que realizarán os socios galegos de proxectos de I+D+i financiados no marco de H2020.
  - Cofinanciar as iniciativas **Knowledge and Innovation Communities (KIC**).
  - Dinamizar a participación de axentes galegos nas grandes iniciativas de H2020. Por exemplo: o "European Innovation Partnership (EIP)" de agricultura sustentable, o fomento de iniciativas para a posta en marcha de asociacións público-privadas no ámbito das tecnoloxías estratéxicas, os partenariados público-privados (PPP) ou as iniciativas de programación conxunta (JPI), ou calquera outra iniciativa deste tipo.

  A través desta actuación só se apoiarán proxectos aliñados coas prioridades e obxectivos da RIS3 Galicia.

- **INSTRUMENTOS FINANCEIROS (IF) PARA A MOBILIZACIÓN DE CAPITAL PRIVADO**. O obxectivo principal deste instrumento será a mobilización de capital privado tanto desde o lado da oferta coma da demanda. Para iso prevese a creación dun fondo orientado a estimular a dispoñibilidade dunha oferta financeira de acordo coas necesidades das pemes e empresas emprendedoras de base tecnolóxica radicadas en Galicia. O instrumento promoverá a realización de licitacións dirixidas principalmente ao sector financeiro internacional e, en particular, aos operadores privados especializados na xestión de fondos de capital risco nas etapas de nacemento empresarial, para a creación de fondos públicos e/ou público-privados especializados tematicamente, para ofertar produtos de: capital semente, capital risco, préstamos participativos e avais ás

empresas de base tecnolóxica radicadas en Galicia. Priorizaranse, entre outras, as seguintes liñas de traballo:

- Fondo de risco compartido para aumentar a dispoñibilidade de crédito ás pemes.
- Fondo de capital risco para a creación de empresas intensivas en coñecemento.
- Fondo de capital semente para cubrir as fases do proceso de emprendemento de proxectos de base tecnolóxica previas ao desenvolvemento do plan empresarial e a posta en práctica.

Como elemento diferencial farase especial fincapé en dous factores, principalmente:

- Que algúns dos ditos fondos conten con financiamento do sector privado orientados tematicamente.
- Que os fondos estean xestionados por equipos profesionais especializados, conectados con redes de emprendedores/ás de éxito internacional.

Este instrumento tomará como referencia no seu desenvolvemento as leccións aprendidas da experiencia desenvolvida no período 2007-2013.

A través desta actuación só se apoiarán proxectos aliñados coas prioridades e obxectivos da RIS3 Galicia.

**MEDIDAS DE MELLORA E APOIO OS CENTROS DE INVESTIGACIÓN SINGULARES DO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO:** a presente actuación permite financiar a consolidación dos centros de investigación singulares do Sistema universitario de Galicia (SUG). As universidades son os axentes galegos que mellor compiten internacionalmente en programas de apoio á I+D+i respecto das empresas e centros tecnolóxicos, o que demostra a súa capacidade de xerar e difundir coñecemento. No marco do protagonismo central que se lle concede tanto desde a Comisión Europea na Estratexia Europa 2020 como na Estratexia de especialización intelixente (RIS3), é necesario potenciar un cambio de modelo na estruturación da investigación universitaria co fin de atender os desafíos que debe afrontar o Sistema galego de innovación nos novos programas operativos da Unión Europea. A importancia desta actuación radica en que os centros de investigación singulares do SUG deben identificar aquelas áreas onde é máis factible conseguir a excelencia segundo as capacidades máis relevantes e demandadas de cada campus e en coherencia coa estratexia de especialización.

## 2.A.6.2. Eixe 1. Principios reitores para a selección de operacións

| | |
|---|---|
| **Prioridade de investimento** | 1b - Fomento do investimento por parte das empresas en innovación e investigación, desenvolvemento de vínculos e sinerxías entre as empresas, os centros de investigación e desenvolvemento e o sector do ensino superior, en particular o investimento no desenvolvemento de produtos e servizos, a transferencia de tecnoloxía, a innovación social a innovación ecolóxica, as aplicacións de servizo público, o estímulo da demanda, a interconexión en rede, as agrupacións e a innovación aberta a través dunha especialización intelixente e o apoio á investigación tecnolóxica e aplicada, liñas piloto, accións de validación precoz dos produtos, capacidades de fabricación avanzada e primeira produción, en particular en tecnoloxías facilitadoras esenciais e difusión de tecnoloxías polivalentes. |

De acordo co artigo 125.3.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección de operacións asegurarán a contribución das operacións ao logro dos obxectivos e resultados específicos da prioridade, serán transparentes e non discriminatorios, e terán en conta os principios expostos nos artigos 7 (promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación) e 8 (desenvolvemento sustentable) do mencionado regulamento.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 sobre os ámbitos de intervención do FEDER.

Así mesmo, garantirase que todas as operacións executadas desde o 1 de xaneiro de 2014 ata a aprobación polo comité de seguimento destes criterios de selección estarán en consonancia con eles.

A continuación, e tendo en conta que será o comité de seguimento do programa, tal e como dispón o artigo 110 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, o que examine e aprobe a metodoloxía e os criterios de selección das operacións, descríbese, a título orientativo e sen ánimo de exhaustividade, a tipoloxía de operacións que se propoñerán a cofinanciamento no marco desta prioridade de investimento.

Polo tanto, co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións:

- Accións dirixidas ao aumento dos recursos dispoñibles para os equipos dedicados á I+D+i, tendo en conta tanto as necesidades do sector público coma do sector privado.
- Accións dirixidas ao aumento da cooperación entre os diferentes axentes que forman parte do Sistema rexional de innovación.
- Accións que favorezan a participación do capital privado no Sistema rexional de innovación, reducindo así a dependencia do sector público.
- Accións que apoien a transferencia do coñecemento, vinculando de xeito máis claro os traballos de investigación e desenvolvemento coas necesidades do tecido produtivo.
- Programas de apoio á modernización tecnolóxica daqueles sectores con carencias estruturais en termos tecnolóxicos.
- Outras accións que contribúan ao logro dos obxectivos asociados á prioridade de investimento de referencia.

As accións seleccionadas terán carácter estratéxico para Galicia, tendo en conta as prioridades, obxectivos e áreas de singularidade estratéxica da RIS 3 e o correspondente Plan galego de investigación e innovación que as recolla.

No marco tamén da estratexia de especialización intelixente, buscarase a transformación de sectores industriais de tecnoloxía media ou media-baixa, relevantes na comunidade, como a automoción, o naval ou o téxtil-moda; a modernización a través da aplicación de tecnoloxías de produción emerxentes ou as TIC e a súa diversificación cara a sectores de alta tecnoloxía, como é o caso da aeronáutica, entre outras opcións.

Tamén se seleccionarán actuacións no ámbito do reto 1 da RIS 3 rexional: "Novo modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseado na innovación", relacionados por exemplo coa eco-innovación nos procesos produtivos tradicionais.

Adicionalmente, para as accións vinculadas ás infraestruturas tecnolóxicas, terase en consideración o seu encaixe co mapa de infraestruturas científicas e técnicas singulares ou a folla de ruta do Foro europeo estratéxico de infraestruturas científicas, de forma que respondan ás necesidades do sistema de ciencia, tecnoloxía e innovación.

Ademais, o encaixe noutros marcos europeos como o Horizonte 2020 ou a participación internacional no proxecto pode dar vantaxes na selección. Trátase de que as operacións teñan capacidade de referencia en cada ámbito científico ou de innovación, sen perder de vista os riscos tecnolóxicos e de mercado.

Respectando a concentración dos recursos nas 10 prioridades da RIS3, seleccionaranse actuacións con impacto socioeconómico no territorio, ben por xeración de emprego potencial, por creación de novos nichos, por creación de valor engadido ou por facer fronte a retos comúns tales como o cambio climático ou a escaseza de recursos, entre outros impactos.

Seleccionaranse mediante convocatorias abertas e criterios transparentes, de modo que se reteñan as propostas de maior calidade e se produza unha asignación eficiente de recursos.

**IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Con carácter xeral, a selección de operacións terá en conta o principio establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, promovendo activamente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero nas operacións obxecto de cofinanciamento.

A integración do principio de igualdade nos criterios de selección de operacións farase efectiva mediante a consideración dos seguintes aspectos:

- Os criterios de selección de operacións deseñaranse en concordancia coas fendas de xénero identificadas no diagnóstico, así como cos obxectivos de igualdade do programa. Así, fomentarán que as accións cofinanciadas persigan, de xeito específico ou de modo transversal, a redución das disparidades existentes entre homes e mulleres.
- Nesta liña, os criterios de selección poderán establecer medidas para promover a incorporación da perspectiva de xénero no deseño e na execución das operacións, prever operacións específicas para as mulleres, incorporar o uso de cláusulas de xénero nas subvencións e contratacións públicas e calquera outro criterio proporcional.

Ademais da planificación multifondo seguida na RIS3 Galicia para fomentar as sinerxías entre os diferentes programas de apoio, na actualidade, tras a elaboración da RIS3-Galicia, establécese a súa coordinación coa RIS Galicia-Norte de Portugal, polo que podería establecerse que algunhas das actuacións cofinanciadas no marco do presente programa se executen fóra da zona de programa, sempre no marco da normas recollidas no art. 70 do Regulamento (UE) nº 1303/2013.

## 2.A.6.3. Eixe 1. Uso previsto de instrumentos financeiros

| | |
|---|---|
| **Prioridade de investimento** | 1b - Fomento do investimento por parte das empresas en innovación e investigación, desenvolvemento de vínculos e sinerxías entre as empresas, os centros de investigación e desenvolvemento e o sector do ensino superior, en particular o investimento no desenvolvemento de produtos e servizos, a transferencia de tecnoloxía, a innovación social, a innovación ecolóxica, as aplicacións de servizo público, o estímulo da demanda, a interconexión en rede, as agrupacións e a innovación aberta a través dunha especialización intelixente e o apoio á investigación tecnolóxica e aplicada, liñas piloto, accións de validación precoz dos produtos, capacidades de fabricación avanzada e primeira produción, en particular en tecnoloxías facilitadoras esenciais e difusión de tecnoloxías polivalentes. |
| **Uso previsto de instrumentos financeiros** | Si está previsto o uso de instrumentos financeiros no marco destas accións. |

Con esta actuación e sobre a base de ensinanzas extraídas do anterior período, preténdese mobilizar capital privado tanto desde o lado da oferta como da demanda mediante a creación dun fondo orientado a estimular a dispoñibilidade dunha oferta financeira de acordo coas necesidades das pemes e persoas emprendedoras de base tecnolóxica radicada en Galicia.

O modelo de xestión determinarase en función da análise *ex ante* que se realizará con carácter de diagnóstico e recomendacións para a posta en marcha dos instrumentos financeiros.

## 2.A.6.4. Eixe 1. Uso previsto de grandes proxectos

| | |
|---|---|
| **Prioridade de investimento** | 1 b - Fomento do investimento por parte das empresas en innovación e investigación, desenvolvemento de vínculos e sinerxías entre as empresas, os centros de investigación e desenvolvemento e o sector do ensino superior, en particular o investimento no desenvolvemento de produtos e servizos, a transferencia de tecnoloxía, a innovación social, a innovación ecolóxica, as aplicacións de servizo público, o estímulo da demanda, a interconexión en rede, as agrupacións e a innovación aberta a través dunha especialización intelixente e o apoio á investigación tecnolóxica e aplicada, liñas piloto, accións de validación precoz dos produtos, capacidades de fabricación avanzada e primeira produción, en particular en tecnoloxías facilitadoras esenciais e difusión de tecnoloxías polivalentes. |

Non procede

## 2.A.6.5. Eixe 1. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión

***Cadro 5: Indicadores de produtividade comúns e específicos do programa (por prioridade de investimento, desagregados por categoría de rexión para o FSE e, cando proceda, para o FEDER).***

| Prioridade de investimento | | 1 b- Fomento do investimento por parte das empresas en innovación e investigación, desenvolvemento de vínculos e sinerxías entre as empresas, os centros de investigación e desenvolvemento e o sector do ensino superior, en particular o investimento no desenvolvemento de produtos e servizos, a transferencia de tecnoloxía, a innovación social, a innovación ecolóxica, as aplicacións de servizo público, o estímulo da demanda, a interconexión en rede, as agrupacións e a innovación aberta a través dunha especialización intelixente e o apoio á investigación tecnolóxica e aplicada, liñas piloto, accións de validación precoz dos produtos, capacidades de fabricación avanzada e primeira produción, en particular, en tecnoloxías facilitadoras esenciais e difusión de tecnoloxías polivalentes | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Indicador | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión | Valor previsto (2023) (1) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
| | | | | | H | M | T | | |
| C001 | Número de empresas que reciben axudas | Empresas | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 242 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |
| C029 | Número de empresas subvencionadas para introducir produtos novos para a empresa | Empresas | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 170 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |
| C027 | OE.1.2.1 Investimento privado en paralelo ao apoio público en proxectos de innovación ou I+D | Euros | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 36.194.412 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |
| C027 | OE.1.2.3 Investimento privado en paralelo ao apoio público en proxectos de innovación ou I+D | Euros | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 880.000 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |
| E021 | Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados | Persoas/ano | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 292 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |

( 1 ) No caso do FSE, esta lista inclúe indicadores de produtividade comúns para os cales se fixou un valor previsto. Os valores previstos pódense presentar en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, na maioría dos casos a desagregación por xénero non é pertinente. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

## 2.A.7. Eixe 1. Innovación social, cooperación transnacional e contribución aos obxectivos temáticos 1 a 7

| Eixe prioritario | 01 - EP1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación |
|---|---|
| | |

## 2.A.8. Eixe 1. Marco de rendemento

***Cadro 6: Marco de rendemento do eixe prioritario (por fondo e, para o FEDER e o FSE, categoría de rexión)***[4]

| Prioridade de investimento | 01 - EP1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Tipo de indicador | Identificación | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión | Fito para 2018 (1) | | | Meta final (2023) (2) | | | Fonte de datos | Explicación da pertinencia do indicador, cando proceda |
| | | | | | | H | M | T | H | M | T | | |
| C001 | P | Número de empresas que reciben axudas | Empresas | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 73 | - | - | 170 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | |
| C027 | P | Investimento privado en paralelo ao apoio público en proxectos de innovación ou I+D | Euros | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 3.025.858 | - | - | 8.316.075 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | |
| F02 | F | Importe total do gasto subvencionable anotado no sistema da AC e certificado segundo o art. 126.c do RDC | Euros | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 33.996.711 | - | - | 178.000.000 | Fondos 2020 | |

(1) Os fitos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. «M» = homes, «M» = mulleres, «T»= total.

(2) Os valores previstos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

[4] Cando a IEX se executa como parte dun eixe prioritario, os seus fitos e metas débense distinguir dos demais fitos e metas do eixe prioritario, de conformidade cos actos de execución a que se refire o artigo 22, apartado 7, parágrafo quinto, do Regulamento (UE) nº 1303/2013, ao excluírse da reserva de rendemento os recursos asignados á IEX (asignación específica e axuda correspondente do FSE).

**Información cualitativa adicional sobre o establecemento do marco de rendemento (opcional)**

En liña coa normativa sobre a programación dos fondos estruturais europeos, e especificamente co Regulamento de execución (UE) 215/2014, do 7 de marzo de 2014, elaborouse o marco de rendemento do eixe 1 'Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación'. A súa elaboración desenvolveuse como parte do proceso participativo posto en marcha para o deseño do conxunto do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

O proceso de elaboración do marco de rendemento iníciase a través da identificación dos indicadores de produtividade pertinentes de cada unha das actuacións, no marco de cada obxectivo específico e prioridade de investimento. Foron as entidades xestoras, dentro do seu ámbito de intervención e das actuacións planificadas, as que levaron a cabo a selección dos indicadores. O seu coñecemento das políticas públicas en marcha e da realidade sobre a cal se pretende intervir foron claves neste proceso. Os indicadores establecéronse partindo dunha lista de indicadores comúns e específicos presentada pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas coa finalidade de manter unha lóxica común entre todos os programas operativos FEDER en España.

Despois de identificar estes indicadores e establecido o fito de implementación para o ano 2018 e a meta para o ano 2023, seleccionáronse aqueles indicadores que cumprisen mellor co obxectivo do marco de rendemento: medir o grao de implementación e cumprimento do programa. Nesta parte do proceso, as entidades xestoras desenvolveron tamén un rol clave ao identificar que actuacións e indicadores son os máis adecuados para garantir que o marco de rendemento reflicte de forma adecuada os obxectivos e resultados que se pretende lograr por cada eixe prioritario ou obxectivo temático.

No caso do eixe 1 'Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación', seleccionáronse dous indicadores de produtividade: 'C027 Investimento privado en paralelo ao apoio público en proxectos de innovación ou I+D' e 'C001 Número de empresas que reciben axudas'. A concentración financeira das actuacións seleccionadas ligadas a este indicador supón un 50,7% do total da axuda FEDER, de maneira que se supera o 50% de concentración requirida polo regulamento. Estes indicadores establecéronse para cinco actuacións diferentes.

- O indicador de produtividade: 'C027 Investimento privado en paralelo ao apoio público en proxectos de innovación ou I+D' estableceuse para tres liñas de actuación diferentes. Estas actuacións comportan accións que representan o 39,3% do financiamento do total do eixe prioritario.

- O indicador de produtividade 'C001 Número de empresas que reciben axudas' estableceuse en dúas liñas de actuación, a cal comprende o 11,4% do financiamento total do eixe prioritario.

Respecto á medición do desempeño financeiro (en termos de custo total), seleccionouse o indicador financeiro F02 que establece un total 33.996.711 € para o fito de implementación no ano 2018; e o total do financiamento (178.000.000 €) do eixe prioritario 1 para o dato de meta para o ano 2023.

A táboa de marco de rendemento mostra a información relativa aos indicadores seleccionados no marco do eixe prioritario 1.

## 2.A.9. Eixe 1. Categorías de intervención

***Cadros 7 a 11: Categorías de intervención*[5]**

***Cadro 7: Dimensión 1. Ámbito de intervención.***

| Obxectivo temático | 01 - EP1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación | | |
|---|---|---|---|
| Fondo | Categoría de rexión | Código | Importe € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 002 Procesos de investigación e innovación nas grandes empresas | 14.772.500,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 056 Investimento en infraestruturas, capacidades e equipo nas pemes directamente vinculadas con actividades de investigación e innovación | 400.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 057 Investimento en infraestruturas, capacidades e equipo en grandes empresas directamente vinculadas con actividades de investigación e innovación | 2.175.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 058 Infraestruturas de investigación e innovación (públicas) | 1.400.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 059 Infraestruturas de investigación e innovación (privadas, incluídos parques científicos) | 7.300.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 060 Actividades de investigación e innovación en centros de investigación públicos e centros de competencia, incluíndo a interconexión en rede | 26.000.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 061 Actividades de investigación e innovación en centros de investigación privados, incluíndo a interconexión en rede | 3.200.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 064 Procesos de investigación e innovación nas pemes (incluíndo sistemas de vales, procesos, deseño, servizos e innovación social) | 83.152.500,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 082 Servizos e aplicacións das TIC para as pemes (incluídos os negocios e o comercio electrónico e os procesos empresariais en rede), laboratorios viventes, ciberemprendedores e empresas emerxentes baseadas en TIC) | 4.000.000,00 € |

[5] Os importes inclúen o total da axuda da Unión (a asignación principal e a asignación procedente da reserva de rendemento).

***Cadro 8: Dimensión 2. Forma de financiamento.***

| Obxectivo temático | 01 - EP1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación | | |
|---|---|---|---|
| Fondo | Categoría de rexión | Código | Importe € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 01 Subvención non reembolsable | 121.250.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 02 Subvención reembolsable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 03 Apoio mediante instrumentos financeiros: capital risco, participacións ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 04 Apoio mediante instrumentos financeiros: préstamos ou equivalentes | 21.150.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 05 Apoio mediante instrumentos financeiros: avais ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 06 Apoio mediante instrumentos financeiros: bonificacións de xuros, subvencións de comisións de garantía, apoio técnico ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 07 Primas | 0,00 € |

***Cadro 9: Dimensión 3. Tipo de territorio***

| Obxectivo temático | 01 - EP1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación | | |
|---|---|---|---|
| Fondo | Categoría de rexión | Código | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 01 Grandes zonas urbanas (densamente poboadas >50.000) | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 02 Pequenas zonas urbanas (medianamente poboadas >5.000) | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 03 Zonas rurais (pouco poboadas) | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 04 Zonas de cooperación interrexional | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 05 Cooperación entre zonas de programas nacionais ou rexionais nun contexto nacional | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 06 Cooperación transnacional do FSE | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 07 Non procede | 142.400.000,00 € |

***Cadro 10: Dimensión 4. Mecanismos de aplicación territorial***

| Obxectivo temático | 01 - EP1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación | | |
|---|---|---|---|
| Fondo | Categoría de rexión | Código | Importe € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 01 Investimento territorial integrado: urbano | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 02 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento urbano sustentable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 03 Investimento territorial integrado: non urbano | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 04 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento rural sustentable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 05 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento urbano ou rural sustentable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 06 Iniciativas de desenvolvemento local a cargo das comunidades locais | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 07 Non procede | 142.400.000,00 € |

***Cadro 11: Dimensión 6. Tema secundario do FSE (só FSE)***

| Obxectivo temático | 01 - EP1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación | | |
|---|---|---|---|
| Fondo | Categoría de rexión | Código | Importe € |
| | | | |

## 2.A.10. Eixe 1. Resumo do uso previsto da asistencia técnica, incluídas, se é o caso, as accións destinadas a reforzar a capacidade administrativa das autoridades que participan na xestión e no control dos programas e beneficiarios (por eixe prioritario)

| Obxectivo temático | **01 - EP1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación** |
|---|---|
| | |

## 2.A.1 Eixe prioritario 2

| Identificación do eixe prioritario | 02 |
|---|---|
| Título do eixe prioritario | EP2. Mellorar o uso e a calidade das tecnoloxías da información e da comunicación e o acceso a estas. |

| | |
|---|---|
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase unicamente con instrumentos financeiros | *Non procede* |
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase unicamente con instrumentos financeiros establecidos a nivel da Unión | *Non procede* |
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase con desenvolvemento local participativo | *Non procede* |
| ☐ No caso do FSE: a totalidade do eixe prioritario está dedicada á innovación social, á cooperación transnacional ou a ambas as dúas | *Non procede* |

O impulso das TIC como tecnoloxía facilitadora e como propio sector de futuro dentro da economía do coñecemento en Galicia identifícase como unha prioridade na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) dentro do reto de establecer un novo modelo industrial baseado sustentado na competitividade e no coñecemento. Na RIS3 especifícase que a aplicación das TIC vai ser un elemento transversal a todos os retos da estratexia e a todos os sectores, considerándose especialmente destacables en relación coa modernización do sector servizos (transporte, sanidade e servizos sociais, turismo, e-Administración, etcétera).

Ademais, de forma complementaria prográmase no eixe prioritario 1 a liña de actuación *Transforma TIC*, que ten como obxectivo dinamizar o tecido rexional TIC a través da aplicación de solucións innovadoras en sectores tradicionais e sectores estratéxicos para Galicia, para mellorar a competitividade e a capacidade de innovación de todos os sectores produtivos, favorecer o emprego e a xeración de riqueza en Galicia.

Por outra parte, ademais da propia coordinación na programación (orientada na SETSI cara ás actuacións en banda larga e a economía dixital, e na Comunidade Autónoma de Galicia cara aos servizos públicos dixitais, as TIC como tecnoloxías facilitadoras e o e-goberno) e doutros mecanismos que xa veñen sendo usados na aplicación operativa dos programas estado como a Conferencia sectorial de telecomunicacións e sociedade da información ou a sinatura de convenios de colaboración onde se fixan os obxectivos, repartición de responsabilidades, execución e seguimento das actuacións, desenvolverase un acordo de intencións entre a Axencia de modernización tecnolóxica de Galicia e a SETSI e outros axentes intervenientes na xestión deste OT para coordinar as actuacións que se vaian desenvolver durante o período de programación 2014-2020 dentro do obxectivo temático 2.

Este acordo, que contará coa participación da AXE, as CC.AA., Icex e cámaras de comercio, permitirá establecer un mecanismo de coordinación fixo e estable a aquelas áreas e CC.AA. nas cales poidan concorrer actuacións de similar natureza por parte de máis dun dos asinantes. Este acordo de intencións estará en vigor durante todo o período de programación e formalizará o mecanismo de coordinación común entre os axentes encargados da execución das actuacións, a subscrición de convenios bilaterais de colaboración coas administracións competentes ou outros organismos, nas áreas temáticas en que se vai implementar o obxectivo temático 2, independentemente de que se executen directamente ou mediante convocatoria de axudas ou outros.

Por outra parte, a coordinación neste obxectivo temático entre FEDER e Feader levarase a cabo a través do Comité de Coordinación de Fondos e a Rede Rural Nacional.

No ámbito do obxectivo temático 2 teranse en conta as orientacións da Comisión sobre sinerxías e interoperabilidade coas plataformas de servizos dixitais do mecanismo «Conectar Europa» incluídas na guía "Enabling synergies between European Structural and Investment Funds, Horizon 2020 and other research, innovation and competitiveness-related Union programmes", dispoñible en:

http://ec.europa.eu/regional_policy/sources/docgener/guides/synergy/synergies_en.pdf

## 2.A.2. Eixe 2. Xustificación do establecemento dun eixe prioritario que abranga máis dunha categoría de rexión, obxectivo temático ou fondo

[Non procede]

## 2.A.3. Eixe 2. Fondo, categoría de rexión e base de cálculo da axuda da Unión

| Fondo | Categoría de rexión | Base de cálculo (gasto total subvencionable ou gasto público subvencionable) | Categoría de rexión para as rexións ultraperiféricas e as rexións escasamente poboadas do norte |
|---|---|---|---|
| FEDER | Máis desenvolvidas | Público | |

## 2.A.4. Eixe 2. Prioridade de investimento 2c

| | |
|---|---|
| ID Prioridade de investimento | 2c |
| Título da prioridade de investimento | Reforzo das aplicacións das TIC para a Administración electrónica, a aprendizaxe electrónica, a inclusión electrónica, a cultura electrónica e a sanidade electrónica. |

## 2.A.5. Eixe 2. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados

| | |
|---|---|
| ID do obxectivo específico | 020c1 |
| Título do obxectivo específico | OE.2.3.1.Promover os servizos públicos dixitais, a alfabetización dixital, e-aprendizaxe, e-inclusión e e-saúde. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | Galicia, no ámbito das TIC dos fogares, está por debaixo da media de España e da media da UE-27 (no acceso á internet 5 e 10 puntos, respectivamente). No caso das empresas e utilizando como indicador dispoñer de páxina web, que mostra unha actitude máis activa para aproveitar os beneficios da sociedade da información, a diferenza entre as empresas galegas e as da UE-27 situouse nos 11,6 puntos porcentuais en contraste coa media nacional, que si mostrou certa converxencia neste indicador coa UE-27. Neste aspecto é fundamental o papel destas tecnoloxías como mecanismo facilitador da innovación e o desenvolvemento e o peso das administracións na implantación das TIC e da sociedade da información na nosa Comunidade.<br>A finalidade da programación neste obxectivo específico é maximizar o potencial social e económico das tecnoloxías da información e comunicación como peza clave que axude a modernizar o tecido económico galego. Os principais investimentos realizaranse en e-educación e e-sanidade. En educación, as TIC teñen un impacto directo sobre a poboación en idade escolar e, pola súa vez, indirecto sobre a capacitación dixital das |

| | |
|---|---|
| | familias, os futuros profesionais e, por extensión, no sector empresarial. Actualmente, en Galicia hai 51.000 alumnos e alumnas de ensino primario e secundario con acceso a servizos electrónicos de educación e espérase que para 2023 cheguen a 115.000 alumnos. En sanidade o reto destes próximos anos será implantar tecnoloxía e sistemas de información innovadores que proporcionen á poboación o acceso a unha mellor xestión das patoloxías crónicas mediante TIC que posibiliten a reorganización dos recursos sanitarios para atender a poboación neste novo modelo de servizos. O despregamento destas novas plataformas tecnolóxicas tamén supoñerá un soporte sobre o cal articular unha rede para o diagnóstico. Terase acceso a todo tipo de aplicacións de diagnóstico asistido por ordenador e tamén supoñerá a universalización das modalidades de teleasistencia, creando unha rede de especialistas facilmente localizables e coa capacidade de diagnosticar a través de dispositivos fixos e móbiles desde calquera lugar, onde terán sempre accesible toda a información clínica que sexa necesaria.<br>Ademais, desenvolveranse aplicacións das TIC en ámbitos da Administración pública como servizos sociais, patrimonio cultural e modernización tecnolóxica do turismo, territorio e infraestruturas. Galicia aposta pola modernización tecnolóxica dos servizos públicos mediante proxectos vinculados á Administración electrónica que funcionarán como elemento tractor do sector privado e redundarán na mellora da competitividade e na redución da fenda dixital autonómica.<br>Posto que os ámbitos máis significativos dentro deste obxectivo específico son a e-educación e a e-sanidade, os indicadores propostos para medir estes resultados son: poboación escolar cuberta polos servizos públicos rexionais electrónicos educativos (e-educación) e número de urxencias por cada 1.000 habitantes en pacientes pluripatolóxicos ao ano. |

***Cadro 3: Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FEDER e o Fondo de Cohesión)***

| Obxectivo específico | | 020 c 1 - OE.2.3.1. Promover os servizos públicos dixitais, a alfabetización dixital, e-aprendizaxe, e-inclusión e e-saúde | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Indicador | Unidade de medida | Categoría de rexión | Valor de referencia | Ano de referencia | Valor previsto [1] (2023) | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
| R021B | Poboación escolar cuberta polos servizos públicos rexionais electrónicos educativos (e-educación) | Porcentaxe | Máis desenvolvidas | 20 | 2014 | 50 | Xunta de Galicia. Datos e cifras do ensino non universitario<br>Xunta de Galicia. Amtega. Centros educativos e alumnos participantes en programas de transformación do proceso educativo mediante o uso de tecnoloxía na aula | Anual |
| R231G | Urxencias por 1.000 habitantes en pacientes pluripatolóxicos ao ano | Tanto por mil | Máis desenvolvidas | 1.950 | 2013 | 1.755 | Base de datos de urxencias dos hospitais do Sergas, base de datos da historia clínica electrónica e base de datos de poboación do Sergas. | Anual |

(1 ) Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, os valores previstos poden ser cualitativos ou cuantitativos.

| ID do obxectivo específico | 020c2 |
|---|---|
| Título do obxectivo específico | OE.2.3.2.Reforzar a e-goberno, e-cultura e a confianza no ámbito dixital. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | En liña co establecido na Axenda Dixital de Galicia, a Administración galega ten o obxectivo de poñer á disposición da cidadanía e das empresas mecanismos de información, interlocución e contidos e servizos públicos dixitais avanzados que respondan ás necesidades de modernización tecnolóxica e transparencia que se lle exixen. As estatísticas dispoñibles indican que a interacción coa Administración pública por parte da empresas para a presentación de impresos é baixa (dous terzos das empresas), que presentar documentación é 5 puntos porcentuais menor que o das empresas españolas, e que o nivel de uso da e-Administración polos cidadáns en Galicia, a pesar de ser similar á media española, é de soamente un terzo da poboación en canto ao envío de formularios cubertos.<br>O cambio buscado neste ámbito é a consolidación do e-Goberno e a incorporación das TIC e da novas posibilidades de xestión que estas ofrecen á Administración pública de cara a facilitar e facer máis eficientes as relacións coa cidadanía e coas empresas, así como a xeneralización do uso desta canle por parte das empresas e familias na súa interacción coa Administración.<br>Para iso, avanzarase na integración de servizos públicos dixitais baseados en criterios de igualdade no acceso, accesibilidade, seguridade, transparencia e participación cidadá, asumindo o reto da interoperabilidade. Ademais, apostarase pola promoción da transparencia, a accesibilidade e a reutilización da información da Administración pública, así como pola presenza desta na internet. Ademais, desenvolveranse medidas no ámbito da e-xustiza, coa creación do expediente xudicial electrónico coa finalidade de mellorar a accesibilidade á información e reducir o uso do papel; a adaptación do sistema de rexistro e tramitación procesual ás necesidades da Administración de xustiza de Galicia e o desenvolvemento de servizos dirixidos á cidadanía.<br>O indicador que medirá o avance será a porcentaxe de persoas que interactuaron coa Administración pola internet para obter información no último ano. |

***Cadro 3: Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FEDER e o Fondo de Cohesión)***

| Obxectivo específico | | 020c1 - OE.2.3.2. Reforzar o e-goberno, e-cultura e a confianza no ámbito dixital | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Indicador | Unidade de medida | Categoría de rexión | Valor de referencia | Ano de referencia | Valor previsto [1] (2023) | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
| R232G | Persoas (16-74 anos) que interactuaron coa Administración pola internet para obter información no último ano sobre o total da poboación dese grupo de idade | % | Máis desenvolvidas | 47,8 | 2013 | 75,0 | INE: enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías de información e comunicación nos fogares.<br>IGE Proxeccións de poboación a curto prazo. | Anual |

(1 ) Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, os valores previstos poden ser cualitativos ou cuantitativos.

## 2.A.6. Eixe 2. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento (por prioridade de investimento)

### 2.A.6.1. Eixe 2. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluíndo, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios

| Prioridade de investimento | 2c - O reforzo das aplicacións das tecnoloxías da información e da comunicación para a Administración electrónica, a aprendizaxe electrónica, a inclusión electrónica, a cultura electrónica e a sanidade electrónica |
|---|---|

As actuacións que se presentan a continuación responden a unha priorización previa establecida nunha estratexia perfectamente definida na Axenda Dixital de Galicia e completamente aliñadas coa Axenda Dixital de España e a Axenda Dixital de Europa. En 2010 púxose en marcha a primeira fase da Axenda Dixital cun horizonte temporal 2010-2014, de cara ao novo período, en 2013 aprobouse a Estratexia galega de crecemento dixital, aliñada coa Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia, que establece o marco de referencia da política tecnolóxica do Goberno autonómico e, polo tanto, para a segunda fase da Axenda Dixital ata o 2020.

Apóstase por proxectos fóra do ámbito tradicional, cun valor competitivo diferencial e cun impacto económico relevante.

Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións:

- **PLAN PARA O FOMENTO DA EDUCACIÓN DIXITAL.** O obxectivo desta actuación é a sustentabilidade e continuidade da transformación do sistema educativo de Galicia no marco do proxecto Abalar, enfocado á integración plena das TIC na práctica educativa de Galicia como catalizador da inclusión dixital na sociedade galega. Neste sentido, promoveranse as seguintes accións, entre outras:
    - Incorporar medios innovadores para aproximar o alumnado ás TIC.
    - Dotar o sistema educativo dos medios tecnolóxicos específicos para atender a diversidade do alumnado e as necesidades educativas especiais.
    - Promover a transición efectiva a un novo modelo no cal o texto impreso non é o principal vehículo de aprendizaxe e ponse á disposición da comunidade escolar das TIC a través de:
        - Un contorno tecnolóxico completamente funcional para que o profesorado e alumnado desenvolvan a súa actividade educativa a través das novas modalidades de aprendizaxe.
        - Unha infraestrutura tecnolóxica necesaria para dotar o alumnado e os docentes da capacidade de compra e acceso a unha ampla gama de contidos educativos dixitais.
        - Un conxunto de contidos educativos dixitais que, mediante tecnoloxías innovadoras como a realidade aumentada, os videoxogos ou mundos virtuais, acheguen o alumnado ao coñecemento e ao traballo participativo.

- **MEDIDAS DESTINADAS AO REFORZO DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS: SANIDADE DIXITAL INTEGRAL DE GALICIA.** Esta actuación diríxese a conseguir en Galicia unha sanidade totalmente dixital, integrada no contorno sociosanitario e o fogar do paciente. Implantaranse a tecnoloxía e os sistemas de información innovadores que lle proporcionen á poboación o acceso a unha mellor xestión das patoloxías crónicas mediante a incorporación plena das TIC e unha mellor reorganización dos recursos sanitarios para atender a poboación neste novo modelo de servizos. A actuación é continuación das emprendidas no anterior período 2007-2013 e ten por obxectivo final mellorar a calidade de vida da cidadanía promovendo un envellecemento máis activo e saudable.

- **PLAN DE DESENVOLVEMENTO DE ADMINISTRACIÓN E GOBERNO ELECTRÓNICOS**. Establecer canles telemáticas de relación cos cidadáns e coas empresas que permitan a xestión integral, reducindo tempos de tramitación e desprazamentos e avanzando cara a unha estratexia de goberno aberto e completamente interoperable.
    - Completar a dixitalización dos servizos públicos eliminando o papel nas tramitacións administrativas con cidadáns e empresas.
    - Establecer mecanismos que favorezan a transparencia e o goberno aberto, así como a potenciación da internet como ferramenta de relación con cidadáns.
    - Incorporar novos servizos avanzados que dean resposta ás continuas demandas da sociedade.
    - Dinamizar e potenciar a demanda dos servizos públicos facilitando o seu uso por parte da cidadanía e das empresas.

- **PLAN E-XUSTIZA**. O obxectivo desta actuación é a incorporación definitiva das TIC na Administración de xustiza de Galicia a través das seguintes accións:
    - A creación do expediente xudicial electrónico coa finalidade de mellorar a accesibilidade á información e reducir o uso do papel.
    - A adaptación do sistema de rexistro e tramitación procesual ás necesidades específicas da Administración de xustiza de Galicia, mellorando a súa eficiencia na xestión.
    - O desenvolvemento de servizos dirixidos á cidadanía e a colectivos de profesionais en Galicia a través da sede electrónica.

  En 2020, o 100% dos órganos xudiciais (260) estarán cubertos polo expediente electrónico xudicial. Desenvolverase un sistema integral de xestión procesual que integre os sistemas dos diferentes axentes que interveñen neste ámbito, garantindo a interoperabilidade co conxunto de solucións tecnolóxicas que existen actualmente, tanto a nivel autonómico coma estatal.

  Toda intervención no ámbito da xustiza electrónica deberá garantir a compatibilidade e a interoperabilidade cos restantes sistemas e aplicacións empregados en España pola Administración de xustiza. O desenvolvemento de accións neste ámbito debe levarse a cabo conforme as indicacións establecidas polo Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial electrónica e en plena colaboración con este.

- **PLAN DE MODERNIZACIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS**. O obxectivo da actuación é aumentar a capacidade asistencial establecendo modelos de teleasistencia e servizos no fogar, que favorecerán a atención dos cidadáns, reducindo deste xeito os ingresos e estadías hospitalarias. Ademais, a actuación persegue desenvolver servizos dirixidos a mellorar a cobertura e calidade da atención sociosanitaria. Para iso, entre outras medidas, crearase unha plataforma tecnolóxica integrada que favoreza a xestión dos centros asistenciais.

- **PLAN PARA A CALIDADE E SEGURIDADE DE INFRAESTRUTURAS CRÍTICAS**. Co obxectivo de mellorar a infraestrutura TIC para poder responder de forma centralizada ás necesidades tecnolóxicas e de plataformas vinculadas ao resto de actuacións de forma segura e eficiente.

  As melloras non só se concentrarán en obter unha maior capacidade, senón tamén en dotar de medidas de seguridade e de garantía para a continuidade do funcionamento dos sistemas críticos para o resto de actuacións. A estratexia de concentración de recursos permitirá un aforro de custos grazas ao uso de infraestruturas comúns e facilitará o acceso a sistemas seguros.

- **PLAN PARA A XESTIÓN DIXITAL DO PATRIMONIO CULTURAL E MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DO TURISMO**. Fomentarase a aplicación das tecnoloxías da información e da comunicación para a posta en valor dos activos patrimoniais culturais e a modernización do sector turístico e das industrias culturais galegas para conseguir un sector competitivo a nivel europeo baseado no turismo cultural e nos recursos naturais. Articularase ao redor dos seguintes ámbitos de actuación:
    - Posta en valor dos activos do patrimonio e bens culturais a través da aplicación das TIC para a súa catalogación, dixitalización e difusión como elemento tractor da dinamización económica e turística.

- Aplicación das TIC para a súa contribución na modernización e incremento da competitividade do sector turístico e favorecer as relacións entre os diferentes axentes, desenvolvendo sistemas para a xestión intelixente da oferta e demanda turísticas, de ler, cultura e patrimonio.
- Desenvolvemento do proxecto Galicia destino intelixente, Smart Turismo, dirixido a situar Galicia na vangarda como destino e experiencia intelixente grazas ao emprego das máis innovadoras ferramentas de base tecnolóxica nos servizos turísticos.

- **PLAN PARA A MODERNIZACIÓN DA XESTIÓN TERRITORIAL.** Avanzarase cara á xestión intelixente do territorio, establecendo mecanismos que permitan a xestión das infraestruturas que dan soporte aos servizos básicos prestados a cidadáns e empresas.
  - No marco desta actuación desenvolverase un sistema galego de información ambiental, integrado, escalable e con capacidades de interconexión e interoperabilidade con outros sistemas de información estatais e europeos. Permitirá a rastrexabilidade e xestión dos residuos. Por outra parte, desenvolverase un sistema público integral de xestión do transporte público de viaxeiros de Galicia a través da posta en marcha do Centro Operativo de Mobilidade.
  - Todos estes sistemas se integrarán cun sistema único de información xeográfico territorial que facilitará información en tempo real dos axentes sociais e da cidadanía.

- **MEDIDAS DESTINADAS AO REFORZO DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS: FACENDA DIXITAL**. A través da incorporación das TIC, a presente actuación ten como obxectivo incrementar a eficacia e eficiencia dos procesos da Administración de facenda orientados a impulsar a relación coa cidadanía e coas empresas.

## 2.A.6.2. Eixe 2. Principios reitores para a selección de operacións

| | |
|---|---|
| Prioridade de investimento | 2c - O investimento en infraestruturas sociais e sanitarias que contribúan ao desenvolvemento nacional, rexional e local e reduzan as desigualdades sanitarias, e o fomento da inclusión social mediante unha mellora do acceso aos servizos sociais, culturais e recreativos e a transición dos servizos institucionais aos servizos locais |

De acordo co artigo 125.3.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección de operacións asegurarán a contribución das operacións ao logro dos obxectivos e resultados específicos da prioridade, serán transparentes e non discriminatorios, e terán en conta os principios expostos nos artigos 7 (promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación) e 8 (desenvolvemento sustentable) do mencionado regulamento.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 sobre os ámbitos de intervención do FEDER.

Así mesmo, garantirase que todas as operacións executadas desde o 1 de xaneiro de 2014 ata a aprobación polo comité de seguimento destes criterios de selección estarán en consonancia con eles.

A continuación, e tendo en conta que será o comité de seguimento do programa, tal e como dispón o artigo 110 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, o que examine e aprobe a metodoloxía e os criterios de selección das operacións, descríbense a título orientativo e sen ánimo de exhaustividade a tipoloxía de operacións que se propoñerán a cofinanciamento no marco desta prioridade de investimento.

- Financiaranse actuacións que:
  - Presenten un impacto económico elevado.
  - Teñan carácter estratéxico para a Comunidade Autónoma de Galicia, en liña cos obxectivos identificados na Axenda Dixital de Galicia, así como coas tecnoloxías facilitadoras esenciais que permitirán dirixirse aos mercados de focalización definidos na Estratexia rexional de especialización intelixente (RIS3). Tamén se considerarán outros marcos estratéxicos de interese como a Axenda

Dixital europea.
- Fomenten a interoperabilidade.
- Estean aliñadas coa Axenda Dixital de Galicia. A segunda fase da Axenda Dixital de Galicia Horizonte 2020 está actualmente en proceso de participación pública, e está prevista a súa aprobación no primeiro trimestre de 2015.
- Consigan maior impacto sobre o conxunto dos cidadáns.

Estas accións contribuirán a potenciar unha transformación para aumentar a actividade económica, asentando en Galicia unhas bases sólidas na senda da economía do coñecemento. Buscarase que fomenten a creación, o intercambio e a difusión do coñecemento, impulsando a produtividade e a capacidade innovadora para, eventualmente, xerar emprego e obter retornos económicos.

**IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Con carácter xeral, a selección de operacións terá en conta o principio establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, promovendo activamente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero nas operacións obxecto de cofinanciamento.

A integración do principio de igualdade nos criterios de selección de operacións farase efectiva mediante a consideración dos seguintes aspectos:

- Os criterios de selección de operacións deseñaranse en concordancia coas fendas de xénero identificadas no diagnóstico, así como cos obxectivos de igualdade do programa. Así, fomentarán que as accións cofinanciadas persigan, de xeito específico ou de modo transversal, a redución das disparidades existentes entre homes e mulleres.
- Nesta liña, os criterios de selección poderán establecer medidas para promover a incorporación da perspectiva de xénero no deseño e na execución das operacións, considerar operacións específicas para as mulleres, incorporar o uso de cláusulas de xénero nas subvencións e contratacións públicas, e calquera outro criterio proporcional.

## 2.A.6.3. Eixe 2. Uso previsto de instrumentos financeiros

| Prioridade de investimento | 2c - Reforzo das aplicacións das TIC para a Administración electrónica, a aprendizaxe electrónica, a inclusión electrónica, a cultura electrónica e a sanidade electrónica |
|---|---|
| Non procede | |

## 2.A.6.4. Eixe 2. Uso previsto de grandes proxectos

| Prioridade de investimento | 2c - Reforzo das aplicacións das TIC para a Administración electrónica, a aprendizaxe electrónica, a inclusión electrónica, a cultura electrónica e a sanidade electrónica |
|---|---|
| Non procede | |

## 2.A.6.5. Eixe 2. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión

***Cadro 5: Indicadores de produtividade comúns e específicos do programa (por prioridade de investimento, desagregados por categoría de rexión para o FSE e, cando proceda, para o FEDER*).**

| Prioridade de investimento | | 2c - Reforzo das aplicacións das TIC para a Administración electrónica, a aprendizaxe electrónica, a inclusión electrónica, a cultura electrónica e a sanidade electrónica | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Indicador | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión | Target value (2023) (1) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
| | | | | | H | M | T | | |
| E015 | Poboación escolar que está cuberta polos servizos públicos electrónicos educativos | Persoas | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 115.000 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |
| E016A | Número de usuarios que están cubiertos por un determinado servicio público electrónico | Usuarios | FEDER | Más desarrolladas | - | - | 532.000 | Datos obtenidos a partir de las actuaciones apoyadas | Anual |
| E019 | Poboación beneficiada por servizos dixitais de xestió,n patoloxías crónicas ou outros servizos específicos na área de e-saúde | Poboación | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 653.495 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |
| E024 | Número de usuarios que teñen acceso ou cubertos polas aplicacións/servizos de Administración electrónica | Usuarios | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 45.525 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Semestral / Anual |
| E051 | Número de usuarios de la aplicación/servicio público digital, de alfabetización digital, de e-aprendizaje o de e-inclusión | Número | FEDER | Más desarrolladas | - | - | 183.000 | Datos obtenidos a partir de las actuaciones apoyadas | Anual |
| E017 | Órganos xudiciais cubertos polo expediente xudicial electrónico | Número | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 260 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |

(1) No caso do FSE, esta lista inclúe indicadores de produtividade comúns para os cales se fixou un valor previsto. Os valores previstos pódense presentar en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, na maioría dos casos a desagregación por xénero non é pertinente. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

## 2.A.7. Eixe 2. Innovación social, cooperación transnacional e contribución aos obxectivos temáticos 1 a 7

| Eixe prioritario | 02 - EP2. Mellorar o uso e a calidade das tecnoloxías da información e da comunicación e o acceso a estas |
|---|---|
| | |

## 2.A.8. Eixe 2. Marco de rendemento

***Cadro 6: Marco de rendemento do eixe prioritario (por Fondo e, para o FEDER e o FSE, categoría de rexión)***[6]

| Eixe prioritario | 02 - EP2. Mellorar o uso e calidade das tecnoloxías da información e da comunicación e o acceso a estas | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Tipo indicador | Identificación | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión | Fito a 2018 (1) | | | Meta final (2023) (2) | | | Fonte de datos | Explicación da pertinencia do indicador |
| | | | | | | H | M | T | H | M | T | | |
| E015 | P | Poboación escolar que está cuberta polos servizos públicos electrónicos educativos | Persoas | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 90.000 | - | - | 115.000 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | |
| E024 | P | Número de usuarios que teñen acceso ou cubertos polas aplicacións/servizos de Administración electrónica | Usuarios | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 17.775 | - | - | 45.525 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | |
| F02 | F | Importe total do gasto subvencionable anotado no sistema da AC e certificado segundo o art. 126.c do RDC | Euros | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 62.745.833 | - | - | 175.875.000 | Fondos 2020 | |

(1) Os fitos pódense presentar en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. «M» = homes, «M» = mulleres, «T»= total.
(2) Os valores previstos pódense presentar en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

[6] Cando a IEX se executa como parte dun eixe prioritario, os seus fitos e metas débense distinguir dos demais fitos e metas do eixe prioritario, de conformidade cos actos de execución a que se refire o artigo 22, apartado 7, parágrafo quinto, do Regulamento (UE) nº 1303/2013, ao excluírse da reserva de rendemento os recursos asignados á IEX (asignación específica e axuda correspondente do FSE).

### Información cualitativa adicional sobre o establecemento do marco de rendemento (opcional)

En liña coa normativa sobre a programación dos fondos estruturais europeos, e especificamente co Regulamento de execución (UE) 215/2014, do 7 de marzo de 2014, elaborouse o marco de rendemento do eixe 2 'Mellorar o uso e calidade das TIC e o acceso a elas'. A súa elaboración desenvolveuse como parte do proceso participativo posto en marcha para o deseño do conxunto do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

O proceso de elaboración do marco de rendemento iníciase a través da identificación dos indicadores de produtividade pertinentes de cada unha das actuacións, no marco de cada obxectivo específico e prioridade de investimento. Foron as entidades xestoras, dentro do seu ámbito de intervención e das actuacións planificadas, as que levaron a cabo a selección dos indicadores. O seu coñecemento das políticas públicas en marcha e da realidade sobre a cal se pretende intervir foron claves neste proceso. Os indicadores establecéronse partindo dunha lista de indicadores comúns e específicos presentada pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas coa finalidade de manter unha lóxica común entre todos os programas operativos FEDER en España.

Despois de identificar estes indicadores e establecer o fito de implementación para o ano 2018 e a meta para o ano 2023, seleccionáronse aqueles indicadores que cumprisen mellor co obxectivo do marco de rendemento: medir o grao de implementación e cumprimento do programa. Nesta parte do proceso, as entidades xestoras desenvolveron tamén un rol clave ao identificar que actuacións e indicadores son os máis adecuados para garantir que o marco de rendemento reflicte de forma adecuada os obxectivos e resultados que se pretenden lograr por cada eixe prioritario ou obxectivo temático.

No caso do eixe 2 'Mellorar o uso e calidade das TIC e o acceso a elas' seleccionáronse dous indicadores de produtividade: 'E024. Número de usuarios que teñen acceso ou cubertos polas aplicacións/servizos de Administración electrónica'; e o 'E015. Poboación escolar que está cuberta polos servizos públicos electrónicos educativos'. A concentración financeira das actuacións seleccionadas ligadas a estes dous indicadores supón un 51,9% do total da axuda FEDER, de maneira que se supera o 50% de concentración requirida polo regulamento.

- O indicador de produtividade 'E024.Número de usuarios que teñen acceso ou cubertos polas aplicacións/servizos de Administración electrónica' estableceuse para tres actuacións diferentes. Estas actuacións comportan accións que representan o 38,4% do financiamento do total do eixe prioritario.

- O indicador de produtividade 'E015. Poboación escolar que está cuberta polos servizos públicos electrónicos educativos' estableceuse nunha única actuación, a cal comprende o 13,5% do financiamento total do eixe prioritario.

Respecto á medición do desempeño financeiro (en termos de custo total), seleccionouse o indicador financeiro F02, que establece un total de 62.745.833 € para o fito de implementación no ano 2018; e o total do financiamento (175.875.000 €) do eixe prioritario 2 para o dato de meta para o ano 2023.

A táboa de marco de rendemento mostra a información relativa aos indicadores seleccionados no marco do eixe prioritario 2.

## 2.A.9. Eixe 2. Categorías de intervención

***Cadros 7-11: Categorías de intervención[7]***

***Cadro 7: Dimensión 1. Ámbito de intervención.***

| Eixe prioritario | 02 - EP2. Mellorar o uso e calidade das tecnoloxías da información e da comunicación e o acceso a estas. | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 078 Servizos e aplicacións de Administración pública electrónica (incluíndo a contratación pública electrónica, medidas TIC de apoio á reforma da Administración pública, ciberseguridade, medidas de confianza e privacidade, xustiza electrónica e democracia electrónica) | 78.900.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 080 Servizos e aplicacións de inclusión dixital, accesibilidade dixital, aprendizaxe e educación electrónicas e alfabetización dixital | 19.000.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 081 Solucións das TIC para responder ao desafío do envellecemento activo e saudable e servizos e aplicacións de saúde electrónica (incluíndo a ciberasistencia e a vida cotiá asistida polo contorno) | 30.800.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 079 Acceso a información do sector público (incluíndo datos culturais abertos en liña, bibliotecas dixitais, contidos electrónicos e turismo electrónico) | 12.000.000,00 € |

[7] Os importes inclúen o total da axuda da Unión (a asignación principal e a asignación procedente da reserva de rendemento).

***Cadro 8. Dimensión 2. Forma de financiamento.***

| Eixe prioritario | 02 - EP2. Mellorar o uso e calidade das tecnoloxías da información e da comunicación e o acceso a estas | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de Rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 01 Subvención non reembolsable | 140.700.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 02 Subvención reembolsable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 03 Apoio mediante instrumentos financeiros: capital risco, participacións ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 04 Apoio mediante instrumentos financeiros: préstamos ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 05 Apoio mediante instrumentos financeiros: avais ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 06 Apoio mediante instrumentos financeiros: bonificacións de xuros, subvencións de comisións de garantía, apoio técnico ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 07 Primas | 0,00 € |

***Cadro 9: Dimensión 3. Tipo de territorio.***

| Eixe prioritario | 02 - EP2. Mellorar o uso e calidade das tecnoloxías da información e da comunicación e o acceso a estas | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 01 Grandes zonas urbanas (densamente poboadas >50.000) | 6.666.666,67 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 02 Pequenas zonas urbanas (medianamente poboadas >5.000) | 6.666.666,67 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 03 Zonas rurais (pouco poboadas) | 6.666.666,67 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 04 Zonas de cooperación interrexional | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 05 Cooperación entre zonas de programas nacionais ou rexionais nun contexto nacional | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 06 Cooperación transnacional do FSE | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 07 Non procede | 120.700.000,00 € |

***Cadro 10: Dimensión 4. Mecanismos de aplicación territorial***

| Eixe prioritario | 02 - EP2. Mellorar o uso e calidade das tecnoloxías da información e da comunicación e o acceso a estas | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 01 Investimento territorial integrado: urbano | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 02 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento urbano sustentable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 03 Investimento territorial integrado: non urbano | 3.600.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 04 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento rural sustentable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 05 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento urbano ou rural sustentable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 06 Iniciativas de desenvolvemento local a cargo das comunidades locais | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 07 Non procede | 137.100.000,00 € |

***Cadro 11: Dimensión 6. Tema secundario do FSE (só FSE)***

| Eixe prioritario | 02 - EP2. Mellorar o uso e a calidade das tecnoloxías da información e da comunicación e o acceso a estas | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | | |

## 2.A.10. Eixe 2. Resumo do uso previsto da asistencia técnica, incluído, se é o caso, as accións destinadas a reforzar a capacidade administrativa das autoridades que participan na xestión e no control dos programas e beneficiarios (por eixe prioritario)

| Eixe prioritario | 02 - EP2. Mellorar o uso e calidade das tecnoloxías da información e da comunicación e o acceso a estas | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| | | | |

## 2.A.1 Eixe prioritario 3

| ID do eixe prioritario | 03 |
|---|---|
| Título do eixe prioritario | EP3 Mellorar a competitividade das pemes, do sector agrícola (no caso do Feader) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP) |

| | |
|---|---|
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase unicamente con instrumentos financeiros | *Non procede* |
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase unicamente con instrumentos financeiros establecidos a nivel da Unión | *Non procede* |
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase con desenvolvemento local participativo | *Non procede* |
| ☐ No caso do FSE: a totalidade do eixe prioritario está dedicada á innovación social, á cooperación transnacional ou a ambas as dúas | *Non procede* |

As políticas de apoio ás pemes son basicamente competencia das comunidades autónomas, polo que parte importante deste obxectivo temático a desenvolverán as administracións rexionais a través dos programas rexionais. Tamén se definiu o programa operativo "Iniciativa peme", un instrumento financeiro dirixido a mellorar o financiamento destas e no cal participan tanto a Administración xeral do Estado coma as comunidades autónomas, ao que Galicia destina 15 millóns de euros inicialmente asignados ao seu PO rexional.

A Administración xeral do Estado, a través do PO FEDER de crecemento intelixente, levará a cabo principalmente actividades de fomento da internacionalización das pemes, a través do Icex. A coordinación coas actuacións das CC.AA. nos programas rexionais levarase a cabo a través de convenios con cada unha delas, para delimitar o ámbito de actuación de cada Administración neste campo.

Así mesmo, a coordinación entre os programas plurirrexionais e rexionais neste obxectivo temático e con outros instrumentos da Unión como Cosme e Horizonte 2020 levarase a cabo na Rede de políticas de I+D+i.

Para facilitar a coordinación neste ámbito con Cosme e Horizonte 2020, teranse en conta as orientacións da Comisión sobre sinerxías incluídas na guía "Enabling synergies between European Structural and Investment Funds, Horizon 2020 and other research, innovation and competitiveness-related Union programmes", dispoñible en:

http://ec.europa.eu/regional_policy/sources/docgener/guides/synergy/synergies_en.pdf

## 2.A.2. Eixe 3. Xustificación do establecemento dun eixe prioritario que abranga máis dunha categoría de rexión, obxectivo temático ou fondo

[Non procede]

## 2.A.3. Eixe 3. Fondo, categoría de rexión e base de cálculo da axuda da Unión

| Fondo | Categoría de rexión | Base de cálculo (gasto total subvencionable ou gasto público subvencionable) | Categoría de rexión para as rexións ultraperiféricas e as rexións escasamente poboadas do norte |
|---|---|---|---|
| FEDER | Máis desenvolvidas | Total | |

## 2.A.4. Eixe 3. Prioridade de investimento 3a

| | |
|---|---|
| ID Prioridade de investimento | 3a |
| Título da prioridade de investimento | A promoción do espírito empresarial, en particular facilitando o aproveitamento económico de novas ideas e impulsando a creación de novas empresas, tamén mediante viveiros de empresas |

## 2.A.5. Eixe 3. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados

| | |
|---|---|
| ID do obxectivo específico | 030a2 |
| Título do obxectivo específico | OE.3.1.2 Creación de novas empresas e viveiros de empresas, en particular mellorando o acceso a financiamento e a servizos de apoio avanzados |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | O diagnóstico pon de manifesto a necesidade de fomentar a creación de novas empresas como fonte de creación de valor engadido, mellora da produtividade e creación de emprego no contexto actual de crise económica. O descenso desde 2008 no número de pemes activas (2,9%), especialmente grave no caso de pequenas e medianas empresas (23,4%), a inferior produtividade das pemes galegas e as dificultades de acceso ao financiamento no mercado fan necesario definir este obxectivo estratéxico.<br>Con este obxectivo específico preténdese facilitar a posta en marcha e o funcionamento de novas empresas.<br>A Lei 9/2013, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia, é o marco no cal se establecerá o apoio financeiro a persoas emprendedoras e pemes de recente creación, potenciando o uso de instrumentos económico-financeiros e servizos de asesoramento, para apoiar investimentos que sexan técnica, económica e financeiramente viables.<br>Para medir o resultado das accións financiadas con axuda da Unión proponse utilizar os seguintes indicadores: taxa de actividade emprendedora e taxa de supervivencia de PEMEs aos 4 anos, definida como o número de empresas que sobreviven no ano t+4 dividido entre o número de PEMEs novas no ano t. |

***Cadro 3: Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FEDER e o Fondo de Cohesión)***

| Obxectivo específico | 030a2 - OE.3.1.2 Creación de novas empresas e viveiros de empresas, en particular mellorando o acceso ao financiamento e aos servizos de apoio avanzados | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Indicador | Unidade de medida | Categoría de rexión | Valor de referencia | Ano de referencia | Valor previsto [1] (2023) | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
| R030a | Taxa de supervivencia nacional/rexional de pemes no cuarto ano de vida | % | Máis desenvolvidas | 52,8 | 2013 | 56,4 | IGE. Directorio de empresas e unidades locais | Anual |
| R030B | Taxa de actividade emprendedora | % | Máis desenvolvidas | 7,1 | 2013 | 9,5 | IGE. Directorio de empresas e unidades locais IGE- INE. Enquisa de poboación activa | Anual |

(1 ) Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, os valores previstos poden ser cualitativos ou cuantitativos

## 2.A.6. Eixe 3. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento (por prioridade de investimento)

### 2.A.6.1. Eixe 3. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluíndo, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios

| Prioridade de investimento | 3a - A promoción do espírito empresarial, en particular facilitando o aproveitamento económico de novas ideas e impulsando a creación de novas empresas, tamén mediante viveiros de empresas |
|---|---|

Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións:

- **MEDIDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS A PERSOAS EMPRENDEDORAS E APOIO FINANCEIRO PARA INVESTIMENTOS EN ACTIVOS TANXIBLES E INTANXIBLES, APROVISIONAMENTOS PARA A POSTA EN MARCHA PARA NOVOS/AS EMPRENDEDORES/AS OU EMPRESAS DE RECENTE CREACIÓN.** En concreto, esta descrición engloba tres actuacións dirixidas a prestar servizos ás persoas emprendedoras, fundamentalmente a través da Unidade Galicia Emprende, establecida na Lei 9/2013, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia, favorecendo así a capacidade e a dotación de ferramentas de utilidade aos axentes integrados na Unidade. Así mesmo, estableceranse liñas de apoio financeiro a persoas emprendedoras e pemes de recente creación, para que estas poidan realizar os investimentos en activos que resulten clave nos primeiros pasos do camiño empresarial. Grazas a estes investimentos facilítase a posta en marcha e funcionamento destes negocios de recente creación, que doutro xeito encontrarían dificultades para conseguir o financiamento suficiente para superar estas primeiras etapas do ciclo de vida dun negocio. De acordo co disposto na Lei 9/2013, que obriga a compromisos da Administración galega co emprendemento, tanto no ámbito de servizos de información, asesoramento como propiciando iniciativas e instrumentos económico-financeiros que incentiven e apoien o proceso de creación de empresas en Galicia, existen tres tipoloxías de actuación que, con finalidade converxente na promoción e apoio ao emprendemento, promoven este obxectivo:
  - Incentivos aos investimentos en activos tanxibles e intanxibles, aprovisionamentos para a posta en marcha, etc. para novas persoas emprendedoras ou empresas de

recente creación a través de subvencións a fondo perdido para a posta en marcha de proxectos emprendedores.

- Instrumentos financeiros para novas persoas emprendedoras ou empresas de recente creación para o cofinanciamento de custos de posta en marcha de proxectos emprendedores.
- Servizos a persoas emprendedoras ou empresas de recente creación a través do desenvolvemento de esquemas, ferramentas e aplicacións, publicacións, iniciativas de asesoramento, información, etc. que faciliten o proceso emprendedor.

Dentro do conxunto de accións dirixidas a facilitar o proceso emprendedor, facilitarase tamén o proceso de 'transmisión de empresas' como unha solución que en moitas ocasións facilita a posta en marcha e incrementa as expectativas de viabilidade dos proxectos de emprendemento.

As actuacións concretas que se deberán desenvolver están baseadas no establecido no programa "Galicia emprende" e a "Axenda de competitividade industrial de Galicia", instrumentos de planificación en avanzada fase de elaboración por parte do IGAPE.

Aínda que as actividades financiadas pola Xunta de Galicia no ámbito do autoemprego e a formación de desempregados están financiados polo Fondo Social Europeo, as accións que se van poñer en marcha mediante esta prioridade de investimento do FEDER están orientadas á creación de novo tecido empresarial e ao aproveitamento de ideas de negocio con maior percorrido. De aí que as liñas de apoio que se poñan en marcha serán selectivas co tipo de proxecto que se vaia implantar, complementando así as accións do FSE, que serán dirixidas especificamente á formación de emprendedores e de asistentes ao emprendemento e tamén á difusión a distintos niveis da cultura do emprendemento, tal e como preconiza o Marco estratéxico común dos fondos estruturais.

## 2.A.6.2. Eixe 3. Principios reitores para a selección de operacións

| | |
|---|---|
| Prioridade de investimento | 3a - A promoción do espírito empresarial, en particular facilitando o aproveitamento económico de novas ideas e impulsando a creación de novas empresas, tamén mediante viveiros de empresas |

De acordo co artigo 125.3.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección de operacións asegurarán a contribución das operacións ao logro dos obxectivos e resultados específicos da prioridade, serán transparentes e non discriminatorios, e terán en conta os principios expostos nos artigos 7 (promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación) e 8 (desenvolvemento sustentable) do mencionado regulamento.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 sobre os ámbitos de intervención do FEDER.

Así mesmo, garantirase que todas as operacións executadas desde o 1 de xaneiro de 2014 ata a aprobación polo comité de seguimento destes criterios de selección estarán en consonancia con eles.

A continuación, e tendo en conta que será o comité de seguimento do programa, tal e como dispón o artigo 110 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, o que examine e aprobe a metodoloxía e os criterios de selección das operacións, descríbese a título orientativo e sen ánimo de exhaustividade a tipoloxía de operacións que se propoñerán para o cofinanciamento no marco desta prioridade de investimento.

- Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, estableceranse liñas de apoio financeiro a persoas emprendedoras e pemes de recente creación, para que poidan realizar os investimentos en activos que resulten clave nos primeiros pasos do camiño empresarial. Así mesmo, poderán cofinanciarse outras accións que contribúan ao logro dos obxectivos asociados á prioridade de investimento de referencia.
- Os incentivos económicos e financeiros serán obxecto de regulación e recollerán os seus criterios da súa concesión, adaptados ás condicións e de acordo co mapa de axudas

aprobados pola Unión Europea para o período 2014-2020. Sen prexuízo de introducir o maior número de sectores de actividade na busca da horizontalidade, poderanse establecer sectores específicos ou prioritarios aliñados cos definidos na Estratexia de especialización intelixente de Galicia - RIS3.

- Os proxectos deberán cumprir, polo menos, a condición de ser viables técnica, económica e financeiramente, para o cal é preciso que os solicitantes acheguen a máxima información ao respecto.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 sobre os ámbitos de intervención do FEDER. Neste sentido, só se atenderán aquelas solicitudes que presenten documentación razoada que permita considerar as propostas de proxectos como viables de forma técnica, económica e financeira.

As operacións seleccionadas encaixaranse no marco dos obxectivos específicos dunha lei de apoio a emprendedores e, máis concretamente, da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia. Tamén se terá en conta o Plan de acción europeo Emprendizaxe 2020 no marco de Europa 2020.

Priorizarase o carácter innovador, así como o seu potencial estratéxico para Galicia, ben por encadrarse en sectores ou actividades de alto valor engadido, a súa capacidade de internacionalización (de acordo coa Estratexia de internacionalización da empresa galega 2020) ou de xeración de ingresos.

No caso de actividades industriais, terase en conta a coherencia coas prioridades previstas no marco do reto 2 da RIS3 de Galicia: "un novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento", ou no Plan director da industria de Galicia, con medidas susceptibles de mellorar a competitividade e a xeración de emprego nos sectores industriais galegos.

**IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Con carácter xeral, a selección de operacións terá en conta o principio establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, promovendo activamente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero nas operacións obxecto de cofinanciamento.

A integración do principio de igualdade nos criterios de selección de operacións farase efectiva mediante a consideración dos seguintes aspectos:

- Os criterios de selección de operacións deseñaranse en concordancia coas fendas de xénero identificadas no diagnóstico, así como cos obxectivos de igualdade do programa. Así, fomentarán que as accións cofinanciadas persigan, de xeito específico ou de modo transversal, a redución das disparidades existentes entre homes e mulleres.
- Nesta liña, os criterios de selección poderán establecer medidas para promover a incorporación da perspectiva de xénero no deseño e execución das operacións, establecer operacións específicas para as mulleres, incorporar o uso de cláusulas de xénero nas subvencións e contratacións públicas, e calquera outro criterio proporcional.

## 2.A.6.3.Eixe 3. Uso previsto de instrumentos financeiros

| | |
|---|---|
| Prioridade de investimento | 3a - Promoción do espírito empresarial, en particular facilitando o aproveitamento económico de novas ideas e impulsando a creación de novas empresas, tamén mediante viveiros de empresas. |
| Uso previsto de instrumentos financeiros | Si está previsto o uso de instrumentos financeiros no marco destas accións. |

Con esta actuación e sobre a base de ensinanzas extraídas do anterior período, preténdese prestar servizos de apoio financeiro a persoas emprendedoras e pemes de recente creación, para que estas poidan realizar os investimentos en activos e gastos de posta en marcha que

resulten clave nos primeiros pasos do camiño empresarial.

Grazas a estes investimentos facilítase a posta en marcha e funcionamento destes negocios de recente creación, que doutro xeito encontrarían dificultades para conseguir o financiamento suficiente para superar estas primeiras etapas do ciclo de vida dun negocio.

O modelo de xestión determinarase en función da análise *ex ante* que se realizará con carácter de diagnóstico e recomendacións para a posta en marcha dos instrumentos financeiros.

## 2.A.6.4. Eixe 3. Uso previsto de grandes proxectos

| Prioridade de investimento | 3a - Promoción do espírito empresarial, en particular facilitando o aproveitamento económico de novas ideas e impulsando a creación de novas empresas, tamén mediante viveiros de empresas. |
|---|---|
| Non procede | |

## 2.A.6.5. Eixe 3. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión

***Cadro 5: Indicadores de produtividade comúns e específicos do programa (por prioridade de investimento, desagregados por categoría de rexión para o FSE e, cando proceda, para o FEDER*).**

| Prioridade de investimento | | 3a -A promoción do espírito empresarial, en particular facilitando o aproveitamento económico de novas ideas e impulsando a creación de novas empresas, tamén mediante viveiros de empresas | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Indicador | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión | Valor previsto (2023) (1) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
| | | | | | H | M | T | | |
| C001 | Número de empresas que reciben axudas | Empresas | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 1.276 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Diaria |
| C002 | Número de empresas que reciben subvencións | Empresas | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 170 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Diaria |
| C003 | Número de empresas que reciben axuda financeira distinta das subvencións | Empresas | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 110 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Diaria |
| C005 | Número de novas empresas beneficiarias da axuda | Empresas | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 1.200 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Diaria |
| C008 | Aumento de emprego nas empresas subvencionadas | Emprego equivalente a tempo completo | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 2.400 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Diaria |

(1) No caso do FSE, esta lista inclúe indicadores de produtividade comúns para os cales se fixou un valor previsto. Os valores previstos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, na maioría dos casos a desagregación por xénero non é pertinente. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

## 2.A.4. Eixe 3. Prioridade de investimento 3d

| | |
|---|---|
| ID Prioridade de investimento | 3d |
| Título da prioridade de investimento | O apoio á capacidade das pemes para crecer nos mercados rexionais, nacionais e internacionais, e para implicarse en procesos de innovación |

## 2.A.5. Eixe 3. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados

| | |
|---|---|
| ID do obxectivo específico | 030d1 |
| Título do obxectivo específico | OE.3.4.1.Promover o crecemento e a consolidación das pemes, en particular mellorando o seu financiamento, tecnoloxía e acceso a servizos de apoio avanzados, incluíndo os sectores agrícola, pesqueiro, mariño, marítimo, turístico, cultural, comercial e de rehabilitación de edificación, así como ás pemes e autónomos/as que se dedican ao comercio retallista ou venda ambulante. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | Galicia conta cun tecido empresarial escaso e moi atomizado. Así, o 96% das pemes son microempresas, o que nos indica o reducido tamaño da peme galega (2,15 traballadores por empresa). Esta circunstancia fai as pemes galegas demasiado pequenas para ser competitivas e xerar emprego. Ademais, constátase unha diminución do crédito concedido polas entidades financeiras ás empresas, que rexistra mesmo valores negativos nos últimos anos, o aumento da porcentaxe do importe dos efectos comerciais en carteira impagados e o maior número de empresas concursadas.<br>Con este obxectivo específico preténdese aumentar a competitividade das empresas galegas para permitir o incremento do seu tamaño, así como incrementar o número de empresas mediante, entre outras actuacións, unha mellora das posibilidades de financiamento para investimentos, servizos de apoio para modernización e profesionalización.<br>Para iso, impulsaranse actuacións que deben colaborar á consecución do obxectivo, desde o desenvolvemento de redes de mentoring, asesoramento e apoio ata medidas de financiamento directo ou de garantía de proxectos de investimento e circulante no marco do Plan director da industria de Galicia 2015-2020.<br>Para medir o resultado das accións financiadas con axuda da Unión proponse utilizar o seguinte indicador: nº de empresas medianas (entre 50 e 249 traballadores). |

***Cadro 3: Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FEDER e o Fondo de Cohesión)***

| Obxectivo específico | | 030d1 - OE.3.4.1 Promover o crecemento e a consolidación das pemes, en particular mellorando o seu financiamento, tecnoloxía e acceso a servizos de apoio avanzados, incluíndo os sectores agrícola, pesqueiro, mariño, marítimo, turístico, cultural, comercial e de rehabilitación de edificación, así como as pemes e autónomos/as que se dedican ao comercio retallista ou á venda ambulante. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **ID** | **Indicador** | **Unidade de medida** | **Categoría de rexión** | **Valor de referencia** | **Ano de referencia** | **Valor previsto [1] (2023)** | **Fonte de datos** | **Frecuencia dos informes** |
| R341G | Empresas medianas (entre 50 e 249 traballadores asalariados) | Número | Máis desenvolvidas | 1.132 | 2013 | 1.400 | IGE. Directorio de empresas | Anual |

(1 ) Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, os valores previstos poden ser cualitativos ou cuantitativos

| | |
|---|---|
| ID do obxectivo específico e | 030d3 |
| Título do obxectivo específico | OE.3.4.3. Promover a internacionalización das pemes. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | Galicia conta cun tecido empresarial escaso e moi atomizado. Así, o 96% das pemes son microempresas, o que nos indica o reducido tamaño da peme galega (2,15 traballadores por empresa). Esta circunstancia fai as pemes galegas demasiado pequenas para abrir novos mercados (especialmente no exterior), situación especialmente relevante na actualidade ante a escasa demanda e dimensión do mercado doméstico. Ademais, segundo o diagnóstico tamén existe un desequilibrio territorial no tecido empresarial entre as provincias occidentais e orientais. En concreto, a provincia de Ourense ten o 11,4 por cento das pemes galegas, predominando as microempresas (96,8%). Na bisbarra de Ourense teñen a súa sede máis da metade (51,4%) das empresas da provincia e nela encóntrase a plataforma loxística máis importante da provincia en San Cibrao.<br><br>Con este obxectivo específico preténdese aumentar a presenza en mercados exteriores das pemes galegas para posibilitar o seu crecemento e mellorar a súa competitividade. Co mesmo fin procúrase a captación de investidores estranxeiros no marco do Plan de internacionalización 2020. Tamén se pretende facilitar a posta en marcha, consolidación e crecemento de empresas da bisbarra de Ourense ao proporcionar conexións entre centros loxísticos e redes de transporte europeas.<br><br>Para iso, impulsaranse actuacións que deben colaborar á consecución do obxectivo con apoios á internacionalización mediante instrumentos financeiros e asesoramento e servizos para inicio e consolidación internacional. No marco do desenvolvemento da plataforma loxística de San Cibrao, proponse unha conexión por estrada entre o centro loxístico coa autovía A-52 (RTE-T) (*last mile*). Esta actuación está recollida no Plan sectorial da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia.<br><br>Para medir o resultado das accións financiadas con axuda da Unión proponse utilizar os seguintes indicadores: nº de empresas exportadoras e tamaño medio das empresas da bisbarra de Ourense. |

***Cadro 3: Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FEDER e o Fondo de Cohesión)***

| Obxectivo específico | 030d3 - OE.3.4.3. Promover a internacionalización das pemes. | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **ID** | **Indicador** | **Unidade de medida** | **Categoría de rexión** | **Valor de referencia** | **Ano de referencia** | **Valor previsto [1] (2023)** | **Fonte de datos** | **Frecuencia dos informes** |
| R031 | Número de pemes exportadoras (nacional, categoría rexión, rexión) | Número | Máis desenvolvidas | 6.375 | 2013 | 7.000 | Icex. Estatísticas españolas de comercio exterior, elaboradas a partir da información da Axencia Española da Administración Tributaria (AEAT) | Anual |
| R332G | Tamaño medio das empresas da bisbarra de Ourense | Media | Máis desenvolvidas | 2,32 | 2013 | 2,50 | IGE. Directorio de empresas | Anual |

(1 ) Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, os valores previstos poden ser cualitativos ou cuantitativos

## 2.A.6. Eixe 3. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento (por prioridade de investimento)

### 2.A.6.1. Eixe 3. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluíndo, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios

| Prioridade de investimento | 3d - O apoio á capacidade das pemes para crecer nos mercados rexionais, nacionais e internacionais, e para implicarse en procesos de innovación |
|---|---|

Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións:

- **MEDIDAS DESTINADAS Á IDENTIFICACIÓN DE OPORTUNIDADES E PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA A PROFESIONALIZACIÓN, MODERNIZACIÓN E RECONFIGURACIÓN DE NEGOCIO, PROCESOS, ORGANIZACIÓN, INTELIXENCIA COMPETITIVA.** No marco desta actuación realizaranse análises de oportunidades para a transformación e profesionalización das empresas, adaptándose ás tendencias de mercado e anticipándose a posibles obstáculos ou carencias que imposibiliten sacar o máximo partido empresarial. Así mesmo, realizaranse actuacións encamiñadas á transformación de empresas en materia de negocio, procesos, organización, intelixencia competitiva e produtos/servizos, incidindo de xeito directo na actividade empresarial levada a cabo e na súa competitividade. Polo tanto, trátase dunha iniciativa de desenvolvemento empresarial, baseada na prestación de servizos a distintos niveis, desde profesionalización de áreas concretas de empresa e optimización dos seus procesos primarios e de apoio, como planificación de empresas familiares ou desenvolvemento estratéxico integral mediante plans de acción e estratexias identificadas para a mellora continua das pemes galegas. Ao longo do período de programación poderá variar as énfases das accións dentro de todos os ámbitos de competitividade e innovación, evolucionando en función da experiencia e das necesidades de mellora das PEMEs.

  Estas actuacións planificaranse e estruturaranse en detalle a partir do "Plan capacita" e da "Axenda de

competitividade industrial de Galicia".

- **FOMENTO DA COOPERACIÓN INTEREMPRESARIAL DAS PEMES PARA CRECER NOS MERCADOS REXIONAIS, NACIONAIS E INTERNACIONAIS E NOS PROCESOS DE INNOVACIÓN**. Dentro do Plan director da industria de Galicia, actualmente en fase de desenvolvemento, está previsto que un dos piares de apoio á nova industria en Galicia se asente na interrelación e na cooperación para alcanzar mellores prestacións e cotas de xeito agrupado. No marco desta actuación lévanse a cabo actividades enfocadas á cooperación entre empresas. As accións previstas son, entre outras, as seguintes:

  - Actividades para fomentar a cooperación para o aprovisionamento, a comercialización de produtos e servizos, a recepción de servizos profesionais, a innovación, intelixencia competitiva, etc., ademais de potenciar a unificación ou concentración de iniciativas empresariais.
  - Apoio no diagnóstico de necesidades e o desenvolvemento e implantación conxunta de novas solucións por parte de agrupacións de empresas.

  No pasado desenvolvéronse plans estratéxicos de clúster e establecéronse os plans e liñas de acción que se deben executar para incrementar a cooperación interempresarial. Tamén se crearon espazos colaboradores para a xeración de sinerxías e proxectos comúns. Sobre a base desta experiencia, no novo período 2014-2020 concentrarase esta actuación nas actividades sinaladas previamente, así como en reforzar a política de desenvolvemento dos clústers galegos.

- **MEDIDAS DE APOIO Á PROMOCIÓN DA CULTURA DA INTERNACIONALIZACIÓN, APOIO AO INCREMENTO DA PRESENZA NOS MERCADOS EXTERIORES, ESTABLECEMENTO DUNHA ESTRATEXIA DE POSICIONAMENTO INTERNACIONAL DE GALICIA, ALIÑACIÓN COA AXENDA ESTRATÉXICA HORIZONTE 2020 DA UE.**

  Eixes de actuación da Estratexia internacionalización da empresa galega 2020, co obxectivo de aumentar o número de empresas da base exportadora e incrementar o volume de exportacións.

  As actuacións previstas son, entre outras, as seguintes:

  - Actuacións relacionadas con información de mercados, detección de oportunidades, elaboración de plans estratéxicos, avaliación de potencial de internacionalización e detección de necesidades do tecido empresarial.
  - Actuacións para facilitar o inicio e a consolidación internacional para facilitarlles ás pemes galegas o acceso e consolidación en novos mercados como vía para o seu fortalecemento e xeración de emprego.
  - Actuacións para fomentar a cooperación e coordinación para a internacionalización entre profesionais, entre empresas galegas entre si, entre empresas galegas e empresas do exterior e entre os distintos organismos de apoio.
  - Actuacións de apoio ao acceso ao financiamento da pemes en internacionalización. A presente actuación ten por obxectivo proporcionarlles ás pemes recursos de medio e longo prazo para reforzar os seus fondos propios de cara a unha mellora da súa capacidade para crecer nos mercados internacionais. Complementa a actuación anterior, articulándose a través do apoio mediante instrumentos financeiros: capital risco, participacións ou equivalentes.
  - Actuacións para favorecer o intercambio de coñecemento e boas prácticas entre axentes galegos e internacionais.
  - Coordinación e complementariedade a través da cooperación entre os distintos axentes da internacionalización aproveitando sinerxías e evitando duplicidades. Estas accións son complementarias coas doutros organismos de apoio galegos, estatais e europeos e organismos intermedios: programas europeos, Icex, Consorcio Zona Franca de Vigo, autoridades portuarias, cámaras, conFEDERacións empresariais, asociacións empresariais, clústers, centros tecnolóxicos, etc.

- **APOIO Á CAPTACIÓN DE INVESTIDORES ESTRANXEIROS E ENTRADA DE CAPITAL EXTERIOR**

No marco da Estratexia internacionalización da empresa galega 2020, lévanse a cabo as actividades de busca e atracción de novos proxectos de investimento empresariais e de servizos para que acometan os seus investimentos en Galicia, tanto mediante investimentos directos coma en cooperación con empresarios/as locais.

Ademais, realizaranse accións de apoio á cooperación e accións de promoción no exterior.

- **APOIO AO FINANCIAMENTO DAS PEMES**

  Apoiar as pemes na execución de proxectos de ampliación da súa capacidade para crecer, é dicir, investimento inicial, ampliacións de capacidade, diversificación da produción e transformacións fundamentais de procesos.

  Esta actuación pretende apoiar as pemes no financiamento destinado a investimentos en activos produtivos e/ou capital de reforzo.

  AS actuacións levaranse a cabo mediante o apoio ás actividades xeradoras de maior valor engadido e emprego, con apoio a través de instrumentos financeiros e axudas complementarias:

  - Facilitando o financiamento
  - Prestando garantías que se presentarán ante as entidades financeiras e/ou sociedades de garantía recíproca (SGR): avais ou reavais,
  - Como axuda complementaria, minorando o seu custo mediante bonificacións de tipos de xuro e comisións de avais financeiros prestados polas SGR.
  - Mediante subvencións directas dirixidas a corrixir desequilibrios rexionais e a dimensión das pemes.

  Estas actuacións planificaranse e estruturaranse en detalle a partir da Axenda de competitividade industrial de Galicia e baixo o "Plan director de industria de Galicia", que se aprobará proximamente.

- **CONEXIÓN DA PLATAFORMA LOXÍSTICA DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS Á RTE-T PARA A MELLORA DA CAPACIDADE COMPETITIVA DO TECIDO EMPRESARIAL.**

  O obxectivo é dotar o centro loxístico da área metropolitana de Ourense dunha conexión por estrada coa autovía A-52 (RTE-T), como medida de apoio á competitividade das pemes, fomentando a intermodalidade (o polígono conta cun apeadoiro propio para o transporte por ferrocarril), a diminución dos custos do transporte e, en definitiva, o desenvolvemento da estratexia loxística a través do nodo loxístico de maior importancia estratéxica da provincia de Ourense. Esta actuación está recollida no Plan sectorial da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia e é un *last mile*.

## 2.A.6.2. Eixe 3. Principios reitores para a selección de operacións

| Prioridade de investimento | 3d - O apoio á capacidade das pemes para crecer nos mercados rexionais, nacionais e internacionais e para implicarse en procesos de innovación |
|---|---|

De acordo co artigo 125.3.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección de operacións asegurarán a contribución das operacións ao logro dos obxectivos e resultados específicos da prioridade, serán transparentes e non discriminatorios, e terán en conta os principios expostos nos artigos 7 (promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación) e 8 (desenvolvemento sustentable) do mencionado regulamento.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 sobre os ámbitos de intervención do FEDER.

Así mesmo, garantirase que todas as operacións executadas desde o 1 de xaneiro de 2014 ata a aprobación polo comité de seguimento destes criterios de selección estarán en consonancia con eles.

A continuación, e tendo en conta que será o comité de seguimento do programa, tal e como dispón o artigo 110 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, o que examine e aprobe a metodoloxía e os criterios de selección das operacións, descríbese a título orientativo e sen ánimo de exhaustividade a tipoloxía de operacións que se propoñerán a cofinanciamento no marco desta prioridade de investimento.

- Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse operacións vinculadas á prestación do apoio necesario ás empresas (pemes e persoas emprendedoras) para aumentar o tamaño medio da empresa galega, co obxectivo último de que esta dispoña de maior facilidade á hora de promover procesos de expansión ou crecemento. Por último, poderán cofinanciarse outras accións que contribúan ao logro dos obxectivos asociados á prioridade de investimento de referencia.
- Os incentivos económicos e financeiros serán obxecto de regulación e recollerán os criterios da súa concesión, adaptados ás condicións e de acordo co mapa de axudas aprobadas pola Unión Europea para o período 2014-2020. Sen prexuízo de introducir o maior número de sectores de actividade na busca da horizontalidade, poderanse establecer sectores específicos ou prioritarios aliñados cos definidos na Estratexia de especialización intelixente de Galicia - RIS3.
- Os proxectos deberán cumprir, polo menos, a condición de ser viables técnica, económica e financeiramente, para o cal é preciso que os solicitantes acheguen a máxima información ao respecto.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 sobre os ámbitos de intervención do FEDER. Neste sentido, só se atenderán aquelas solicitudes que presenten documentación razoada que permita considerar as propostas de proxectos como viables de forma técnica, económica e financeira.

As operacións seleccionadas encaixaranse no marco dos obxectivos específicos dunha lei de apoio a emprendedores e, máis concretamente, da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia. Tamén se terá en conta o plan de acción europeo Emprendizaxe 2020 no marco de Europa 2020.

Priorizarase o carácter innovador, así como o seu potencial estratéxico para Galicia, ben por encadrarse en sectores ou actividades de alto valor engadido, a súa capacidade de internacionalización (de acordo coa Estratexia de internacionalización da empresa galega 2020) ou de xeración de ingresos.

No caso de actividades industriais, terase en conta a coherencia coas prioridades previstas no marco do reto 2 da RIS3 de Galicia: "un novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento", ou co Plan director da industria de Galicia, con medidas susceptibles de mellorar a competitividade e a xeración de emprego nos sectores industriais galegos.

**IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Con carácter xeral, a selección de operacións terá en conta o principio establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, promovendo activamente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero nas operacións obxecto de cofinanciamento.

A integración do principio de igualdade nos criterios de selección de operacións farase efectiva mediante a consideración dos seguintes aspectos:

- Os criterios de selección de operacións deseñaranse en concordancia coas fendas de xénero identificadas no diagnóstico, así como cos obxectivos de igualdade do programa. Así, fomentarán que as accións cofinanciadas persigan, de xeito específico ou de modo transversal, a redución das disparidades existentes entre homes e mulleres.
- Nesta liña, os criterios de selección poderán establecer medidas para promover a incorporación da perspectiva de xénero no deseño e execución das operacións, considerar operacións específicas para as mulleres, incorporar o uso de cláusulas de xénero nas subvencións e contratacións públicas, e calquera outro criterio proporcional.

## 2.A.6.3.Eixe 3. Uso previsto de instrumentos financeiros

| | |
|---|---|
| Prioridade de investimento | 3d - Apoio á capacidade das pemes para crecer nos mercados rexionais, nacionais e internacionais e nos procesos de innovación. |
| Uso previsto de instrumentos financeiros | Si está previsto o uso de instrumentos financeiros no marco destas accións. |

Con esta actuación e sobre a base de ensinanzas extraídas do anterior período, preténdese proporcionar apoio ás pemes mediante:

- Recursos a medio e longo prazo que sirvan para reforzar os seus fondos propios (apoios de capital), de forma que poidan mellorar a súa capacidade para crecer nos mercados internacionais e/ou atraer investimentos a Galicia de empresas foráneas.
- Acceso ao financiamento destinado a investimentos en activos produtivos e capital de reforzo, prestando garantías ante as entidades financeiras (avais ou reavais) e/ou reforzando o fondo de provisións das sociedades de garantía recíproca.
- Execución de proxectos de investimento inicial, ampliacións de capacidade, mellora da competitividade e diversificación da produción (préstamos). Trátase de incentivar a instalación na Comunidade Autónoma de investimentos xeradores de valor engadido e emprego.

O modelo de xestión determinarase en función da análise *ex ante* que se realizará con carácter de diagnóstico e recomendacións para a posta en marcha dos instrumentos financeiros.

## 2.A.6.4. Eixe 3. Uso previsto de grandes proxectos

| | |
|---|---|
| Prioridade de investimento | 3d - Apoio á capacidade das pemes para crecer nos mercados rexionais, nacionais e internacionais e nos procesos de innovación. |

Non procede

## 2.A.6.5. Eixe 3. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión

***Cadro 5: Indicadores de produtividade comúns e específicos do programa (por prioridade de investimento, desagregados por categoría de rexión para o FSE e, cando proceda, para o FEDER).***

| Prioridade de investimento | | 3d - O apoio á capacidade das pemes para crecer nos mercados rexionais, nacionais e internacionais, e para implicarse en procesos de innovación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Indicador | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión | Valor previsto (2023) (1) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
| | | | | | H | M | T | | |
| C001 | Número de empresas que reciben axudas | Empresas | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 4.077 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Diaria |
| C002 | Número de empresas que reciben subvencións | Empresas | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 1.931 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Diaria |
| C003 | Número de empresas que reciben axuda financeira distinta das subvecións | Empresas | FEDER | Más desarrolladas | | | 477 | Datos obtidos a partires das actuacións apoiadas | Diaria |
| C004 | Número de empresas que reciben axuda non financeira | Empresas | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 3.416 | Datos obtidos a partiresdas actuacións apoiadas | Diaria |

(1) No caso do FSE, esta lista inclúe indicadores de produtividade comúns para os cales se fixou un valor previsto. Os valores previstos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, na maioría dos casos a desagregación por xénero non é pertinente. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

## 2.A.7. Eixe 3. Innovación social, cooperación transnacional e contribución aos obxectivos temáticos 1 a 7

| Eixe prioritario | 03 - EP3. Mellorar a competitividade das pemes, do sector agrícola (no caso do Feader) e do sector da pesca e da acuicultura (no caso do FEMP) |
|---|---|
| | |

## 2.A.8. Eixe 3. Marco de rendemento

***Cadro 6: Marco de rendemento do eixe prioritario (por Fondo e, para o FEDER e o FSE, categoría de rexión)***[8]

| Prioridade de investimento | 03 - EP3. Mellorar a competitividade das pemes, do sector agrícola (no caso do Feader) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP) | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Tipo de identificador | Identificación | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión | Fitos para 2018 (1) | | | Meta final (2023) (2) | | | Fonte de datos | Explicación da pertinencia do indicador |
| | | | | | | H | M | T | H | M | T | | |
| C001 | P | Número de empresas que reciben axudas | Empresas | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 436 | - | - | 936 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | |
| F02 | F | Importe total do gasto subvencionable anotado no sistema da AC e certificado segundo o art. 126.c do RDC | Euros | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 33.312.500 | - | - | 178.750.000 | Fondos 2020 | |

(1) Os fitos pódense presentar en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. «M» = homes, «M» = mulleres, «T»= total.

(2) Os valores previstos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

[8] Cando a IEX se executa como parte dun eixe prioritario, os seus fitos e metas débense distinguir dos demais fitos e metas do eixe prioritario, de conformidade cos actos de execución a que se refire o artigo 22, apartado 7, parágrafo quinto, do Regulamento (UE) nº 1303/2013, ao excluírse da reserva de rendemento os recursos asignados á IEX (asignación específica e axuda correspondente do FSE).

### Información cualitativa adicional sobre o establecemento do marco de rendemento (opcional)

En liña coa normativa sobre a programación dos fondos estruturais europeos, e especificamente co Regulamento de execución (UE) 215/2014, do 7 de marzo de 2014, elaborouse o marco de rendemento do eixe 3 'Mellorar a competitividade das PEMEs, do sector agrícola (no caso do Feader) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP) '. A súa elaboración desenvolveuse como parte do proceso participativo posto en marcha para o deseño do conxunto do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

O proceso de elaboración do marco de rendemento iníciase a través da identificación dos indicadores de produtividade pertinentes de cada unha das actuacións, no marco de cada obxectivo específico e prioridade de investimento. Foron as entidades xestoras, dentro do seu ámbito de intervención e das actuacións planificadas, as que levaron a cabo a selección dos indicadores. O seu coñecemento das políticas públicas en marcha e da realidade sobre a cal se pretende intervir foron claves neste proceso. Os indicadores establecéronse partindo dunha lista de indicadores comúns e específicos presentada pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas coa finalidade de manter unha lóxica común entre todos os programas operativos FEDER en España.

Despois de identificar estes indicadores e unha vez establecido o fito de implementación para o ano 2018 e a meta para o ano 2023, seleccionáronse aqueles indicadores que cumprisen mellor co obxectivo do marco de rendemento: medir o grao de implementación e cumprimento do programa. Nesta parte do proceso, as entidades xestoras desenvolveron tamén un rol clave ao identificar qué actuacións e indicadores son os máis adecuados para garantir que o marco de rendemento reflicte de forma adecuada os obxectivos e resultados que se pretenden lograr por cada eixe prioritario ou obxectivo temático.

No caso do eixe 3 'Mellorar a competitividade das PEMEs, do sector agrícola (no caso do Feader) e do sector da pesca e da acuicultura (no caso do FEMP) ' seleccionouse un indicador de produtividade: 'C001 Número de empresas que reciben axudas'. A concentración financeira das actuacións seleccionadas ligadas a este indicador supón un 56,6% do total da axuda FEDER, de maneira que se supera o 50% de concentración requirida polo regulamento. Este indicador estableceuse para dúas actuacións diferentes.

Respecto á medición do desempeño financeiro (en termos de custo total), seleccionouse o indicador financeiro F02, que establece un total 33.312.500 € para o fito de implementación no ano 2018, e o total do financiamento (178.750.000 €) do eixe prioritario 3 para o dato de meta para o ano 2023.

A táboa de marco de rendemento mostra a información relativa aos indicadores seleccionados no marco do eixe prioritario 3.

.

## 2.A.9. Eixe 3. Categorías de intervención

***Cadros 7-11: Categorías de intervención[9]***

***Cadro 7: Dimensión 1. Ámbito de intervención.***

| Eixe prioritario | 03 - EP3. Mellorar a competitividade das pemes, do sector agrícola (no caso do Feader) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP) | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 001 Investimento produtivo xenérico en pequenas e medianas empresas («pemes») | 64.000.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 063 Apoio a grupos de empresas e redes de empresas, principalmente en beneficio das pemes | 1.000.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 066 Servizos de axuda avanzados para pemes e grupos de pemes (incluíndo servizos de xestión, comercialización e deseño) | 48.000.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 067 Desenvolvemento empresarial das pemes, apoio ao espírito de empresa e a incubación (incluíndo o apoio a empresas incipientes e empresas derivadas) | 15.000.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 072 Infraestruturas empresariais para nas pemes (incluíndo instalacións e parques industriais) | 15.000.000,00 € |

***Cadro 8: Dimensión 2. Forma de financiamento***

| Eixe prioritario | 03 - EP3. Mellorar a competitividade das pemes, do sector agrícola (no caso do Feader) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP) | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 01 Subvención non reembolsable | 83.000.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 02 Subvención reembolsable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 03 Apoio mediante instrumentos financeiros: capital risco, participacións ou equivalentes | 13.500.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 04 Apoio mediante instrumentos financeiros: préstamos ou equivalentes | 40.500.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 05 Apoio mediante instrumentos financeiros: avais ou equivalentes | 6.000.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 06 Apoio mediante instrumentos financeiros: bonificacións de xuros, subvencións de comisións de garantía, apoio técnico ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 07 Primas | 0,00 € |

[9] Os importes inclúen o total da axuda da Unión (a asignación principal e a asignación procedente da reserva de rendemento).

***Cadro 9: Dimensión 3. Tipo de territorio***

| Eixe prioritario | 03 - EP3. Mellorar a competitividade das pemes, do sector agrícola (no caso do Feader) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP) | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 01 Grandes zonas urbanas (densamente poboadas >50.000) | 52.375.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 02 Pequenas zonas urbanas (medianamente poboadas >5.000) | 37.375.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 03 Zonas rurais (pouco poboadas) | 7.750.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 04 Zonas de cooperación interrexional | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 05 Cooperación entre zonas de programas nacionais ou rexionais nun contexto nacional | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 06 Cooperación transnacional do FSE | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 07 Non procede | 45.500.000,00 € |

***Cadro 10: Dimensión 4. Mecanismos de aplicación territorial***

| Eixe prioritario | 03 - EP3. Mellorar a competitividade das pemes, do sector agrícola (no caso do Feader) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP) | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 01 Investimento territorial integrado: urbana | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 02 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento urbano sustentable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 03 Investimento territorial integrado: non urbana | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 04 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento rural sustentable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 05 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento urbano ou rural sustentable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 06 Iniciativas de desenvolvemento local a cargo das comunidades locais | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 07 Non procede | 143.000.000,00 € |

*Cadro 11: Dimensión 6. Tema secundario do FSE (só FSE)*

| Eixe prioritario | 03 - EP3. Mellorar a competitividade das pemes, do sector agrícola (no caso do Feader) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP) | | |
|---|---|---|---|
| Fondo | Categoría de rexión | Código | Importe € |
| | | | |

## 2.A.10. Eixe 3. Resumo do uso previsto da asistencia técnica, incluídas, se é o caso, as accións destinadas a reforzar a capacidade administrativa das autoridades que participan na xestión e control dos programas e beneficiarios (por eixe prioritario)

| Eixe prioritario | 03 - EP3. Mellorar a competitividade das pemes, do sector agrícola (no caso do Feader) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP) | | |
|---|---|---|---|
| Fondo | Categoría de rexión | Código | Importe € |
| | | | |

## 2.A. 1 Eixe prioritario 4

| ID da prioridade de investimento | 04 |
|---|---|
| Título da prioridade de investimento | EP4 Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores. |

| | |
|---|---|
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase unicamente con instrumentos financeiros | *Non procede* |
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase unicamente con instrumentos financeiros establecidos a nivel da Unión | *Non procede* |
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase con desenvolvemento local participativo | *Non procede* |
| ☐ No caso do FSE: A totalidade do eixe prioritario está dedicada á innovación social, á cooperación transnacional ou a ambas as dúas | *Non procede* |

Dada a multiplicidade de actuacións que se deberán levar a cabo dentro deste obxectivo temático, que implican a participación da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas, a coordinación entre ambos os dous niveis da Administración será un aspecto fundamental. Esta lógrase mediante a Conferencia Sectorial de Enerxía e a Comisión Consultiva de Aforro e Eficiencia Enerxética, na cal participan o IDAE e as CC.AA., e a Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático, na cal participan a Oficina Española de Cambio Climático e as CC.AA.

A Oficina Española de Cambio Climático (OECC) asegurará a coherencia das actuacións que se deberán incluír no obxectivo temático 4 coa Estratexia de adaptación ao cambio climático. A Rede de Autoridades Ambientais e a Rede de Iniciativas Urbanas participarán tamén activamente, dentro dos seus respectivos ámbitos, para asegurar a coordinación das actuacións que se deberán incluír neste obxectivo.

Xa no proceso de programación, cubríronse ámbitos non concorrentes por parte de ambas as dúas administracións, tanto en materia de renovables (centrada no desenvolvemento da biomasa por parte do Instituto Enerxético de Galicia), como de eficiencia enerxética (vivendas de protección oficial, edificios públicos e fomento de eficiencia enerxética en pemes por parte da Administración autonómica), fronte aos grandes eixes nos cales actúa a AXE (investimentos en aforro do sistema eléctrico español, investimentos en racionalización do sistema de distribución e transporte eléctrico e investimentos directos en eficiencia enerxética.

Adicionalmente, co obxecto de evitar solapamentos entre as actuacións da Administración xeral do Estado, que serán instrumentalizadas polo IDAE, e as das comunidades autónomas, celebráronse reunións entre o propio IDAE, cada CA e a DXFC co fin de fixar criterios de coordinación. As conclusións deste proceso foron as seguintes:

- No caso das actuacións en interconexións eléctricas cos SEIE e grandes instalacións renovables de usos eléctricos non existirán problemas de coordinación ao recaer a súa competencia no Estado.
- No resto de actuacións en renovables, o FEDER financiará as actuacións previstas nos puntos 1 a 7 do apartado de propostas de intervención do acordo de asociación.
- Pola súa banda, o Feader financiará as actuacións previstas nos puntos 8 e 9 do acordo. As actuacións dirixidas ao sector da pesca e da acuicultura serán financiadas polo FEMP. Ademais, nos investimentos en bioeconomía, o ámbito de aplicación do FEDER será administracións e empresas da industria e os servizos e o do Feader particulares e institucións sen fins de lucro.

- En materia de eficiencia enerxética e renovables de usos térmicos estableceranse criterios nas convocatorias que eviten solapamentos como: o tamaño das actuacións (ktep producidos ou aforrados) ou o seu ámbito territorial (proxectos para realizar en establecementos de beneficiarios situados nunha única ou en máis dunha CA).
- No que se refire á mobilidade urbana sustentable, a coordinación asegurarase a través da RIU, da cal forman parte tanto os responsables dos fondos comunitarios das comunidades autónomas como o IDAE.

Considerarase a posibilidade de creación dun mecanismo de coordinación específico que permita integrar todas estas actuacións.

As medidas que se queren implementar no ámbito deste obxectivo temático focalizaranse en dous escenarios moi ambiciosos: reducir a forte dependencia enerxética exterior (actualmente ao redor do 80%) e incrementar o grao de competitividade das empresas diminuíndo os custos enerxéticos de produción unitarios.

Ademais, concéntranse no ámbito da eficiencia enerxética en edificios públicos e no parque de vivendas sociais ou de protección pública (non se programan actuacións en vivenda que non sexa de protección pública, xa que ese ámbito se cobre con fondos do PO de crecemento sustentable). Os proxectos priorizados en materia de vivenda pública deben acreditar unha vez auditados que supoñerán unha reforma integral que superará os requisitos mínimos establecidos na Directiva sobre a eficiencia enerxética dos edificios, en ningún caso supoñerán a execución de accións illadas, senón dunha serie de accións nunha estratexia con obxectivos claros e unha perspectiva a longo prazo (Estratexia de aforro e eficiencia enerxética no sector público de Galicia 2015-2020), o mesmo resulta aplicable respecto ás actuacións en edificios públicos e nas enerxías renovables respecto á súa directiva.

As actuacións favorecerán unha utilización máis eficiente dos recursos enerxéticos renovables autóctonos con que conta a Comunidade Autónoma galega, polo que a repercusión sobre o ambiente será positiva dado que se busca unha redución na utilización de combustibles convencionais. Ademais, a diminución do consumo enerxético tanto nas administracións como nos sectores industriais e de servizos permitirá unha xestión intelixente dos recursos con que se conta. En calquera caso, para calquera actuación que se leve a cabo no ámbito do aforro e a eficiencia enerxética partirase dunha análise exhaustiva da situación de partida, a través de auditorías enerxéticas, antes de acometer ningunha medida.

## 2.A.2. Eixe 4. Xustificación do establecemento dun eixe prioritario que abranga máis dunha categoría de rexión, obxectivo temático ou fondo

[Non procede]

## 2.A.3. Eixe 4. Fondo, categoría de rexión e base de cálculo da axuda da Unión

| Fondo | Categoría de rexión | Base de cálculo (gasto total subvencionable ou gasto público subvencionable) | Categoría de rexión para as rexións ultraperiféricas e as rexións escasamente poboadas do norte |
|---|---|---|---|
| FEDER | Máis desenvolvidas | Total | |

## 2.A.4. Eixe 4. Prioridade de investimento 4a

| | |
|---|---|
| ID Prioridade de investimento | 4a |
| Título da prioridade de investimento | Fomento da produción e distribución de enerxía derivada de fontes renovables |

## 2.A.5. Eixe 4. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados

| | |
|---|---|
| ID do obxectivo específico | 040a2 |
| Título do obxectivo específico | OE.4.1.2. Aumentar a participación e distribución das enerxías renovables para usos térmicos, en particular a biomasa, biogás e biocombustibles para o transporte, en consonancia co Plan de enerxías renovables 2011-2020 e, de ser o caso, coa planificación das comunidades autónomas. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | Galicia presenta unha elevada dependencia enerxética do exterior debido a que unha porcentaxe alta do consumo de enerxía primaria procede da enerxía subministrada polo petróleo. Esta situación prodúcese a pesar do papel relevante das enerxías renovables na xeración de enerxía eléctrica en Galicia, dado que a electricidade bruta de orixe renovable representa ao redor do 55% do total de electricidade bruta xerada na Comunidade; aínda así a porcentaxe de enerxía primaria autóctona de orixe renovable respecto á enerxía primaria total consumida en Galicia é do 19%.<br>O cambio que se pretende con este obxectivo é aumentar o peso das renovables no *mix* enerxético de cara a garantir o cumprimento dos obxectivos vinculantes en materia de renovables para o ano 2020 e favorecer o paso a unha economía de baixo nivel de emisión de carbono, mediante o fomento de produción e distribución de enerxía derivada de fontes renovables.<br>A actuación en renovables centrarase neste período especialmente nas medidas de fomento das actividades asociadas ao ciclo de aproveitamento da biomasa térmica, que comprende accións dirixidas a fomentar esta fonte de enerxía. Estas actuacións están incluídas no Plan de valoración da biomasa 2014-2020 dentro da Estratexia de impulso á biomasa 2014-2020. Posto que a biomasa representa só un 6% da enerxía primaria consumida en Galicia, coas medidas de fomento asociadas a esta actuación preténdese incrementar a súa presenza como fonte enerxética renovable, fundamentalmente para a xeración de calor, o que permitirá aproveitar os potentes efectos externos para os sectores produtivos de Galicia, o que supoñería a consolidación dunha industria ao redor dos combustibles e caldeiras de biomasa.<br>Os indicadores que miden este resultado son: capacidade de produción e distribución de enerxías renovables para usos térmicos. |

***Cadro 3: Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FEDER e o Fondo de Cohesión)***

| **Obxectivo específico** | | **040a2 - OE.4.1.2 Aumentar a participación e distribución das enerxías renovables para usos térmicos, en particular a biomasa, biogás e biocombustibles para o transporte, en consonancia co Plan de enerxías renovables 2011-2020 e, de ser o caso, coa planificación das comunidades autónomas.** | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **ID** | **Indicador** | **Unidade de medida** | **Categoría de rexión** | **Valor de referencia** | **Ano de referencia** | Valor previsto [1] (2023) | **Fonte de datos** | **Frecuencia dos informes** |
| R04×1 | Capacidade de produción e distribución de enerxía renovables para usos térmicos. | Ktep | Máis desenvolvidas | 544 | 2012 | 650 | INEGA. Balance enerxético de Galicia | Anual |

(1 ) Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, os valores previstos poden ser cualitativos ou cuantitativos

## 2.A.6. Eixe 4. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento (por prioridade de investimento)

### 2.A.6.1. Eixe 4. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluíndo, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios

| Prioridade de investimento | 4a **-.** Fomento da produción e distribución de enerxía derivada de fontes renovables. |
|---|---|

Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións:

- **MEDIDAS DE FOMENTO DAS ACTIVIDADES ASOCIADAS AO CICLO DE APROVEITAMENTO DA BIOMASA TÉRMICA**.

  Actualmente, a porcentaxe de enerxía primaria autóctona de orixe renovable respecto á enerxía primaria total consumida en Galicia é do 19%, que inclúe tanto a xeración eléctrica como térmica. Tendo en conta que a electricidade bruta de orixe renovable representa preto do 55% do total de electricidade bruta xerada na Comunidade pero a biomasa representa só un 6% da enerxía primaria consumida en Galicia, considérase necesario seguir apostando polo desenvolvemento de enerxías renovables, fundamentalmente para a xeración de calor.

  A medida englóbase dentro do desenvolvemento da Estratexia de impulso á biomasa 2014-2020. Trátase dunha estratexia integral que inclúe toda a cadea de valor da biomasa desde o propietario do monte ata o usuario final das instalacións que utilicen biomasa como fonte enerxética, pasando polos fabricantes de biocombustibles (briquetas, pellets,…) e de equipamentos e compoñentes (caldeiras, silos,…). Dado o ámbito de aplicación da estratexia espérase que xere gran repercusión socioeconómica.

  As súas vantaxes considéranse múltiples: redución da dependencia enerxética exterior, a diminución de emisións de GEI, a prevención de incendios, a mellora socioeconómica de zonas rurais ou a creación de emprego entre

outras.

A biomasa representa actualmente só o 6% da enerxía primaria consumida en Galicia. Con medidas de fomento asociadas a esta experiencia, o obxectivo é aumentar a súa presenza como unha fonte de enerxía renovable, principalmente para a xeración de calor. Ademais, isto contribuirá á redución da dependencia enerxética do exterior e o uso de combustibles convencionais, xa que a biomasa é de orixe nativa. Ademais, a acción promoverá a instalación de equipamentos que utilicen este recurso como combustible, o que podería acurtar significativamente o período de retorno do investimento en comparación cos equipos convencionais que utilizan diésel ou gas natural.

As principais actuacións que se desenvolverán a través da medida que se quere implementar serán, entre outras, instalacións de xeración de calor distribuída, instalación de grandes caldeiras industriais e proxectos integrais que aproveiten a biomasa como recurso renovable autóctono dentro das administracións e os sectores industrial e de servizos.

Ao mesmo tempo, espérase aumentar a porcentaxe de enerxía primaria que representa a biomasa dentro do conxunto de combustibles utilizados en Galicia para usos térmicos (en 2012 representou un 21,8% e espérase alcanzar o 30% en 2023) e a porcentaxe de calor xerada a partir da biomasa fronte á calor total (22,7% en 2012 co obxectivo de alcanzar o 25,5% en 2023).

Por todo o anteriormente exposto considérase claro que o nivel de ambición da execución da medida é elevado e terá unha importante repercusión na diminución da dependencia enerxética exterior, na redución de emisións de produtos contaminantes e na economía galega.

Así mesmo, débese destacar que esta acción está en liña coa estratexia de especialización intelixente, RIS3, Galicia, xa que unha das súas prioridades é "Diversificación do sector da enerxía para lograr unha mellora significativa de Galicia na eficiencia do uso dos recursos naturais priorizando a biomasa e a enerxía mariña".

### 2.A.6.2. Eixe 4. Principios reitores para a selección de operacións

| Prioridade de investimento | 4a -. Fomento da produción e distribución de enerxía derivada de fontes renovables. |
|---|---|

De acordo co artigo 125.3.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección de operacións asegurarán a contribución das operacións ao logro dos obxectivos e resultados específicos da prioridade, serán transparentes e non discriminatorios e terán en conta os principios expostos nos artigos 7 (promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación) e 8 (desenvolvemento sustentable) do mencionado regulamento.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 sobre os ámbitos de intervención do FEDER.

Así mesmo, garantirase que todas as operacións executadas desde o 1 de xaneiro de 2014 ata a aprobación polo comité de seguimento destes criterios de selección estarán en consonancia con eles.

A continuación e tendo en conta que será o comité de seguimento do programa, tal e como dispón o artigo 110 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, o que examine e aprobe a metodoloxía e os criterios de selección das operacións, descríbese a título orientativo e sen ánimo de exhaustividade a tipoloxía de operacións que se propoñerán a cofinanciamento no marco desta prioridade de investimento.

- Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse operacións vinculadas á revalorización de recursos orgánicos reciclables mediante a aplicación de novas tecnoloxías que permitan aproveitar os devanditos recursos e tendo en conta a eficiencia técnica das actuacións. Poderán cofinanciarse outras accións que contribúan ao logro dos obxectivos asociados á prioridade de investimento de referencia.
- Teranse en conta aspectos relacionados coa xestión intelixente do ambiente, a enerxía e os recursos.

Priorizaranse aquelas operacións que contribúan ao cumprimento dos obxectivos da PI, con impacto potencial no

emprego e/ou sobre a competitividade das empresas da Comunidade Autónoma.

As actuacións seleccionadas irán en liña coa futura estratexia enerxética de Galicia 2015-2020, así como operacións vinculadas ao mercado enerxético previstas na RIS3.

Así mesmo, terase en conta o seu encaixe coa estratexia Enerxía 2020 ou co Programa de financiamento europeo de iniciativas innovadoras en materia de enerxías renovables NER 300, así como o potencial das enerxías baixas en carbono para a internacionalización, a xeración de actividade económica e de emprego.

**IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Con carácter xeral, a selección de operacións terá en conta o principio establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, promovendo activamente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero nas operacións obxecto de cofinanciamento.

A integración do principio de igualdade nos criterios de selección de operacións farase efectiva mediante a consideración dos seguintes aspectos:

- Os criterios de selección de operacións deseñaranse en concordancia coas fendas de xénero identificadas no diagnóstico, así como cos obxectivos de igualdade do programa. Así, fomentarán que as accións cofinanciadas persigan, de xeito específico ou de modo transversal, a redución das disparidades existentes entre homes e mulleres.
- Nesta liña, os criterios de selección poderán establecer medidas para promover a incorporación da perspectiva de xénero no deseño e a execución das operacións, considerar operacións específicas para as mulleres, incorporar o uso de cláusulas de xénero nas subvencións e contratacións públicas, e calquera outro criterio proporcional.

## 2.A.6.3. Eixe 4. Uso previsto de instrumentos financeiros (cando proceda)

| Prioridade de investimento | 4a **-**. Fomento da produción e distribución de enerxía derivada de fontes renovables. |
|---|---|
| Non procede | |

## 2.A.6.4. Eixe 4. Uso previsto de grandes proxectos

| Prioridade de investimento | 4a **-**. Fomento da produción e distribución de enerxía derivada de fontes renovables. |
|---|---|
| Non procede | |

## 2.A.6.5. Eixe 4. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión

***Cadro 5: Indicadores de produtividade comúns e específicos do programa (por prioridade de investimento, desagregados por categoría de rexión para o FSE e, cando proceda, para o FEDER*).**

| Prioridade de investimento | | 4a - O fomento da produción e distribución de enerxía derivada de fontes renovables | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Indicador | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión | Valor previsto (2023) (1) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
| | | | | | H | M | T | | |
| C030 | Capacidade adicional para producir enerxía renovable. | MW | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 176 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |
| C034 | Redución anual estimada de gases efecto invernadoiro (GEI) | Toneladas equivalentes de $CO_2$/ano | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 63.400 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |

(1) No caso do FSE, esta lista inclúe indicadores de produtividade comúns para os cales se fixou un valor previsto. Os valores previstos pódense presentar en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, na maioría dos casos a desagregación por xénero non é pertinente. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

## 2.A.4. Eixe 4. Prioridade de investimento 4b

| | |
|---|---|
| ID Prioridade de investimento | 4b |
| Título da prioridade de investimento | Fomento da eficiencia enerxética e o uso de enerxías renovables por parte das empresas |

## 2.A.5. Eixe 4. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados

| | |
|---|---|
| ID do obxectivo específico | 040b1 |
| Título do obxectivo específico | OE.4.2.1.Avanzar na avaliación e mellora da eficiencia enerxética das empresas, en particular as pemes. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | Galicia presenta unha intensidade enerxética que case duplica o valor medio da media UE (295 ktep por 1.000 €, en 2011, fronte a 157,8 ktep por 1.000 €). A pesar de que a tendencia é descendente, segue en niveis excesivamente elevados. Ademais, as emisións de gases efecto invernadoiro están, en 2011, 18 puntos por riba do obxectivo 2020.<br>O obxectivo perseguido é a redución da intensidade enerxética do tecido empresarial, o aforro e a eficiencia enerxética nas empresas, así como a consolidación da cultura das auditorías enerxéticas e a busca da eficiencia mediante o aforro enerxético no ámbito empresarial. Para alcanzalo priorizaranse medidas destinadas ao desenvolvemento de auditorías enerxéticas en pemes do sector industrial e de servizos. En función das anteriores implantaranse sistemas de xestión e medidas de aforro e eficiencia enerxética. Estas actuacións enmárcanse dentro da Estratexia enerxética de Galicia 2015-2020, que está pendente de aprobarse e que marcará as liñas de actuación neste ámbito.<br>A redución da intensidade enerxética é o resultado esperado neste obxectivo específico, polo que o indicador proposto como indicador de resultado é o seguinte: intensidade enerxética final medido en ktep/M€. |

***Cadro 3: Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FEDER e o Fondo de Cohesión)***

| Obxectivo específico | | 040b1 - OE.4.2.1 Avanzar na avaliación e mellora da eficiencia enerxética das empresas, en particular as pemes. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Indicador | Unidade de medida | Categoría de rexión | Valor de referencia | Ano de referencia | Valor previsto [1] (2023) | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
| R04×2 | Intensidade enerxética final | Ktep/M€ | Máis desenvolvidas | 0,116 | 2012 | 0,108 | INEGA. Balance enerxético de Galicia. IGE. Contas económicas | Anual |

(1 ) Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, os valores previstos poden ser cualitativos ou cuantitativos

## 2.A.6. Eixe 4. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento (por prioridade de investimento)

### 2.A.6.1. Eixe 4. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluíndo, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios

| Prioridade de investimento | 4b Fomento da eficiencia enerxética e o uso de enerxías renovables por parte das empresas |
|---|---|

Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións:

- **MEDIDAS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DE AUDITORÍAS ENERXÉTICAS, IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE XESTIÓN E PROXECTOS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO SECTOR INDUSTRIAL E DE SERVIZOS.** Consisten en actuacións de avaliación dos consumos enerxéticos das empresas co obxectivo de analizar propostas de mellora da eficiencia enerxética dos equipamentos destas empresas para unha vez implantadas conseguir a redución dos seus custos enerxéticos asociados. As auditorías enerxéticas (procedementos sistemáticos destinados a obter o perfil de consumo de enerxía existente nun edificio ou nunha instalación ou operación industrial ou comercial, co fin de determinar e cuantificar as posibilidades de aforro de enerxía a un custo eficiente e informar ao respecto) están ligadas ao desenvolvemento de proxectos de investimento derivados dos resultados obtidos nas pemes. Impulsaranse actuacións que favorezan un consumo enerxético eficiente no terreo industrial e de servizos. A mellora da eficiencia enerxética dos procesos produtivos contribuirá á redución dos custos enerxéticos das empresas e axudará a mellorar a súa competitividade, incidindo fundamentalmente en proxectos dirixidos a pemes. Desenvolveranse proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas industrias e no sector servizos, nos que todas as medidas subvencionadas deben xustificar previamente o aforro enerxético previsto pola actuación que se vai desenvolver. Cabería destacar, entre outras actuacións para realizar, as seguintes: renovación de caldeiras de derivados de petróleo por outras máis eficientes ou por bombas de calor aerotérmicas ou xeotérmicas; substitución da iluminación actual por outra de maior eficiencia, principalmente tecnoloxía LED; incorporación de intercambiadores de calor para o aproveitamento de enerxías residuais; instalación de variadores de frecuencia en motores; renovación de maquinaria industrial de proceso; renovación de instalacións auxiliares como compresores de aire en centrais de frío; implementación de equipos de medida e monitorización de consumos enerxéticos que contribúan a unha mellora da xestión da enerxía na empresa; así como calquera outra medida de novo deseño que acredite a debida solvencia desde o punto de vista xurídico, técnico e económico.

  En relación co nivel de ambición das medidas que se levarán a cabo en empresas, estableceranse os seguintes criterios:

  - En actuacións de iluminación exixirase un aforro enerxético mínimo do 40% en relación co consumo inicial da instalación de iluminación sobre a cal se actúa.

  - En actuacións de aforro enerxético sobre equipamentos do proceso produtivo do sector industrial, así como dos sistemas auxiliares necesarios para o seu funcionamento, o aforro enerxético mínimo exixido para ser subvencionable será do 5% do consumo inicial do proceso ou sistema. Esta porcentaxe mínima de aforro aplicarase tamén a calquera outro tipo de actuación de aforro enerxético cando o novo equipamento ou sistema utilice biomasa como fonte de enerxía.

  - Un mínimo do 20% de aforro enerxético en relación co consumo na súa situación inicial para calquera outra actuación e, en concreto, para a renovación de equipamento para produción de calor ou frío destinadas a atender o benestar e hixiene das persoas.

  En canto ás auditorías enerxéticas, será requisito para financiar unha auditoría enerxética un compromiso formal do representante da empresa de executar todas as actuacións de aforro detectadas na auditoría que presenten o suficiente grao de madureza tecnolóxica e un período de retorno do investimento inferior a dous anos.

  As actuacións que se deberán desenvolver enmárcanse na Estratexia enerxética de Galicia 2015-2020, que está

pendente de aprobarse e que marcará as liñas de actuación neste ámbito.

## 2.A.6.2. Eixe 4. Principios reitores para a selección de operacións

| **Prioridade de investimento** | 4b Fomento da eficiencia enerxética e o uso de enerxías renovables por parte das empresas |
|---|---|

De acordo co artigo 125.3.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección de operacións asegurarán a contribución das operacións ao logro dos obxectivos e resultados específicos da prioridade, serán transparentes e non discriminatorios, e terán en conta os principios expostos nos artigos 7 (promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación) e 8 (desenvolvemento sustentable) do mencionado regulamento.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 sobre os ámbitos de intervención do FEDER.

Así mesmo, garantirase que todas as operacións executadas desde o 1 de xaneiro de 2014 ata a aprobación polo comité de seguimento destes criterios de selección estarán en consonancia con eles.

A continuación e tendo en conta que será o comité de seguimento do programa, tal e como dispón o artigo 110 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, o que examine e aprobe a metodoloxía e os criterios de selección das operacións, descríbese a título orientativo e sen ánimo de exhaustividade a tipoloxía de operacións que se propoñerán a cofinanciamento no marco desta prioridade de investimento.

- Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse accións dirixidas fundamentalmente a proxectos vinculados ao mundo da empresa a través dos cales se estenda e consolide a eficiencia enerxética como un elemento fundamental no tecido produtivo, reforzando a aplicación de plans específicos e a implantación de sistemas de xestión do devandito mecanismo. Poderán cofinanciarse outras accións que contribúan ao logro dos obxectivos asociados á prioridade de investimento de referencia.
- Os investimentos só poderán ser beneficiarias de axuda sobre a base dunha auditoría enerxética.
- Teranse en conta aspectos relacionados coa xestión intelixente do ambiente, a enerxía e os recursos.

Priorizaranse aquelas operacións que contribúan ao cumprimento dos obxectivos da PI, con impacto potencial no emprego e/ou sobre a competitividade das empresas da Comunidade Autónoma.

As actuacións seleccionadas irán en liña coa futura estratexia enerxética de Galicia 2015-2020, así como operacións vinculadas ao mercado enerxético previstas na RIS3.

Así mesmo, terase en conta o seu encaixe coa estratexia Enerxía 2020 ou o Programa de financiamento europeo de iniciativas innovadoras en materia de enerxías renovables NER 300, así como o potencial das enerxías baixas en carbono para a internacionalización, a xeración de actividade económica e de emprego.

No financiamento da renovación de edificios con fondos estruturais e de cohesión terase en conta a guía técnica da Comisión neste ámbito (Technical Guidance. Financing the energy renovation of buildings with Cohesion Policy funding). Esta guía require esencialmente (i) a valoración das barreiras que preveñen a renovación de edificios, (ii) a identificación e priorización das categorías de edificios que se pretenden tratar, (iii) o nivel de eficiencia enerxética que se alcanzará ou a identificación de paquetes de medidas e valoración de opcións para a renovación profunda, así como (iv) o plan de seguimento dos impactos.

**IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Con carácter xeral, a selección de operacións terá en conta o principio establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, promovendo activamente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero nas operacións obxecto de cofinanciamento.

A integración do principio de igualdade nos criterios de selección de operacións farase efectiva mediante a consideración dos seguintes aspectos:

- Os criterios de selección de operacións deseñaranse en concordancia coas fendas de xénero identificadas no diagnóstico, así como cos obxectivos de igualdade do programa. Así, fomentarán que as accións cofinanciadas persigan, de xeito específico ou de modo transversal, a redución das disparidades existentes entre homes e mulleres.

Nesta liña, os criterios de selección poderán establecer medidas para promover a incorporación da perspectiva de xénero no deseño e a execución das operacións, considerar operacións específicas para as mulleres, incorporar o uso de cláusulas de xénero nas subvencións e contratacións públicas, e calquera outro criterio proporcional.

## 2.A.6.3. Eixe 4. Uso previsto de instrumentos financeiros (cando proceda)

| Prioridade de investimento | 4b Fomento da eficiencia enerxética e o uso de enerxías renovables por parte das empresas |
|---|---|
| Non procede | |

## 2.A.6.4. Eixe 4. Uso previsto de grandes proxectos

| Prioridade de investimento | 4b Fomento da eficiencia enerxética e o uso de enerxías renovables por parte das empresas |
|---|---|
| Non procede | |

## 2.A.6.5. Eixe 4. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión

***Cadro 5: Indicadores de produtividade comúns e específicos do programa (por prioridade de investimento, desagregados por categoría de rexión para o FSE e, cando proceda, para o FEDER*).**

| Prioridade de investimento | | 4b - O fomento da eficiencia enerxética e o uso de enerxías renovables por parte das empresas | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Indicador | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión | Valor previsto (2023) [1] | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
| | | | | | H | M | T | | |
| E001Z | Redución do consumo de enerxía final en infraestruturas públicas ou Empresas | Ktep/ano | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 19,1 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |

(1) No caso do FSE, esta lista inclúe indicadores de produtividade comúns para os cales se fixou un valor previsto. Os valores previstos pódense presentar en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, na maioría dos casos a desagregación por xénero non é pertinente. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

## 2.A.4. Eixe 4. Prioridade de investimento 4c

| | |
|---|---|
| ID Prioridade de investimento | 4c |
| Título da prioridade de investimento | Apoio da eficiencia enerxética, da xestión intelixente da enerxía e do uso de enerxías renovables nas infraestruturas públicas, incluídas os edificios públicos, e nas vivendas |

## 2.A.5. Eixe 4. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados

| | |
|---|---|
| ID do obxectivo específico | 040c1 |
| Título do obxectivo específico | OE.4.3.1 Mellorar a eficiencia enerxética e redución de emisións de $CO_2$ na edificación e nas infraestruturas e servizos públicos. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | A intensidade enerxética de Galicia case duplica o valor medio da media UE (295 ktep por 1.000 €, en 2011, fronte a 157,8 ktep por 1.000 €). A pesar de que a tendencia é descendente, segue en niveis excesivamente elevados. Ademais, as emisións de gases efecto invernadoiro están, en 2011, 18 puntos por riba do obxectivo 2020.<br>O obxectivo perseguido é un aumento substancial do aforro e a eficiencia enerxética nas infraestruturas públicas, incluídos os edificios públicos, e nas vivendas de protección oficial. Adicionalmente tamén se pretende fomentar a redución de emisións de $CO_2$ na liña da Estratexia Europa 2020.<br>Por iso, inclúense neste obxectivo específico actuacións de auditoría enerxética e intervencións de mellora da eficiencia enerxética na Administración pública, enmarcadas dentro da Estratexia de aforro e eficiencia enerxética no sector público de Galicia 2015-2020 (que inclúen actuacións de reforma de elementos construtivos para a mellora da eficiencia enerxética en edificios educativos; medidas de aforro e eficiencia enerxética en edificacións xudiciais, administrativas, sociais, educativas, deportivas e sanitarias de Galicia, mediante novas instalacións e equipamentos enerxéticos e de impermeabilización e, por último, medidas destinadas á rehabilitación integral das vivendas sociais para reducir as emisións de carbono e o consumo enerxético).<br>A redución do consumo final de enerxía no ámbito de actuación das medidas é o resultado esperado neste obxectivo específico, polo que o indicador proposto como indicador de resultado é o seguinte: consumo final de enerxía en edificios e vivendas públicas. |

***Cadro 3: Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FEDER e o Fondo de Cohesión)***

| Obxectivo específico | | 040c1 - OE.4.3.1 Mellorar a eficiencia enerxética na edificación e nas infraestruturas e servizos públicos. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **ID** | **Indicador** | **Unidade de medida** | **Categoría de rexión** | **Valor de referencia** | **Ano de referencia** | **Valor previsto [1] (2023)** | **Fonte de datos** | **Frecuencia dos informes** |
| R04×3 | Consumo final de enerxía en edificios e vivendas públicas | Ktep | Máis desenvolvidas | 42 | 2015 | 45,48 | INEGA. Balance enerxético de Galicia | Anual |

(1 ) Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, os valores previstos poden ser cualitativos ou cuantitativos

## 2.A.6. Eixe 4. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento (por prioridade de investimento)

### 2.A.6.1. Eixe 4. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluíndo, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios

| Prioridade de investimento | 4c. Apoio da eficiencia enerxética, da xestión intelixente da enerxía e do uso de enerxías renovables nas infraestruturas públicas, incluídas os edificios públicos, e nas vivendas. |
|---|---|

Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións:

- **MEDIDAS DESTINADAS Á REHABILITACIÓN DA ENVOLVENTE DAS VIVENDAS DE PROTECCIÓN OFICIAL PARA REDUCIR AS EMISIÓNS DE CARBONO E O CONSUMO ENERXÉTICO**. A actuación promoverá a rehabilitación enerxética das vivendas existentes de protección pública, cuxo censo actual é lixeiramente superior ás 30.000 vivendas, das cales arredor dun 10% están en réxime de alugamento. Dada a antigüidade de moitos dos edificios, preténdese reducir significativamente o consumo enerxético directo, cunha actuación integrada na que se mellore a envolvente da edificación a través de mellora en illamento, carpintarías, tratamento das pontes térmicas e a eficiencia enerxética da instalación de calefacción, entre outras actuacións. Como consecuencia fomentarase a redución de emisións de $CO_2$ na liña da Estratexia Europa 2020. Con esta actuación preténdese actuar en 1.125 vivendas pertencentes aos edificios de maior antigüidade e que presentan maiores problemas de eficiencia enerxética e que representan o 4% das vivendas de protección pública.

  Exixirase que nos edificios de vivenda obxecto da actuación se consiga unha redución mínima do 20% da demanda enerxética dos servizos de calefacción do edificio mediante actuacións no seu envolvente. A determinación da demanda enerxética do edificio antes e despois da actuación realizarase seguindo o procedemento establecido no Código técnico da edificación.

- **MEDIDAS DESTINADAS AO AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA AUTONÓMICA NO MARCO DO PLAN DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA 2015-2020**. Poñerase en marcha a realización de estudos de implantación, impulso e apoio á execución dos proxectos de aforro e eficiencia enerxética no marco das actuacións consideradas no Plan de aforro e eficiencia enerxética 2015-2020.

  A futura Estratexia enerxética de Galicia 2015-2020 considera o aforro e a eficiencia enerxética como un dos temas centrais da política enerxética do Goberno.

  Está liña inclúe actuacións de avaliación e estudo das posibilidades de aforro e mellora da eficiencia na Administración pública, enmarcadas dentro da Estratexia de aforro e eficiencia enerxética no sector público de Galicia 2015-2020; actuacións de reforma de elementos construtivos para mellora da eficiencia enerxética en **edificios educativos**; medidas de aforro e eficiencia enerxética en **edificacións xudiciais, administrativas, sociais, educativas, deportivas e sanitarias**, mediante novas instalacións e equipamentos enerxéticos e de impermeabilización para reducir as emisións de carbono e o consumo enerxético. Antes de abordar cada actuación, procederase a estudar a situación de partida, así como as posibles alternativas de forma que se seleccione aquela actuación que ofreza a maior eficiencia futura e os maiores aforros, conseguindo con iso o maior impacto económico por medio dos futuros aforros en custos enerxéticos e de xestión.

  Neste sentido, a guía de investimentos enerxéticos en infraestruturas destaca o papel que pode xogar o sector público como dinamizador da devandita actividade e exemplo para o resto de sectores económicos.

  Esixirase unha porcentaxe de redución significativo no consumo de enerxía primaria non renovable, de modo que

os niveis de aforro de consumo final de enerxía primaria non renovable sexan maiores ou iguais ao 15% nas distintas actuacións que leven a cabo, con respecto á situación inicial”

## 2.A.6.2. Eixe 4. Principios reitores para a selección de operacións

| **Prioridade de investimento** | 4c. Apoio da eficiencia enerxética, da xestión intelixente da enerxía e do uso de enerxías renovables nas infraestruturas públicas, incluídos os edificios públicos, e nas vivendas |
|---|---|

De acordo co artigo 125.3.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección de operacións asegurarán a contribución das operacións ao logro dos obxectivos e resultados específicos da prioridade, serán transparentes e non discriminatorios, e terán en conta os principios expostos nos artigos 7 (promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación) e 8 (desenvolvemento sustentable) do mencionado regulamento.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 sobre os ámbitos de intervención do FEDER.

Así mesmo, garantirase que todas as operacións executadas desde o 1 de xaneiro de 2014 ata a aprobación polo comité de seguimento destes criterios de selección estarán en consonancia con eles.

A continuación e tendo en conta que será o comité de seguimento do programa, tal e como dispón o artigo 110 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, o que examine e aprobe a metodoloxía e os criterios de selección das operacións, descríbese, a título orientativo e sen ánimo de exhaustividade, a tipoloxía de operacións que se propoñerán a cofinanciamento no marco desta prioridade de investimento.

- Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse accións dirixidas fundamentalmente a proxectos vinculados á eficiencia enerxética naquelas infraestruturas propiedade en primeira ou última instancia da Administración. Poderán cofinanciarse outras accións que contribúan ao logro dos obxectivos asociados á prioridade de investimento de referencia.
- Os investimentos só poderán ser beneficiarios de axuda sobre a base dunha auditoría enerxética.
- Teranse en conta aspectos relacionados coa xestión intelixente do ambiente, a enerxía e os recursos.

Priorizaranse aquelas operacións que contribúan ao cumprimento dos obxectivos da PI, con impacto potencial no emprego e/ou sobre a competitividade da Comunidade Autónoma.

As actuacións seleccionadas irán, así mesmo, en liña coa futura estratexia enerxética de Galicia 2015-2020, así como operacións vinculadas ao mercado enerxético previstas na RIS3.

No financiamento da renovación de edificios con fondos estruturais e de cohesión terase en conta a guía técnica da Comisión neste ámbito (Technical Guidance. Financing the energy renovation of buildings with Cohesion Policy funding). Esta guía require esencialmente (i) a valoración das barreiras que preveñen a renovación de edificios, (ii) a identificación e priorización das categorías de edificios que se pretenden tratar, (iii) o nivel de eficiencia enerxética que se alcanzará ou a identificación de paquetes de medidas e valoración de opcións para a renovación profunda así como (iv) o plan de seguimento dos impactos.

Para as vivendas de protección pública poderanse aplicar axudas non reembolsables sobre a base de criterios de pobreza enerxética debidamente identificados e niveis ambiciosos de aforro de enerxía.

**IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Con carácter xeral, a selección de operacións terá en conta o principio establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, promovendo activamente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero nas operacións obxecto de cofinanciamento.

A integración do principio de igualdade nos criterios de selección de operacións farase efectiva mediante a

consideración dos seguintes aspectos:

- Os criterios de selección de operacións deseñaranse en concordancia coas fendas de xénero identificadas no diagnóstico, así como cos obxectivos de igualdade do programa. Así, fomentarán que as accións cofinanciadas persigan, de xeito específico ou de modo transversal, a redución das disparidades existentes entre homes e mulleres.

Nesta liña, os criterios de selección poderán establecer medidas para promover a incorporación da perspectiva de xénero no deseño e a execución das operacións, considerar operacións específicas para as mulleres, incorporar o uso de cláusulas de xénero nas subvencións e contratacións públicas, e calquera outro criterio proporcional.

### 2.A.6.3. Eixe 4. Uso previsto de instrumentos financeiros (cando proceda)

| Prioridade de investimento | 4c. Apoio da eficiencia enerxética, da xestión intelixente da enerxía e do uso de enerxías renovables nas infraestruturas públicas, incluídos os edificios públicos, e nas vivendas |
|---|---|
| Non procede | |

### 2.A.6.4. Eixe 4. Uso previsto de grandes proxectos

| Prioridade de investimento | 4c. Apoio da eficiencia enerxética, da xestión intelixente da enerxía e do uso de enerxías renovables nas infraestruturas públicas, incluídos os edificios públicos, e nas vivendas |
|---|---|
| Non procede | |

### 2.A.6.5. Eixe 4. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión

***Cadro 5: Indicadores de produtividade comúns e específicos do programa (por prioridade de investimento, desagregados por categoría de rexión para o FSE e, cando proceda, para o FEDER*).**

| Prioridade de investimento | | 4c - O apoio da eficiencia enerxética, da xestión intelixente da enerxía e do uso de enerxías renovables nas infraestruturas públicas, incluídos os edificios públicos, e nas vivendas | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Indicador | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión | Valor previsto (2023) [1] | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
| | | | | | H | M | T | | |
| C031 | Número de fogares con mellor consumo enerxético | Fogares | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 1.125 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |
| C032 | Redución do consumo anual de enerxía primaria en edificios públicos | kWh/ano | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 52.994.413 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |
| C034 | Reducción anual estimada de gases de efecto invernadero (GEI) | Toneladas de $CO_2$ equivalente | FEDER | Más desarrolladas | - | - | 12.911 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |

(1) No caso do FSE, esta lista inclúe indicadores de produtividade comúns para os cales se fixou un valor previsto. Os valores previstos pódense presentar en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, na maioría dos casos a desagregación por xénero non é pertinente. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

## 2.A.4. Eixe 4. Prioridade de investimento 4e

| | |
|---|---|
| ID Prioridade de investimento | 4e |
| Título da prioridade de investimento | Fomento de estratexias de redución do carbono para todo tipo de territorio, especialmente as zonas urbanas, incluídas o fomento da mobilidade urbana multimodal sustentable e as medidas de adaptación con efecto de mitigación |

## 2.A.5. Eixe 4. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados

| | |
|---|---|
| ID do obxectivo específico | 040e1 |
| Título do obxectivo específico | OE 4.5.1 Fomento da mobilidade urbana sustentable: transporte urbano limpo, transporte colectivo, conexión urbana-rural, melloras da rede viaria, transporte ciclista, peonil, mobilidade eléctrica e desenvolvemento de sistemas de subministración de enerxías limpas. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | A porcentaxe de viaxeiros que utilizan o transporte urbano regular en Galicia sobre o conxunto nacional supera lixeiramente o 2% cando o peso da poboación galega sobre a nacional rolda o 6%. O uso de vehículo propio incrementa a porcentaxe de consumo de enerxía primaria procedente de combustibles fósiles e as emisións de gases efecto invernadoiro, que están, xa en 2011, 18 puntos por riba do obxectivo 2020.<br>O obxectivo perseguido é a redución do uso do automóbil/transporte individual nos desprazamentos, medio de transporte máis contaminante en cantidade e calidade, promovendo o transporte colectivo, a intermodalidade e o transporte ciclista e peonil.<br>Para iso inclúense medidas alternativas ao vehículo privado a través do transporte ciclista e peonil en ámbitos urbanos e periurbanos. A actuación enmárcase no desenvolvemento do Plan MOVE e o Plan director de mobilidade alternativa de Galicia. Ademais, estableceranse medidas destinadas ao desenvolvemento e integración dun sistema de xestión de transporte á demanda na Comunidade Autónoma que procederá a unha reordenación do sistema de transporte público. Por último, poténciase o uso do transporte público en detrimento do vehículo privado mediante a execución de plataformas intermodais nos principais núcleos de poboación da Comunidade Autónoma de Galicia, inexistentes en ningunha das capitais galegas. Concretamente, preténdese promover así a consecución da intermodalidade especialmente entre o transporte en autobús e o transporte ferroviario, mediante a análise, dimensionamento e execución das correspondentes plataformas intermodais que permitan a integración dos devanditos modos de transporte público.<br>O indicador que mida estes resultados é Viaxeiros en transporte urbano regular (nº persoas). |

***Cadro 3: Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FEDER e o Fondo de Cohesión)***

| Obxectivo específico | | 040e1 - OE.4.5.1 Fomento da mobilidade urbana sustentable: transporte urbano limpo, transporte colectivo, conexión urbana-rural, melloras da rede viaria, transporte ciclista, peonil, mobilidade eléctrica e desenvolvemento de sistemas de subministración de enerxías limpas. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Indicador | Unidade de medida | Categoría de rexión | Valor de referencia | Ano de referencia | Valor previsto (1) (2023) | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
| R073A | Viaxeiros en transporte urbano regular | Persoas | Máis desenvolvidas | 60.205 | 2013 | 80.000 | INE: Estatística de transporte de viaxeiros | Anual |

(1 ) Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, os valores previstos poden ser cualitativos ou cuantitativos

## 2.A.6. Eixe 4. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento (por prioridade de investimento)

### 2.A.6.1. Eixe 4. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluíndo, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios

| Prioridade de investimento | 4e. Fomento de estratexias de redución do carbono para todo tipo de territorio, especialmente as zonas urbanas, incluídos o fomento da mobilidade urbana multimodal sustentable e as medidas de adaptación con efecto de mitigación |
|---|---|

Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións que están integradas na Estratexia rexional de mobilidade alternativa que na actualidade se está a redeseñar, coa finalidade de apoiar o paso a unha economía baixa en carbono no ámbito da mobilidade:

- **MEDIDAS DE APOIO AO DESENVOLVEMENTO DA MOBILIDADE URBANA E INTERURBANA SUSTENTABLE: SENDAS PEONÍS E CICLISTAS.** Con esta actuación trátase de fomentar a mobilidade urbana sustentable deseñando carrís para bicicletas e camiños peonís no marco da Estratexia rexional de mobilidade alternativa e como desenvolvemento do Plan MOVE. Estas actuacións levaranse a cabo no ámbito de zonas urbanas ou de zonas funcionais urbanas. Esta actuación contribuirá a desenvolver un territorio intercomunicado cunha rede de vías de mobilidade alternativa (non motorizada) ao vehículo privado, coas importantes melloras ambientais derivadas.

- **MEDIDAS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO E INTEGRACIÓN DUN SISTEMA DE XESTIÓN DE TRANSPORTE EN FUNCIÓN DA DEMANDA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA.** A elevada dispersión da poboación da Comunidade Autónoma, xunto coa diminución demográfica que padecen os territorios interiores, fan necesaria a implantación dun novo modelo de transporte coherente co Regulamento (CE) 1370/2007, do Parlamento e do Consello, do 23 de outubro de 2007, sobre os servizos públicos de transporte de viaxeiros por ferrocarril e por estrada, e cos compromisos asumidos pola Xunta de Galicia coa propia Comisión Europea. Deste xeito, procederase a unha reordenación do sistema de transporte público que afectará o conxunto da Comunidade Autónoma, en especial coa implantación dun sistema de transporte en función da demanda baseado na utilización de sistemas intelixentes de transporte, fixando rutas con esta modalidade distribuídas en zonas de transporte que se definirán. Coa implantación destes novos servizos de transporte en función da demanda definiranse os proxectos de explotación destes e a súa integración co resto do sistema de transporte público, a conexión urbana-rural e a implantación dos programas de mobilidade alternativa.

- **MEDIDAS DESTINADAS Á ARTICULACIÓN DOS DIFERENTES MODOS DE TRANSPORTE TERRESTRE CO OBXECTIVO DE CONSEGUIR A INTERMODALIDADE NOS CENTROS DE TRANSPORTE**. A actuación pretende dar cumprimento ao obxectivo en materia de intermodalidade definido na estratexia rexional e no Plan de intermodalidade da Comunidade Autónoma de Galicia: conseguir potenciar o uso do transporte público en detrimento do vehículo privado mediante a execución de plataformas intermodais nos principais núcleos de poboación. Concretamente, pretendese promover así a consecución da intermodalidade entre os diferentes tipos de transporte terrestre, especialmente entre o transporte en autobús e o transporte ferroviario, mediante a análise, dimensionamento e execución das correspondentes plataformas intermodais que permitan a integración modal entre os devanditos modos de transporte público. Para isto desenvolveranse as análises e valoracións técnicas necesarias tales como estudos, anteproxectos, proxectos e demais documentación técnica que se precise para a definición das diferentes solucións construtivas e a posterior execución das medidas e actuacións que se conclúan necesarias para o fomento e consecución da devandita intermodalidade.

## 2.A.6.2. Eixe 4. Principios reitores para a selección de operacións

| | |
|---|---|
| **Prioridade de investimento** | 4e. Fomento de estratexias de redución do carbono para todo tipo de territorio, especialmente as zonas urbanas, incluídas o fomento da mobilidade urbana multimodal sustentable e as medidas de adaptación con efecto de mitigación |

De acordo co artigo 125.3.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección de operacións asegurarán a contribución das operacións ao logro dos obxectivos e resultados específicos da prioridade, serán transparentes e non discriminatorios, e terán en conta os principios expostos nos artigos 7 (promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación) e 8 (desenvolvemento sustentable) do mencionado regulamento.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 sobre os ámbitos de intervención do FEDER.

Así mesmo, garantirase que todas as operacións executadas desde o 1 de xaneiro de 2014 ata a aprobación polo comité de seguimento destes criterios de selección estarán en consonancia con eles.

A continuación e tendo en conta que será o comité de seguimento do programa, tal e como dispón o artigo 110 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, o que examine e aprobe a metodoloxía e os criterios de selección das operacións, descríbese, a título orientativo e sen ánimo de exhaustividade, a tipoloxía de operacións que se propoñerán a cofinanciamento no marco desta prioridade de investimento.

- Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse accións que fomenten o patrimonio natural e cultural da rexión e o desenvolvemento de infraestruturas verdes e para a mobilidade sustentable. Así mesmo, poderán cofinanciarse outras accións que contribúan ao logro dos obxectivos asociados á prioridade de investimento de referencia.
- Teranse en conta aspectos relacionados coa xestión intelixente do ambiente, a enerxía e os recursos.

Priorizaranse aquelas operacións que contribúan ao cumprimento dos obxectivos da PI, fundamentalmente a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, e que teñan impacto potencial no emprego e/ou sobre a sustentabilidade territorial de Comunidade Autónoma.

**IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Con carácter xeral, a selección de operacións terá en conta o principio establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, promovendo activamente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero nas operacións obxecto de cofinanciamento.

A integración do principio de igualdade nos criterios de selección de operacións farase efectiva mediante a

consideración dos seguintes aspectos:

- Os criterios de selección de operacións deseñaranse en concordancia coas fendas de xénero identificadas no diagnóstico, así como cos obxectivos de igualdade do programa. Así, fomentarán que as accións cofinanciadas persigan, de xeito específico ou de modo transversal, a redución das disparidades existentes entre homes e mulleres.
- Nesta liña, os criterios de selección poderán establecer medidas para promover a incorporación da perspectiva de xénero no deseño e a execución das operacións, considerar operacións específicas para as mulleres, incorporar o uso de cláusulas de xénero nas subvencións e contratacións públicas, e calquera outro criterio proporcional.

## 2.A.6.3. Eixe 4. Uso previsto de instrumentos financeiros

| | |
|---|---|
| Prioridade de investimento | 4e. Fomento de estratexias de redución do carbono para todo tipo de territorio, especialmente as zonas urbanas, incluídas o fomento da mobilidade urbana multimodal sustentable e as medidas de adaptación con efecto de mitigación |
| | |

## 2.A.6.4. Eixe 4. Uso previsto de grandes proxectos

| | |
|---|---|
| Prioridade de investimento | 4e. Fomento de estratexias de redución do carbono para todo tipo de territorio, especialmente as zonas urbanas, incluídas o fomento da mobilidade urbana multimodal sustentable e as medidas de adaptación con efecto de mitigación |
| Non procede | |

## 2.A.6.5. Eixe 4. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión

***Cadro 5: Indicadores de produtividade comúns e específicos do programa (por prioridade de investimento, desagregados por categoría de rexión para o FSE e, cando proceda, para o FEDER*).**

| Prioridade de investimento | | 4e - O fomento de estratexias de redución do carbono para todo tipo de territorio, especialmente as zonas urbanas, incluído o fomento da mobilidade urbana multimodal sustentable e as medidas de adaptación con efecto de mitigación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Indicador | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión | Valor previsto (2023) [(1)] | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
| | | | | | H | M | T | | |
| E008 | Lonxitude de pistas para bicicletas e sendeiros | Quilómetros | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 106,5 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |
| E029 | Número de usuarios que teñen acceso ou están cubertos por servizos de transporte intelixente | Usuarios | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 1.500.000,0 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |
| E033 | Número de pasaxeiros/ano beneficiados pola actuación de transporte intermodal | Pasaxeiros/ano | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 100.000,0 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |

(1) No caso do FSE, esta lista inclúe indicadores de produtividade comúns para os cales se fixou un valor previsto. Os valores previstos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, na maioría dos casos a desagregación por xénero non é pertinente. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

## 2.A.7. Eixe 4. Innovación social, cooperación transnacional e contribución aos obxectivos temáticos 1 a 7

| Eixe prioritario | 04 - EP4. Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores |
|---|---|
| | |

## 2.A.8. Eixe 4. Marco de rendemento

***Cadro 6: Marco de rendemento do eixe prioritario (por Fondo e, para o FEDER e o FSE, categoría de rexión)***[10]

| Prioridade de investimento | 04 - EP4. Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Tipo de indicador | Identificación | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión | Fito para 2018 (1) | | | Meta final (2023) (2) | | | Fonte de datos | Explicación da pertinencia do indicador (cando proceda) |
| | | | | | | H | M | T | H | M | T | | |
| C032 | P | Redución do consumo anual de enerxía primaria en edificios públicos | KWh/año | FEDER | Más desarrolladas | - | - | 14.340.660 | - | - | 52.994.413 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | |
| E001Z | P | Redución do consumo de enerxía final en infraestruturas públicas ou empresas | Ktep/ano | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 6,7 | - | - | 19,1 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | |
| E008 | P | Lonxitude de pistas para bicicletas e sendeiros | Quilómetros | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 42 | - | - | 107 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | |
| F02 | F | Importe total do gasto subvencionable anotado no sistema da AC e certificado segundo o art. 126.c do RDC | Euros | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 44.821.125 | - | - | 229.032.465,5 | Fondos 2020 | |

(1) Os fitos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. «M» = homes, «M» = mulleres, «T»= total.

(2) Os valores previstos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

[10] ) Cando a IEX se executa como parte dun eixe prioritario, os seus fitos e metas deben distinguirse dos demais fitos e metas do eixe prioritario, de conformidade cos actos de execución aos que se refire o artigo 22, apartado 7, parágrafo quinto, do Regulamento (UE) nº 1303/2013, ao excluírse da reserva de rendemento os recursos asignados á IEX (asignación específica e axuda correspondente do FSE).

## Información cualitativa adicional sobre o establecemento do marco de rendemento (opcional)

En liña coa normativa sobre a programación dos fondos estruturais europeos, e especificamente co Regulamento de execución (UE) 215/2014, do 7 de marzo de 2014, elabourouse o marco de rendemento do eixe 4 'Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores'. A súa elaboración desenvolveuse como parte do proceso participativo posto en marcha para o deseño do conxunto do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

O proceso de elaboración do marco de rendemento iníciase a través da identificación dos indicadores de produtividade pertinentes de cada unha das actuacións, no marco de cada obxectivo específico e prioridade de investimento. Foron as entidades xestoras, dentro do seu ámbito de intervención e das actuacións planificadas, as que levaron a cabo a selección dos indicadores. O seu coñecemento das políticas públicas en marcha e da realidade sobre a que se pretende intervir foron claves neste proceso. Os indicadores establecéronse partindo dunha lista de indicadores comúns e específicos presentada pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas coa finalidade de manter unha lóxica común entre todos os programas operativos FEDER en España.

Despois de identificar estes indicadores e establecido o fito de implementación para o ano 2018 e a meta para o ano 2023, seleccionáronse aqueles indicadores que cumprisen mellor co obxectivo do marco de rendemento: medir o grao de implementación e cumprimento do programa. Nesta parte do proceso, as entidades xestoras desenvolveron tamén un rol clave ao identificar que actuacións e indicadores son os máis adecuados para garantir que o marco de rendemento reflicte de forma adecuada os obxectivos e resultados que se pretenden lograr por cada eixe prioritario ou obxectivo temático.

No caso do eixe 4 'Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores' seleccionáronse tres indicadores de produtividade: 'C030 Capacidade adicional para producir enerxía renovable'; o 'E001 Redución do consumo de enerxía final en infraestruturas públicas ou empresas' e o 'E008 Lonxitude de pistas para bicicletas e sendeiros'. A concentración financeira das actuacións seleccionadas ligadas a estes tres indicadores supón un 56,0% do total da axuda FEDER, de maneira que se supera o 50,0% de concentración requirida polo regulamento.

- O indicador de produtividade " C032 Redución do consumo anual de enerxía primaria en edificios públicos" estableceuse para unha liña de actuación que representa o 32,2 % do financiamento do total do eixo prioritario.

- O indicador de produtividade 'E001Z Redución do consumo de enerxía final en infraestruturas públicas ou empresas' estableceuse para unha liña de actuación que representa o 16,4% do financiamento do total do eixe prioritario

- O indicador de produtividade 'E008 Lonxitude de pistas para bicicletas e sendeiros' estableceuse para unha liña de actuación que representa o 15,3% do financiamento do total do eixe prioritario.

Respecto á medición do desempeño financeiro (en termos de custo total) seleccionouse o indicador financeiro F02, que establece un total 44.821.125 € para o fito de implementación no ano 2018; e o total do financiamento (229.032.463 €) do eixe prioritario 4 para o dato de meta para o ano 2023. A táboa de marco de rendemento mostra a información relativa aos indicadores seleccionados no marco do eixe prioritario 4.

## 2.A.9. Eixe 4. Categorías de intervención

***Cadros 7-11: Categorías de intervención[11]***

***Cadro 7: Dimensión 1. Ámbito de intervención.***

| Eixe prioritario | 04 - EP4. Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 011 Enerxía renovables: biomasa | 27.700.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 014 Renovación do parque inmobiliario existente co obxecto da eficiencia enerxética, proxectos de demostración e medidas de apoio | 68.018.532 €€ |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 044 Sistemas de transporte intelixentes (incluíndo a introdución da xestión da demanda, os sistemas de telepeaxe e os sistemas informáticos de información e control) | 2.000.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 068 Eficiencia enerxética e proxectos de demostración en peme e medidas de apoio | 30.000.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 090 Carrís para bicicletas e camiños peonís | 28.000.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 043 Infraestrutura e fomento de transporte urbano limpo (incluídos equipos e material rodante) | 27.507.438,00 € |

***Cadro 8: Dimensión 2. Forma de financiamento***

| Eixe prioritario | 04 - EP4. Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 01 Subvención non reembolsable | 183.225.970 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 02 Subvención reembolsable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 03 Apoio mediante instrumentos financeiros: capital risco, participacións ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 04 Apoio mediante instrumentos financeiros: préstamos ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 05 Apoio mediante instrumentos financeiros: avais ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 06 Apoio mediante instrumentos financeiros: bonificacións de xuros, subvencións de comisións de garantía, apoio técnico ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 07 Primas | 0,00 € |

[11] Os importes inclúen o total da axuda da Unión (a asignación principal e a asignación procedente da reserva de rendemento).

*Cadro 9: Dimensión 3. Tipo de territorio.*

| Eixe prioritario | 04 - EP4. Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 01 Grandes zonas urbanas (densamente poboadas >50.000) | 74.489.696 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 02 Pequenas zonas urbanas (medianamente poboadas >5.000) | 32.046.718 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 03 Zonas rurais (pouco poboadas) | 6.989.556 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 04 Zonas de cooperación interrexional | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 05 Cooperación entre zonas de programas nacionais ou rexionais nun contexto nacional | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 06 Cooperación transnacional do FSE | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 07 Non procede | 69.700.000,00 € |

*Cadro 10: Dimensión 4. Mecanismos de aplicación territorial*

| Eixe prioritario | 04 - EP4. Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 01 Investimento territorial integrado: urbana | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 02 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento urbano sustentable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 03 Investimento territorial integrado: non urbana | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 04 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento rural sustentable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 05 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento urbano ou rural sustentable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 06 Iniciativas de desenvolvemento local a cargo das comunidades locais | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 07 Non procede | 183.225.970 € |

*Cadro 11: Dimensión 6. Tema secundario do FSE (só FSE)*

| Eixe prioritario | 04 - EP4. Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores | | |
|---|---|---|---|
| Fondo | Categoría de rexión | Código | Importe € |
| | | | |

## 2.A.10. Eixe 4. Resumo do uso previsto da asistencia técnica, incluído, se é o caso, as accións destinadas a reforzar a capacidade administrativa das autoridades que participan na xestión e no control dos programas e beneficiarios (por eixe prioritario)

| Eixe prioritario | 04 - EP4. Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores | | |
|---|---|---|---|
| Fondo | Categoría de rexión | Código | Importe € |
| | | | |

## 2.A.1 Eixe prioritario 5

| ID do eixe prioritario | 05 |
|---|---|
| Título do eixe prioritario | EP5 Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos. |

| | |
|---|---|
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase unicamente con instrumentos financeiro | *Non procede* |
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase unicamente con instrumentos financeiros establecidos a nivel da Unión | *Non procede* |
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase con desenvolvemento local participativo | *Non procede* |
| ☐ No caso do FSE: a totalidade do eixe prioritario está dedicada á innovación social, á cooperación transnacional ou a ambas as dúas | *Non procede* |

Neste eixe prográmanse actuacións nas dúas prioridades e en dous obxectivos específicos, presentando unha importante sinerxía entre ambas as dúas, xa que as da primeira prioridade comprenden a posta en marcha de modelos de predición de riscos ante inundacións, incendios, episodios de contaminación atmosférica e adversos de orixe climática, polo que constitúen a prevención para desenvolver as demais. Todas elas están enmarcadas no Plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA), que é un plan de carácter integral no cal se inclúen o plan Emerxe Galicia, de próxima aprobación, que comprende un conxunto de actuacións relacionadas coa actualización dos distintos plans de seguridade existentes (Plan sobre inundacións e incendios, de emerxencias nas industrias químicas, fronte aos riscos radiolóxicos etc.), actualización da normativa de protección civil e de emerxencias, así como a mellora das infraestruturas e equipamento da cobertura transfronteiriza.

As actuacións deste eixe son complementarias coas medidas previstas no FEADER

## 2.A.2. Eixe 5. Xustificación do establecemento dun eixe prioritario que abranga máis dunha categoría de rexión, obxectivo temático ou fondo

[Non procede]

## 2.A.3. Eixe 5. Fondo, categoría de rexión e base de cálculo da axuda da Unión

| Fondo | Categoría de rexión | Base de cálculo (gasto total subvencionable ou gasto público subvencionable) | Categoría de rexión para as rexións ultraperiféricas e as rexións escasamente poboadas do norte |
|---|---|---|---|
| FEDER | Máis desenvolvidas | Público | |

## 2.A.4. Eixe 5. Prioridade de investimento 5a

| ID Prioridade de investimento | 5a |
|---|---|
| Título da prioridade de investimento | Apoio ao investimento destinado á adaptación ao cambio climático, incluídas formulacións baseadas nos ecosistemas |

## 2.A.5. Eixe 5. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados

| | |
|---|---|
| ID do obxectivo específico | 050a1 |
| Título do obxectivo específico | OE.5.1.1.Desenvolvemento de coñecementos e elaboración de plans en relación coa adaptación ao cambio climático e a prevención de riscos, incluíndo os sistemas de alerta temperá, de seguimento e avaliación. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | As características naturais en termos xeográficos (comunidade con máis quilómetros de costa, 19,6% do total nacional), forestais (o 22% da biomasa arbórea nacional está en Galicia) e climáticos da rexión galega convértena nun territorio especialmente exposto ao cambio climático, onde levar a cabo actuacións de carácter preventivo ten un carácter crucial. Estas actuacións deben garantir unha especial atención á adaptación da realidade da rexión aos desafíos que o cambio climático presenta nunha rexión coas características naturais de Galicia, así como ter en conta a especial incidencia de fenómenos meteorolóxicos asociados ao cambio climático e as súas consecuencias en termos ambientais, sociais e económicos.<br><br>O cambio previsto oriéntase cara á consolidación da cultura da prevención en materia de riscos e adaptación ao cambio climático.<br><br>A actuación que cobre este obxectivo é o desenvolvemento de redes de observación, prevención de riscos e análise sectorial de adaptación ao cambio climático en Galicia que, entre outros, ten como obxectivo medir a calidade do aire, de fenómenos meteorolóxicos e oceanográficos que permitan garantir unha calidade na observación ambiental e a posta en marcha de modelos de predición de riscos ante inundacións, incendios, episodios de contaminación atmosférica e adversos de orixe climática.<br><br>O indicador que mide o resultado das actuacións propostas é a poboación exposta a calidade do aire mala ou mellorable. |

***Cadro 3: Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FEDER e o Fondo de Cohesión)***

| Obxectivo específico | | 050a1 - OE.5.1.1 Desenvolvemento de coñecementos e elaboración de plans en relación coa adaptación ao cambio climático e a prevención de riscos, incluíndo os sistemas de alerta temperá, de seguimento e avaliación. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Indicador | Unidade de medida | Categoría de rexión | Valor de referencia | Ano de referencia | Valor previsto [1] (2023) | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
| R05×1 | Poboación exposta a calidade do aire mala ou mellorable | % | Máis desenvolvidas | 56,9 | 2013 | 40,0 | Meteogalicia | Anual |

(1) Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, os valores previstos poden ser cualitativos ou cuantitativos

## 2.A.6. Eixe 5. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento (por prioridade de investimento)

### 2.A.6.1. Eixe 5. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluíndo, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios

| Prioridade de investimento | 5a - Apoio ao investimento destinado á adaptación ao cambio climático, incluídas formulacións baseadas nos ecosistemas |
|---|---|

Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse

**REDES DE OBSERVACIÓN, PREVENCIÓN DE RISCOS E ANÁLISE SECTORIAL DE ADAPTACIÓN AO CAMBIO CLIMÁTICO EN GALICIA.** Consistirán en:

1. Adopción de medidas encamiñadas a mellorar o coñecemento das vulnerabilidades dos ecosistemas galegos para avaliar os efectos do cambio climático en Galicia. Realizaranse actuacións dirixidas a garantir a calidade da observación ambiental, así como a posta en marcha de modelos de predición de riscos ante inundacións, incendios, episodios de contaminación atmosférica e adversos de orixe climática, mediante:
   - o desenvolvemento de ferramentas de detección precoz relacionadas coa adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos, a través de redes de medición en tempo real de parámetros relacionados coa calidade das augas, o que inclúe as medidas necesarias (desde a adquisición ata a calibración de equipamentos automáticos e o contraste dos resultados cos obtidos das redes manuais) para garantir o correcto funcionamento destas redes de medición e a fiabilidade dos datos obtidos.
   - Adquisición e calibración de novos sensores de calidade do aire, meteorolóxicos e oceanográficos que permitan garantir unha calidade na observación ambiental e a posta en marcha de modelos de predición de riscos ante inundacións, incendios, episodios de contaminación atmosférica e adversos de orixe climática.
2. Análise sectorial de adaptación ao cambio climático en Galicia:
   - Emprenderanse análises sectoriais sobre a adaptación ao cambio climático en Galicia en liña co previsto polo Plan nacional de adaptación ao cambio climático. Os resultados destas análises serán utilizados para identificar vulnerabilidades sobre as cales se traballará de cara a deseñar novas liñas de adaptación, e outorgaráselles especial importancia ás dirixidas a sensibilizar a poboación.

### 2.A.6.2. Eixe 5. Principios reitores para a selección de operacións

| **Prioridade de investimento** | 5a - Apoio ao investimento destinado á adaptación ao cambio climático, incluídas formulacións baseadas nos ecosistemas |
|---|---|

De acordo co artigo 125.3.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección de operacións asegurarán a contribución das operacións ao logro dos obxectivos e resultados específicos da prioridade, serán transparentes e non discriminatorios, e terán en conta os principios expostos nos artigos 7 (promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación) e 8 (desenvolvemento sustentable) do mencionado regulamento.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 sobre os ámbitos de intervención do FEDER.

Por regra xeral atenderase ás seguintes liñas fundamentais, que inclúen formulacións ecosistémicas para a adaptación ao cambio climático e as medidas preventivas, co obxecto de lograr sinerxías e, por tanto, contribuír aos obxectivos de

protección da natureza, incluída a súa coherencia e a súa contribución á consecución dos obxectivos de conservación dos espazos da Rede Natura 2000 conforme os seus plans de xestión:

2.1 Observación do clima e os ecosistemas que permita avaliar os efectos do cambio climático, así como as medidas de mitigación e adaptación que se vaian facendo ao longo dos anos.
3.1 Predición do comportamento do clima e os ecosistemas que permitan propoñer medidas de adaptación ao cambio climático.
4.1 Elaboración dun programa de adaptación ao cambio climático que permita elaborar estratexias cos distintos departamentos da Xunta que mitiguen as consecuencias do cambio climático e permitan asegurar a existencia dos ecosistemas actuais ou mesmo mellorar o seu contorno. Neste sentido propoñeranse, sobre a base do estado do aire actual, medidas correctoras que permitan a adaptación dos ecosistemas para os efectos do cambio climático.

Así mesmo, garantirase que todas as operacións executadas desde o 1 de xaneiro de 2014 ata a aprobación polo comité de seguimento destes criterios de selección estarán en consonancia con eles.

**IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Con carácter xeral, a selección de operacións terá en conta o principio establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, promovendo activamente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero nas operacións obxecto de cofinanciamento.

A integración do principio de igualdade nos criterios de selección de operacións farase efectiva mediante a consideración dos seguintes aspectos:

- Os criterios de selección de operacións deseñaranse en concordancia coas fendas de xénero identificadas no diagnóstico, así como cos obxectivos de igualdade do programa. Así, fomentarán que as accións cofinanciadas persigan, de xeito específico ou de modo transversal, a redución das disparidades existentes entre homes e mulleres.
- Nesta liña, os criterios de selección poderán establecer medidas para promover a incorporación da perspectiva de xénero no deseño e a execución das operacións, establcer operacións específicas para as mulleres, incorporar o uso de cláusulas de xénero nas subvencións e contratacións públicas, e calquera outro criterio proporcional.

## 2.A.6.3. Eixe 5. Uso previsto de instrumentos financeiros

| Prioridade de investimento | 5a - Apoio ao investimento destinado á adaptación ao cambio climático, incluídas formulacións baseadas nos ecosistemas |
|---|---|
| Non procede | |

## 2.A.6.4. Eixe 5. Uso previsto de grandes proxectos

| Prioridade de investimento | 5a - Apoio ao investimento destinado á adaptación ao cambio climático, incluídas formulacións baseadas nos ecosistemas |
|---|---|
| Non procede | |

## 2.A.6.5. Eixe 5. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión

***Cadro 5: Indicadores de produtividade comúns e específicos do programa (por prioridade de investimento, desagregados por categoría de rexión para o FSE e, cando proceda, para o FEDER)***

| Prioridade de investimento | 5a - O apoio ao investimento destinado á adaptación ao cambio climático, incluídas propostas baseadas nos ecosistemas | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Indicador | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión | Valor previsto (2023) (1) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
| | | | | | H | M | T | | |
| E023 | Poboación beneficiada por medidas de planificación para prevención de catástrofes e restauración de zonas danadas | Persoas | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 2.613.978 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Por proxecto |

(1) No caso do FSE, esta lista inclúe indicadores de produtividade comúns para os cales se fixou un valor previsto. Os valores previstos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, na maioría dos casos a desagregación por xénero non é pertinente. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

## 2.A.4. Eixe 5. Prioridade de investimento 5b

| | |
|---|---|
| ID Prioridade de investimento | 5b |
| Título da prioridade de investimento | Fomento do investimento para abordar os riscos específicos, garantía de resiliencia fronte ás catástrofes e desenvolvemento de sistemas de xestión de catástrofes |

## 2.A.5. Eixe 5. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados

| | |
|---|---|
| ID do obxectivo específico | 050b1 |
| Título do obxectivo específico | OE.5.2.1. Fomento do investimento para a prevención e xestión de riscos específicos sobre as poboacións, incluíndo protección civil. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | Un dos principais desafíos a que se enfronta o mundo actual é o cambio climático, unha ameaza ambiental, social e económica. Galicia enfróntase a un maior risco de incendios forestais (o 40% dos sinistros españois prodúcense en Galicia dada a súa importante masa forestal, é a comunidade autónoma con máis biomasa arbórea por hectárea da península 135 $m^3$ por ha) incidencia na erosión, alteración dos recursos hídricos como seca e inundacións, redución da capacidade dos encoros por acumulación de sedimentos e desertización. De cara aos próximos anos, tanto os modelos de predición meteorolóxicos globais coma os rexionais apuntan a un aumento das precipitacións extremas do 10% (precipitación diaria), o que suporá un incremento do risco de inundación.<br><br>O obxectivo da programación neste caso é o da redución dos danos causados por sinistralidade ligada a emerxencias climáticas e incendios.<br><br>A Xunta de Galicia conta na planificación da xestión de riscos co Plan |

| | |
|---|---|
| | territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) para a prevención e mitigación dos riscos, e a súa detención precoz. O Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA). Ademais, a planificación da Xunta de Galicia trata de conseguir o establecemento no ano 2015 dos plans de xestión de risco de inundación para as distintas bacías, que permitan paliar e previr os efectos adversos xerados polas inundacións. A súa implantación desenvólvese en tres fases:<br><br>- Avaliación preliminar do risco de inundación (decembro de 2011),<br>- Definición de mapas de perigosidade e mapas de risco de inundación (decembro de 2013)<br>- Establecemento de plans de xestión de riscos de inundación (decembro de 2015)<br><br>Para cubrir estas necesidades propóñense as seguintes actuacións: medidas de prevención e xestión das inundacións na demarcación hidrográfica Galicia-Costa, medidas de modernización da frota de vehículos motobomba contra os incendios forestais, medidas destinadas á mellora da dotación de equipamentos, instalacións e infraestruturas de protección civil destinadas á prevención e xestión de riscos derivados de catástrofes naturais e outros fenómenos relacionados co clima.<br><br>O resultado esperado destas actuacións é a diminución dos riscos potenciais a que está sometida a poboación da Comunidade Autónoma de Galicia. Mediranse os resultados cos indicadores: poboación exposta a risco de inundacións e superficie queimada polos incendios forestais (ha). |

***Cadro 3: Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FEDER e o Fondo de Cohesión)***

| **Obxectivo específico** | | **050b1 - OE.5.2.1 Fomento do investimento para a prevención e xestión de riscos específicos sobre as poboacións, incluíndo protección civil.** | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **ID** | **Indicador** | **Unidade de medida** | **Categoría de rexión** | **Valor de referencia** | **Ano de referencia** | Valor previsto [1] (2023) | **Fonte de datos** | **Frecuencia dos informes** |
| R050A | Poboación exposta a risco de inundacións | Nº de habitantes | Máis desenvolvidas | 42.293 | 2012 | 27.490 | IET. Instituto de Estudos do Territorio de Galicia | Anual |
| R051 | Superficie queimada polos incendios forestais | Hectáreas | Máis desenvolvidas | 30.166 | 2012 | 25.000 | Estatística de incendios forestais elaborada pola Secretaría Xeral para o Territorio e a Biodiversidade, do Ministerio de Medio Ambiente. | Anual |

(1 ) Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, os valores previstos poden ser cualitativos ou cuantitativos

## 2.A.6. Eixe 5. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento (por prioridade de investimento)

### 2.A.6.1. Eixe 5. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluíndo, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios

| Prioridade de investimento | 5b - Fomento do investimento para abordar os riscos específicos, garantía de resiliencia fronte ás catástrofes e desenvolvemento de sistemas de xestión de catástrofes |
|---|---|

Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións:

- **MEDIDAS DE PREVENCIÓN E XESTIÓN DAS INUNDACIÓNS NA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA - COSTA.** A planificación da Xunta de Galicia trata de conseguir o establecemento no ano 2015 dos plans de xestión de risco de inundación para as distintas bacías, que permitan paliar e previr os efectos adversos xerados polas inundacións. A súa implantación desenvólvese en tres fases:
    1. Avaliación preliminar do risco de inundación (decembro de 2011),
    2. Definición de mapas de perigosidade e mapas de risco de inundación (decembro de 2013)
    3. Establecemento de plans de xestión de riscos de inundación (decembro de 2015)
- Nesta actuación formúlase a execución das accións derivadas do proceso de implantación da Directiva 2007/60/CE relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación, cos obxectivos de:
  - Diminuír o risco de inundación nos 543 km dos tramos de río incluídos nas áreas de risco potencial significativo de inundación (ARPSI) identificadas.
  - Mellora do estado ecolóxico como efecto indirecto de reducir riscos a través de medidas de xestión que diminúan a presión sobre as canles.

  Entre outras accións, recóllense:
    - Realización de actuacións que permitan mellorar o fluxo da auga nos leitos, eliminando obstáculos e reforzando a estabilidade das ribeiras cando sexa preciso.
    - Mellorar o sistema de Augas de Galicia para a predición de inundacións, elaborando ademais os plans das presas dos encoros xestionadas pola Comunidade Autónoma.

  Esta liña de actuación comprende principalmente medidas preventivas de inundacións, para tratar de eliminar restricións ao fluxo de auga, baseadas en plans de xestión de riscos de inundacións, nas cales se terá en conta a recomendación da Comisión ("blueprint" da auga), privilexiando medidas de implantación de "infraestruturas verdes" para protección de canles, combinadas, cando sexa necesario, con obras de drenaxe, conducións, canalizacións e obras de protección e canles de emerxencia.

- **MEDIDAS DE MODERNIZACIÓN DA FROTA DE VEHÍCULOS MOTOBOMBA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS**. O dispositivo de prevención e defensa contra os incendios forestais demanda, para garantir o éxito das operacións, modernos vehículos motobomba, máis eficientes, respectuosos co ambiente e dotados de melloras técnicas que incrementen a seguridade do persoal. Con esta actuación preténdese financiar a adquisición de vehículos motobomba co obxectivo de renovar o 50% da frota de vehículos motobomba da Consellería do Medio Rural e do Mar durante o período 2014-2020.

- **MEDIDAS DESTINADAS Á MELLORA DA DOTACIÓN DE EQUIPAMENTOS, INSTALACIÓNS E INFRAESTRUTURAS DE PROTECCIÓN CIVIL DESTINADAS Á PREVENCIÓN E XESTIÓN DE RISCOS DERIVADOS DE CATÁSTROFES NATURAIS E OUTROS FENÓMENOS RELACIONADOS CO CLIMA.** A actuación ten como obxectivo a adquisición de equipamento operativo e infraestruturas adaptadas á incorporación

de novos servizos de emerxencias integrados no novo centro destinado á xestión integrada das emerxencias 112 Galicia (CIAE 112 Galicia) e daqueles sistemas tecnolóxicos e operativos necesarios para a implantación do backup do CIAE 112. A execución desta actuación implica a necesaria realización de investimentos en equipamentos, instalacións e infraestruturas necesarias para a prevención e mitigación dos riscos definidos no Plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) e a súa detención precoz, así como cumprir as estratexias do plan Emerxe Galicia.

- **MEDIDAS DESTINADAS Á DOTACIÓN DE EQUIPAMENTOS, INSTALACIÓNS E INFRAESTRUTURAS DESTINADAS Á PREVENCIÓN E XESTIÓN DE RISCOS NOS ÁMBITOS DE EMERXENCIAS E PROTECCIÓN CIVIL.** Trátase dun bloque de medidas, que se realizarán co reforzo dos grupos de emerxencia supramunicipais creados no ano 2013, e con actuacións da unidade policial dependente da Xunta de Galicia (UPA), que permitirá a mellora da capacidade de prevención e redución dos tempos de resposta fronte aos riscos e emerxencias derivados de diferentes sinistros (incendios forestais, inundacións, protección do ambiente natural etc.), co fin de garantir a seguridade das persoas e dos bens, así como a protección do ambiente. En definitiva, trátase dun plan de prevención e mitigación de riscos. A súa implementación e execución implica a necesaria realización de investimentos en equipamentos, instalacións e infraestruturas de prevención e doutros medios necesarios para a mitigación e prevención de riscos. Esta actuación está incluída no plan Emerxe, de futura aprobación, que contén un mapa de emerxencias que comprende todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, cun horizonte de vixencia temporal de 2015 a 2020.

## 2.A.6.2. Eixe 5. Principios reitores para a selección de operacións

| | |
|---|---|
| **Prioridade de investimento** | 5b - Fomento do investimento para abordar os riscos específicos, garantía de resiliencia fronte ás catástrofes e desenvolvemento de sistemas de xestión de catástrofes. |

De acordo co artigo 125.3.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección de operacións asegurarán a contribución das operacións ao logro dos obxectivos e resultados específicos da prioridade, serán transparentes e non discriminatorios, e terán en conta os principios expostos nos artigos 7 (promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación) e 8 (desenvolvemento sustentable) do mencionado regulamento.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 sobre os ámbitos de intervención do FEDER.

Así mesmo, garantirase que todas as operacións executadas desde o 1 de xaneiro de 2014 ata a aprobación polo comité de seguimento destes criterios de selección estarán en consonancia con eles.

A continuación e tendo en conta que será o comité de seguimento do programa, tal e como dispón o artigo 110 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, o que examine e aprobe a metodoloxía e os criterios de selección das operacións, descríbese a título orientativo e sen ánimo de exhaustividade a tipoloxía de operacións que se propoñerán a cofinanciamento no marco desta prioridade de investimento.

- Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse accións vinculadas á mellora da capacidade, dos medios dispoñibles para a detección de posibles riscos vinculados ao cambio climático, principalmente os de carácter ecosistémico e as medidas preventivas. Así mesmo, poderán cofinanciarse outras accións que contribúan ao logro dos obxectivos asociados á prioridade de investimento de referencia, tendo en conta para iso os plans de xestión dos lugares Rede Natura 2000 nos casos en que sexa oportuno.

Priorizaranse actuacións de carácter estratéxico para Galicia, priorizando as incluídas no Platerga, Pladiga e plan Emerxe Galicia, e nos plans de inundacións, incendios forestais e doutras catástrofes naturais.

**IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Con carácter xeral, a selección de operacións terá en conta o principio establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, promovendo activamente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero nas operacións obxecto de cofinanciamento.

A integración do principio de igualdade nos criterios de selección de operacións farase efectiva mediante a consideración dos seguintes aspectos:

- Os criterios de selección de operacións deseñaranse en concordancia coas fendas de xénero identificadas no diagnóstico, así como cos obxectivos de igualdade do programa. Así, fomentarán que as accións cofinanciadas persigan, de xeito específico ou de modo transversal, a redución das disparidades existentes entre homes e mulleres.
- Nesta liña, os criterios de selección poderán establecer medidas para promover a incorporación da perspectiva de xénero no deseño e a execución das operacións, considerar operacións específicas para as mulleres, incorporar o uso de cláusulas de xénero nas subvencións e contratacións públicas, e calquera outro criterio proporcional.

## 2.A.6.3. Eixe 5. Uso previsto de instrumentos financeiros

| | |
|---|---|
| Prioridade de investimento | 5b - Fomento do investimento para abordar os riscos específicos, garantía de resiliencia fronte ás catástrofes e desenvolvemento de sistemas de xestión de catástrofes. |
| Uso previsto de instrumentos financeiros | |

## 2.A.6.4. Eixe 5. Uso previsto de grandes proxectos

| | |
|---|---|
| Prioridade de investimento | 5b - Fomento do investimento para abordar os riscos específicos, garantía de resiliencia fronte ás catástrofes e desenvolvemento de sistemas de xestión de catástrofes. |
| Non procede | |

## 2.A.6.5. Eixe 5. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión

***Cadro 5: Indicadores de produtividade comúns e específicos do programa (por prioridade de investimento, desagregados por categoría de rexión para o FSE e, cando proceda, para o FEDER)***

| Prioridade de investimento | | 5b - O fomento do investimento para facer fronte a riscos específicos, garantindo unha resiliencia fronte ás catástrofes e desenvolvendo sistemas de xestión de catástrofes | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Indicador | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión | Valor previsto (2023) [1] | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
| | | | | | H | M | T | | |
| C020 | Poboación beneficiaria das medidas de prevención de inundacións | Persoas | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 29.129 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |
| C021 | Poboación beneficiada das medidas de prevención contra incendios forestais | Persoas | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 125.000 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |
| E005 | Poboación beneficiada pola actuación e que diminúe o seu risco | Persoas | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 2.613.978 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |

(1) No caso do FSE, esta lista inclúe indicadores de produtividade comúns para os cales se fixou un valor previsto. Os valores previstos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, na maioría dos casos a desagregación por xénero non é pertinente. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

## 2.A.7. Eixe 5. Innovación social, cooperación transnacional e contribución aos obxectivos temáticos 1 a 7

| Eixe prioritario | 05 - EP5. Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos |
|---|---|
| | |

## 2.A.8. Eixe 5. Marco de rendemento

***Cadro 6: Marco de rendemento do eixe prioritario (por Fondo e, para o FEDER e o FSE, categoría de rexión)***[12]

| Prioridade de investimento | 05 - EP5. Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Tipo de indicador | Identificación | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión | Fitos para 2018 (1) | | | Meta final (2023) (2) | | | Fonte de datos | Explicación da pertinencia do indicador, cando proceda |
| | | | | | | H | M | T | H | M | T | | |
| C020 | P | Poboación beneficiaria das medidas de prevención de inundacións | Persoas | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 9.490 | - | - | 29.129 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | |
| E023 | P | Poboación beneficiada por medidas de planificación para prevención de catástrofes e restauración de zonas danadas | Persoas | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 1.800.000 | - | - | 2.613.978 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | |
| F02 | F | Importe total do gasto subvencionable anotado no sistema da AC e certificado segundo o art. 126.c do RDC | Euros | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 20.619.761 | - | - | 49.422.659 | Fondos 2020 | |

(1) Os fitos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. «M» = homes, «M» = mulleres, «T»= total.

(2) Os valores previstos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

[12] Cando a IEX se executa como parte dun eixe prioritario, os seus fitos e metas deben distinguirse dos demais fitos e metas do eixe prioritario, de conformidade cos actos de execución aos que se refire o artigo 22, apartado 7, parágrafo quinto, do Regulamento (UE) nº 1303/2013, ao excluírse da reserva de rendemento os recursos asignados á IEX (asignación específica e axuda correspondente do FSE).

**Información cualitativa adicional sobre o establecemento do marco de rendemento (opcional)**

En liña coa normativa sobre a programación dos fondos estruturais europeos, e especificamente co Regulamento de execución (UE) 215/2014, do 7 de marzo de 2014, elaborouse o marco de rendemento do eixe 5 'Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos'. A súa elaboración desenvolveuse como parte do proceso participativo posto en marcha para o deseño do conxunto do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

O proceso de elaboración do marco de rendemento iníciase a través da identificación dos indicadores de produtividade pertinentes de cada unha das actuacións, no marco de cada obxectivo específico e prioridade de investimento. Foron as entidades xestoras, dentro do seu ámbito de intervención e das actuacións planificadas, as que levaron a cabo a selección dos indicadores. O seu coñecemento das políticas públicas en marcha e da realidade sobre a cal se pretende intervir foron claves neste proceso. Os indicadores establecéronse partindo dunha lista de indicadores comúns e específicos presentada pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas coa finalidade de manter unha lóxica común entre todos os programas operativos FEDER en España.

Despois de identificar estes indicadores e establecido o fito de implementación para o ano 2018 e a meta para o ano 2023, seleccionáronse aqueles indicadores que cumprisen mellor co obxectivo do marco de rendemento: medir o grao de implementación e cumprimento do programa. Nesta parte do proceso, as entidades xestoras desenvolveron tamén un rol clave ao identificar que actuacións e indicadores son os máis adecuados para garantir que o marco de rendemento reflicte de forma adecuada os obxectivos e resultados que se pretenden lograr por cada eixe prioritario ou obxectivo temático.

No caso do eixe 5 'Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos' seleccionáronse dous indicadores de produtividade: 'C020 Poboación beneficiaria das medidas de prevención de inundacións'; e o 'E023 Poboación beneficiada por medidas de planificación para prevención de catástrofes e restauración de zonas danadas'. A concentración financeira das actuacións seleccionadas ligadas a estes dous indicadores supón un 50,7% do total da axuda FEDER, de maneira que se supera o 50% de concentración requirida polo regulamento.

- O indicador de produtividade 'C020 Poboación beneficiaria das medidas de prevención de inundacións' estableceuse para unha actuación que representa o 25,3% do financiamento do total do eixe prioritario.

- O indicador de produtividade 'E023 Poboación beneficiada por medidas de planificación para prevención de catástrofes e restauración de zonas danadas' estableceuse para unha actuación que representa o 25,4% do financiamento do total do eixe prioritario.

Respecto á medición do desempeño financeiro (en termos de custo total), seleccionouse o indicador financeiro F02 que establece un total 20.619.761 € para o fito de implementación no ano 2018; e o total do financiamento (49.422.659 €) do eixe prioritario 5 para o dato de meta para o ano 2023.

A táboa de marco de rendemento mostra a información relativa aos indicadores seleccionados no marco do eixe prioritario 5.

## 2.A.9. Eixe 5. Categorías de intervención

***Cadros 7-11: Categorías de intervención*[13]**

***Cadro 7: Dimensión 1. Ámbito de intervención.***

| Eixe prioritario | 05 - EP5. Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 087 Medidas de adaptación ao cambio climático e prevención e xestión de riscos relacionados co clima, como a erosión, os incendios, as inundacións, as tormentas e as secas, incluída a sensibilización, a protección civil e os sistemas e infraestruturas de xestión de catástrofes | 39.538.127,00 € |

***Cadro 8: Dimensión 2. Forma de financiamento***

| Eixe prioritario | 05 - EP5. Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 01 Subvención non reembolsable | 39.538.127,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 02 Subvención reembolsable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 03 Apoio mediante instrumentos financeiros: capital risco, participacións ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 04 Apoio mediante instrumentos financeiros: préstamos ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 05 Apoio mediante instrumentos financeiros: avais ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 06 Apoio mediante instrumentos financeiros: bonificacións de xuros, subvencións de comisións de garantía, apoio técnico ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 07 Primas | 0,00 € |

[13] Os importes inclúen o total da axuda da Unión (a asignación principal e a asignación procedente da reserva de rendemento).

*Cadro 9: Dimensión 3. Tipo de territorio.*

| Eixe prioritario | 05 - EP5 Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 01 Grandes zonas urbanas (densamente poboadas >50.000) | 3.663.238,78 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 02 Pequenas zonas urbanas (medianamente poboadas >5.000) | 20.933.321,60 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 03 Zonas rurais (pouco poboadas) | 13.541.566,62 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 04 Zonas de cooperación interrexional | 1.400.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 05 Cooperación entre zonas de programas nacionais ou rexionais nun contexto nacional | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 06 Cooperación transnacional do FSE | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 07 Non procede | 0,00 € |

*Cadro 10: Dimensión 4. Mecanismos de aplicación territorial*

| Eixe prioritario | 05 - EP5. Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 01 Investimento territorial integrado: urbana | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 02 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento urbano sustentable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 03 Investimento territorial integrado: non urbana | 27.426.195,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 04 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento rural sustentable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 05 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento urbano ou rural sustentable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 06 Iniciativas de desenvolvemento local a cargo das comunidades locais | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 07 Non procede | 12.111.932,00 € |

***Cadro 11: Dimensión 6. Tema secundario do FSE (só FSE)***

| Eixe prioritario | 05 - EP5. Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos | | |
|---|---|---|---|
| Fondo | Categoría de rexión | Código | Importe € |
| | | | |

## 2.A.10. Eixe 5. Resumo do uso previsto da asistencia técnica, incluídas, se é o caso, as accións destinadas a reforzar a capacidade administrativa das autoridades que participan na xestión e no control dos programas e beneficiarios (por eixe prioritario)

| Eixe prioritario | 05 - EP5. Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos | | |
|---|---|---|---|
| Fondo | Categoría de rexión | Código | Importe € |
| | | | |

## 2.A.1 Eixe prioritario 6

| | |
|---|---|
| ID do eixe prioritario | 06 |
| Título do eixe prioritario | EP6 Conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos. |

| | |
|---|---|
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase unicamente con instrumentos financeiro | *Non procede* |
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase unicamente con instrumentos financeiros establecidos a nivel da Unión | *Non procede* |
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase con desenvolvemento local participativo | *Non procede* |
| ☐ No caso do FSE: a totalidade do eixe prioritario está dedicada á innovación social, á cooperación transnacional ou a ambas as dúas | *Non procede* |

As actuacións que se programan neste eixe responden de forma clara á importancia que o ambiente, a natureza, a paisaxe e a súa relación coa actividade económica e social presentan en Galicia, para un desenvolvemento económico e social sustentable, como se recolle no "Diagnóstico de situación socioeconómico e territorial". Intentouse equilibrar o principio de concentración de prioridades para lograr o maior impacto, coas sinerxías que se producirán coas intervencións nas prioridades seleccionadas. Estas prioridades son: saneamento de augas, residuos e posta en valor do patrimonio natural e cultural.

As intervencións programadas neste eixe enmárcanse nunha estratexia global baseada no principio transversal de crecemento sustentable, de acordo coa Estratexia Europa 2020, que buscará lograr os seguintes resultados, con impacto no crecemento sustentable e o emprego:

- Diminución da xeración de residuos, e avance na prevención e reutilización, fomentando a separación, e impulsando a recollida selectiva, a separación, a reciclaxe e o tratamento de residuos.
- Culminar o ciclo da auga, coa terminación da rede de saneamento para alcanzar os obxectivos ambientais da Directiva marco da auga, a reforma e optimización dos sistemas de saneamento das rías galegas e as actuacións que permitan alcanzar o bo estado ecolóxico do resto de masas de auga e conseguir a diminución das verteduras en tempo de chuvia.
- Poñer en valor os recursos naturais, culturais e patrimoniais da rexión e preservar o patrimonio material e inmaterial de Galicia.
- Asegurar a conservación da biodiversidade da rexión.

No ámbito do FEDER, a coordinación entre a AXE e as CC.AA. está asegurada no obxectivo temático 6, xa que a AXE vai programar no período 2014-2020 co devandito fondo unicamente en saneamento e depuración de augas residuais nas EDAR obxecto da súa competencia por seren declaradas de interese xeral (depuradora de Santiago de Compostela), non concorrentes coa da Xunta de Galicia.

Por outra parte serán tamén complementadas coas actuacións do FEADER, xa que a protección do ambiente e o uso eficiente dos recursos e a adaptación ao cambio climático dos sistemas produtivos constitúen obxectivos transversais do

PDR. Neste ámbito, as medidas Feader oriéntanse exclusivamente a superficies agrícolas e forestais, polo que os ámbitos nos cales se actuará quedan delimitados.

Por outro lado, a coordinación das actuacións nestes sectores no ámbito urbano será posta en práctica pola Rede de Iniciativas Urbanas, na cal participan a Rede de Autoridades Ambientais e as CC.AA.

## 2.A.2. Eixe 6. Xustificación do establecemento dun eixe prioritario que abranga máis dunha categoría de rexión, obxectivo temático ou fondo

[Non procede]

## 2.A.3. Eixe 6. Fondo, categoría de rexión e base de cálculo da axuda da Unión

| Fondo | Categoría de rexión | Base de cálculo (gasto total subvencionable ou gasto público subvencionable) | Categoría de rexión para as rexións ultraperiféricas e as rexións escasamente poboadas do norte |
|---|---|---|---|
| FEDER | Máis desenvolvidas | Público | |

## 2.A.4. Eixe 6. Prioridade de investimento 6a

| | |
|---|---|
| ID Prioridade de investimento | 6a |
| Título da prioridade de investimento | O investimento no sector dos residuos para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de ambiente e para abordar as necesidades, determinadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá dos devanditos requisitos |

## 2.A.5. Eixe 6. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados

| | |
|---|---|
| ID do obxectivo específico | 060a1 |
| Título do obxectivo específico | OE.6.1.1. Desenvolver a separación, recollida selectiva e tratamento de residuos, incluíndo accións de peche de ciclo, considerando tanto os plans de xestión como os investimentos en infraestruturas. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | Aínda que Galicia presenta unha redución do volume de residuos nos últimos anos, sobre todo dos residuos mesturados, xunto a unha redución da recollida selectiva, existe unha saturación das plantas de tratamento, que procesan só o 70% do total xerado, polo que queda un 30% de residuos sen tratar. En canto ao tipo de residuos recollidos existe unha maior proporción dos domésticos e similares (domésticos e vías públicas) e residuos de animais e vexetais.<br>Preténdese continuar coa diminución na xeración de residuos, avanzar na prevención e reutilización, fomentando a separación destes, e impulsando a recollida selectiva, a separación, a reciclaxe e o tratamento de residuos. |

| | |
|---|---|
| | Para atender esta necesidade priorizaranse medidas destinadas á prevención e redución de residuos, de desenvolvemento da separación, recollida selectiva e reciclaxe de residuos domésticos e industriais, xunto coa prevención, control e seguimento na industria dirixidas á redución da contaminación do solo e da atmosfera. Estas actuacións enmárcanse dentro do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia (PXRUG) 2010-2020.<br>Diminuír a cantidade de residuos e os non tratados xunto co incremento da recollida selectiva destes, entre os cales os urbanos son os de maior cantidade, é o resultado esperado neste obxectivo específico, polo que o indicador proposto é o % do volume de residuos domésticos recollidos selectivamente sobre produción de residuos domésticos. |

***Cadro 3: Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FEDER e o Fondo de Cohesión)***

| Obxectivo específico | | 060a1 - OE.6.1.1 Desenvolver a separación, recollida selectiva e tratamento de residuos, incluíndo accións de peche de ciclo; considerando tanto os plans de xestión coma os investimentos en infraestruturas. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **ID** | **Indicador** | **Unidade de medida** | **Categoría de rexión** | **Valor de referencia** | **Ano de referencia** | **Valor previsto [1] (2023)** | **Fonte de datos** | **Frecuencia dos informes** |
| R611G | Volume de residuos domésticos recollidos selectivamente sobre produción de residuos domésticos | % | Máis desenvolvidas | 15,3 | 2012 | 31,8 | Sistema de información de residuos urbanos de Galicia; Memorias anuais das plantas; memorias anuais dos SIX; Memorias anuais dos xestores de residuos voluminosos | Anual |

(1 ) Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, os valores previstos poden ser cualitativos ou cuantitativos.

## 2.A.6. Eixe 6. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento (por prioridade de investimento)

### 2.A.6.1. Eixe 6. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluíndo, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios

| Prioridade de investimento | 6a O investimento no sector dos residuos para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de ambiente e para abordar as necesidades, determinadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá dos devanditos requisitos. |
|---|---|
| Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións: | |

- **MEDIDAS DESTINADAS A DESENVOLVER A SEPARACIÓN, RECOLLIDA SELECTIVA E RECICLAXE DOS RESIDUOS COMERCIAIS E INDUSTRIAIS**. A través dunha planificación integral e do impulso de accións que promovan a xestión sustentable dos residuos promoveranse accións en distintos ámbitos:
    - Promoción e optimización da redución dos residuos xerados e promoción da reutilización e alongamento da vida útil dos produtos.
    - Implantación de sistemas que garantan un alto nivel de recollida selectiva e reciclaxe.
    - Impulso aos sistemas de recollida selectiva, separación, reciclaxe e tratamento de residuos.
    - Seguimento do funcionamento da rede de infraestruturas eficientes para a recollida, reutilización e transferencia de residuos.
    - Posta en coñecemento ao público e entidades de información relativa á prevención e xestión sustentable dos residuos e dos recursos.
    - Actuacións en educación ambiental para promover a reciclaxe nas empresas.
    - Realización de estudos e análises sobre o sector empresarial galego co fin de coñecer a súa incidencia no medio, co fin de valorar a eficiencia das infraestruturas existentes, determinar as medidas necesarias para reducir as emisións e levar a cabo o seu seguimento.
    - Medidas destinadas á prevención da contaminación dos solos, así como á xestión de localizacións potencialmente contaminadas.

    Estas actuacións non financiarán infraestrutura básica.

- **MEDIDAS DESTINADAS A DESENVOLVER A SEPARACIÓN, RECOLLIDA SELECTIVA E RECICLAXE DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS**. A través dunha planificación integral e do impulso de accións que promovan a xestión sustentable dos residuos promoveranse accións en distintos ámbitos:
    - Promoción e optimización da redución dos residuos xerados e promoción da reutilización e alongamento da vida útil dos produtos.
    - Implantación de sistemas que garantan un alto nivel de recollida selectiva e reciclaxe.
    - Impulso aos sistemas de recollida selectiva, separación, reciclaxe e tratamento de residuos.
    - Seguimento do funcionamento da rede de infraestruturas eficientes para a recollida, reutilización e transferencia de residuos.
    - Posta en coñecemento ao público e entidades de información relativa á prevención e xestión sustentable dos residuos e dos recursos.
    - Actuacións en educación ambiental para promover a reciclaxe nos fogares.
    - Realización de estudos de diagnose e seguimento da xestión dos residuos domésticos, co fin de avaliar a implantación de melloras e sistemas de clasificación, recollida e tratamento que reduzan a xeración de residuos e incrementen a reciclaxe.

    Estas actuacións non financiarán infraestrutura básica.

## 2.A.6.2.Eixe 6. Principios reitores para a selección de operacións

| Prioridade de investimento | 6a O investimento no sector dos residuos para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de ambiente e para abordar as necesidades, determinadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá dos devanditos requisitos. |
|---|---|

De acordo co artigo 125.3.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección de operacións asegurarán a contribución das operacións ao logro dos obxectivos e resultados específicos da prioridade, serán transparentes e non discriminatorios, e terán en conta os principios expostos nos artigos 7 (promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación) e 8 (desenvolvemento sustentable) do mencionado regulamento.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 sobre os ámbitos de intervención do FEDER.

Así mesmo, garantirase que todas as operacións executadas desde o 1 de xaneiro de 2014 ata a aprobación polo comité de seguimento destes criterios de selección estarán en consonancia con estes.

A continuación e tendo en conta que será o comité de seguimento do programa, tal e como dispón o artigo 110 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, o que examine e aprobe a metodoloxía e os criterios de selección das operacións, descríbese, a título orientativo e sen ánimo de exhaustividade, a tipoloxía de operacións que se propoñerán a cofinanciamento no marco desta prioridade de investimento.

- Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse as actuacións recollidas nas liñas estratéxicas do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020 e do Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2015-2020, contribuíndo aos obxectivos de prevención, reutilización, reciclaxe e valorización neles establecidos; as actuacións cofinanciadas xirarán ao redor do fomento da reciclaxe de residuos, tanto industriais coma domésticos. Así mesmo, poderán cofinanciarse outras accións que contribúan ao logro dos obxectivos asociados á prioridade de investimento de referencia.

Así mesmo, as actuacións seleccionadas deberán servir para avanzar na aplicación da Directiva marco de residuos, a Lei 22/2011 de residuos e solos contaminados e estarán aliñadas coa Estratexia Europa 2020 na súa folla de ruta cara a unha Europa eficiente no uso dos recursos.

**IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Con carácter xeral, a selección de operacións terá en conta o principio establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, promovendo activamente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero nas operacións obxecto de cofinanciamento.

A integración do principio de igualdade nos criterios de selección de operacións farase efectiva mediante a consideración dos seguintes aspectos:

- Os criterios de selección de operacións deseñaranse en concordancia coas fendas de xénero identificadas no diagnóstico, así como cos obxectivos de igualdade do programa. Así, fomentarán que as accións cofinanciadas persigan, de xeito específico ou de modo transversal, a redución das disparidades existentes entre homes e mulleres.
- Nesta liña, os criterios de selección poderán establecer medidas para promover a incorporación da perspectiva de xénero no deseño e a execución das operacións, considerar operacións específicas para as mulleres, incorporar o uso de cláusulas de xénero nas subvencións e contratacións públicas, e calquera outro criterio proporcional.

## 2.A.6.3. Eixe 6. Uso previsto de instrumentos financeiros

| Prioridade de investimento | 6a O investimento no sector dos residuos para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de ambiente e para abordar as necesidades, determinadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá dos devanditos requisitos. |
|---|---|
| Non procede | |

## 2.A.6.4 .Eixe 6. Uso previsto de grandes proxectos

| Prioridade de investimento | 6a O investimento no sector dos residuos para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de ambiente e para abordar as necesidades, determinadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá dos devanditos requisitos. |
|---|---|
| Non procede | |

## 2.A.6.5. Eixe 6. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión

***Cadro 5: Indicadores de produtividade comúns e específicos do programa (por prioridade de investimento, desagregados por categoría de rexión para o FSE e, cando proceda, para o FEDER).***

| **Prioridade de investimento** | | **6a - O investimento no sector dos residuos para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de ambiente e para dar resposta ás necesidades, identificadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá dos devanditos requisitos** | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **ID** | **Indicador** | **Unidade de medida** | **Fondo** | **Categoría de rexión** | Valor previsto (2023) (1) | | | **Fonte de datos** | **Frecuencia dos informes** |
| | | | | | **H** | **M** | **T** | | |
| E011 | Capacidade adicional no tratamento e a xestión dos residuos comerciais, industriais ou perigosos | Toneladas /ano | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 223.600 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |
| E022 | Capacidade adicional de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos | Toneladas /ano | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 17.700 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |

(1) No caso do FSE, esta lista inclúe indicadores de produtividade comúns para os cales se fixou un valor previsto. Os valores previstos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, na maioría dos casos a desagregación por xénero non é pertinente. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

## 2.A.4. Eixe 6. Prioridade de investimento 6b

| | |
|---|---|
| ID Prioridade de investimento | 6b |
| Título da prioridade de investimento | O investimento no sector da auga para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de ambiente e para abordar as necesidades, determinadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá dos devanditos requisitos |

## 2.A.5. Eixe 6. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados

| | |
|---|---|
| ID do obxectivo específico | 060b1 |
| Título do obxectivo específico | OE.6.2.1. Culminar os requisitos da Directiva marco da auga a través do investimento en infraestruturas de saneamento, depuración e reutilización de augas residuais, e mellora da calidade da auga. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | A pesar do importante volume de investimentos en infraestruturas hidráulicas realizado pola Comunidade Autónoma de Galicia nos últimos anos, a importante dispersión poboacional de Galicia (con máis de 30.000 núcleos de poboación, o 50% das entidades singulares de poboación existentes en España está en Galicia) fai que presente aínda ausencia de estacións depuradoras en varios municipios galegos. Concretamente o 16,7% das aglomeracións urbanas maiores de 2.000 habitantes (habitantes equivalentes) aínda non dispoñen de sistemas de depuración, xunto cun déficit no tratamento de augas residuais, xa que o volume total de auga residual tratada con respecto ao total de auga residual recollida alcanza o 85,26%, manifestando unha especial vulnerabilidade pola saturación que se produce nas redes de saneamento e a produción de verteduras á auga en tempo de chuvia.<br>O obxectivo perseguido é rematar coa extensión da rede de saneamento en aglomeracións que incumpren a Directiva 91/271/CEE, sobre o tratamento de augas residuais urbanas e en aglomeracións que verten en rías con zonas de produción de moluscos bivalvos e que foron clasificadas como zona "B" ou "C". A lista detallada das intervencións financiables encóntrase no anexo 11_ActuacionesSubvAUGAS_Galicia.<br>Para atender estas necesidades prevense actuacións prioritarias en materia de saneamento e depuración para o cumprimento dos obxectivos das directivas europeas en materia de augas, medidas de reforma e optimización dos sistemas de saneamento das rías galegas, e a mellora e ampliación do sistema de saneamento dos Praceres (aglomeración de poboación en Pontevedra cun tamaño que supera as 120.000 persoas que pertencen aos concellos de Pontevedra, Marín, Poio e parte de Vilaboa e Ponte Caldelas, que ocupa unha ampla extensión de terreo en zonas densamente poboadas e cuxas verteduras chegan directa ou indirectamente a unha zona sensible como é a Ría de Pontevedra). Estas actuacións enmárcanse nos plans de saneamento de Galicia 2015, Plan auga 2010-2025. Plan hidrolóxico Galicia-Costa.<br>O indicador proposto para medir o obxectivo é: volume de augas residuais tratadas, medido en $m^3$/día. |

***Cadro 3: Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FEDER e o Fondo de Cohesión)***

| Obxectivo específico | | 060b1 - OE.6.2.1 Culminar os requisitos da Directiva marco da auga a través do investimento en infraestruturas de saneamento, depuración e reutilización de augas residuais, e mellora da calidade da auga. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **ID** | **Indicador** | **Unidade de medida** | **Categoría de rexión** | **Valor de referencia** | **Ano de referencia** | **Valor previsto [1] (2023)** | **Fonte de datos** | **Frecuencia dos informes** |
| R060B | Volume de augas residuais tratadas | $m^3$/día | Máis desenvolvidas | 955.690 | 2012 | 990.536 | INE. Enquisa sobre a subministración e saneamento da auga | Anual |

(1 ) Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, os valores previstos poden ser cualitativos ou cuantitativos.

## 2.A.6. Eixe 6. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento (por prioridade de investimento)

### 2.A.6.1. Eixe 6. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluíndo, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios

| | |
|---|---|
| Prioridade de investimento | 6b O investimento no sector da auga para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de ambiente e para abordar as necesidades, determinadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá dos devanditos requisitos. |

Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, só se financiarán actuacións en aglomeracións que incumpren a Directiva 91/271/CEE, sobre o tratamento de augas residuais urbanas e en aglomeracións que verten en rías con zonas de produción de moluscos bivalvos e que foron clasificadas como zona "B" ou "C", en cumprimento do establecido no Regulamento UE nº 854/2004. Anéxase ao PO unha listaxe coas devanditas actuacións. As liñas de actuación nas cales se engloban son:

- **MEDIDAS DESTINADAS Á AMPLIACIÓN E MELLORA DA EDAR E DO SISTEMA DE SANEAMENTO DOS PRACERES**. Esta actuación enmárcase dentro da estratexia establecida pola Xunta de Galicia para mellorar a calidade dos ecosistemas acuáticos a través dos denominados plans de saneamento locais, que formulan as actuacións necesarias para conseguir unha calidade óptima no medio. Neste caso trátase da Ría de Pontevedra e a actuación diríxese á mellora do funcionamento do sistema de saneamento e á ampliación do servizo da EDAR dos Praceres mediante a substitución da actual tecnoloxía de tratamento por outra de maior rendemento, que aumentará fiabilidade da desinfección previa á vertedura. Con todo iso minimizaranse as verteduras de augas con contaminación fecal ao longo da rede, especialmente en tempo de chuvia. Esta actuación sitúase nunha zona cualificada como sensible e mellorará o servizo do sistema de saneamento dos concellos de Pontevedra, Marín e Poio, principais núcleos de poboación da Ría de Pontevedra, así como dunha parte dos municipios de Vilaboa e Ponte Caldelas.
- **ACTUACIÓNS PRIORITARIAS EN MATERIA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN PARA CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DAS DIRECTIVAS EUROPEAS EN MATERIA DE AUGAS.** Co obxectivo de lograr o cumprimento das directivas europeas en materia de augas, realizaranse melloras nas infraestruturas hidráulicas básicas incluídas no Plan hidrolóxico Galicia-Costa e no Plan de saneamento de Galicia. As accións máis relevantes serán a ampliación e mellora das estacións depuradoras de augas residuais identificadas como prioritarias na planificación hidrolóxica para cumprimento da Directiva 91/271/CEE. Prevense actuacións en municipios como Burela ou Lalín, que contan con máis de 15.000 habitantes. Ademais, desenvolveranse accións para a mellora do funcionamento das redes de saneamento que teñen asociadas.

- **MEDIDAS DE REFORMA E OPTIMIZACIÓN DOS SISTEMAS DE SANEAMENTO DAS RÍAS GALEGAS**. O obxectivo xeral da actuación é a mellora da calidade das augas, en especial en canto á microbioloxía, establecendo as condicións adecuadas para garantir os usos da auga máis exixentes, como son a acuicultura e o baño. Esta actuación, ademais, contribuirá a cumprir os obxectivos ambientais da Directiva marco da auga e enmárcase dentro da estratexia da Xunta de Galicia para mellorar a calidade dos ecosistemas acuáticos a través dos plans de saneamento locais que formulan as actuacións necesarias para conseguir unha calidade óptima no medio.

  Para a consecución destes obxectivos, elaboraranse os plans de saneamento das rías galegas a nivel local e executaranse as actuacións propostas nos respectivos plans. Modelizarase o funcionamento das redes de saneamento, simularase o seu impacto na calidade das augas das rías e elaboraranse propostas de actuación sobre as redes de saneamento e as infraestruturas de depuración, contrastando a súa efectividade en relación co funcionamento anterior á súa posta en marcha. Os proxectos consistirán, principalmente,

| |
|---|
| na ampliación e mellora das infraestruturas de depuración; na substitución de colectores deteriorados ou infradimensionados, execución de redes separativas, reconstrución de sistemas de bombeo e implantación de infraestruturas que permitan o control das augas pluviais: tanques de tormenta e infraestruturas verdes de drenaxe urbana sustentable. Para o deseño dos proxectos técnicos comprendidos nesta actuación a Comunidade Autónoma elaborou unhas instrucións técnicas para obras hidráulicas en Galicia. |

## 2.A.6.2.Eixe 6. Principios reitores para a selección de operacións

| Prioridade de investimento | 6b O investimento no sector da auga para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de ambiente e para abordar as necesidades, determinadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá dos devanditos requisitos |
|---|---|

De acordo co artigo 125.3.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección de operacións asegurarán a contribución das operacións ao logro dos obxectivos e resultados específicos da prioridade, serán transparentes e non discriminatorios, e terán en conta os principios expostos nos artigos 7 (promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación) e 8 (desenvolvemento sustentable) do mencionado regulamento.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 sobre os ámbitos de intervención do FEDER.

Así mesmo, garantirase que todas as operacións executadas desde o 1 de xaneiro de 2014 ata a aprobación polo comité de seguimento destes criterios de selección estarán en consonancia con eles.

A continuación e tendo en conta que será o comité de seguimento do programa, tal e como dispón o artigo 110 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, o que examine e aprobe a metodoloxía e os criterios de selección das operacións, descríbense a título orientativo e sen ánimo de exhaustividade a tipoloxía de operacións que se propoñerán a cofinanciamento no marco desta prioridade de investimento.

- Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse accións vinculadas á mellora da calidade da auga que se verte no medio receptor e vinculadas á mellora da capacidade de saneamento da rede hidrolóxica galega, tendo en conta os plans hidrolóxicos da rexión. Así mesmo, poderán cofinanciarse outras accións que contribúan ao logro dos obxectivos asociados á prioridade de investimento de referencia.

As operacións aliñaranse, de ser o caso, coas prioridades do Plan hidrolóxico Galicia-Costa, o Plan de saneamento de Galicia ou a estratexia da Xunta de Galicia para mellorar a calidade dos ecosistemas acuáticos a través dos plans de saneamento locais.

Así mesmo, priorizaranse aquelas actuacións que xeren un impacto positivo sobre a xeración futura de actividade económica e de emprego na zona, por exemplo a través da acuicultura ou o turismo.

**IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Con carácter xeral, a selección de operacións terá en conta o principio establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, promovendo activamente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero nas operacións obxecto de cofinanciamento.

A integración do principio de igualdade nos criterios de selección de operacións farase efectiva mediante a consideración dos seguintes aspectos:

- Os criterios de selección de operacións deseñaranse en concordancia coas fendas de xénero identificadas no diagnóstico, así como cos obxectivos de igualdade do programa. Así, fomentarán que as accións cofinanciadas persigan, de xeito específico ou de modo

| |
|---|
| transversal, a redución das disparidades existentes entre homes e mulleres.<br>- Nesta liña, os criterios de selección poderán establecer medidas para promover a incorporación da perspectiva de xénero no deseño e a execución das operacións, considerar operacións específicas para as mulleres, incorporar o uso de cláusulas de xénero nas subvencións e contratacións públicas, e calquera outro criterio proporcional. |

## 2.A.6.3. Eixe 6. Uso previsto de instrumentos financeiros

| Prioridade de investimento | 6b O investimento no sector da auga para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de ambiente e para abordar as necesidades, determinadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá dos devanditos requisito |
|---|---|
| Non procede | |

## 2.A.6.4 .Eixe 6. Uso previsto de grandes proxectos

| Prioridade de investimento | 6b O investimento no sector da auga para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de ambiente e para abordar as necesidades, determinadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá dos devanditos requisito |
|---|---|
| Non procede | |

## 2.A.6.5. Eixe 6. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión

***Cadro 5: Indicadores de produtividade comúns e específicos do programa (por prioridade de investimento, desagregados por categoría de rexión para o FSE e, cando proceda, para o FEDER*).**

| Prioridade de investimento | | 6b - O investimento no sector da auga para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de ambiente e para dar resposta ás necesidades, identificadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá dos devanditos requisitos | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Indicador | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión | Valor previsto (2023) (1) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
| | | | | | H | M | T | | |
| C019 | Poboación adicional beneficiada por unha mellor depuración de augas residuais equivalente de poboación | Poboación-equivalente | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 169.327 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |

(1) No caso do FSE, esta lista inclúe indicadores de produtividade comúns para os cales se fixou un valor previsto. Os valores previstos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, na maioría dos casos a desagregación por xénero non é pertinente. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

## 2.A.4. Eixe 6. Prioridade de investimento 6c

| | |
|---|---|
| ID Prioridade de investimento | 6c |
| Título da prioridade de investimento | Conservación, protección, fomento e desenvolvemento do patrimonio natural e cultural |

## 2.A.5. Eixe 6. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados

| | |
|---|---|
| ID do obxectivo específico | 060c1 |
| Título do obxectivo específico | OE.6.3.1. Promover a protección, fomento e desenvolvemento do patrimonio cultural. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | Un dos maiores atractivos, ao longo de todo o territorio galego, e que se manifesta mesmo en poboacións de moi escasa entidade, é o patrimonio cultural existente, así como pola vinculación á paisaxe que o rodea. Así pois, na paisaxe galega encóntrase unha multitude de elementos tradicionais arquitectónicos de gran valor patrimonial, como son camiños rurais, elementos arquitectónicos, patróns de antigos asentamentos, etc. Ademais, Galicia conta con elementos arquitectónicos de maior relevancia declarados patrimonio da humanidade pola UNESCO como a torre de Hércules, a muralla de Lugo, a cidade de Santiago… Este patrimonio debe ser preservado e posto en valor en moitos casos con actuacións específicas ou integradas noutras de alcance transversal.<br>O propósito perseguido coa programación neste obxectivo específico é a posta en valor dos recursos culturais e patrimoniais da rexión e preservar o patrimonio material e inmaterial de Galicia. Para iso realizaranse actuacións, englobadas nalgún dos plans establecidos con carácter nacional ou autonómico (Plan de catedrais, Plan de arquitectura defensiva ou o Plan de abadías, mosteiros e conventos), como as seguintes: catedral de Tui (Pontevedra), castelo da Santa Cruz da Garda (Pontevedra), Muralla Romana de Lugo, catedral de Santiago de Compostela e mosteiro de San Salvador de Celanova (Ourense).<br>O resultado que se espera conseguir con estas actuacións é a posta en valor e a preservación do patrimonio cultural da rexión. O indicador que medirá indirectamente esta posta en valor é: viaxeiros que visitan Galicia por motivos culturais (% sobre o total). |

***Cadro 3: Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FEDER e o Fondo de Cohesión)***

| **Obxectivo específico** | | **060c1 - OE.6.3.1 Promover a protección, fomento e desenvolvemento do patrimonio cultural.** | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **ID** | **Indicador** | **Unidade de medida** | **Categoría de rexión** | **Valor de referencia** | **Ano de referencia** | **Valor previsto [1] (2023)** | **Fonte de datos** | **Frecuencia dos informes** |
| R631G | Viaxeiros que visitan Galicia por motivos culturais | % | Máis desenvolvidas | 32,2 | 2009 | 36,0 | Axencia de Turismo de Galicia. Enquisa de destino | Anual |

(1) Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, os valores previstos poden ser cualitativos ou cuantitativos.

| | |
|---|---|
| ID do obxectivo específico | 060c2 |
| Título do obxectivo específico | OE 6.3.2. Desenvolvemento e promoción das áreas naturais, en particular as de interese turístico. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | A pesar de que Galicia non se encontra dentro dos principais circuítos turísticos europeos dada a súa situación periférica e o seu clima temperado, presenta múltiples posibilidades que postas en valor poden facer aumentar o seu atractivo e demanda como destino; entre elas destaca a súa riqueza paisaxística. O Camiño de Santiago constitúe outro elemento destacable do patrimonio paisaxístico e cultural galego e europeo. Esa riqueza proporciona unha oportunidade para fortalecer a oferta de turismo sustentable que actúe como motor de desenvolvemento e crecemento socioeconómico na rexión, de forma coherente coa conservación, protección e fomento do patrimonio natural e cultural.<br>O resultado pretendido é a superación do carácter periférico da rexión fortalecendo a súa oferta turística a través da posta en valor do seu patrimonio cultural e natural.<br>Enmarcadas dentro do Plan integral de turismo de Galicia (PITG), do Plan director do Camiño de Santiago, propóñense medidas de fomento e promoción dos valores sobre o patrimonio natural e a biodiversidade de Galicia, medidas de conservación, protección, fomento e desenvolvemento do Camiño de Santiago e medidas de conservación, protección, fomento e desenvolvemento de Galicia como destino cultural, turístico e natural<br>Os indicadores utilizados para medir os resultados son: intensidade da demanda turística, número de pernoitas e número de peregrinos que reciben acreditación. |

***Cadro 3: Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FEDER e o Fondo de Cohesión)***

| Obxectivo específico | | 060c2 - OE.6.3.2 Desenvolvemento e promoción das áreas naturais, en particular as de interese turístico. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **ID** | **Indicador** | **Unidade de medida** | **Categoría de rexión** | **Valor de referencia** | **Ano de referencia** | **Valor previsto [1] (2023)** | **Fonte de datos** | **Frecuencia dos informes** |
| R632a | Pernoitas en establecementos turísticos | Número | Máis desenvolvidas | 7.946.701 | 2012 | 9.000.000 | IGE. Indicador da intensidade da demanda turística a partir de datos do INE. Enquisa de ocupación hoteleira. Enquisa de ocupación en acampamentos turísticos. Enquisa de ocupación en apartamentos turísticos. Enquisa de ocupación en aloxamentos de turismo rural | Anual |
| R632b | Peregrinos que reciben acreditación | Número | Máis desenvolvidas | 215.880 | 2013 | 300.000 | Oficina do Peregrino de Santiago de Compostela | Anual |

(1 ) Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, os valores previstos poden ser cualitativos ou cuantitativos.

## 2.A.6. Eixe 6. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento (por prioridade de investimento)

### 2.A.6.1. Eixe 6. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluíndo, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios

| Prioridade de investimento | 6c Conservación, protección, fomento e desenvolvemento do patrimonio natural e cultural |
|---|---|

Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións:

- **MEDIDAS DE APOIO PARA A INTERVENCIÓNS NO PATRIMONIO CULTURAL PARA A SÚA CONSERVACIÓN, PROTECCIÓN E DESENVOLVEMENTO**. O obxectivo último desta actuación é preservar o patrimonio tanto material coma inmaterial de Galicia. Neste sentido proponse traballar entre outras actuacións nos seguintes proxectos de pequena escala:
    - Catedral de Tui (Pontevedra). Obras de conservación e de adecuación de espazos para novos usos.
    - Castelo da Santa Cruz da Guarda (Pontevedra). Obras para dotar o castelo dun centro de interpretación.
    - Muralla romana de Lugo. Obras de acondicionamento, melloras á visita pública e conservación do monumento incluído na Lista do patrimonio mundial.
    - Catedral de Santiago de Compostela. Obras de conservación do monumento. Actuacións no Cimborrio e outras. Recurso turístico senlleiro de Galicia e peza clave do fenómeno Xacobeo e de dous bens da Lista do patrimonio mundial: o Camiño de Santiago e o Conxunto histórico de Santiago.
    - Mosteiro de San Salvador de Celanova (Ourense). Obras de recuperación e conservación do claustro do mosteiro.

  As actuacións de conservación englóbanse nalgún dos plans establecidos con carácter nacional ou autonómico: Plan de catedrais, Plan de arquitectura defensiva ou o Plan de abadías, mosteiros e conventos.

- **MEDIDAS DE FOMENTO E PROMOCIÓN DOS VALORES SOBRE O PATRIMONIO NATURAL E A BIODIVERSIDADE DE GALICIA**. A presente actuación inclúe o desenvolvemento de entre outras as seguintes accións:
    - Deseño e execución das campañas divulgativas que se desenvolven desde os centros de interpretación dos parques (6 natural e 1 nacional), desde as 6 aulas da natureza e nas rutas didácticas e interpretativas dos espazos protexidos, así como desde outros centros.
    - Elaboración do material divulgativo de apoio (publicacións, audiovisuais, etc.).
    - Campañas de sensibilización con motivo da celebración e difusión de días internacionais.
    - Mellora da oferta de uso público dos espazos naturais a través da rede de centros de interpretación do parques da rede de aulas da natureza e a rede de rutas divulgativas e áreas recreativas por medio de investimentos en equipamentos, sinalizacións, ampliacións ou creación de novas infraestruturas de uso público.

- **MEDIDAS DE CONSERVACIÓN, PROTECCIÓN, FOMENTO E DESENVOLVEMENTO DO CAMIÑO DE SANTIAGO**. Esta actuación enmárcase dentro do desenvolvemento do Plan director do Camiño de Santiago, que comprende a mellora da accesibilidade e sinalización das diferentes rutas do Camiño; desenvolvemento e mellora de servizos públicos ao redor do Camiño; desenvolvemento, mellora e protección do patrimonio cultural no Camiño; protección e mellora da oferta turística complementaria ao redor do Camiño; establecemento de canles de captación de peregrinos/as e promoción do Camiño de Santiago; estudos e investigación sobre o Camiño de Santiago. O devandito plan director englóbase, pola súa vez, na liña estratéxica L.E.1 do Plan integral de turismo de Galicia

(PITG) 2013-2016 "O Camiño de Santiago como eixe vertebrador de novas alternativas de turismo e modelo demostrador internacional", xunto con outras accións, tales como o posicionamento do Camiño como referente de sustentabilidade, o incremento do valor engadido e a rendibilidade do Camiño de Santiago ou o establecemento de canles de captación directa de peregrinos internacionais.

- **MEDIDAS DE CONSERVACIÓN, PROTECCIÓN, FOMENTO E DESENVOLVEMENTO DE GALICIA COMO DESTINO CULTURAL, TURÍSTICO E NATURAL.** No marco do Plan integral de turismo de Galicia (PITG), a presente actuación promove a posta en marcha de accións de promoción e campañas de publicidade tanto xerais como específicas dirixidas á captación de turismo. O PITG establece como reto deseñar un modelo turístico sustentable que aposte pola protección, conservación e posta en valor dos espazos naturais e culturais.

## 2.A.6.2.Eixe 6. Principios reitores para a selección de operacións

| Prioridade de investimento | 6c Conservación, protección, fomento e desenvolvemento do patrimonio natural e cultural |
|---|---|

De acordo co artigo 125.3.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección de operacións asegurarán a contribución das operacións ao logro dos obxectivos e resultados específicos da prioridade, serán transparentes e non discriminatorios, e terán en conta os principios expostos nos artigos 7 (promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación) e 8 (desenvolvemento sustentable) do mencionado regulamento.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 sobre os ámbitos de intervención do FEDER.

Así mesmo, garantirase que todas as operacións executadas desde o 1 de xaneiro de 2014 ata a aprobación polo comité de seguimento destes criterios de selección estarán en consonancia con eles.

A continuación e tendo en conta que será o comité de seguimento do programa, tal e como dispón o artigo 110 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, o que examine e aprobe a metodoloxía e os criterios de selección das operacións, descríbense a título orientativo e sen ánimo de exhaustividade a tipoloxía de operacións que se propoñerán a cofinanciamento no marco desta prioridade de investimento.

Terase en conta se as actuacións afectan espazos protexidos da Rede Natura 2000, caso en que estas contribuirán sempre á conservación dos devanditos lugares e se adecuarán aos seus plans de xestión e ás previsións incluídas no marco de acción prioritaria para a Rede Natura 2000 en España para o período de financiamento 2014-2020 (MAP).

No ámbito das actuacións de protección do medio natural e de conservación da natureza, teranse en conta as prioridades establecidas no Plan sectorial de turismo de natureza e biodiversidade 2014-2020. O obxecto do devandito plan, aprobado mediante o Real decreto 416/2014, do 6 de xuño, é o impulso e promoción dun turismo de natureza en España, como actividade económica xeradora de ingresos e emprego, que poña en valor a biodiversidade, asegurando a correcta conservación dos valores naturais do territorio e contribuíndo á súa utilización sustentable.

A prioridade de intervención virá definida pola planificación específica de cada espazo natural, así como polas programación anual de actividades que se elabora en función das necesidades dos devanditos espazos, para facilitar o acceso aos visitantes, regulado pola Lei 9/2001, de conservación da natureza.

Nun segundo nivel, outros criterios de priorización de intervención corresponderíanse con accións que:

- Promovan o patrimonio natural e cultural de Galicia, no caso de actuacións sobre o patrimonio, considerarase o seu encaixe en plans de conservación e xestión do patrimonio cultural.
- Fomenten os usos sustentables, en particular o uso público.

- Melloren a accesibilidade de persoas discapacitadas.
- Contribúan á mellora da calidade de vida dos habitantes dos espazos protexidos e das súas áreas de influencia.

Polo tanto, co obxecto de contribuír ao logro do obxectivo específico definido no marco da prioridade de investimento, financiaranse, **entre outros**, os seguintes tipos de operacións:

- Campañas divulgativas destinadas aos parques naturais.
- Elaboración de campañas de sensibilización dirixidas á cidadanía ao redor do patrimonio natural de Galicia.
- Accións de mellora da oferta de uso público dos espazos naturais.
- Accións encamiñadas á conservación e difusión do patrimonio cultural galego.
- Así mesmo, poderán cofinanciarse outras accións que contribúan ao logro dos obxectivos asociados á prioridade de investimento de referencia.

No ámbito da conservación, protección e promoción do patrimonio cultural só se considerárán as infraestruturas de pequena escala, é dicir, aquelas en que o seu custo total non supere os 5 millóns de euros (10 millóns de euros se se trata dun lugar declarado Patrimonio da Humanidade).

**IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Con carácter xeral, a selección de operacións terá en conta o principio establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, promovendo activamente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero nas operacións obxecto de cofinanciamento.

A integración do principio de igualdade nos criterios de selección de operacións farase efectiva mediante a consideración dos seguintes aspectos:

- Os criterios de selección de operacións deseñaranse en concordancia coas fendas de xénero identificadas no diagnóstico, así como cos obxectivos de igualdade do programa. Así, fomentarán que as accións cofinanciadas persigan, de xeito específico ou de modo transversal, a redución das disparidades existentes entre homes e mulleres.
- Nesta liña, os criterios de selección poderán establecer medidas para promover a incorporación da perspectiva de xénero no deseño e a execución das operacións, considerar operacións específicas para as mulleres, incorporar o uso de cláusulas de xénero nas subvencións e contratacións públicas, e calquera outro criterio proporcional.

## 2.A.6.3. Eixe 6. Uso previsto de instrumentos financeiros

| Prioridade de investimento | 6c Conservación, protección, fomento e desenvolvemento do patrimonio natural e cultural |
|---|---|
| Non procede | |

## 2.A.6.4 .Eixe 6. Uso previsto de grandes proxectos

| Prioridade de investimento | 6c Conservación, protección, fomento e desenvolvemento do patrimonio natural e cultural |
|---|---|
| Non procede | |

### 2.A.6.5. Eixe 6. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión

***Cadro 5: Indicadores de produtividade comúns e específicos do programa (por prioridade de investimento, desagregados por categoría de rexión para o FSE e, cando proceda, para o FEDER*).**

| Prioridade de investimento | | 6c - A conservación, a protección, o fomento e o desenvolvemento do patrimonio natural e cultural | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Indicador | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión | Valor previsto (2023) (1) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
| | | | | | H | M | T | | |
| C009 | Aumento do número de visitas previstas a lugares pertencentes ao patrimonio cultural e natural e atraccións subvencionados | Visitas/ano | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 743.883 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |
| E035 | Número de persoas impactadas polas actuacións de difusión e sensibilización ambiental e de protección e desenvolvemento do patrimonio natural e cultural | Persoas | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 98.619.524 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |
| E064 | Superficie de edificios ou lugares pertencentes ao patrimonio cultural, de uso principal non turístico, rehabilitados ou mellorados | Metros cadrados | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 48.993 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |

(1) No caso do FSE, esta lista inclúe indicadores de produtividade comúns para os cales se fixou un valor previsto. Os valores previstos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, na maioría dos casos a desagregación por xénero non é pertinente. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

## 2.A.4. Eixe 6. Prioridade de investimento 6d

| ID Prioridade de investimento | 6d |
|---|---|
| Título da prioridade de investimento | Protección e restauración da biodiversidade e do solo e fomento dos servizos dos ecosistemas, incluído a través de Natura 2000 e de infraestruturas ecolóxicas |

## 2.A.5. Eixe 6. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados

| | |
|---|---|
| ID do obxectivo específico | 060d1 |
| Título do obxectivo específico | OE.6.4.1.Fomentar a xestión, protección e mantemento de espazos naturais e a súa biodiversidade, en particular os protexidos, incluíndo medidas para paliar os problemas de erosión, salinización, desertización, deforestación e baixo nivel de materia orgánica no solo. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | Os recursos naturais e os espazos de interese ambiental son un dos activos diferenciais de Galicia, e unha das claves para o desenvolvemento territorial. Neste sentido, será preciso buscar un desenvolvemento equilibrado entre o máximo aproveitamento dos seus recursos e a conservación do patrimonio natural e cultural. Galicia conta cun 13,2% de espazo terrestre protexido baixo as figuras de zonas de especial protección para as aves (ZEPA) e lugares de interese comunitario (LIC), porcentaxe inferior á nacional, que alcanza o 27%. Concretamente, o 11,59% do territorio galego é LIC e o 2,4% é ZEPA.<br><br>O resultado esperado é asegurar a conservación da biodiversidade da rexión, mediante medidas que garantan a mellora do estado dos hábitats e das especies, consolidando un modelo sustentable de explotación das áreas protexidas que garanta o mantemento dos espazos protexidos e a poboación que vive neles.<br><br>As actuacións para conseguilo son as encamiñadas á preservación dos recursos naturais da Comunidade Autónoma a través da eficiencia no uso e de medidas de protección destes. A Administración galega propón realizar medidas de rehabilitación de espazos degradados e de protección e conservación dos espazos naturais. Esta actuación enmárcase nas medidas de protección e xestión previstas no Plan director da Rede Natura 2000 (Decreto 37/2014, do 27 de marzo) e da planificación de Rede Galega de Espazos Protexidos, planificación que entre os seus obxectivos considera o aproveitamento sustentable dos recursos naturais e o fomento das actividades socioeconómicas compatibles coa conservación.<br><br>O indicador proposto para medir o logro deste obxectivo é: superficie de patrimonio natural en estado de risco ($m^2$ de superficie). |

***Cadro 3: Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FEDER e o Fondo de Cohesión)***

| Obxectivo específico | 060d1 - OE.6.4.1 Fomentar a xestión, protección e mantemento de espazos naturais e a súa biodiversidade, en particular os protexidos, incluíndo medidas para paliar os problemas de erosión, salinización, desertización, deforestación e baixo nivel de materia orgánica no solo. | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Indicador | Unidade de medida | Categoría de rexión | Valor de referencia | Ano de referencia | Valor previsto [1] (2023) | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
| R641G | Superficie de patrimonio natural en estado de risco | Ha | Máis desenvolvidas | 53.106 | 2014 | 28.932 | Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas | Anual |

(1) Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, os valores previstos poden ser cualitativos ou cuantitativos.

## 2.A.6. Eixe 6. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento (por prioridade de investimento)

### 2.A.6.1. Eixe 6. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluíndo, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios

| Prioridade de investimento | 6d Protección e restauración da biodiversidade e do solo e fomento dos servizos dos ecosistemas, incluído a través de Natura 2000 e de infraestruturas ecolóxicas |
|---|---|

Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións:

- **MEDIDAS DE PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL**. Esta actuación enmárcase nas medidas de protección e xestión previstas no Plan director da Rede Natura 2000 (Decreto 37/2014, do 27 de marzo) e da planificación de Rede Galega de Espazos Protexidos, planificación que entre os seus obxectivos considera o aproveitamento sustentable dos recursos naturais e o fomento das actividades socioeconómicas compatibles coa conservación. En concreto desenvolveranse, entre outras, as seguintes accións:
    - Completar o coñecemento técnico e científico sobre os elementos obxecto de conservación mediante estudos, inventarios, identificación das principais ameazas e deseño de medidas de xestión. Considérase prioritaria a planificación das zonas húmidas Ramsar e a elaboración de medidas para a xestión de hábitats de matogueira incluídos na Directiva 92/43/CEE de hábitats.
    - Mellorar o aproveitamento sustentable dos hábitats seminaturais, accións de restauración e protección de hábitats prioritarios obrigados pola Comisión Europea.
    - Emprender o estudo das medidas máis adaptadas desde o punto de vista da conservación activa e posta en práctica destas: intervención nos ecosistemas naturais, soutos e prados de sega.
    - Investimentos no Plan de acción e loita contra o uso ilegal de veleno no medio natural de Galicia.
    - Investimentos en centros de recuperación de fauna.
    - Elaboración dunha xeodatabase que permita a xestión dos datos primarios das especies de flora e fauna ameazadas.
    - Actuacións fóra da rede de espazos protexidos que contribúan a conseguir os obxectivos de conservación do Plan director da Rede Natura 2000.

- **RESTAURACIÓN DE ESPAZOS DEGRADADOS.** Medidas destinadas á restauración de áreas degradadas, entre as cales se pode citar a realización de inventarios deste tipo de espazos, incluíndo estudos para coñecer o estado do solo, selaxe e restauración de solos afectados e da súa afectación a outros medios receptores, especialmente ás augas subterráneas. Esta actuación permitirá seguir avanzando na redución de emisións nos sectores difusos conforme o disposto no Programa nacional de reformas 2013 e no marco da Estratexia Europa 2020.

## 2.A.6.2.Eixe 6. Principios reitores para a selección de operacións

| **Prioridade de investimento** | 6d Protección e restauración da biodiversidade e do solo e fomento dos servizos dos ecosistemas, incluído a través de Natura 2000 e de infraestruturas ecolóxicas |
|---|---|

De acordo co artigo 125.3.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección de operacións asegurarán a contribución das operacións ao logro dos obxectivos e resultados específicos da prioridade, serán transparentes e non discriminatorios, e terán en conta os principios expostos nos artigos 7 (promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación) e 8 (desenvolvemento sustentable) do mencionado regulamento.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 sobre os ámbitos de intervención do FEDER.

Así mesmo, garantirase que todas as operacións executadas desde o 1 de xaneiro de 2014 ata a aprobación polo comité de seguimento destes criterios de selección estarán en consonancia con eles.

A continuación e tendo en conta que será o comité de seguimento do programa, tal e como dispón o artigo 110 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, o que examine e aprobe a metodoloxía e os criterios de selección das operacións, descríbese, a título orientativo e sen ánimo de exhaustividade, a tipoloxía de operacións que se propoñerán a cofinanciamento no marco desta prioridade de investimento.

- Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse actuacións dirixidas á protección e xestión da Rede Natura 2000 e ás previsións incluídas no marco de acción prioritaria para a Rede Natura 2000 en España para o período de financiamento 2014-2020 (MAP) e á Rede Galega de Espazos Protexidos. Así mesmo, poderán cofinanciarse outras accións que contribúan ao logro dos obxectivos asociados á prioridade de investimento de referencia.
- Dentro dos obxectivos propostos dáse prioridade a aqueles que supoñan unha intervención directa sobre os valores naturais que motivaron a declaración dos espazos protexidos, así como sobre as súas principais presións e ameazas, e sobre o mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais. Buscarase que as actuacións sobre unha superficie reducida do territorio, xa sexa de restauración activa ou de supresión de ameazas, repercutan sobre o estado de conservación do conxunto do espazo en que se actúe, de tal forma que a superficie beneficiada pola actuación sería ou ben a total do espazo ou polo menos a ocupada polo hábitat obxecto da actuación.

Así mesmo, as actuacións estarán aliñadas co programa ambiental da Comunidade Autónoma, co marco estatal de acción prioritaria 14-20 e coa Estratexia Europa 2020.

**IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Con carácter xeral, a selección de operacións terá en conta o principio establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, promovendo activamente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero nas operacións obxecto de cofinanciamento.

A integración do principio de igualdade nos criterios de selección de operacións farase efectiva mediante a consideración dos seguintes aspectos:

- Os criterios de selección de operacións deseñaranse en concordancia coas fendas de xénero identificadas no diagnóstico, así como cos obxectivos de igualdade do programa. Así, fomentarán que as accións cofinanciadas persigan, de xeito específico ou de modo transversal, a redución das disparidades existentes entre homes e mulleres.
- Nesta liña, os criterios de selección poderán establecer medidas para promover a incorporación da perspectiva de xénero no deseño e a execución das operacións, considerar operacións específicas para as mulleres, incorporar o uso de cláusulas de xénero nas subvencións e contratacións públicas, e calquera outro criterio proporcional.

## 2.A.6.3. Eixe 6. Uso previsto de instrumentos financeiros

| Prioridade de investimento | 6d Protección e restauración da biodiversidade e do solo e fomento dos servizos dos ecosistemas, incluído a través de Natura 2000 e de infraestruturas ecolóxica |
|---|---|
| Non procede | |

## 2.A.6.4 .Eixe 6. Uso previsto de grandes proxectos

| Prioridade de investimento | 6d Protección e restauración da biodiversidade e do solo e fomento dos servizos dos ecosistemas, incluído a través de Natura 2000 e de infraestruturas ecolóxica |
|---|---|
| Non procede | |

## 2.A.6.5. Eixe 6. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión

***Cadro 5: Indicadores de produtividade comúns e específicos do programa (por prioridade de investimento, desagregados por categoría de rexión para o FSE e, cando proceda, para o FEDER*).**

| Prioridade de investimento | | 6d - A protección e o restablecemento da biodiversidade e do solo e o fomento dos servizos dos ecosistemas, inclusive a través de Natura 2000 e de infraestruturas ecolóxicas | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Indicador | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión | Valor previsto (2023) (1) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
| | | | | | H | M | T | | |
| C023 | Superficie de hábitats subvencionados para alcanzar un mellor estado de conservación | Hectáreas | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 4.350 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |
| C022 | Superficie total de solo rehabilitado | Hectáreas | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 12,9 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |

(1) No caso do FSE, esta lista inclúe indicadores de produtividade comúns para os cales se fixou un valor previsto. Os valores previstos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, na maioría dos casos a desagregación por xénero non é pertinente. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

## 2.A.7. Eixe 6. Innovación social, cooperación transnacional e contribución aos obxectivos temáticos 1 a 7

| Eixe prioritario | 06 - EP6. Conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos |
|---|---|
| | |

## 2.A.8. Eixe 6. Marco de rendemento

***Cadro 6: Marco de rendemento do eixe prioritario (por Fondo e, para o FEDER e o FSE, categoría de rexión)***[14]

| Eixe prioritario | | 06 - EP6. Conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Tipo de indicador | Identificación | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión | Fitos para 2018 (1) | | | Meta final (2023) (2) | | | Fonte de datos | Explicación da pertinencia do indicador |
| | | | | | | H | M | T | H | M | T | | |
| C019 | P | Poboación adicional beneficiada por unha mellor depuración de augas residuais equivalente de poboación | Poboación-equivalente | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 4.266 | - | - | 169.327 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | |
| F02 | F | Importe total do gasto subvencionable anotado no sistema da AC e certificado segundo o art. 126.c do RDC | Euros | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 73.010.646 | - | - | 190.068.044 | Fondos 2020 | |

(1) Os fitos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. «M» = homes, «M» = mulleres, «T»= total.

(2) Os valores previstos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

[14] Cando a IEX se executa como parte dun eixe prioritario, os seus fitos e metas deben distinguirse dos demais fitos e metas do eixe prioritario, de conformidade cos actos de execución a que se refire o artigo 22, apartado 7, parágrafo quinto, do Regulamento (UE) nº 1303/2013, ao excluírse da reserva de rendemento os recursos asignados á IEX (asignación específica e axuda correspondente do FSE).

### Información cualitativa adicional sobre o establecemento do marco de rendemento (opcional)

En liña coa normativa sobre a programación dos fondos estruturais europeos, e especificamente co Regulamento de execución (UE) 215/2014, do 7 de marzo de 2014, elaborouse o marco de rendemento do eixe 6 'Conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos'. A súa elaboración desenvolveuse como parte do proceso participativo posto en marcha para o deseño do conxunto do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

O proceso de elaboración do marco de rendemento iníciase a través da identificación dos indicadores de produtividade pertinentes de cada unha das actuacións, no marco de cada obxectivo específico e prioridade de investimento. Foron as entidades xestoras, dentro do seu ámbito de intervención e das actuacións planificadas, as que levaron a cabo a selección dos indicadores. O seu coñecemento das políticas públicas en marcha e da realidade sobre a que se pretende intervir foron claves neste proceso. Os indicadores establecéronse partindo dunha lista de indicadores comúns e específicos presentada pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas coa finalidade de manter unha lóxica común entre todos os programas operativos FEDER en España.

Despois de identificar estes indicadores e establecido o fito de implementación para o ano 2018 e a meta para o ano 2023, seleccionáronse aqueles indicadores que cumprisen mellor co obxectivo do marco de rendemento: medir o grao de implementación e cumprimento do programa. Nesta parte do proceso, as entidades xestoras desenvolveron tamén un rol clave ao identificar que actuacións e indicadores son os máis adecuados para garantir que o marco de rendemento reflicte de forma adecuada os obxectivos e resultados que se pretende lograr por cada eixe prioritario ou obxectivo temático.

No caso do eixe 6 'Conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos' seleccionouse un indicador de produtividade: 'C019 Poboación adicional beneficiada por unha mellor depuración de augas residuais equivalente de poboación '. A concentración financeira das actuacións seleccionadas ligadas a estes dous indicadores supón un 57,8% do total da axuda FEDER, de maneira que se supera o 50% de concentración requirida polo regulamento.

- O indicador de produtividade 'C019 Poboación adicional beneficiada por unha mellor depuración de augas residuais equivalente de poboación' estableceuse para tres actuacións que representan o 57,8% do financiamento do total do eixe prioritario.

Respecto á medición do desempeño financeiro (en termos de custo total), seleccionouse o indicador financeiro F02 que establece un total 73.010.646 € para o fito de implementación no ano 2018; e o total do financiamento (190.068.044 €) do eixe prioritario 6 para o dato de meta para o ano 2023.

A táboa de marco de rendemento mostra a información relativa aos indicadores seleccionados no marco do eixe prioritario 6.

## 2.A.9. Eixe 6. Categorías de intervención

***Cadros:7-11: Categorías de intervención*[15]**

***Cadro 7: Dimensión 1. Ámbito de intervención.***

| Eixe prioritario | 06 - EP6. Conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 017 Xestión de residuos domésticos (incluíndo medidas de minimización, separación e reciclaxe ) | 5.290.956,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 019 Xestión de residuos comerciais, industriais ou perigosos | 5.787.805,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 022 Tratamento de augas residuais | 87.892.562,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 085 Protección e fortalecemento da biodiversidade, protección da natureza e infraestrutura ecolóxica | 14.500.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 091 Desenvolvemento e promoción do potencial turístico dos espazos naturais | 5.500.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 092 Protección, desenvolvemento e promoción dos activos do turismo público | 18.300.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 094 Protección, desenvolvemento e promoción dos activos da cultura e o patrimonio públicos | 10.500.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 089 Rehabilitación de zonas industriais e terreos contaminados | 4.283.112,00 € |

***Cadro 8: Dimensión 2. Forma de financiamento.***

| Eixe prioritario | 06 - EP6. Conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 01 Subvención non reembolsable | 152.054.435,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 02 Subvención reembolsable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 03 Apoio mediante instrumentos financeiros: capital risco, participacións ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 04 Apoio mediante instrumentos financeiros: préstamos ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 05 Apoio mediante instrumentos financeiros: avais ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 06 Apoio mediante instrumentos financeiros: bonificacións de xuros, subvencións de comisións de garantía, apoio técnico ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 07 Primas | 0,00 € |

[15] Os importes inclúen o total da axuda da Unión (a asignación principal e a asignación procedente da reserva de rendemento).

***Cadro 9: Dimensión 3. Tipo de territorio.***

| Eixe prioritario | 06 - EP6. Conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 01 Grandes zonas urbanas (densamente poboadas >50.000) | 41.144.808,45 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 02 Pequenas zonas urbanas (medianamente poboadas >5.000) | 76.206.133,84 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 03 Zonas rurais (pouco poboadas) | 24.703.492,70 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 04 Zonas de cooperación interrexional | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 05 Cooperación entre zonas de programas nacionais ou rexionais nun contexto nacional | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 06 Cooperación transnacional do FSE | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 07 Non procede | 10.000.000,00 € |

***Cadro 10: Dimensión 4. Mecanismos de aplicación territorial.***

| Eixe prioritario | 06 - EP6. Conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 01 Investimento territorial integrado: urbana | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 02 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento urbano sustentable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 03 Investimento territorial integrado: non urbana | 107.892.562,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 04 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento rural sustentable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 05 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento urbano ou rural sustentable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 06 Iniciativas de desenvolvemento local a cargo das comunidades locais | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 07 Non procede | 44.161.873,00 € |

***Cadro 11: Dimensión 6. Tema secundario do FSE (só FSE)***

| Eixe prioritario | 06 - EP6. Conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos | | |
|---|---|---|---|
| Fondo | Categoría de rexión | Código | Importe € |
| | | | |

## 2.A.10. Eixe 6. Resumo do uso previsto da asistencia técnica, incluído, se é o caso, as accións destinadas a reforzar a capacidade administrativa das autoridades que participan na xestión e no control dos programas e beneficiarios (por eixe prioritario) (por eixe prioritario)

| Eixe prioritario | 06 - EP6. Conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos | | |
|---|---|---|---|
| Fondo | Categoría de rexión | Código | Importe € |
| | | | |

## 2.A.1 Eixe prioritario 9

| ID do eixe prioritario | 09 |
|---|---|
| Título do eixe prioritario | EP9 Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza. |

| | |
|---|---|
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase unicamente con instrumentos financeiros | *Non procede* |
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase unicamente con instrumentos financeiros establecidos a nivel da Unión | *Non procede* |
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase con desenvolvemento local participativo | *Non procede* |
| ☐ No caso do FSE: a totalidade do eixe prioritario está dedicada á innovación social, á cooperación transnacional ou a ambas as dúas | *Non procede* |

Segundo o "Diagnóstico de situación socioeconómico e territorial de Galicia" evidéncianse as seguintes necesidades que xustifican a asignación de recursos a este eixe prioritario: desenvolver a infraestruturas de soporte e apoio ante o posible aumento das persoas en risco de exclusión social, apoiar os colectivos que requiren de necesidades especiais en termos de accesibilidade e reforzar as estruturas do sistema sanitario galego, e mellora e modernización dos servizos sociais. A estratexia de acción para lograr paliar estas necesidades consiste na implementación de plans integrais para abordalos (Estratexia do Servizo Galego de Saúde, Plan de inclusión social Activa 2014-2020 e Plan de acción integral para as persoas con discapacidade, entre outros) nos cales se enmarcan as actuacións previstas neste eixe, que se complementan tanto coas actuacións previstas no obxectivo temático 9 do Programa operativo do FSE de Galicia 2014-2020, como coa contribución dos programas nacionais do FSE de inclusión social e economía social e co FEAD.

## 2.A.2. Eixe 9. Xustificación do establecemento dun eixe prioritario que abranga máis dunha categoría de rexión, obxectivo temático ou fondo

[Non procede]

## 2.A.3. Eixe 9. Fondo, categoría de rexión e base de cálculo da axuda da Unión

| Fondo | Categoría de rexión | Base de cálculo (gasto total subvencionable ou gasto público subvencionable) | Categoría de rexión para as rexións ultraperiféricas e as rexións escasamente poboadas do norte |
|---|---|---|---|
| FEDER | Máis desenvolvidas | Público | |

## 2.A.4. Eixe 9. Prioridade de investimento 9a

| | |
|---|---|
| ID Prioridade de investimento | 9a |
| Título da prioridade de investimento | O investimento en infraestruturas sociais e sanitarias que contribúan ao desenvolvemento nacional, rexional e local e reduzan as desigualdades sanitarias, e o fomento da inclusión social mediante unha mellora do acceso aos servizos sociais, culturais e recreativos e a transición dos servizos institucionais aos servizos locais |

## 2.A.5. Eixe 9. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados

| | |
|---|---|
| ID do obxectivo específico | 090a1. |
| Título do obxectivo específico | OE.9.7.1 Investimento en infraestrutura social e sanitaria que contribúa ao desenvolvemento nacional, rexional e local, e reduza as desigualdades sanitarias e transición dos servizos institucionais aos servizos locais. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | Galicia presenta un indicador asociado ao risco de pobreza e exclusión social do 23,6% (taxa AROPE), este indicador inclúe a poboación que está en risco de pobreza ou privada de forma severa de bens materiais ou que vive en fogares con intensidade de traballo moi baixa, presentando un incremento significativo nos últimos anos.<br>No que respecta ás infraestruturas sanitarias e de atención social, en Galicia manifèstase unha necesidade crecente de atención á poboación de máis idade, debido aos altos datos de envellecemento e sobre envellecemento moi superiores á media española e europea (en Galicia o 23,1% da poboación é maior de 64 anos, segundo datos do ano 2013, fronte ao 17,7 e 17,8%, respectivamente, de España e UE, e o 3,8% dos galegos ten máis de 85 anos). Estas características da poboación fan que a Comunidade Autónoma de Galicia teña crecentes necesidades de servizos sociais e sanitarios.<br>A masificación e listas de espera na sanidade pública da Área de Vigo presentan datos peores que o resto da media de Galicia. Así, o TME estrutural cirúrxico (tempo medio de espera, en días) en 2014 para a área sanitaria de Vigo sitúase en 159,3 días fronte aos 68,2 días de media do resto de áreas sanitarias de Galicia, e o TME estrutural de primeiras consultas (tempo medio de espera, en días) en 2014 para a área sanitaria de Vigo sitúase 48 días fronte aos 44 días de media do resto de áreas sanitarias de Galicia.<br>A elevada estadía media coa que son atendidos os procesos de hospitalización (9,62 días), a relativamente baixa porcentaxe de ambulatorización dos procesos cirúrxicos (43%), así como a presión de urxencias elevada (66,57%) e a existencia de listas de espera relativamente importantes, tanto en consultas externas como en intervencións cirúrxicas programadas, son o conxunto de puntos de mellora que se identifica.<br>O resultado previsto con este obxectivo é regularizar os tempos asistenciais da área sanitaria de Vigo aos da media galega e completar as infraestruturas mínimas en materia de inclusión social.<br>Para iso implementaranse actuacións de equipamento sanitario no Novo Hospital de Vigo, que supón a reordenación asistencial e funcional da Área Sanitaria, integrándose a asistencia sanitaria primaria, a materno-infantil, a sociosanitaria, e garantindo a asistencia en hospitais públicos á maior parte da poboación da área, xunto con actuacións de mellora da rede de centros para a inclusión social e de atención das persoas maiores.<br>Con estas actuacións espérase obter como resultado unha mellora da calidade asistencial, medida cos seguintes indicadores: TME estrutural cirúrxico, tiempo medio de espera, en días e porcentaxe de ambulatorización dos procesos cirúrxicos. |

***Cadro 3: Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FEDER e o Fondo de Cohesión).***

| Obxectivo específico | | 090a1 - OE.9.7.1 Investimento en infraestrutura social e sanitaria que contribúa ao desenvolvemento nacional, rexional e local, e reduza as desigualdades sanitarias e transición dos servizos institucionais aos servizos locais. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **ID** | **Indicador** | **Unidade de medida** | **Categoría de rexión** | **Valor de referencia** | **Ano de referencia** | **Valor previsto [1] (2023)** | **Fonte de datos** | **Frecuencia dos informes** |
| R971a | Tempo medio de espera estrutural cirúrxico | Días | Máis desenvolvidas | 159,3 | 2014 | 100 | Servizo Galego de Saúde | Anual |
| R971b | Ambulatorización dos procesos cirúrxicos | % | Máis desenvolvidas | 45 | 2014 | 55 | Servizo Galego de Saúde | Anual |

(1 ) Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, os valores previstos poden ser cualitativos ou cuantitativos.

## 2.A.6. Eixe 9. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento (por prioridade de investimento)

### 2.A.6.1. Eixe 9. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluíndo, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios

| Prioridade de investimento | 9a O investimento en infraestruturas sociais e sanitarias que contribúan ao desenvolvemento nacional, rexional e local e reduzan as desigualdades sanitarias, e o fomento da inclusión social mediante unha mellora do acceso aos servizos sociais, culturais e recreativos e a transición dos servizos institucionais aos servizos locais |
|---|---|

Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións:

- **MEDIDAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DOS EQUIPAMENTOS NECESARIOS PARA A POSTA EN MARCHA E FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS SANITARIOS NO NOVO HOSPITAL DE VIGO-PONTEVEDRA**. Esta actuación diríxese á adquisición e instalación dos equipamentos necesarios para a posta en marcha e funcionamento dos servizos sanitarios no Novo Hospital de Vigo-Pontevedra, enmarcada na Estratexia do Servizo Galego de Saúde 2014, dentro do obxectivo de modernización das infraestruturas sanitarias. O Plan funcional da área sanitaria de Vigo ten como nodo central o Novo Hospital, que contará con máis de 2.000 camas dispoñibles e dará asistencia sanitaria a máis de 600.000 habitantes.

  A posta en marcha deste Novo Hospital de Vigo complementarase cunha ordenación sanitaria da Área Sanitaria de Vigo, **integrando** definitivamente os diferentes centros hospitalarios da Área Sanitaria nun verdadeiro Complexo, xa que malia que o Complexo Hospitalario Universitario de Vigo se creou no ano 2004, aínda neste momento funciona en moitas especialidades como unha mera coexistencia de hospitais diferentes.

  Este proceso de ordenación debe permitir unha verdadeira confluencia de intereses, obxectivos e accións, que fagan que os diferentes centros se ordenen en función das necesidades e intereses dos pacientes, da calidade da prestación dos servizos e da busca dos mellores resultados en saúde da poboación.

Este novo modelo asistencial queda configurado arredor dun esquema de xestión integrada da Área Sanitaria de Vigo, que comprenderá todas aquelas áreas de actividade nas cales a coordinación dos recursos dispoñibles nos centros que o compoñen engada valor, cun funcionamento coordinado coa rede de servizos sanitarios especializados e coa Atención Primaria co fin de garantir a continuidade dos coidados e a descentralización dos medios tecnolóxicos.

- **ACTUACIÓNS DE INVESTIMENTO EN CENTROS DE INCLUSIÓN SOCIAL PARA ADAPTACIÓN ÁS NECESIDADES FUNCIONAIS.** No marco do Plan nacional de inclusión social e da Estratexia rexional de inclusión social 2014-2020, esta actuación permitirá o investimento para a construción e reforma e/ou ampliación dos centros de inclusión social e emerxencia social en Galicia, cuxos requisitos están regulados na Orde do 25 de xaneiro de 2008 (DOG nº 33). No artigo 1 desta orde defínense os centros de inclusión e emerxencia social como "centros de servizos sociais que atenden as necesidades de persoas afectadas por situacións valoradas de exclusión social e, de ser o caso, se posibilitan e se impulsan actuacións programadas que favorezan a súa efectiva inclusión sociolaboral". Esta actuación compleméntase coas **accións específicas do PLAN DE INCLUSIÓN SOCIAL ACTIVA DE GALICIA 2014-2020, de** formación e acompañamento social coas persoas en situación ou risco de exclusión social, cos colectivos desfavorecidos e proxectos de dinamización sociocomunitaria financiados co FSE de Galicia 2014-2020.

- **ADAPTACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS SOCIAIS E OS ESPAZOS PÚBLICOS ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS E Á ACCESIBILIDADE UNIVERSAL.** Esta actuación pretende, por unha parte, adaptar as infraestruturas sociais a sistemas tecnolóxicos e domóticos que promovan o desenvolvemento de sistemas de prevención, así como a vida autónoma das persoas (sistema de localización e control, teleasistencia avanzada, novos sistemas de comunicación, sensorización...) e, por outra, establecer a accesibilidade universal como elemento fundamental das infraestruturas sociais e espazos públicos, ben adaptándoas ben utilizándoas como espazos de formación, capacitación, investigación e sensibilización en referencia a sectores de poboación con necesidades de accesibilidade aos servizos.

- **MELLORAR O ACCESO DA POBOACIÓN A ELEMENTOS TÉCNICOS DE APOIO.** Esta actuación pretende mellorar o acceso aos servizos das persoas con maiores necesidades mediante a creación dun banco de medios e elementos técnicos de apoio para a súa cesión temporal, permitindo unha maior autonomía das persoas e propiciando a súa participación efectiva na vida familiar e social

O investimento en infraestruturas sociais dirixido aos sectores de poboación con maiores necesidades irá acompañado de accións de formación, capacitación e sensibilización previstas no marco dos obxectivos específicos OE9.1.1 e 9.4.1 do Programa operativo do FSE de Galicia 2014-2020.

## 2.A.6.2. Eixe 9. Principios reitores para a selección de operacións

| Prioridade de investimento | 9a O investimento en infraestruturas sociais e sanitarias que contribúan ao desenvolvemento nacional, rexional e local e reduzan as desigualdades sanitarias, e o fomento da inclusión social mediante unha mellora do acceso aos servizos sociais, culturais e recreativos e a transición dos servizos institucionais aos servizos locais |
|---|---|

De acordo co artigo 125.3.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección de operacións asegurarán a contribución das operacións ao logro dos obxectivos e resultados específicos da prioridade, serán transparentes e non discriminatorios e terán en conta os principios expostos nos artigos 7 (promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación) e 8 (desenvolvemento sustentable) do mencionado regulamento.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 sobre os ámbitos de intervención do FEDER.

Así mesmo, garantirase que todas as operacións executadas desde o 1 de xaneiro de 2014 ata a aprobación polo comité de seguimento destes criterios de selección estarán en consonancia con estes.

A continuación e tendo en conta que será o comité de seguimento do programa, tal e como dispón o artigo 110 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, o que examine e aprobe a metodoloxía e os criterios de selección das operacións, descríbese, a título orientativo e sen ánimo de exhaustividade, a tipoloxía de operacións que se propoñerán a cofinanciamento no marco desta prioridade de investimento.

- Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse accións dirixidas á mellora de infraestruturas sanitarias e sociais, co obxectivo de mellorar a atención nos devanditos ámbitos aos diferentes colectivos, con especial atención a aqueles en risco de exclusión. Así mesmo, poderán cofinanciarse outras accións que contribúan ao logro dos obxectivos asociados á prioridade de investimento de referencia.

Priorizaranse as actuacións que contribúan en maior medida á consecución dos obxectivos en materia de pobreza e redución da exclusión social, en liña coa dimensión integradora da Estratexia Europa 2020.

As operacións integraranse na estratexia rexional de sanidade: Estratexia Sergas 2014, Plan de prioridades sanitarias 2011-2014 e Plan de prioridades sanitarias 2014-2016 ou de inclusión social: Estratexia galega de inclusión social 2014-2020.

**IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Con carácter xeral, a selección de operacións terá en conta o principio establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, promovendo activamente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero nas operacións obxecto de cofinanciamento.

A integración do principio de igualdade nos criterios de selección de operacións farase efectiva mediante a consideración dos seguintes aspectos:

- Os criterios de selección de operacións deseñaranse en concordancia coas fendas de xénero identificadas no diagnóstico, así como cos obxectivos de igualdade do programa. Así, fomentarán que as accións cofinanciadas persigan, de xeito específico ou de modo transversal, a redución das disparidades existentes entre homes e mulleres.
- Nesta liña, os criterios de selección poderán establecer medidas para promover a incorporación da perspectiva de xénero no deseño e a execución das operacións, considerar operacións específicas para as mulleres, incorporar o uso de cláusulas de xénero nas subvencións e contratacións públicas, e calquera outro criterio proporcional.

Terase en conta que nos ámbitos de actuación desta prioridade (saúde, inclusión social, loita contra a pobreza e atención de persoas con discapacidade e de persoas maiores), existe unha dobre desvantaxe social para as mulleres, polo que se terá en conta que as actuacións programadas nesta prioridade que se complementan co FSE, actuarán de xeito específico na redución das fendas detectadas, tanto de accesos aos servizos como nas prestacións.

### 2.A.6.3. Eixe 9. Uso previsto de instrumentos financeiros

| | |
|---|---|
| Prioridade de investimento | 9a O investimento en infraestruturas sociais e sanitarias que contribúan ao desenvolvemento nacional, rexional e local e reduzan as desigualdades sanitarias, e o fomento da inclusión social mediante unha mellora do acceso aos servizos sociais, culturais e recreativos e a transición dos servizos institucionais aos servizos locais |
| Non procede | |

### 2.A.6.4. Eixe 9. Uso previsto de grandes proxectos

| Prioridade de investimento | 9a O investimento en infraestruturas sociais e sanitarias que contribúan ao desenvolvemento nacional, rexional e local e reduzan as desigualdades sanitarias, e o fomento da inclusión social mediante unha mellora do acceso aos servizos sociais, culturais e recreativos e a transición dos servizos institucionais aos servizos locais |
|---|---|
| Non procede | |

### 2.A.6.5. Eixe 9. Indicadores de produtividad e por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión

***Cadro 5: Indicadores de produtividade comúns e específicos do programa (por prioridade de investimento, desagregados por categoría de rexión para o FSE e, cando proceda, para o FEDER).***

| Prioridade de investimento | 9a - O investimento en infraestruturas sociais e sanitarias que contribúan ao desenvolvemento nacional, rexional e local e reduzan as desigualdades sanitarias, e o fomento da inclusión social mediante unha mellora do acceso aos servizos sociais, culturais e recreativos e a transición dos servizos institucionais aos servizos locais | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Indicador | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión | Valor previsto (2023) (1) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
| | | | | | H | M | T | | |
| C036 | Poboación cuberta polos servizos de saúde | Persoas | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 435.860 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |
| E036 | Poboación beneficiada pola actuación de infraestrutura (ou equipamento) social | Persoas | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 26.465 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |

(1) No caso do FSE, esta lista inclúe indicadores de produtividade comúns para os cales se fixou un valor previsto. Os valores previstos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, na maioría dos casos a desagregación por xénero non é pertinente. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

## 2.A.7. Eixe 9. Innovación social, cooperación transnacional e contribución aos obxectivos temáticos 1 a 7

| Eixe prioritario | 09 - EP9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera outra forma de discriminación |
|---|---|
| | |

## 2.A.8. Eixe 9. Marco de rendemento

***Cadro 6: Marco de rendemento do eixe prioritario (por Fondo e, para o FEDER e o FSE, categoría de rexión)***[16]

| Prioridade de investimento | 09 - EP9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera outra forma de discriminación | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Tipo de indicador | Identificación | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión | Fito para 2018 (1) | | | Meta final (2023) (2) | | | Fonte de datos | Explicación da pertinencia do indicador, cando proceda |
| | | | | | | H | M | T | H | M | T | | |
| C036 | P | Poboación cuberta polos servizos de saúde | Persoas | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 435.360 | - | - | 435.860 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | |
| F02 | F | Importe total do gasto subvencionable anotado no sistema da AC e certificado segundo o art. 126.c do RDC | Euros | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 57.298.104 | - | - | 64.298.104 | Fondos 2020 | |

(1) Os fitos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. «M» = homes, «M» = mulleres, «T»= total.
(2) Os valores previstos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

### Información cualitativa adicional sobre o establecemento do marco de rendemento (opcional)

En liña coa normativa sobre a programación dos fondos estruturais europeos, e especificamente co Regulamento de execución (UE) 215/2014, do 7 de marzo de 2014, elaborouse o marco de rendemento do eixe 9 'Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza'. A súa elaboración desenvolveuse como parte do proceso participativo posto en marcha para o deseño do conxunto do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

16) Cando a IEX se executa como parte dun eixe prioritario, os seus fitos e metas deben distinguirse dos demais fitos e metas do eixe prioritario, de conformidade cos actos de execución a que se refire o artigo 22, apartado 7, parágrafo quinto, do Regulamento (UE) nº 1303/2013, ao excluírse da reserva de rendemento os recursos asignados á IEX (asignación específica e axuda correspondente do FSE).

O proceso de elaboración do marco de rendemento iníciase a través da identificación dos indicadores de produtividade pertinentes de cada unha das actuacións, no marco de cada obxectivo específico e prioridade de investimento. Foron as entidades xestoras, dentro do seu ámbito de intervención e das actuacións planificadas, as que levaron a cabo a selección dos indicadores. O seu coñecemento das políticas públicas en marcha e da realidade sobre a cal se pretende intervir foron claves neste proceso. Os indicadores establecéronse partindo dunha lista de indicadores comúns e específicos presentada pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas coa finalidade de manter unha lóxica común entre todos os programas operativos FEDER en España.

Despois de identificar estes indicadores e establecido o fito de implementación para o ano 2018 e a meta para o ano 2023, seleccionáronse aqueles indicadores que cumpriran mellor co obxectivo do marco de rendemento: medir o grao de implementación e cumprimento do programa. Nesta parte do proceso, as entidades xestoras desenvolveron tamén un rol clave ao identificar que actuacións e indicadores son os máis adecuados para garantir que o marco de rendemento reflicte de forma adecuada os obxectivos e resultados que se pretenden lograr por cada eixe prioritario ou obxectivo temático.

No caso do eixe 9 'Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza' seleccionouse un indicador de produtividade: 'C036 Poboación cuberta polos servizos de saúde'. A concentración financeira da actuación seleccionada ligada a este indicador supón un 76,7% do total da axuda FEDER, de maneira que se supera o 50% de concentración requirida polo regulamento. Este indicador estableceuse para unha actuación.

Respecto á medición do desempeño financeiro (en termos de custo total), seleccionouse o indicador financeiro F02, que establece un total 57.298.104 € para o fito de implementación no ano 2018, e o total do financiamento (64.298.104 €) do eixe prioritario 9 para o dato de meta para o ano 2023.

A táboa de marco de rendemento mostra a información relativa aos indicadores seleccionados no marco do eixe prioritario 9.

## 2.A.9. Eixe 9. Categorías de intervención

***7-11: Categorías de intervención*[17]**

***Cadro 7: Dimensión 1. Ámbito de intervención.***

| Eixe prioritario | 09 - EP9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera outra forma de discriminación | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 053 Infraestrutura sanitaria | 39.438.483,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 055 Outra infraestrutura social que contribúa ao desenvolvemento rexional e local | 12.000.000,00 € |

***Cadro 8: Dimensión 2. Forma de financiamento***

| Eixe prioritario | 09 - EP9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera outra forma de discriminación | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 01 Subvención non reembolsable | 51.438.483,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 02 Subvención reembolsable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 03 Apoio mediante instrumentos financeiros: capital risco, participacións ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 04 Apoio mediante instrumentos financeiros: préstamos ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 05 Apoio mediante instrumentos financeiros: avais ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 06 Apoio mediante instrumentos financeiros: bonificacións de xuros, subvencións de comisións de garantía, apoio técnico ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 07 Primas | 0,00 € |

[17] Os importes inclúen o total da axuda da Unión (a asignación principal e a asignación procedente da reserva de rendemento).

***Cadro 9: Dimensión 3. Tipo de territorio***

| Eixe prioritario | 09 - EP9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera outra forma de discriminación | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 01 Grandes zonas urbanas (densamente poboadas >50.000) | 27.122.181,38 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 02 Pequenas zonas urbanas (medianamente poboadas >5.000) | 15.393.910,03 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 03 Zonas rurais (pouco poboadas) | 2.922.391,59 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 04 Zonas de cooperación interrexional | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 05 Cooperación entre zonas de programas nacionais ou rexionais nun contexto nacional | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 06 Cooperación transnacional do FSE | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 07 Non procede | 6.000.000,00 € |

***Cadro 10: Dimensión 4. Mecanismos de aplicación territorial***

| Eixe prioritario | 09 - EP9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera outra forma de discriminación | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 01 Investimento territorial integrado: urbana | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 02 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento urbano sustentable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 03 Investimento territorial integrado: non urbana | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 04 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento rural sustentable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 05 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento urbano ou rural sustentable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 06 Iniciativas de desenvolvemento local a cargo das comunidades locais | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 07 Non procede | 51.438.483,00 € |

***Cadro 11: Dimensión 6. Tema secundario do FSE (só FSE)***

| Eixe prioritario | 09 - EP9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera outra forma de discriminación | | |
|---|---|---|---|
| Fondo | Categoría de rexión | Código | Importe € |
| | | | |

## 2.A.10. Eixe 9. Resumo do uso previsto da asistencia técnica, incluído, se é o caso, as accións destinadas a reforzar a capacidade administrativa das autoridades que participan na xestión e no control dos programas e beneficiarios (por eixe prioritario)

| Eixe prioritario | 09 - EP9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera outra forma de discriminación | | |
|---|---|---|---|
| Fondo | Categoría de rexión | Código | Importe € |
| | | | |

## 2.A.1 Eixe prioritario10

| ID do eixe prioritario | 10 |
|---|---|
| Título do eixe prioritario | EP 10. Investir na educación, formación e formación profesional para a adquisión de capaciades e unha aprendizaxe permanente. |

| | |
|---|---|
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase unicamente con instrumentos financeiros | *Non procede* |
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase unicamente con instrumentos financeiros establecidos a nivel da Unión | *Non procede* |
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase con desenvolvemento local participativo | *Non procede* |
| ☐ No caso do FSE: a totalidade do eixe prioritario está dedicada á innovación social, á cooperación transnacional ou a ambas as dúas | *Non procede* |

Sobre a base do "Diagnóstico de situación socioeconómica e territorial de Galicia" unha das necesidades que é necesario afrontar consiste en reforzar o sistema educativo galego, apostando pola modernización das infraestruturas tendo en conta as novas demandas do mercado laboral e da sociedade do coñecemento e que Galicia se encontra aínda lonxe de alcanzar o obxectivo fixado na estratexia Europa 2020 de lograr que a taxa de abandono escolar sexa inferior ao 10%. Así mesmo, tamén se evidencia unha escaseza de cobertura de prazas de coidado para a poboación de 0 a 3 anos que xustifican a asignación de recursos a este eixe.

As actuacións que se programan neste eixe están integradas nunha planificación estratéxica da Xunta de Galicia e son complementarias coas actuacións programadas neste obxectivo temático no marco do PO do FSE de Galicia 2014-2020, xunto con actuacións incluídas no obxectivo temático 9 de promoción da conciliación da vida familiar e laboral e de dinamización demográfica que, pola súa vez, se complementa coa programación a nivel nacional co PO de emprego, formación e educación 2014-2020.

## 2.A.2. Eixe 10. Xustificación do establecemento dun eixe prioritario que abranga máis dunha categoría de rexión, obxectivo temático ou fondo

[Non procede]

## 2.A.3. Eixe 10. Fondo, categoría de rexión e base de cálculo da axuda da Unión

| Fondo | Categoría de rexión | Base de cálculo (gasto total subvencionable ou gasto público subvencionable) | Categoría de rexión para as rexións ultraperiféricas e as rexións escasamente poboadas do norte |
|---|---|---|---|
| FEDER | Máis desenvolvidas | Público | |

## 2.A.4. Eixe 10. Prioridade de investimento 10a

| | |
|---|---|
| ID Prioridade de investimento | 10 a |
| Título da prioridade de investimento | Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente, mediante o desenvolvemento das infraestruturas de educación e formación |

## 2.A.5. Eixe 10. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados

| | |
|---|---|
| ID do obxectivo específico | 100a1. |
| Título do obxectivo específico | OE.10.5.1. Mellorar as infraestruturas de educación e formación. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | O diagnóstico do obxectivo temático 10 revela que Galicia presenta un dato de abandono escolar temperán moi alto (un 20,4% no ano 2013), cando o obxectivo da Estratexia Europa 2020 se sitúa no 10%, o que incide negativamente na capacidade para integrarse na sociedade do coñecemento, no nivel de capacitación da poboación. Este alto nivel de abandono escolar vai acompañado doutras desvantaxes, como o descenso nos últimos anos da taxa de idoneidade (porcentaxe de alumnos/as que se encontran matriculados/as no curso que pola súa idade lles corresponde), nos rangos de idade de 8 a 15 anos. Outra das necesidades detectadas no diagnóstico reflicte que en Galicia a taxa de escolarización da poboación de 0 a 3 anos aínda non alcanza a taxa do 33% recomendada pola Unión Europea, presentando unha cobertura pública de escolas infantís ao redor do 29%, cunha alta demanda que non se logra cubrir, o que se evidencia polo dato de que cada ano ao redor de 3.500-3.700 nenos quedan en lista de espera de praza pública, principalmente en zonas urbanas.<br><br>O obxectivo perseguido é alcanzar a taxa de cobertura recomendada pola Comisión Europea para centros de educación 0-3 anos e continuar co desenvolvemento de actuacións de modernización do sistema educativo, prestando atención integral á primeira infancia, ensino primario, secundaria e formación profesional, dotando os centros de equipamento en TIC para atender a educación da sociedade do coñecemento e adecuando as devanditas infraestruturas ás novas demandas formativas por parte do mercado laboral.<br><br>Para atender estas necesidades prevense actuacións prioritarias de construción de novos centros e obras de ampliación e reforma nos ámbitos da primeira infancia (de 0 a 3 anos), educación infantil, primaria, secundaria e formación profesional. Estas actuacións compleméntanse coas previstas no programa operativo FSE de Galicia 2014-2020, entre as cales se citan as accións específicas do Plan de dinamización demográfica e de conciliación da vida laboral e familiar do OT 9 e os programas de mellora da aprendizaxe e rendemento - Programas de diversificación curricular (PDC) do OT 10.<br><br>Así mesmo, enmárcanse no citado Plan de dinamización demográfica e de conciliación da vida laboral e no Plan de dotación de infraestruturas educativas en Galicia 2014-2020.<br><br>Para medir o logro destes obxectivos, selecciónanse os seguintes indicadores de resultado: alumnos por unidade en funcionamento en centros docentes públicos (nº) e taxa de escolarización de poboación de 0 a 3 anos. |

***Cadro 3: Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FEDER e o Fondo de Cohesión)***

| Obxectivo específico | | 100a1 - OE.10.5.1 Mellorar as infraestruturas de educación e formación. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **ID** | **Indicador** | **Unidade de medida** | **Categoría de rexión** | **Valor de referencia** | **Ano de referencia** | Valor previsto [1] (2023) | **Fonte de datos** | **Frecuencia dos informes** |
| R151a | Alumnos por unidade en funcionamento en centros docentes públicos | Número | Máis desenvolvidas | 18,4 | 2014 | 16,0 | IGE a partir de información subministrada directamente pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria | Anual |
| R151F | Taxa de cobertura escolar da poboación de 0 a 3 anos | % | Máis desenvolvidas | 29,0 | 2012 | 40,0 | Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia. INE. Cifras poboacionais de referencia. INE. Proxeccións de poboación a curto prazo | Anual |

(1 ) Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, os valores previstos poden ser cualitativos ou cuantitativos.

## 2.A.6. Eixe 10. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento (por prioridade de investimento)

### 2.A.6.1. Eixe 10. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluíndo, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios

| Prioridade de investimento | 10a. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente, mediante o desenvolvemento das infraestruturas de educación e formación. |
|---|---|

Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións:

- **MEDIDAS DESTINADAS Á CONSTRUCIÓN DE NOVOS CENTROS E OBRAS DE AMPLIACIÓN E REHABILITACIÓN DOS CENTROS DE ENSINO PRIMARIO E SECUNDARIO.** A crecente demanda de prazas de escolarización nas zonas de recente urbanización na periferia das poboacións exixe a construción de novos centros de ensino primario e secundario. Estímase que para poder facer fronte á demanda existente se require a construción de polo menos dous centros de ensino primario e un de secundario no período 2015-2017 e outros tres centros no período 2018-2020, naquelas localidades en que a oferta educativa é insuficiente debido ao crecemento demográfico. Adicionalmente á crecente demanda de centros de ensino, é necesaria a ampliación dos centros debido á aplicación da normativa relativa á implantación da formación profesional básica.

- **MEDIDAS DESTINADAS Á CONSTRUCIÓN DE NOVOS CENTROS E OBRAS DE AMPLIACIÓN E REHABILITACIÓN DOS CENTROS DE FORMACIÓN PROFESIONAL, ENSINANZAS ESPECIAIS E ARTÍSTICAS**. Esta actuación diríxese a atender as necesidades de desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional ante a súa crecente demanda. Para iso formúlase a adecuación dos centros para a impartición dos ciclos de nova creación, así como atender a conversión de determinados centros en CIFP. Así mesmo, a entrada en vigor da LOMCE supoñerá a implantación da formación profesional básica, coa conseguinte exixencia de adecuación de espazos.

- **MEDIDAS DESTINADAS Á CONSTRUCIÓN DE NOVOS CENTROS E OBRAS DE AMPLIACIÓN E REHABILITACIÓN DOS CENTROS DE ENSINO INFANTIL**. A presente actuación enfócase na construción, ampliación ou mellora dos centros de ensino infantil ante a crecente demanda destes centros, reforzando a escolarización temperá. Este incremento na demanda débese a razóns de conciliación da vida familiar e laboral en relación coa escolarización xeneralizada a partir dos tres anos. Para o novo período 2014-2020 planéase a construción de novas escolas infantís en dous centros de educación infantil e primaria que actualmente teñen unha gran demanda.

Os investimentos en infraestruturas de educación irán acompañados da integración das TIC na práctica educativa en Galicia no marco do Plan para o fomento da educación dixital - proxecto Abalar, que se detalla nas actuacións previstas para o obxectivo específico 2.3.1. e que prevé un salto cualitativo e cuantitativo no modelo, co fin de mellorar a súa eficiencia. Ademais de loitar contra a fenda dixital, trátase de fomentar o potencial integrador do e-coñecemento.

A eficiencia do modelo educativo verase reforzada, así mesmo, a través das accións previstas no marco da prioridade de investimento 10.1 do FSE, de cara ao fomento da igualdade de acceso a unha educación infantil, primaria e secundaria de boa calidade e á redución e prevención do abandono escolar temperán. Unha educación de calidade e o incremento do nivel formativo da poboación galega reducen os riscos de exclusión social, xogando un papel preponderante na corrección de desigualdades.

- **MEDIDAS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE INVESTIMENTO EN CENTROS DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA 0-3 ANOS E CASAS NIÑO.** As accións que compoñen esta actuación empréndense no marco do Plan de dinamización demográfica para Galicia 2013-2016, horizonte 2020, que inclúe medidas que consigan fixar poboación en ámbitos rurais e afectados pola despoboación e o envellecemento, así como medidas de estímulo da natalidade. Pártese dunha crise económica que afecta gravemente as familias que buscan nas escolas infantís 0-3 unha medida de conciliación laboral. A taxa de cobertura de escolas infantís en Galicia aínda non alcanza a taxa do 33% recomendada pola Unión Europea, xa que, malia que se incrementou nos últimos anos para cubrir a necesidade existente, aínda se sitúa ao redor do 29%.

Segundo os datos actuais, aproximadamente o 70% dos concellos galegos presentan unha taxa de cobertura inferior ao 50% de prazas públicas. Tívose en conta esta ratio de cobertura debido principalmente ás características territoriais e de poboación de Galicia, que fan que o mínimo de cobertura recomendada pola UE, en determinada zonas, especialmente urbanas, non sexa suficiente, se temos en conta que cada ano ao redor de 3.500-3.700 nenos quedan en lista de espera de praza pública, principalmente en zonas urbanas (no curso escolar 2013/14 quedaron en lista de espera 3.532 nenos).

Neste sentido, a presente actuación formula o investimento na creación, ampliación, reforma e/ou equipamento dos centros de atención á primeira infancia 0-3 anos en Galicia e no acondicionamento e/ou equipamento das casas niño.

A iniciativa de casas niño pretender ofrecerlles aos pais e nais «unha alternativa» ás escolas infantís tradicionais para conciliar a vida familiar e laboral e ofrecerlles aos seus fillos/as a oportunidade de crecer nun ambiente o máis parecido ao seu fogar, co que se pretende dinamizar as comunidades rurais despoboadas e/ou dispersas para frear a sangría poboacional a que está sometido o medio rural galego. Considérase que estas accións favorecerán o acceso das mulleres ao mercado de traballo e a súa participación en maior medida en igualdade de condicións cos homes.

## 2.A.6.2. Eixe 10. Principios reitores para a selección de operacións

| | |
|---|---|
| **Prioridade de investimento** | 10a. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente, mediante o desenvolvemento das infraestruturas de educación e formación. |

De acordo co artigo 125.3.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección de operacións asegurarán a contribución das operacións ao logro dos obxectivos e resultados específicos da prioridade, serán transparentes e non discriminatorios, e terán en conta os principios expostos nos artigos 7 (promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación) e 8 (desenvolvemento sustentable) do mencionado regulamento.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 sobre os ámbitos de intervención do FEDER.

Así mesmo, garantirase que todas as operacións executadas desde o 1 de xaneiro de 2014 ata a aprobación polo comité de seguimento destes criterios de selección estarán en consonancia con eles.

A continuación e tendo en conta que será o comité de seguimento do programa, tal e como dispón o artigo 110 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, o que examine e aprobe a metodoloxía e os criterios de selección das operacións, descríbese, a título orientativo e sen ánimo de exhaustividade, a tipoloxía de operacións que se propoñerán a cofinanciamento no marco desta prioridade de investimento.

- Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse accións dirixidas á mellora de infraestruturas educativas seleccionando investimentos accesibles a toda a cidadanía, eficientes e sustentables no consumo de recursos, promovendo a igualdade de mulleres e homes e a non discriminación, mellorando as condicións de acceso á educación por parte das familias e mellorando o equilibrio entre a vida laboral e familiar. Así mesmo, poderán cofinanciarse outras accións que contribúan ao logro dos obxectivos asociados á prioridade de investimento de referencia.

As operacións irán aliñadas coas necesidades demográficas existentes, así como coa Estratexia galega en materia de infraestruturas educativas, Plan de dotación de infraestruturas educativas en Galicia 2014-2020. Para as actuacións de infraestruturas para o cidadán da poboación de 0 a 3 anos, terase en conta o Plan de dinamización demográfica para Galicia 2013-2016, horizonte 2020.

**IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Con carácter xeral, a selección de operacións terá en conta o principio establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, promovendo activamente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero nas operacións obxecto de cofinanciamento.

A integración do principio de igualdade nos criterios de selección de operacións farase efectiva mediante a consideración dos seguintes aspectos:

- Os criterios de selección de operacións deseñaranse en concordancia coas fendas de xénero identificadas no diagnóstico, así como cos obxectivos de igualdade do programa. Así, fomentarán que as accións cofinanciadas persigan, de xeito específico ou de modo transversal, a redución das disparidades existentes entre homes e mulleres.
- Nesta liña, os criterios de selección poderán establecer medidas para promover a incorporación da perspectiva de xénero no deseño e execución das operacións, considerar operacións específicas para as mulleres, incorporar o uso de cláusulas de xénero nas subvencións e contratacións públicas e calquera outro criterio proporcional.

Terase en conta que nos ámbitos de actuación desta prioridade (mellora de infraestruturas educativas, en xeral, incluíndo os centros de atención para a poboación de 0 a 3 anos) existe unha gran relación cos programas de conciliación da vida familiar e laboral, polo que as actuacións programadas nesta prioridade se complementan co FSE, e actuarán de xeito específico na redución das fendas detectadas, facilitando a incorporación das mulleres á vida laboral.

## 2.A.6.3. Eixe 10. Uso previsto de instrumentos financeiros

| Prioridade de investimento | 10a. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente, mediante o desenvolvemento das infraestruturas de educación e formación. |
|---|---|
| Non procede | |

## 2.A.6.4. Eixe 10. Uso previsto de grandes proxectos

| Prioridade de investimento | 10a. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente, mediante o desenvolvemento das infraestruturas de educación e formación. |
|---|---|
| Non procede | |

## 2.A.6.5. Eixe 10. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión

***Cadro 5: Indicadores de produtividade comúns e específicos do programa (por prioridade de investimento, desagregados por categoría de rexión para o FSE e, cando proceda, para o FEDER).***

| Prioridade de investimento | | 10a - Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente, mediante o desenvolvemento das infraestruturas de educación e formación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Indicador | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión | Valor previsto (2023) (1) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
| | | | | | H | M | T | | |
| C035 | Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas | Persoas | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 5.910 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | Anual |

(1) No caso do FSE, esta lista inclúe indicadores de produtividade comúns para os cales se fixou un valor previsto. Os valores previstos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. Para o FEDER e o Fondo de Cohesión, na maioría dos casos a desagregación por xénero non é pertinente. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

## 2.A.7. Eixe 10. Innovación social, cooperación transnacional e contribución aos obxectivos temáticos 1 a 7

| Eixe prioritario | 10 - EP10. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente |
|---|---|
| | |

## 2.A.8. Eixe 10. Marco de rendemento

***Cadro 6: Marco de rendemento do eixe prioritario (por Fondo e, para o FEDER e o FSE, categoría de rexión)***[18]

| Prioridade de investimento | 10 - EP10. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Tipo de indicador | Identificación | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión | Fitos para 2018 (1) | | | Meta final (2023) (2) | | | Fonte de datos | Explicación da pertinencia do indicador, cando proceda |
| | | | | | | H | M | T | H | M | T | | |
| C035 | P | Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas | Persoas | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 1.596 | - | - | 3.870 | Datos obtidos a partir das actuacións apoiadas | |
| F02 | F | Importe total do gasto subvencionable anotado no sistema da AC e certificado segundo o art. 126.c do RDC | Euros | FEDER | Máis desenvolvidas | - | - | 20.407.344 | - | - | 59.162.500 | Fondos 2020 | |

(1) Os fitos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. «M» = homes, «M» = mulleres, «T»= total.

(2) Os valores previstos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

### Información cualitativa adicional sobre o establecemento do marco de rendemento (opcional)

En liña coa normativa sobre a programación dos fondos estruturais europeos, e especificamente co Regulamento de execución (UE) 215/2014, do 7 de marzo de 2014, elaborouse o marco de rendemento do eixe 10 'Investir na educación, o desenvolvemento das capacidades e a aprendizaxe permanente'. A súa elaboración desenvolveuse como parte do proceso participativo posto en marcha para o deseño do conxunto do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

O proceso de elaboración do marco de rendemento iníciase a través da identificación dos indicadores de produtividade pertinentes de cada unha das actuacións, no marco de cada obxectivo específico e prioridade de investimento. Foron as entidades xestoras, dentro do seu ámbito de intervención e das actuacións planificadas, as que levaron a cabo a selección dos indicadores. O seu coñecemento das políticas públicas en marcha e da realidade sobre a cal se pretende intervir foron claves neste proceso. Os indicadores establecéronse partindo dunha lista de indicadores comúns e específicos presentada pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas coa finalidade de manter unha lóxica común entre todos os programas operativos FEDER en España.

[18] Cando a IEX se executa como parte dun eixe prioritario, os seus fitos e metas deben distinguirse dos demais fitos e metas do eixe prioritario, de conformidade cos actos de execución aos que se refire o artigo 22, apartado 7, parágrafo quinto, do Regulamento (UE) nº 1303/2013, ao excluírse da reserva de rendemento os recursos asignados á IEX (asignación específica e axuda correspondente do FSE).

Despois de identificar estes indicadores e establecido o fito de implementación para o ano 2018 e a meta para o ano 2023, seleccionáronse aqueles indicadores que cumprisen mellor co obxectivo do marco de rendemento: medir o grao de implementación e cumprimento do programa. Nesta parte do proceso, as entidades xestoras desenvolveron tamén un rol clave ao identificar que actuacións e indicadores son os máis adecuados para garantir que o marco de rendemento reflicte de forma adecuada os obxectivos e resultados que se pretenden lograr por cada eixe prioritario ou obxectivo temático.

No caso do eixe 10 'Investir na educación, o desenvolvemento das capacidades e a aprendizaxe permanente', seleccionouse un indicador de produtividade: 'C035 Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas'. A concentración financeira das actuacións seleccionadas ligadas a este indicador supón un 51,8% do total da axuda FEDER, de maneira que se supera o 50% de concentración requirida polo regulamento. Este indicador estableceuse para tres actuacións diferentes.

Respecto á medición do desempeño financeiro (en termos de custo total), seleccionouse o indicador financeiro F02, que establece un total 20.407.344 € para o fito de implementación no ano 2018, e o total do financiamento (59.162.500 €) do eixe prioritario 10 para o dato de meta para o ano 2023.

A táboa de marco de rendemento mostra a información relativa aos indicadores seleccionados no marco do eixe prioritario 10.

## 2.A.9. Eixe 10. Categorías de intervención

***Cadros 7-11: Categorías de intervención***[19]

***Cadro 7: Dimensión 1. Ámbito de intervención.***

| Eixe prioritario | 10 - EP10. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 050 Infraestruturas educativas para a educación e formación profesional e a aprendizaxe de adultos | 6.055.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 051 Infraestruturas educativas para ensino escolar (ensino primario e secundario xeral) | 16.075.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 052 Infraestruturas para a atención e a educación da primeira infancia | 25.200.000,00 € |

***Cadro 8: Dimensión 2. Forma de financiamento.***

| Eixe prioritario | 10 - EP10. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 01 Subvención non reembolsable | 47.330.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 02 Subvención reembolsable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 03 Apoio mediante instrumentos financeiros: capital risco, participacións ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 04 Apoio mediante instrumentos financeiros: préstamos ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 05 Apoio mediante instrumentos financeiros: avais ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 06 Apoio mediante instrumentos financeiros: bonificacións de xuros, subvencións de comisións de garantía, apoio técnico ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 07 Primas | 0,00 € |

[19] Os importes inclúen o total da axuda da Unión (a asignación principal e a asignación procedente da reserva de rendemento).

***Cadro 9: Dimensión 3. Tipo de territorio.***

| Eixe prioritario | 10 - EP10. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 01 Grandes zonas urbanas (densamente poboadas >50.000) | 14.226.500,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 02 Pequenas zonas urbanas (medianamente poboadas >5.000) | 21.703.500,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 03 Zonas rurais (pouco poboadas) | 11.400.000,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 04 Zonas de cooperación interrexional | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 05 Cooperación entre zonas de programas nacionais ou rexionais nun contexto nacional | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 06 Cooperación transnacional do FSE | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 07 Non procede | 0,00 € |

***Cadro 10: Dimensión 4. Mecanismos de aplicación territorial.***

| Eixe prioritario | 10 - EP10. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 01 Investimento territorial integrado: urbana | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 02 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento urbano sustentable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 03 Investimento territorial integrado: non urbana | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 04 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento rural sustentable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 05 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento urbano ou rural sustentable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 06 Iniciativas de desenvolvemento local a cargo das comunidades locais | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 07 Non procede | 47.330.000,00 € |

***Cadro 11: Dimensión 6. Tema secundario do FSE (só FSE)***

| Eixe prioritario | 10 - EP10. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| | | | |

## 2.A.10. Eixe 10. Resumo do uso previsto da asistencia técnica, incluídas, se é o caso, as accións destinadas a reforzar a capacidade administrativa das autoridades que participan na xestión e no control dos programas e beneficiarios (por eixe prioritario)

| Eixe prioritario | 10 - EP10. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| | | | |

# 2.B. Eixe prioritario Asistencia técnica

## 2.B.1 Eixe prioritario 13

| | |
|---|---|
| ID do eixe prioritario | 13 |
| Título do eixe prioritario | Asistencia técnica |

## 2.B.2. Eixe 13. Xustificación para establecer un eixe prioritario que abranga máis dunha categoría de rexión

[Non procede]

## 2.B.3. Eixe 13. Fondo e categoría de rexión

| | |
|---|---|
| Fondo | FEDER |
| Categoría de rexión | Máis desenvolvidas |
| Base de cálculo (gasto total subvencionable ou gasto público subvencionable) | Público |

## 2.B.4. Eixe 13. Obxectivos específicos e resultados esperados

| | |
|---|---|
| ID do obxectivo específico | 13.1.1 |
| Título do obxectivo específico | OE.13.1.1 Lograr unha eficaz implementación do PO apoiando a actividade de xestión e control e o desenvolvemento de capacidade nestas áreas. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión[20] | [Non procede] |

[20] Necesario cando a axuda da Unión para asistencia técnica no programa exceda os 15 millóns de euros.

## 2.B.5. Eixe 13. Indicadores de resultados[21]

***Cadro 12: Indicadores de resultados específicos do programa (por obxectivo específico) (para o FEDER / FSE / Fondo de Cohesión)***

| Eixe prioritario | | OE.13.1.1. Lograr unha eficaz implementación do PO apoiando a actividade de xestión e control e o desenvolvemento de capacidade nestas áreas | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Indicador | Unidade de medida | Valor de referencia | | | Ano de referencia | Valor previsto[22] (2023) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
| | | | H | M | T | | H | M | T | | |
| [Non procede] | | | | | | | | | | | |

## 2.B.4. Eixe 13. Obxectivos específicos e resultados esperados

| | |
|---|---|
| ID do obxectivo específico | 13.1.2. |
| Título do obxectivo específico | OE13.1.2. Mellorar o sistema de gobernanza e de partenariado, potenciando os mecanismos de coordinación, a avaliación e a comunicación entre todos os axentes: administracións públicas, axentes económicos e sociais e sociedade civil |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión[23] | [Non procede] |

## 2.B.5. Eixe 13. Indicadores de resultados[24]

| Eixe prioritario | | OE. 13.1.2.. Mellorar o sistema de gobernanza e de partenariado, potenciando os mecanismos de coordinación, a avaliación e a comunicación entre todos os axentes: administracións públicas, axentes económicos e sociais e sociedade civil | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Indicador | Unidade de medida | Valor de referencia | | | Ano de referencia | Valor previsto [25] (2023) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
| | | | H | M | T | | H | M | T | | |
| [Non procede] | | | | | | | | | | | |

[21] Necesario cando estea xustificado obxectivamente polo contido da acción e cando a axuda da Unión para asistencia técnica no programa exceda os 15 millóns de euros.
[22] Para o Feder e o Fondo de Cohesión, os valores previstos poden ser cualitativos ou cuantitativos.
[23] Necesario cando a axuda da Unión para asistencia técnica no programa exceda os 15 millóns de euros.
[24] Necesario cando estea xustificado obxectivamente polo contido da acción e cando a axuda da Unión para asistencia técnica no programa exceda os 15 millóns de euros.
[25] Para o Feder e o Fondo de Cohesión, os valores previstos poden ser cualitativos ou cuantitativos.

## 2.B.6. Eixe 13. Accións que van ser obxecto de axuda e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos (por eixe prioritario)

### 2.B.6.1. Eixe 13. Descrición das accións que van ser obxecto de axuda e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos

| Eixe prioritario | 13 |
|---|---|

A regulamentación comunitaria da Política de cohesión 2014-2020 inclúe novidades importantes relativas á programación e xestión dos Fondos que precisan a actualización da formación dos diversos actores participantes na súa aplicación. Identificáronse algúns novos elementos especialmente relevantes nos cales se considera necesario incidir para mellorar a capacitación do persoal das unidades xestoras, organismos intermedios e/ou beneficiarios potenciais, que son:

• Enfoque a resultados: seguimento, indicadores, marco de rendemento. Prevese o seguimento continuo durante a implementación dos programas, utilizando ferramentas de detección temperá de desviacións respecto á programación e os fitos fixados e, se é o caso, tomar decisións e actuar para reconducir a execución do programa.

• Avaliación de impacto

• Introdución do gasto privado no cofinanciamento nacional e de custos simplificados

• Maior uso dos instrumentos financeiros

• Xestión financeira: as contas anuais

• Uso das novas aplicacións informáticas de xestión

• Inspección e control e redución de irregularidades

• Incorporación de medidas para prevención e detección do risco de fraude que se deberán aplicar en distintos puntos dos procesos de xestión dos fondos FEI.

O concepto de "asistencia técnica" fundaméntase no artigo 59 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, que establece as disposicións comúns para todos os fondos EIE. O obxectivo da asistencia técnica é garantir as condicións necesarias para a correcta implementación do acordo de asociación e os programas operativos, a súa posta en marcha, seguimento e avaliación, xestión e control, así como o funcionamento das estruturas de coordinación necesarias para un eficaz desenvolvemento destes.

Trátase, polo tanto, dun eixe instrumental que apoia o desenvolvemento das distintas funcións contidas no ciclo de implementación dos fondos, de conformidade cos requisitos regulamentariamente establecidos.

Para implementar estas actividades, no acordo de asociación de España 2014-2020, definiuse o "eixe 13 de asistencia técnica", que se empregará nos diferentes programas operativos FEDER rexionais e plurirrexionais para recoller as medidas que garantan unha execución eficaz das actuacións recollidas nos restantes eixes de cada programa operativo.

As actuacións previstas dentro deste eixe de asistencia técnica están orientadas a lograr a mellora das actividades de xestión e control, por un lado, e de garantir un adecuado sistema de gobernanza e partenariado ao longo do período, por outro. Concéntranse en dous grandes ámbitos relacionados cos obxectivos específicos da asistencia técnica que prevén as seguintes actuacións:

1) Xestión e control

- Xestión: apoiar a actividade de xestión do programa desenvolvida pola Administración rexional.

- Inspección e control: apoiar as actividades de inspección e control das operacións co fin de mellorar a eficiencia administrativa e de xestión, incrementando o grao de calidade dos documentos e os procesos; coordinación e organización das actividades de auditoría; potenciar o emprego das medidas de prevención e detección de riscos de fraude e, de ser o caso, de aplicación de medidas correctoras.

- Capacitación para a xestión e control: apoio técnico e formación do persoal responsable da xestión e control dos programas nos organismos intermedios da Administración rexional. En particular en ámbitos como: os instrumentos financeiros, a inclusión do gasto privado, a economía baixa en carbono ou aspectos técnicos de xestión e control definidos nos regulamentos do novo período (xestión financeira -contas anuais-), utilización de Fondos 2020, a aplicación de medidas de prevención e detección do risco de fraude, mediante a consulta de

Arachne a través de SFC2014, a adaptación dos sistemas de información de cada axente ás novas funcionalidades requiridas neste marco de programación, o seguimento orientado a resultados, garantía de cumprimento da posibilidade de conectividade dixital entre os beneficiarios e as autoridades, segundo o artigo 122.3 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, a estruturación de documentos de modo que sexan recollidos e xestionados nos sistemas de información e posibiliten a simplificación de informes de tipo, fomento da dixitalización oficial de documentos co fin de potenciar o almacenamento e xestión electrónica de documentación, incorporación do emprego de factura electrónica, conexión coa Base de datos nacional de subvencións (Lei 38/2003, xeral de subvencións, modificada o 17.9.2014, art. 20.4).

2) Gobernanza e partenariado

- Redes temáticas e estruturas de coordinación: apoio á participación da Administración rexional nas actividades previstas no acordo de asociación como instrumentos de gobernanza, partenariado e coordinación.
- Comunicación: actividades que deberá desenvolver a Administración rexional en materia de difusión do programa operativo, así como das actuacións apoiadas por este entre os potenciais axentes involucrados na xestión, os beneficiarios e a cidadanía. Inclúense aquí a participación nas actividades dos grupos de comunicación e o mantemento da páxina web.
- Avaliación e seguimento: apoiarase a colaboración da Administración rexional no desenvolvemento e implementación do Plan de avaliación 2014-2020, que incluirá accións asociadas á preparación do plan, as propias avaliacións, o desenvolvemento e difusión destas, así como o incremento de capacidades en materia de avaliación (especialmente avaliación de impacto). Tamén se incluirán os estudos que se elaboren relacionados co FEDER. Así mesmo, potenciarase a capacitación para asegurar a calidade do sistema de seguimento en relación cos indicadores de produtividade e de resultados e o marco de rendemento.

## 2.B.6.2. Eixe 13. Indicadores de produtividade que se espera que contribúan aos resultados (por eixe prioritario)

***Cadro 13. Indicadores de produtividade (por eixe prioritario) (para o FEDER / FSE / Fondo de Cohesión).***

| Eixe prioritario | 13 Asistencia técnica | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ID | Identificación | Unidade de medida | Valor previsto (2023)[26] (opcional) | | | Fonte de datos |
| | | | H | M | T | |
| E040 | Persoas/ano que participan en labores de xestión do Fondo FEDER 2014-2020, cuxo salario é cofinanciado co Fondo FEDER. | Persoas/ano | | | 115 | Fondos 2020 |
| E041 | Número de informes de control xerados | Número | | | 897 | Fondos 2020 |
| E042 | Número de Informes de avaliación e/ou estudos dos Programas Operativos do FEDER 2014-2020 xerados pola operación | Número | | | 8 | Fondos 2020 |
| E043 | Accións de Información e comunicacións incluídas dentro do Plan de comunicacións dos programas operativos FEDER 2014-2020 | Número | | | 33 | Fondos 2020 |

[26] Os valores previstos para os indicadores de produtividade no marco da asistencia técnica son opcionais; os valores previstos pódense presentar en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

## 2.B.7.Eixe 13. Categorías de intervención (por eixe prioritario)

***Cadros 14 a 16: Categorías de intervención***[27]

***Cadro 14: Dimensión 1. Ámbito de intervención***

| Eixe prioritario | 13- EP13 Asistencia técnica | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 121 Preparación, execución, seguimento e inspección | 7.000.413,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 122 Avaliación e estudos | 2.800.165,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 123 Información e comunicación | 4.200.247,00 € |

***Cadro 15: Dimensión 2. Forma de financiamento***

| Eixe prioritario | 13- EP13 Asistencia técnica | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 01 Subvención non reembolsable | 14.000.825,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 02 Subvención reembolsable | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 03 Apoio mediante instrumentos financeiros: capital risco, participacións ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 04 Apoio mediante instrumentos financeiros: préstamos ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 05 Apoio mediante instrumentos financeiros: avais ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 06 Apoio mediante instrumentos financeiros: bonificacións de xuros, subvencións de comisións de garantía, apoio técnico ou equivalentes | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 07 Primas | 0,00 € |

[27] Os importes inclúen o total da axuda da Unión (a asignación principal e a asignación procedente da reserva de rendemento).

***Cadro 16: Dimensión 3. Tipo de territorio.***

| Eixe prioritario | 13- EP13 Asistencia técnica. | | |
|---|---|---|---|
| **Fondo** | **Categoría de rexión** | **Código** | **Importe €** |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 01 Grandes zonas urbanas (densamente poboadas >50.000) | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 02 Pequenas zonas urbanas (medianamente poboadas >5.000) | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 03 Zonas rurais (pouco poboadas) | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 04 Zonas de cooperación interrexional | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 05 Cooperación entre zonas de programas nacionais ou rexionais nun contexto nacional | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 06 Cooperación transnacional do FSE | 0,00 € |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 07 Non procede | 14.000.825,00 € |

# 3. SECCIÓN 3 - PLAN DE FINANCIAMENTO

## 3.1 Crédito financeiro procedente de cada un dos fondos e importes para a reserva de rendemento

***Cadro 17.***

| Fondo | Categoría de rexión | 2014 | | 2015 | | 2016 | | 2017 | | 2018 | | 2019 | | 2020 | | Total | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Asignación principal ( (1) | Reserva de rendemento | Asignación principal (1) | Reserva de rendemento | Asignación principal (1) | Reserva de rendemento | Asignación principal (1) | Reserva de rendemento | Asignación principal (1) | Reserva de rendemento | Asignación principal (1) | Reserva de rendemento | Asignación principal (1) | Reserva de rendemento | Asignación principal (1) | Reserva de rendemento |
| FEDER | Máis desenvolvidas | 109.941.103 | 7.144.421 | 110.452.095 | 7.177.628 | 112.768.828 | 7.328.178 | 127.327.840 | 8.266.300 | 129.875.950 | 8.431.728 | 132.474.974 | 8.600.460 | 135.125.780 | 8.772.555 | 857.966.570 | 55.721.270 |

(1 ) Asignación total (axuda da Unión) menos asignación para a reserva de rendemento

## 3.2. Crédito financeiro total por fondo e cofinanciamento nacional (€)

***Cadro 18a: Plan de financiamento***

| Obxectivo temático | Fondo | Categoría de rexión | Base para o cálculo da axuda da Unión (custo total subvencionable ou custo público subvencionable) | Axuda da Unión | Contrapartida nacional | Desagregación indicativa da contrapartida nacional | | Financiamento total | Co-financiamento | Contribución do BEI | Asignación principal | | Reserva de rendemento | | Importe da reserva de rendemento o como porcentaxe do total da axuda da Unión |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | (a) | (b) = (c)+(d) | Financiamento público nacional (c) | Financiamento privado nacional (d) | (e) = (a)+(b) | (f) = (a)/(e) (2) | (g) | Axuda da Unión (h) =(a)-(j) | Contrapartida nacional (i) = (b)-(k) | Axuda da Unión (j) | Contrapartida nacional(1) (k)=(b)*[(j)/(a)] | (l) = (j)/(a)*100 |
| 01 | FEDER | Máis desenvolvidas | Total | 142.400.000,00 | 35.600.000,00 | 13.787.500,00 | 21.812.500,00 | 178.000.000,00 | 80,0% | 0 | 133.570.985,09 | 33.392.746,27 | 8.829.015 | 2.207.253,73 | 6,20% |
| 02 | FEDER | Máis desenvolvidas | Público | 140.700.000,00 | 35.175.000,00 | 35.175.000,00 | 0,00 | 175.875.000,00 | 80,0% | 0 | 131.976.387,66 | 32.994.096,91 | 8.723.612 | 2.180.903,09 | 6,20% |
| 03 | FEDER | Máis desenvolvidas | Total | 143.000.000,00 | 35.750.000,00 | 27.951.560,43 | 7.798.439,57 | 178.750.000,00 | 80,0% | 0 | 134.133.784,18 | 33.533.446,05 | 8.866.216 | 2.216.553,95 | 6,20% |
| 04 | FEDER | Máis desenvolvidas | Total | 183.225.970,00 | 45.806.492,50 | 33.458.992,50 | 12.347.500,00 | 229.032.462,50 | 80,0% | 0 | 171.926.366 | 42.981.592 | 11.299.604 | 2.824.901 | 6,17% |
| 05 | FEDER | Máis desenvolvidas | Público | 39.538.127,00 | 9.884.531,75 | 9.884.531,75 | 0,00 | 49.422.658,75 | 80,0% | 0 | 37.086.703,45 | 9.271.675,86 | 2.451.424 | 612.855,89 | 6,20% |
| 06 | FEDER | Máis desenvolvidas | Público | 152.054.435,00 | 38.013.608,75 | 38.013.608,75 | 0,00 | 190.068.043,75 | 80,0% | 0 | 142.626.830,55 | 35.656.707,64 | 9.427.604 | 2.356.901,11 | 6,20% |
| 09 | FEDER | Máis desenvolvidas | Público | 51.438.483,00 | 12.859.620,75 | 12.859.620,75 | 0,00 | 64.298.103,75 | 80,0% | 0 | 48.249.219,42 | 12.062.304,86 | 3.189.264 | 797.315,89 | 6,20% |
| 10 | FEDER | Máis desenvolvidas | Público | 47.330.000,00 | 11.832.500,00 | 11.832.500,00 | 0,00 | 59.162.500,00 | 80,0% | 0 | 44.395.468,57 | 11.098.867,14 | 2.934.531 | 733.632,86 | 6,20% |
| 13 | FEDER | Máis desenvolvidas | Público | 14.000.825,00 | 3.500.206,25 | 3.500.206,25 | 0,00 | 17.501.031,25 | 80,0% | 0 | 14.000.825,00 | 3.500.206,25 | 0 | 0 | 0,00% |
| Total | FEDER | Máis desenvolvidas | | 913.687.840,00 | 228.421.960,00 | 186.463.520,43 | 41.958.439,57 | 1.142.109.800,00 | 80,0% | 0 | 857.966.570 | 214.491.643 | 55.721.270 | 13.930.318 | 6,10% |

(1 ) A contrapartida nacional divídese proporcionalmente entre a asignación principal e a reserva de rendemento.

(2) Esta porcentaxe pode redondearse ao número enteiro máis próximo no cadro. A porcentaxe exacta utilizada para o reembolso dos pagamentos é a ratio (f).

***Cadro 18c: Desagregación do plan financeiro por eixe prioritario, fondo, categoría de rexión e obxectivo temático(*).***

| Obxectivo temático | Fondo | Categoría de rexión | Obxectivo temático | Axuda da Unión | Contrapartida nacional | Financiamento total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 01 | FEDER | Máis desenvolvidas | Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación | 142.400.000,00 | 35.600.000,00 | 178.000.000,00 |
| 02 | FEDER | Máis desenvolvidas | Mellorar o uso e calidade das TIC e o acceso a elas | 140.700.000,00 | 35.175.000,00 | 175.875.000,00 |
| 03 | FEDER | Máis desenvolvidas | Mellorar a competitividade das pemes, do sector agrícola (no caso do Feader) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP) | 143.000.000,00 | 35.750.000,00 | 178.750.000,00 |
| 04 | FEDER | Máis desenvolvidas | Favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores | 183.225.970,00 | 45.806.492,50 | 229.032.462,50 |
| 05 | FEDER | Máis desenvolvidas | Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos | 39.538.127,00 | 9.884.531,75 | 49.422.658,75 |
| 06 | FEDER | Máis desenvolvidas | Conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos | 152.054.435,00 | 38.013.608,75 | 190.068.043,75 |
| 09 | FEDER | Máis desenvolvidas | Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación | 51.438.483,00 | 12.859.620,75 | 64.298.103,75 |
| 10 | FEDER | Máis desenvolvidas | Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente | 47.330.000,00 | 11.832.500,00 | 59.162.500,00 |
| Total | FEDER | Máis desenvolvidas | | 899.687.015,00 | 224.921.755,00 | 1.124.608.770,00 |

(*) Sen ter en conta o Eixe 13 Asistencia Técnica.

***Cadro 19: Importe indicativo da axuda que se vai destinar aos obxectivos do cambio climático***

| Obxectivo temático | Importe indicativo da axuda que se vai destinar aos obxectivos do cambio climático (€) | Porcentaxe da asignación total para o programa operativo (%) |
|---|---|---|
| 01 | 0,00 € | 0,0 |
| 02 | 0,00 € | 0,0 |
| 03 | 0,00 € | 0,0 |
| 04 | 165.521.507,20 | 18,12 |
| 05 | 39.538.127,00 € | 4,33 |
| 06 | 5.800.000,00 € | 0,63 |
| 09 | 0,00 € | 0,0 |
| 10 | 0,00 € | 0,0 |
| **Total** | **210.859.634,20** | **23,08** |

# 4. SECCIÓN 4 - ENFOQUE INTEGRADO DO DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL

Descrición do enfoque integrado do desenvolvemento territorial, tomando en consideración o contido e os obxectivos do programa operativo, tendo en conta o acordo de asociación e mostrando como contribúe ao logro dos seus obxectivos e resultados previstos.

A situación xeográfica de Galicia, localizada no noroeste da Península Ibérica, sitúa Galicia na periferia dos centros económicos europeos, pero tamén nacionais. Ademais, as conexións co resto de España (agás Asturias) e co resto de Europa son difíciles debido á orografía. Galicia está separada da Meseta Central polos montes de León e pola cordilleira Cantábrica co resto de Europa. Ademais, unha das peculiaridades de Galicia é a presenza de numerosas e amplas rías na costa cos puntos singulares definidos polos cabos. Desde o POL, caracterizouse a costa de Galicia en sete bisbarras costeiras: Mariña Lucense, Rías Altas, Golfo Ártabro, Arco Bergantiñán, Costa da Morte, Rías Baixas e Costa Sur.

Por outro lado, do leste ao oeste distinguimos en Galicia catro subrexións atendendo ao seu relevo. A interior ou montañosa, onde se encontran as maiores altitudes que separan Galicia do Bierzo e da Meseta. A segunda é unha planicie, cunha depresión lonxitudinal percorrida polo Miño e os seus afluentes e outra transversal pola que flúe o Sil, que divide a subrexión montañosa. Despois da confluencia destes dous ríos a depresión discorre nordés-sueste. A terceira é a dorsal galega de menor altitude que a interior ou montañosa e unha cuarta litoral onde existen contrastes como a foxa que vai desde o Val do Dubra ata Tui, o chanzo de Santiago e do interior da provincia da Coruña e as serras que separan as rías e o norte da provincia de Lugo, A Mariña. Por iso, de acordo coas tipoloxías territoriais establecidas no acordo de asociación, Galicia non ten unha clara delimitación dado que presenta chairas litorais, cordilleiras e unha zona montañosa.

En canto á súa distribución poboacional, tampouco presenta unha zona homoxénea de sinxela catalogación, dado que presenta zonas costeiras típicas do norte de España e zonas de interior con menor poboación, así como un territorio fronteirizo co norte de Portugal. Neste sentido, a nivel rexional, Galicia pode considerarse un territorio cunha densidade de poboación media, aínda que por provincias se mantén unha desigualdade notoria desde os 212,5 hab/km$^2$ de Pontevedra e os 35,1 hab/km$^2$ de Lugo.

Pero o elemento poboacional máis notorio é o da fragmentación que o número de municipios xera. Trátase dun trazo territorial moi singular de Galicia. Así, en Galicia están 3.772 das 4.920 entidades colectivas que hai en España. Ademais, Galicia conta con máis de 30 mil entidades singulares, preto da metade (48,9%) das entidades singulares que hai en España e máis da metade dos diseminados españois. O 41,8% destes diseminados encóntrase na provincia de Lugo e o 31,4% na da Coruña. Así, considerando todas as entidades colectivas (en Galicia, parroquias) e as entidades singulares que non están incluídas en ningunha entidade colectiva (en diante, áreas locais) co obxectivo de cubrir todo o territorio galego, observamos que as unidades locais que teñen máis de 3.000 habitantes (131) concentran o 58% da poboación galega. Estas 131 unidades locais só ocupan o 3% do territorio. Polo tanto, hoxe Galicia é fundamentalmente urbana.

PROBLEMAS PRINCIPAIS DETECTADOS, RETOS PARA SUPERAR E FERRAMENTAS QUE SE DEBERÁN UTILIZAR

Por iso Galicia ten unha marcada necesidade de atención da súa idiosincrasia territorial debido a estes elementos característicos anteriormente sinalados:

- O seu carácter periférico tanto xeográfico como en relación cos grandes centros económicos nacionais e europeos.
- A súa diversidade territorial que exixe unha multiplicidade de accións diversas segundo que zonas formulen a intervención.
- O seu hábitat diseminado, que dificulta enormemente a centralización de accións en centros poboacionais e a prestación de servizos de proximidade.

Así mesmo, o diagnóstico realizado detectou outras necesidades territoriais que serán atendidas desde a capacidade de acción do programa, como son a elevada dependencia enerxética do exterior, todo iso a pesar da crecente produción de enerxía procedente de fontes renovables que supera de sobra a media nacional. Este feito é relevante dado o elevado consumo de enerxía que a produción económica galega require.

Por outro lado, Galicia é especialmente vulnerable ao cambio climático e enfróntase a un abano de riscos como os incendios forestais elevado dada a súa gran porcentaxe de masa forestal, a alteración de recursos hídricos que se manifesta polos cada vez máis frecuentes fenómenos meteorolóxicos extremos, a redución da capacidade dos encoros que incide no posible risco de inundacións, etc.

En canto á biodiversidade do territorio galego, Galicia configúrase como unha das rexións de maior riqueza natural de España, presenta unha gran variedade de hábitats naturais e unha ampla variedade de flora e fauna. Esta biodiversidade, tremendamente rica, é un activo para conservar e potenciar, previndo dos diferentes factores que poderían poñela en risco.

Finalmente cómpre destacar, pola súa relevancia territorial, a actividade vinculada á costa galega. En primeiro lugar, debemos destacar que a actividade da pesca e acuicultura é o sector no cal Galicia presenta unha especialización relativa máis forte, especialmente na comparativa coa Unión Europea. O peso do sector no PIB galego representa en media o 1,4% e en 2011 daba emprego a case 23.000 postos de traballo. Por exemplo, nalgúns municipios costeiros como a Illa de Arousa, Muxía e Camariñas a pesca representa o 55,4%, o 25,9% e o 22,4% da ocupación, respectivamente. Por outro lado, a actividade turística moi estacional que a costa xera supón outro elemento que hai que ter en conta dada a necesidade crecente de atender un gran número de visitantes que fai multiplicar as necesidades existentes ao longo do ano. Ambos os dous elementos determinan a importancia deste sector e deste ámbito xeográfico, que o fan necesitado de actuacións de investimento constante.

Segundo o diagnóstico tamén existe un desequilibrio territorial no tecido empresarial entre as provincias occidentais e orientais. En concreto, a provincia de Ourense ten o 11,4 por cento das pemes galegas, e predominan as microempresas (96,8%). Na bisbarra de Ourense teñen a súa sede máis da metade (51,4%) das empresas da provincia e nela encóntrase a plataforma loxística máis importante da provincia en San Cibrao.

Respecto ao ámbito da inclusión social, Galicia sufriu un crecemento das desigualdades, presentando un dato de taxa de risco de pobreza e exclusión social do 23,6%, o que manifesta que a poboación en risco de pobreza se sitúa principalmente en áreas próximas ás grandes cidades das provincias de Ourense e Pontevedra. Outra das ameazas detectadas no diagnóstico é o progresivo envellecemento da poboación (23,1% da poboación é maior de 64 anos e o 4% supera os 85 anos), o que implica a crecente necesidade de servizos sociais e sanitarios e a existencia de necesidades de dotación de instalacións sanitarias nalgunhas áreas sanitarias, especialmente na área sanitaria de Vigo, que afecta uns parámetros asistenciais moi inferiores aos da media de Galicia.

Outra das necesidades detectadas no diagnóstico reflicte que en Galicia a taxa de escolarización da poboación de 0 a 3 anos aínda non alcanza a taxa do 33% recomendada pola Unión Europea. Finalmente, debido principalmente á gran dispersión poboacional galega, requírese dun gran número de centros educativos, 1.000 centros na actualidade, dos cales máis da metade ten unha antigüidade superior aos 30 anos.

A partir da detección destes problemas, o Programa Operativo FEDER 2014-2020 de Galicia formúlase un conxunto de necesidades que se deberán superar nestas materias:

- Necesidade 3.2 Mellorar o financiamento de accións de mellora da produtividade, competitividade empresarial e internacionalización empresarial.
- Necesidade 4.1 Aumentar a produción de enerxías renovables co obxectivo de reducir a dependencia enerxética do exterior.
- Necesidade 4.2 Redución do consumo enerxético derivado de enerxías non renovables e prexudiciais en termos ambientais.
- Necesidade 4.3 Fomento da mobilidade sustentable (non motorizada).
- Necesidade 5.1 Mellorar o coñecemento relativo aos recursos naturais vulnerables ao cambio climático, o que permita a medio e longo prazo desenvolver políticas de desenvolvemento sustentable acordes coa realidade galega.
- Necesidade 5.2 Mellorar os mecanismos de prevención de riscos para minimizar o alto grao de risco a que se enfronta Galicia polas súas condicións climáticas e territoriais.

- Necesidade 6.1 Preservar os recursos naturais de Galicia a través da eficiencia no uso sustentable destes e a través das súas medidas de protección.
- Necesidade 6.2 Accións de posta en valor das características naturais e culturais de Galicia que converten a rexión nunha rexión única.
- Necesidade 6.3 Accións de saneamento e depuración nas rías galegas polo seu alto potencial marisqueiro e turístico e no resto de masas de auga para alcanzar o bo estado ecolóxico.
- Necesidade 9.3 Reforzo das estruturas do sistema sanitario galego e mellora e modernización dos servizos sociais
- Necesidade 10.1 Reforzo do sistema educativo galego apostando pola modernización das infraestruturas, tendo en conta as novas demandas do mercado laboral e da sociedade do coñecemento

ENLACE DESTA ANÁLISE TERRITORIAL COS OT QUE SE VAN UTILIZAR

Partindo das necesidades identificadas e directoras establecidas no diagnóstico e en coherencia cos retos comunitarios, nacionais e rexionais, determinouse que algúns dos ámbitos temáticos máis vinculados a estas necesidades se executen a través das actuacións seguintes:

- Actuación de conexión da plataforma loxística de San Cibrao das Viñas á RTE-T para a mellora da capacidade competitiva do tecido empresarial.
- Actuacións vinculadas ao desenvolvemento de fontes renovables, como as de fomento de actividades asociadas ao ciclo de aproveitamento da biomasa térmica.
- Relacionado coa eficiencia enerxética e as empresas desenvolveranse medidas destinadas ao desenvolvemento de auditorías enerxéticas, implantación de sistemas de xestión e proxectos de aforro e eficiencia enerxética no sector industrial e de servizos.
- Vinculado coa eficiencia enerxética e o uso de enerxías renovables no ámbito das infraestruturas públicas, promoveranse actuacións de rehabilitación da envolvente das vivendas de protección oficial para reducir as emisións de carbono e o consumo enerxético, e de aforro e eficiencia enerxética na Administración pública autonómica no marco do Plan de aforro e eficiencia enerxética na Administración pública 2015-2020.
- Relacionadas coa estratexia de redución de carbono para todo tipo de territorio, fomentaranse actuacións de desenvolvemento da mobilidade urbana e interurbana sustentable como sendas peonís e ciclistas, de desenvolvemento e integración dun sistema de xestión de transporte a demanda en Galicia, e de articulación da intermodalidade nos centros de transporte.
- Relacionado coa adaptación ao cambio climático promoveranse investimentos en redes de observación, prevención de riscos e análise sectorial de adaptación ao cambio climático en Galicia.
- Relacionado co ámbito de riscos e catástrofes impulsaranse actuacións de prevención e xestión das inundacións no marco hidrográfico Galicia-Costa, de redes de medición en tempo real de parámetros relacionados coa calidade da auga, de aumento do coñecemento das vulnerabilidades dos ecosistemas galegos a través da observancia e modelización dos riscos máis frecuentes, de modernización da frota de vehículos motobomba contra os incendios forestais, de equipamentos e infraestruturas de protección civil relacionados co clima, a prevención e a mitigación de riscos, e de accións de resposta fronte aos riscos e emerxencias derivados de diferentes sinistros.
- Actuacións destinadas a desenvolver a separación, recollida selectiva e reciclaxe de residuos comerciais e industriais, así como os domésticos.
- Actuacións de mellora de calidade dos ecosistemas acuáticos a través dos plans de saneamento locais, de mellora de infraestruturas hidráulicas básicas incluídas no Plan hidrográfico Galicia-Costa e o Plan de saneamento de Galicia, dentro dos obxectivos da directiva Marco da auga, e de reforma e optimización dos sistemas de saneamento das rías galegas.
- Relacionadas co patrimonio cultural, impulsaranse accións de conservación, protección e desenvolvemento do patrimonio cultural e accións de promoción dos valores sobre o patrimonio natural e a diversidade de Galicia, así como actuacións de conservación, protección, fomento e desenvolvemento do Camiño de Santiago e de Galicia como destino cultural, turístico e natural.

- Actuacións vinculadas co desenvolvemento e promoción das áreas naturais e, en particular, as de interese turístico, executaranse actuacións de protección e conservación do patrimonio natural e de rehabilitación de espazos degradados.
- Medidas destinadas á adquisición e instalación dos equipamentos necesarios para a posta en marcha e funcionamento dos servizos sanitarios no Novo Hospital de Vigo-Pontevedra.
- Medidas destinadas á construción de novos centros e obras de ampliación e rehabilitación dos centros educativos e de primeira infancia

RESULTADOS PRINCIPAIS QUE SE PRETENDEN OBTER, LIGADOS Á ESTRUTURA TERRITORIAL DE GALICIA E QUE ENLACE NO POSIBLE COAS ANÁLISES POR OT REALIZADAS CON POSTERIORIDADE NO AA.

Os resultados que se esperan obter, en coherencia co diagnóstico realizado e a programación do programa operativo por obxectivo temático están en consonancia cos que España pretende conseguir no seu conxunto coa axuda dos fondos da Unión Europea ligados á Estratexia Europa 2020. Estes resultados esperados por OT son os seguintes:

- Obxectivo temático nº 3
  - Preténdese facilitar a posta en marcha, consolidación e crecemento de empresas da bisbarra de Ourense ao proporcionar conexións entre centros loxísticos e redes de transporte europeas.
- Obxectivo temático nº 4
  - Preténdese un aumento do peso das renovables no *mix* enerxético de cara a garantir o cumprimento dos obxectivos vinculantes en materia de renovables para o ano 2020 e favorecer o paso a unha economía de baixo nivel de emisión de carbono, mediante o fomento de produción e distribución de enerxía derivada de fontes renovables.
  - Preténdese un aumento substancial do aforro e a eficiencia enerxética nas infraestruturas públicas, incluídos os edificios públicos, e nas vivendas de protección oficial. Adicionalmente tamén se pretende fomentar a redución de emisións de $CO_2$ na liña da Estratexia Europa 2020.
  - Preténdese reducir o uso do automóbil/transporte individual nos desprazamentos, medio de transporte máis contaminante en cantidade e calidade, promovendo o transporte colectivo, a intermodalidade e o transporte ciclista e peonil.
- Obxectivo temático nº 5
  - Preténdese consolidar a cultura da prevención en materia de riscos e adaptación ao cambio climático.
  - Preténdese reducir os danos causados por sinistralidade ligada a emerxencias climáticas e incendios.
- Obxectivo temático nº 6
  - Preténdese continuar coa diminución na xeración de residuos, avanzar na prevención e reutilización, fomentando a separación destes e impulsando a recollida selectiva, a separación, a reciclaxe e o tratamento de residuos.
  - Preténdese ampliar a rede de saneamento para alcanzar os obxectivos ambientais da Directiva marco da auga, a reforma e optimización dos sistemas de saneamento das rías galegas e as actuacións que permitan alcanzar o bo estado ecolóxico do resto de masas de auga e conseguir a diminución das verteduras en tempo de chuvia para asegurar a sustentabilidade do sector acuícola galego, un dos piares estratéxicos que sustentan a economía da rexión e do cal dependen máis de 25.000 postos de traballo.
  - Preténdese poñer en valor os recursos culturais e patrimoniais da rexión e preservar o patrimonio material e inmaterial de Galicia.
  - Preténdese contribuír á superación do carácter periférico da rexión fortalecendo a súa oferta turística a través da posta en valor do seu patrimonio cultural e natural.

- Preténdese asegurar a conservación da biodiversidade da rexión, mediante medidas que garantan a mellora do estado dos hábitats e das especies, consolidando un modelo sustentable de explotación das áreas protexidas que garanta o mantemento dos espazos protexidos e a poboación que vive neles.

o Obxectivo temático 9:

- Preténdese regularizar os tempos asistenciais da área sanitaria de Vigo aos da media galega e completar as infraestruturas mínimas en materia de inclusión social.

o Obxectivo temático nº 10:

- O obxectivo perseguido é alcanzar a taxa de cobertura recomendada pola Comisión para centros de educación 0-3 anos e continuar co desenvolvemento de actuacións de modernización do sistema educativo.

## 4.1 Desenvolvemento local participativo

A formulación relativa á utilización de instrumentos de desenvolvemento local participativo e principios para determinar as zonas en que se aplicará.

[Non procede]

## 4.2 Accións integradas para o desenvolvemento urbano sustentable

Cando proceda, importe indicativo da axuda do FEDER para accións integradas de desenvolvemento urbano sustentable, que deben realizarse de conformidade co disposto no artigo 7, apartado 2, do Regulamento (UE) n1º 1301/2013, e asignación indicativa da axuda do FSE para accións integradas.

[Non procede]

***Cadro 20: Accións integradas para o desenvolvemento urbano sustentable: importes indicativos da axuda do FEDER e o FSE***

[Non procede]

## 4.3 Investimento territorial integrado (ITI)

A formulación sobre a utilización dos instrumentos de investimento territorial integrado (ITI) [conforme a definición do artigo 36 do Regulamento (UE) nº 1303/2013] en casos distintos dos recollidos no punto 4.2 e a súa asignación financeira indicativa de cada eixe prioritario.

No que se refire ás estratexias das bacías marítimas, España desenvolveu, como parte do acordo de asociación, unha formulación que permita dar resposta aos retos formulados pola Estratexia atlántica. A formulación proposta baséase no desenvolvemento dun investimento territorial integrado para a Estratexia atlántica: ITI Azul.

A Comisión Europea adoptou, a finais de 2011, a Estratexia atlántica, destinada a revitalizar a economía marítima e mariña na rexión atlántica. O debate que tivo lugar entre os Estados membros atlánticos no Foro Atlántico tivo como resultado o Plan de acción da Estratexia atlántica, que guiará a súa implantación ata o ano 2020. Este plan ten por obxecto revitalizar a economía mariña e marítima na zona atlántica e recolle as liñas prioritarias da estratexia, así como as recomendacións para a súa implementación. En canto ao seu financiamento, prevese contar con diversas fontes,

como os fondos EIE, horizonte 2020 ou investimento privado, entre outras. As prioridades identificadas polo Plan de acción son as seguintes:

- Promover o emprendemento e a innovación
- Protexer, asegurar e mellorar o medio mariño e costeiro
- Mellorar a accesibilidade e a conectividade
- Crear un modelo de desenvolvemento rexional socialmente inclusivo e sustentable.

Neste contexto, a ITI Azul definida no AA permite configurar nun único instrumento a contribución dos fondos EIE á Estratexia atlántica, facilitando a súa visibilidade e o seu seguimento.

A ITI Azul definida no Acordo de Asociación permite configurar nun único instrumento a contribución dos fondos EIE á Estratexia atlántica, facilitando a súa visibilidade e o seu seguimento. O ámbito territorial da ITI Azul abrangue todas as rexións atlánticas españolas, incluída a de Galicia. Nese contexto, os obxectivos temáticos de especial relevancia para a Estratexia atlántica dentro do PO FEDER 2014-2020 de Galicia son o OT5 e OT6.

En concreto, o programa formula, no ámbito de loita contra o cambio climático e adaptación a el, *accións que tratan de minimizar o devandito risco,* así como o *desenvolvemento de ferramentas para o control de datos sobre a súa evolución e incidencia sobre o territorio*. Dada a especial incidencia que ten o cambio climático nas zonas costeiras, incluíuse este obxectivo na Estratexia atlántica como parte da súa prioridade 2.

Non se consignaron elementos específicos dentro dos OT 1 e 3 que permitan identificar accións tendentes a avanzar no aproveitamento do potencial de crecemento da economía azul en España, tal e como se define no obxectivo da devandita ITI no acordo de asociación. En boa medida isto é debido á coordinación de actuacións entre fondos, así o groso dos sectores tradicionais recollidos na ITI Azul (pesca e acuicultura) serán apoiados nestes obxectivos polo FEMP, ao cal se asignan no PO nacional 371 millóns de euros para Galicia, dos cales máis de 180 millóns se situarían nos anteriores obxectivos.

Considérase que haberá unha contribución á ITI Azul dentro dos eixes 1, 3, 5 e 6 nos obxectivos específicos seguintes e coas actuacións que se mencionan:

OE.1.2.1 Proxectos de innovación aberta para fornecer incentivos á cooperación entre as empresas.

OE.3.4.1 Apoio ao financiamento das Pemes.

OE.3.4.3 Medidas de apoio á internacionalización.

OE.5.1.1 Redes de observación, prevención de riscos e análise sectorial de adaptación ao cambio climático en Galicia.

OE.5.2.1 Medidas de prevención e xestión das inundacións na demarcación hidrográfica Galicia-Costa, medidas destinadas á dotación de equipamentos, instalacións e infraestruturas destinadas á prevención e xestión de riscos nos ámbitos de emerxencias e protección civil, medidas destinadas á mellora da dotación de equipamentos, instalacións e infraestruturas de protección civil destinadas á prevención e xestión de riscos derivados de catástrofes naturais e outros fenómenos relacionados co clima.

OE.6.2.1 Actuacións prioritarias en materia de saneamento e depuración para o cumprimento dos obxectivos da Directiva marco da auga, medidas de reforma e optimización dos sistemas de saneamento das rías galegas, medidas destinadas á ampliación e mellora da EDAR e do sistema de saneamento dos Praceres.

OE.6.3.2 Medidas de fomento e promoción dos valores sobre o patrimonio natural e a biodiversidade de Galicia.

OE.6.4.1 Medidas de protección e conservación do patrimonio natural.

Nestes obxectivos específicos efectuouse a estimación da contribución financeira, que se presenta no seguinte cadro.

***Cadro 21: Asignación financeira indicativa para o ITI en casos distintos dos mencionados no punto 4.B (importe agregado)***

| Obxectivo temático | Fondo | Axuda Unión | % Axuda Unión |
|---|---|---|---|
| 01 | FEDER | 8.000.000 | 5,6 |
| 02 | FEDER | 0 | 0,0 |
| 03 | FEDER | 6.000.000 | 4,2 |
| 04 | FEDER | 0 | 0,0 |
| 05 | FEDER | 12.177.469 | 30,8 |
| 06 | FEDER | 97.892.562 | 64,4 |
| 09 | FEDER | 0 | 0,0 |
| 10 | FEDER | 0 | 0,0 |
| **Total** | **FEDER** | **124.070.031** | **13,6** |

Tal e como está definido no acordo de asociación de España, o investimento territorial integrado denominado como ITI Azul, no marco do PO FEDER 2014-2020 de Galicia, circunscríbese a toda a Comunidade Autónoma de Galicia dado que mantén costa no Océano Atlántico. Neste sentido, a xestión das devanditas actuacións será coordinada pola autoridade de xestión do Programa co apoio da Xunta de Galicia.

## 4.4 Medidas en favor de accións interrexionais e transnacionais, no marco do programa operativo, con beneficiarios situados en, polo menos, outro Estado membro

Non se consideran no PO actuacións de cooperación interrexional e transnacional para os efectos dos artigos 70, apartado 2, e 96, apartado 3, letra d), do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e o Consello.

Non obstante, cabe dicir que Galicia participará na Cooperación territorial europea 2014-2020 a través das modalidades Transfronteiriza (entre Galicia e a rexión Norte de Portugal), Transnacional (Atlántica e Suroeste) e Interrexional, o mesmo que sucedeu no período 2007-2013, mediante convocatorias públicas.

## 4.5 Contribución das accións previstas no marco do programa ás estratexias macrorrexionais e de bacías marítimas, suxeitas ás necesidades da zona do programa identificadas polo Estado membro

(Se o Estado membro e as rexións participan en estratexias macrorrexionais e de bacías marítimas).

En relación coas estratexias macrorrexionais vinculadas ás bacías marítimas, a Comisión Europea emitiu en novembro de 2011 a Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións para o fomento dunha estratexia marítima para a zona do Océano Atlántico. Como froito da devandita comunicación púxose en marcha o Plan de acción para unha estratexia marítima na rexión atlántica (ou "Estratexia atlántica"), que ten por obxecto revitalizar a economía mariña e marítima na zona atlántica, establecendo unha folla de ruta que lles permita aos países da UE ribeiregos do Atlántico, ás súas rexións e á Comisión contribuír a crear un desenvolvemento sustentable nas zonas costeiras e avanzar cara á "economía azul" mantendo a estabilidade ecolóxica do océano Atlántico.

Esta estratexia proponlles aos Estados membros iniciar procesos de colaboración en ámbitos en que anteriormente actuaban por separado, de maneira que poidan compartir información, custos, resultados e boas prácticas ao mesmo tempo que xeran ideas para outros ámbitos de cooperación en actividades marítimas (incluíndo tanto actividades tradicionais, como a pesca, a acuicultura, o turismo e a navegación, como tamén as emerxentes, como as enerxías renovables en alta mar e a biotecnoloxía mariña).

As prioridades fixadas na estratexia son as seguintes:

- Fomentar o emprendemento e a innovación.
- Protexer, asegurar e mellorar o ambiente mariño e costeiro.
- Mellorar a accesibilidade e a conectividade.
- Crear un modelo de desenvolvemento rexional integrador e sustentable.

En relación a esta estratexia, e sendo Galicia unha rexión vinculada á costa atlántica, algunhas das actuacións realizadas no marco do Programa operativo 2014-2020 FEDER encontraranse aliñadas coas pautas fixadas na citada estratexia. Neste sentido, varias das actuacións incluídas nos obxectivos temáticos 5 e 6 encóntranse vinculadas á prioridade 2 da Estratexia, ao seren actuacións dirixidas á protección, garantía e desenvolvemento de potencial do medio mariño e costeiro do Atlántico.

Así mesmo, España decidiu articular as contribucións de diversos programas, entre os cales se encontra este, á devandita estratexia atlántica a través dunha ITI, denominada ITI Azul. Por iso, e vinculando as actuacións que o programa ten formuladas coas prioridades da devandita estratexia macrorrexional podemos determinar que, no marco da prioridade 2 e incluídas no Programa operativo 2014-2020 FEDER Galicia, se encontran actuacións:

- No eixe 5 accións para contribuír á mitigación e adaptación ao cambio climático, así como ferramentas para o control de datos sobre a súa evolución e incidencia,
- No eixe 6 proxectos destinados á xestión de riscos como inundacións e outros investimentos destinados a unha mellor xestión dos recursos hídricos;

No eixe 6 tamén se formulan actuacións destinadas a apoiar a protección do medio natural, entre as cales se encontra de xeito primordial o saneamento de rías galegas, elementos clave tanto do enclave natural do atlántico como do desenvolvemento económico da súa zona de influencia.

Véxase apartado 4.3 anterior no cal se describe a ITI Azul

# 5. SECCIÓN 5 - NECESIDADES ESPECÍFICAS DAS ZONAS XEOGRÁFICAS MÁIS AFECTADAS POLA POBREZA OU DOS GRUPOS DESTINATARIOS QUE CORREN MAIOR RISCO DE DISCRIMINACIÓN OU EXCLUSIÓN SOCIAL

## 5.1 Zonas xeográficas máis afectadas pola pobreza ou grupos destinatarios que corren maior risco de discriminación ou exclusión social

O risco de pobreza ou exclusión social en Galicia non afecta por igual todos os territorios nin todos os colectivos sociais. A nivel territorial, ben que non se dispón dunha análise específica en termos de risco de pobreza, o informe diagnóstico do programa operativo territorializou a análise do mercado laboral e dos diferentes niveis de riqueza da poboación galega.

Para a análise da loita contra a pobreza considérase o risco de pobreza e exclusión social (AROPE). Este indicador corresponde á suma das persoas que están en risco de pobreza ou privadas de forma severa de bens materiais ou que viven en fogares con intensidade de traballo moi baixa. De acordo cos datos de Eurostat, no ano 2012 o número de persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión social en UE-28 era de 124.232.000, é dicir, un 24,8% da poboación e en España 13.090.000 persoas, o que representa o 28,2% da poboación.

En 2012 o indicador AROPE é máis baixo en Galicia ca en España e a UE-28, ben que a situación é diferente para os tres indicadores que o compoñen. Así, a taxa de risco de pobreza é máis baixa en Galicia, mentres que a porcentaxe de persoas que viven en fogares con carencia material severa (6,9%) é un punto máis alto que en España, aínda que moito máis baixo que na UE-28; por último, un 13,8% de persoas de 0 a 59 anos viven en fogares con baixa intensidade de ingresos de traballo, valor moi superior á UE-28, pero medio punto inferior ao de España.

A análise da taxa de pobreza ou cohesión social mostra elevados niveis entre a poboación nova, así como na estranxeira, nos fogares monoparentais con nenos/as a cargo e nos cales presentan unha baixa intensidade de traballo. En 2012, o grupo de idade de 16 a 24 anos é o que rexistra unha taxa máis elevada, lixeiramente superior nas mozas. Pola contra, a taxa é máis reducida entre as persoas maiores de 65 anos. As mulleres presentan unha taxa 4 décimas superior á dos homes.

En canto a aspectos territoriais, a provincia de Pontevedra (co 26,86%) é a que presenta a maior taxa de risco de pobreza ou exclusión social, tres puntos superior á media de Galicia, que é do 23,58%, seguida de Ourense. Por debaixo da media de Galicia, sitúanse as provincias de Lugo e A Coruña. No caso dos grandes municipios, todos presentan datos inferiores á media, aínda que existe unha clara diferenciación entre eles. Así, os municipios de Ourense, Ferrol, Vigo e Pontevedra presentan valores superiores á media. Nunha maior desagregación territorial, a análise por áreas reflicte de novo os valores máis altos de risco de pobreza en Pontevedra, principalmente na zona de Pontevedra-Sur, e a Área de Vigo presenta un valor superior á media de Galicia, cunha taxa do 24,97%.

Ademais, se se analiza o indicador de taxa de risco de pobreza despois de transferencias sociais (porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar do risco de pobreza, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes), a Unión Europea rexistra en 2012 un 16,7% e España un 20,4%, mentres que en Galicia a taxa é menor a ambas as dúas, cun 16,45%, ben que a correspondente á provincia de Pontevedra (incluída a Área de Vigo) é a máis alta da Comunidade Autónoma, cun 19,26%.

No que respecta á distribución do risco de pobreza por compoñentes, reflíctese que en Galicia no ano 2012, das 636.882 persoas en situación de pobreza ou exclusión social, un 1,69%, é dicir, 45.589 persoas, se consideran pobres utilizando calquera dos tres conceptos (pobreza económica, carencia material severa e baixa intensidade de traballo). Desta análise dedúcese que, en xeral, as áreas que teñen maiores taxas de risco de pobreza son as mesmas que dispoñen de menores ingresos medios. Hai dúas excepcións destacadas: a área de Lugo oriental que, malia ter un ingreso medio inferior á media, ten a menor taxa de risco de pobreza de Galicia, e a Área de Vigo, que co sexto valor máis alto de ingreso medio por unidade de consumo ten unha taxa de risco de pobreza superior á media.

Obsérvase que na Área de Vigo, ademais, conflúe unha clara necesidade relacionada coa asistencia sanitaria, tal e como se reflicte na sección 1, xa que sofre unha importante desestruturación dos seus recursos sanitarios, pois a asistencia especializada se reparte en varios centros hospitalarios públicos con ámbitos poboacionais e carteiras de servizos non sempre claramente definidas e moitas veces coincidentes co centro privado máis importante de Galicia. Presenta, ademais, peores datos de asistencia sanitaria (masificación e listas de espera). O TME estrutural cirúrxico (tempo medio de espera, en días) en 2014 para a área sanitaria de Vigo sitúase en 159,3 días fronte aos 68,2 días de media do resto de áreas sanitarias de Galicia, e o TME estrutural de primeiras consultas (tempo medio de espera, en días) en 2014 para a área sanitaria de Vigo sitúase 48 días fronte aos 44 días de media do resto de áreas sanitarias de Galicia.

A esta análise engádense unha serie de datos poboacionais e demográficos, extensamente descritos no Diagnóstico de situación socioeconómico e territorial de Galicia, que se presenta como anexo, entre os cales destacan: a fragmentación dos asentamentos poboacionais, observando que en Galicia están 3.772 das 4.920 entidades colectivas que hai en España e que Galicia conta con máis de 30 mil entidades singulares, preto da metade (48,9%) das entidades singulares que hai en España e máis da metade dos diseminados españois.

Estes factores sociais e xeográficos condicionan as dotacións en materia de infraestruturas de carácter sanitario, social e educativo e, en consecuencia, a necesidade de actuar a través dos obxectivos temáticos 9 e 10 do presente programa operativo, para dar cobertura ás necesidades de accesibilidade a estas. A eles únese ademais o feito de que a poboación galega está inmersa nun proceso de envellecemento, moi superior ao resto de España e por riba da media europea, sendo Galicia unha das tres rexións de Europa con peores datos de envellecemento poboacional de Europa. A idade media da poboación residente en Galicia en 1 de xaneiro de 2012 é de 45,4 anos, 4 anos superior á idade media de España e, ademais, un 23,1% da poboación ten máis de 65 anos, situación que se ve agravada pola alta porcentaxe de poboación galega de máis de 85 anos: un 3,8%.

De cara aos próximos anos, as proxeccións de poboación a curto prazo prevén que continuará a perda de poboación. No período 2015-2020 prevese que seguirá intensificándose o proceso de envellecemento, que en Galicia presenta peores previsións, xa que os grupos de maior idade verán incrementado o seu peso; espéranse incrementos de máis do 22% no colectivo de persoas de 85 ou máis anos, mentres que para o total da UE-27 a cifra estimada é inferior ao 14%.

A poboación envellecida demanda maiores servizos de atención sanitaria e a poboación dispersa e concentrada ao redor do eixe atlántico condiciona a situación dos centros de atención e de prestación de asistencia en materia social e educativa.

Así, da análise da situación do ámbito das infraestruturas educativas (centros educativos) despréndense as seguintes carencias: en primeiro lugar, debido á dispersión da poboación, Galicia conta cun gran número de centros (1.000 centros na actualidade); a iso únese que máis da metade deles ten unha antigüidade superior aos 30 anos, polo que é preciso acometer unha reforma nunha parte deles para dotalos de mellores condicións de habitabilidade, funcionalidade e seguridade, condicións das que carecen en parte, para dar cumprimento á normativa vixente.

Outra das necesidades detectadas estriba en que ben que nunha gran parte do territorio galego se acusa un envellecemento da poboación, especialmente nas provincias do interior, non sucede así na franxa atlántica, onde, especialmente nos grandes núcleos urbanos e nos municipios limítrofes, se observa unha evolución positiva da poboación en idade escolar, cuxa demanda educativa non é posible satisfacer coa dotación actual de centros, polo que é necesaria a ampliar e mellorar a oferta de infraestruturas, de cara a atender esta demanda.

Segundo consta no Plan de dotación de infraestruturas educativas 2014-2020, a priorización de necesidades establécese nos seguintes municipios: A Coruña, Ares, Culleredo, Mugardos e Santiago de Compostela na provincia da Coruña; municipio de Lugo e Pontevedra, Sanxenxo e Soutomaior na provincia de Pontevedra.

Por outra parte, o Plan de dinamización demográfica de Galicia 2012-2015 inclúe entre as súas prioridades a necesidade de frear a sangría poboacional a que está sometido o medio rural galego e dinamizar as zonas despoboadas ou dispersas do territorio de Galicia con medidas de fomento da natalidade e da conciliación laboral e familiar.

No ámbito de escolarización da poboación de 0 a 3 anos de idade, constátase que Galicia non chega á taxa de cobertura do 33%, que a Unión Europea recomenda aos Estados membros, polo que se fai necesaria a contribución do FEDER á dotación de gardarías que contribúan a elevar a dita taxa. A priorización detállase no apartado relativo ao eixe prioritario 10 e reflíctese no mapa de necesidades incluído na análise, no cal se mostran sombreados aqueles municipios en que a taxa de cobertura é inferior ao 50%, xa sexa en zonas rurais ou zonas urbanas afectadas pola despoboación e o envellecemento. En conclusión, as características de pobreza expostas, unidas á alta dispersión poboacional e ao envellecemento da poboación no territorio galego, fan necesario asignar recursos para inverter esta tendencia. Tanto a través do Plan de dinamización demográfica de Galicia, os plans de prioridades sanitarias 2011-2014 e 2014-2016, como coas infraestruturas de educación previstas no Plan de dotación de infraestruturas educativas de Galicia 2014-2020, xustifícase a necesidade de dar maior cobertura e accesibilidade á poboación galego a través da provisión de centros sociais, sanitarios e de inclusión, xunto cos educativos e de atención á primeira infancia, adaptados a esta realidade territorial e demográfica.

## 5.2 Estratexia para abordar as necesidades específicas das zonas xeográficas máis afectadas pola pobreza ou dos grupos destinatarios que corren maior risco de discriminación ou exclusión social e, de ser o caso, contribución ao enfoque integrado recollido no acordo de asociación

[Non procede]

***Cadro 22: Accións para abordar as necesidades específicas das zonas xeográficas máis afectadas pola pobreza ou os grupos destinatarios que corren maior risco de discriminación ou exclusión social[28]***

[Non procede]

[28] Se o programa abrangue máis dunha categoría de rexión, pode ser necesaria unha desagregación por categoría.

# 6. SECCIÓN 6 - NECESIDADES ESPECÍFICAS DAS ZONAS XEOGRÁFICAS QUE PADECEN DESVANTAXES NATURAIS OU DEMOGRÁFICAS GRAVES E PERMANENTES

A Comunidade Autónoma de Galicia está situada no noroeste da Península Ibérica, formada polas provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Os seus límites xeográficos son: o mar Cantábrico ao norte, Portugal no sur, o océano Atlántico no oeste e as rexións do Principado de Asturias e Castilla y León (concretamente coas provincias de Zamora e León) ao leste.

A súa situación no noroeste da Península Ibérica sitúa Galicia na periferia dos centros económicos europeos, pero tamén na periferia dos centros económicos nacionais. Ademais, as conexións co resto de España (agás Asturias) e co resto de Europa son difíciles debido á orografía. Galicia está separada da Meseta Central polos Montes de León e pola Cordilleira Cantábrica co resto de Europa. A conexión co Norte de Portugal é máis sinxela desde un punto de vista xeolóxico, ben que orograficamente se enfronta tamén a unha serie de desafíos, baixo a forma de serras de aliñación imprecisa.

En relación coa cuestión xeográfica, as características do relevo mostran un medio de orografía non extrema pero complexa, que dificulta o desenvolvemento de infraestruturas en todo o territorio e que, simultaneamente, obriga a tomar medidas complexas de protección fronte a riscos naturais. O forte investimento en infraestruturas de comunicación terrestre das últimas décadas mellorou en mobilidade, interconexión e integración do mercado rexional.

En relación co clima galego, encóntrase nun punto intermedio entre o oceánico e o mediterráneo, claramente determinado pola situación xeográfica de Galicia nas latitudes temperadas da fachada europea atlántica. É un clima de tipo húmido oceánico, en xeral suave, cunha baixa amplitude térmica anual, ao redor de 11 °C na costa e 16 °C no interior; non obstante, presenta unhas precipitacións anuais elevadas, con valores que oscilan entre os 700 mm e os 1800 mm.

En termos xerais, e de acordo co diagnóstico realizado para detectar as necesidades de Galicia, non existen elementos de relevancia destacable que condicionen a situación socioeconómica de determinadas zonas xeográficas. As necesidades de Galicia como rexión condicionadas pola súa situación xeográfica foron estimadas nos obxectivos temáticos onde as ditas condicións se consideraron relevantes, pero non consta a necesidade de desenvolver accións específicas en función de criterios xeográficos. Non obstante, en caso de que algunha das actuacións que van ser obxecto de financiamento detecte, de forma previa á súa execución e nunha análise máis detallada, carencias específicas nunha rexión concreta que deriven de desvantaxes naturais ou demográficas, poderán plasmar elementos vinculados a estas debilidades nos correspondentes criterios de selección de operacións.

A poboación residente na Comunidade Autónoma de Galicia en 1 de xaneiro de 2013 ascende 2.761.970 persoas, que representa un 5,9% do total da poboación de España cifrada en 46.727.890 habitantes, segundo os resultados definitivos das cifras de poboación do INE. A poboación galega caracterízase por estar inmersa nun proceso de envellecemento que afecta toda Europa, pola dispersión territorial e polas consecuencias derivadas dos procesos migratorios do século pasado.

A idade media da poboación residente en Galicia en 1 de xaneiro de 2012 é de 45,4 anos, 4 anos superior á idade media de España e presenta a terceira taxa de fecundidade máis baixa de toda Europa (a nivel de NUTS II); tan só supera a outras dúas comunidades autónomas españolas, Canarias e Asturias. Ademais, a partir de 2007 a entrada de inmigrantes redúcese e aumenta a taxa de mortalidade debido ao envellecemento da poboación. Todos estes factores provocan o retorno a valores negativos das taxas de crecemento da poboación.

De cara aos próximos anos, as proxeccións de poboación a curto prazo prevén que continuará a perda de poboación, tanto en Galicia coma en España; por outra parte, na UE-27 as taxas de crecemento serán cada vez máis próximas a cero, aínda que positivas. No período 2015-2020 seguirá intensificándose o proceso de envellecemento que se está a vivir en toda Europa; por grupos de idade, tanto en Galicia como en España diminuirá o colectivo de poboación menor de 45 anos; en Galicia a diminución nese período de cinco anos de poboación con idades comprendidas entre os 25 e os 44 anos será do 15%, mentres que no total da UE-27 esta diminución estará próxima ao 3.

# 7. SECCIÓN 7 - AUTORIDADES E ORGANISMOS RESPONSABLES DA XESTIÓN, O CONTROL E A AUDITORÍA E PAPEL DOS SOCIOS PERTINENTES

## 7.1 Autoridades e organismos pertinentes

***Cadro 23: Autoridades e organismos pertinentes***

| Autoridade/organismo | Nome da autoridade / organismo e departamento ou unidade | Xefe da autoridade / organismo (posto ou función) |
|---|---|---|
| Autoridade de xestión | Subdirección Xeral de Administración do FEDER, da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios. Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. | Subdirector xeral de Administración do FEDER |
| Autoridade de certificación | Subdirección Xeral de Certificación e Pagamentos da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios. Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. | Subdirector xeral de Certificación e Pagamentos |
| Autoridade de auditoría | Intervención Xeral da Administración do Estado (IGAE). Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. | Interventor xeral da Administración do Estado |
| Organismo ao que a Comisión debe facer os pagamentos | Subdirección Xeral do Tesouro da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. | Subdirector xeral do Tesouro |
| Organismo intermedio | No PO FEDER de Galicia 2014-2020, o organismo intermedio será a Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos da Consellería de Facenda, abranguendo todo o ámbito da Xunta de Galicia e os seus organismos dependentes. | |

## 7.2 Participación dos socios pertinentes

### 7.2.1. Accións emprendidas para que os socios pertinentes participen na preparación do programa operativo, e o seu papel na execución, o seguimento e a avaliación deste

De acordo co principio de asociación establecido no Regulamento (UE) nº 1303/2013, de disposicións comúns e xerais relativas aos fondos do MEC 2014-2020 (art. 5), e o Código de conduta europeo sobre as asociacións no marco dos fondos EIE establecido no Regulamento delegado (UE) nº 240/2014 (arts. 4, 5, 8 e 9), a elaboración dos documentos estratéxicos da política de cohesión, como é o programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, implica unha participación dos socios pertinentes na preparación, execución, seguimento e avaliación do programa ao longo do período.

Os socios integrantes do partenariado seleccionáronse conforme a súa relevancia e representatividade nos distintos sectores de actividade relacionados cos ámbitos de aplicación dos fondos estruturais e cos principios horizontais. Esta pertinencia dos socios valorouse en función dos criterios seguintes:

- Competencia transversal ou sectorial, valorando tamén a experiencia nos devanditos ámbitos.
- Nivel de representación adecuado a nivel territorial galego e nalgúns casos con coñecemento da realidade nacional e europea.

- Capacidade de participación activa nas mesas de debate.
- Interese nas liñas prioritarias de aplicación dos Fondos no período 2014-2020.

Neste contexto, atendendo ao apartado 6 e 7 do artigo 123 do Regulamento nº 1303/2013, no PO FEDER de Galicia 2014-2020 o organismo intermedio será a Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos da Consellería de Facenda, abranguendo todo o ámbito da Xunta de Galicia e os seus organismos dependentes.

O proceso participativo posto en marcha pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, para o deseño do Programa operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020 constou de **varios elementos ou fitos de traballo**, iniciados tras realizar un informe de diagnóstico da situación da rexión nos ámbitos de intervención do FEDER que se detallan a continuación:

- Un primeiro proceso consistiu en materializar as tarefas de consenso ao redor do diagnóstico previo e a súa correspondente **análise DAFO da economía rexional** (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades), en virtude do cal se procedeu á **definición da estratexia**. Para isto o diagnóstico (documento de consulta pública nº 1) e a análise DAFO (documento de consulta pública nº 2) estiveron dispoñibles no espazo web da Xunta "Participa 2014-2020",http://www.conselleriadefacenda.es/web/facenda/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/principio-de-asociacion-14-20, invitando todos os axentes interesados a remitir cantas consideracións considerasen oportunas.

- Así mesmo, habilitouse no devandito espazo web **unha caixa de correo de participación** para a programación dos fondos FEDER e FSE en Galicia, participacionffg@conselleriadefacenda.es onde tamén se pode opinar e enviar suxestións e observacións ao respecto e sobre outros temas e procesos relacionados con ambos os dous fondos estruturais.

- Neste sentido, **máis de quince axentes remitiron unha serie de consideracións** nos prazos de exposición pública de ambos os dous documentos (Diagnóstico: 18/03/2014 a 30/04/2014; Análise DAFO: 07/04/2014 a 07/05/2014), que foron tidas en conta de cara á súa redacción final.

- En paralelo, desde a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos remitiuse un cuestionario a todos os axentes que participan nos comités de seguimento dos programas operativos FEDER e FSE Galicia do período 2007-2013, **dirixido a recompilar as experiencias e valoracións da xestión dos fondos estruturais FEDER e FSE Galicia 2007-2013 e do período de programación 2007-2013.** A información transmitida polos axentes involucrados na xestión e execución do período 2007-2013 tense en consideración á hora de deseñar o novo período 2014-2020, ao se detectaren leccións aprendidas e elementos de mellora.

- Outro dos fitos relevantes neste ámbito tivo lugar mediante a constitución e dirección de **dúas mesas de traballo** relacionadas coa fase de preparación do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, co obxectivo da aplicación reforzada do principio do partenariado 2014-2020. A articulación das devanditas mesas foi a seguinte:

    - **Mesa 1 FEDER**. **Sociedade da información e apoio ás pemes**. Foi coordinada pola DX de Planificación e Orzamentos. Tivo lugar en Santiago de Compostela o 10.4.2014. O número de órganos participantes foi de 34 e o de elementos asistentes de 43.

    - **Mesa 2 FEDER**. **Desenvolvemento sustentable**. Foi coordinada pola DX de Planificación e Orzamentos. Tivo lugar en Santiago de Compostela o 11.4.2014. O número de órganos participantes foi de 31 e o de elementos asistentes de 47.

    - A través do desenvolvemento destas mesas preténdese que a programación e implementación da Política de cohesión 2014-2020 en Galicia responda ás inquietudes e necesidades dos actores públicos e privados rexionais, así como da sociedade civil, polo que a súa participación no proceso é determinante, tal e como vén establecido no Regulamento (UE) nº 1303/2013 e no Regulamento delegado (UE) nº 240/2014.

- Entre os temas debatidos destacan os seguintes: a Estratexia Europa 2020 e a súa relación coa situación socioeconómica e territorial de Galicia e a análise DAFO proposta, as principais novidades do período 2014-2020 respecto da anterior programación, a análise dos retos e a lóxica de intervención das liñas estratéxicas estruturais FEDER en Galicia para o novo período e a complementariedade con outros fondos EIE.

- A información detallada destas encóntrase dispoñible no espazo web http://www.conselleriadefacenda.es/web/facenda/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/principio-de-asociacion-14-20/mesas-de-traballo-da-programacion-FEDER-e-fse-de-galicia-2014-2020.

De forma complementaria aos temas analizados nestas mesas, e **con respecto ao obxectivo temático 1** da programación comunitaria, a Axencia Galega de Innovación da Xunta de Galicia elaborou a **Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2014-2020**, http://www.ris3galicia.es/?lang=es, que contou cun proceso de carácter sistémico participativo no cal interviñeron distintos departamentos da Administración autonómica, así como outras institucións e axentes económicos e sociais representativos do Sistema galego de innovación, en particular, e da cidadanía en xeral.

- Esta fase de participación estivo vinculada á elaboración da **versión preliminar do programa**, para a cal se mantiveron varias **reunións** (grupais ou individuais) **con potenciais xestores**, co obxecto de concretar a súa posible participación neste, e deseñouse para o efecto un modelo de **ficha complementaria de programación de recollida de información**.

- Unha vez recibida a primeira versión das devanditas fichas de programación, establecéronse unha serie de **reunións e de ámbitos de traballo conxunto entre os potenciais órganos xestores** do programa, co obxecto de seleccionar os tipos de operacións que formarían parte da estratexia do programa, de deseñar e cuantificar os seus indicadores asociados, ir perfilando os criterios de selección de operacións e decidir a repartición financeira, tamén de acordo coa opinión dos representantes das administracións nacional e europea.

- A última fase de participación consistiu nun proceso de **consulta pública web** sobre a primeira versión do programa (documento de consulta pública nº 3), desde o 3.7.2014 ao 17.7.2014, tras a cal se procedeu á **redacción final** deste para o seu posterior envío á Comisión Europea.

- En relación co procedemento ordinario para o desenvolvemento da avaliación ambiental **estratéxica (EAE)** do programa, e de acordo coa Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental,cabe destacar as fases seguintes:

    - O proceso de avaliación ambiental estratéxica iniciouse o 20.3.2014 co envío, por parte do órgano substantivo (a DX de Planificación e Orzamentos), do **documento inicial estratéxico** e o primeiro borrador do PO FEDER Galicia 2014-2020 ao órgano ambiental. O documento inicial estratéxico describía as principais características do programa e os seus efectos ambientais previsibles.

    - A partir desa data e ata o 15.5.2014, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia puxo á disposición das administracións públicas, axentes participantes e público interesado, na súa páxina web, http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Avaliacion_ambiental, ambos os dous documentos, para que, no prazo de 45 días hábiles, formulasen as observacións e suxestións que considerasen oportunas para axudar o órgano ambiental a elaborar o **documento de alcance** do Estudo ambiental estratéxico. Tamén se fixeron consultas aos membros do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sustentable e a outras administracións públicas.

    - O Documento de alcance do PO FEDER Galicia 2014-2020 apróbao o 21.05.2014 a autoridade ambiental rexional e inclúe os comentarios recibidos, quen dá publicidade a este na súa web específica de avaliación ambiental estratéxica de plans.

- A DX de Planificación e Orzamentos pon á disposición do público en xeral, a través da súa páxina web http://www.conselleriadefacenda.es/web/facenda/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/principio-de-asociacion-14-20 o texto do Estudo ambiental estratéxico (documento de consulta pública nº 4) xunto co documento xa mencionado do PO FEDER Galicia 2014-2020 (anuncio publicado no *Diario Oficial de Galicia* o 09.07.2014 e a corrección de erros o 17.07.2014).

- A amplitude da consulta abrangue as administracións públicas do Estado e da Xunta de Galicia, a Administración local e o público interesado, entre o cal se encontra a FEDERación Ecoloxista Galega, a Asociación Ecoloxista Amigos da Terra, a FEDERación Galega de Medio Ambiente e a Fundación Galicia Sustentable.

- O conxunto do partenariado e os posibles axentes participantes no proceso de elaboración de ambos os dous documentos foron animados a participar nesta fase de consulta (04.07.2014), a través de comunicacións individuais por correo electrónico, e indicóuselles a data límite para recibir observacións e suxestións aos documentos do PO FEDER Galicia 2014-2020 e do Estudo ambiental estratéxico.

- Finalizado o proceso de información pública (02.09.2014), o órgano substantivo redacta o documento de **Resultado do proceso de consulta pública do PO FEDER Galicia 2014-2020 e resumo da integración dos aspectos ambientais no PO,** onde se recollen, ademais, as alegacións recibidas e a súa integración no PO e no EAE. Este documento remitiuse ao órgano ambiental, xunto coa proposta final do PO e o Estudo ambiental estratéxico, tal e como establece o artigo 24 da Lei 21/2013.

- Como conclusión do proceso de avaliación ambiental estratéxica, o órgano ambiental realizou a análise técnica do expediente e unha análise dos impactos significativos do programa no ambiente, tras o cal formulou a **declaración ambiental estratéxica**, que ten natureza de informe preceptivo, determinante, e que contén unha exposición dos feitos que resume os principais fitos do procedemento, incluíndo os resultados da información pública, das consultas e das medidas ou condicións finais que deban incorporarse ao programa que finalmente se aprobe.

- A declaración ambiental estratéxica do PO FEDER Galicia 2014-2020 publicouse na sede electrónica do órgano ambiental da Xunta de Galicia e no *Diario Oficial de Galicia* o 09.12.2014 (Anuncio do 21 de novembro de 2014, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas). Pode consultarse no seguinte enderezo da internet: http://www.cmati.xunta.es/busca-por-palabra-clave, introducindo o código: 1631/2014.

### 7.2.2. Subvencións globais (para o FSE, cando proceda)

[Non procede]

### 7.2.3. Asignación dunha cantidade para o desenvolvemento de capacidades (para o FSE, cando proceda)

[Non procede]

# 8. SECCIÓN 8 - COORDINACIÓN ENTRE OS FONDOS, O FEADER, O FEMP E OUTROS INSTRUMENTOS DE FINANCIAMENTO DA UNIÓN E NACIONAIS, ASÍ COMO CO BEI

Mecanismos para garantir a coordinación entre os fondos, o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), o Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP) e outros instrumentos de financiamento da Unión e nacionais, así como co Banco Europeo de Investimentos (BEI), tendo en conta as disposicións pertinentes recollidas no marco estratéxico común.

A Comisión Europea exixe aos Estados membros e ás rexións da Unión Europea un **cambio na maneira de priorizar e de xestionar os fondos da política de cohesión**, cun enfoque dos fondos europeos integral e **orientado á obtención de resultados**; unha planificación e unha execución dos fondos europeos que se guíe por un **enfoque integral sólido**, que mobilice **sinerxías** e consiga un resultado óptimo; unha concentración temática que contribúa a aumentar a eficacia das intervencións públicas e conseguir unha masa crítica necesaria para provocar un impacto real na situación socioeconómica do país, e o soporte dos fondos europeos a instrumentos financeiros que impulsen o investimento privado e, polo tanto, multipliquen os efectos dos fondos públicos.

Este enfoque integral plasmouse na aprobación do **Regulamento (UE) nº 1303/2013,** do 17 de decembro, onde se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao Fondo Social Europeo (FSE), ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP); e se define un marco estratéxico común (MEC) cunha fixación clara de prioridades e de resultados. Así mesmo, establece un **mandato claro de coordinación e complementariedade entre fondos**.

Co fin de aproveitar sinerxías e maximizar o impacto conxunto dos fondos EIE e lograr unha coordinación efectiva coas correspondentes políticas nacionais e europeas, refórzanse os mecanismos de coordinación existentes en 2007-2013, adaptando a súa estrutura, alcance e funcionamento para dar resposta aos novos requisitos do período 2014-2020. Así, a coordinación entre os programas plurirrexionais e rexionais, e destes con outras políticas ou instrumentos da Unión, levarase a cabo a través das seguintes estruturas:

1. **Comité de Coordinación de Fondos EIE**. Iníciase como grupo para coordinación da programación dos fondos EIE e posteriormente de seguimento do acordo de asociación e das avaliacións que se realicen a este nivel. Neste participan representantes de cada un dos fondos EIE da Administración xeral do Estado. No caso do FEDER, estarán representados os dous obxectivos: investimento para o crecemento e o emprego, e cooperación territorial europea.

2. De igual forma, as CC.AA. dispoñerán en cada rexión dun **Comité Rexional de Coordinación de Fondos EIE**, no cal se establecerá a coordinación dos diferentes programas rexionais financiados cos fondos EIE.

Celebrarase polo menos unha reunión anual conxunta de todos os comités de coordinación de fondos (tanto da AXE como das CC.AA.), na cal se poñerán en común os principais avances neste ámbito e se trazarán as liñas de traballo para o ano seguinte.

A este respecto, **en Galicia** e co obxectivo de asegurar a coordinación das actuacións cofinanciadas con fondos comunitarios, así como cos demais instrumentos financeiros existentes, e co BEI e o Fondo Europeo de Investimentos, e asegurarse a complementariedade e a xestión eficiente entre fondos, creouse a **Comisión de Coordinación dos Fondos Comunitarios de Galicia** (Decreto 184/2007, do 13 de setembro, modificado polo Decreto 132/2010, do 1 de xullo, ambos os dous da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia). A través do Decreto 139/2012, do 29 de xuño, de regulación da Comisión de Coordinación dos Fondos Comunitarios, adécuanse as disposicións do texto vixente para potenciar o maior grao de eficiencia da devandita comisión de cara á programación da política de cohesión para o novo marco do período 2014-2020.

3. **Redes temáticas**. Servirán para a coordinación das principais políticas financiadas nos programas operativos. Responden ao principio de coordinación, partenariado e gobernanza multinivel. En relación co FEDER, hai que mencionar o papel coordinador das seguintes redes:

- **Rede de políticas de I+D+i**. Integrada con carácter permanente polos órganos responsables das políticas de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas e da Comisión Europea, coa participación ocasional doutros axentes e actores principais ligados ao

sector. Permitirá coordinar as accións apoiadas cos programas FEDER dentro do OT1 (EECTI e RIS3), así como destas con Horizonte 2020, Marie Curie, ERA-NET, COSME, etc.

- **Rede de Iniciativas Urbanas.** Integrada con carácter permanente polos órganos responsables das políticas urbanas na Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, a FEDERación de Municipios e Provincias e representantes de concellos con participación especialmente significada na xestión de fondos comunitarios e a Comisión Europea. Permitirá coordinar as accións dentro do eixe 12 Urbano, apoiadas co FEDER ou o FSE.
- **Rede de Autoridades Ambientais.** Integrada con carácter permanente polos órganos responsables da xestión de fondos EIE e ambiente na Administración xeral do Estado, nas comunidades autónomas e a Comisión Europea. Permitirá coordinar as accións apoiadas cos programas FEDER dentro do OT4, 5 e 6, así como destas con programas como LIFE. Así mesmo, a rede velará polo cumprimento e observancia do principio transversal de cambio climático.
- **Rede de Políticas de Igualdade entre Mulleres e Homes.** O seu obxectivo fundamental é contribuír á integración real e efectiva da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nas intervencións dos fondos estruturais (FEDER e FSE) e do Fondo de Cohesión. Está integrada polos órganos responsables das políticas de igualdade na Administración xeral do Estado (o Ministerio de Economía e Facenda, o Ministerio de Traballo e Inmigración e o Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade) e nas comunidades autónomas e a Comisión Europea.

**COORDINACIÓN CO PROGRAMA OPERATIVO FSE GALICIA 2014-2020**

O programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, que está cofinanciado cunha axuda comunitaria de 883.369.308 euros a través dos OT 1, 2, 3, 4, 5, 6, 9,10 e 13 (Asistencia técnica), elaborouse de xeito coordinado co programa operativo FSE de Galicia 2014-2020, tratando de xerar sinerxías que permitan un mellor aproveitamento, así como unha maior eficacia, do financiamento europeo.

A axuda comunitaria do PO FSE Galicia 2014-2020 alcanza un importe de 313.142.974 euros e prevé actuacións nos obxectivos temáticos, 8, 9 e 10, así como as específicas de asistencia técnica no OT 13.

Téñense en conta os criterios de delimitación entre os fondos FEDER e FSE, en particular nos obxectivos temáticos 9 e 10, onde os dous fondos operan desde diferentes ámbitos de intervención. Así mesmo, os criterios de selección de operacións que se establezan no marco do artigo 125, apartado 3, letra a, do Regulamento (UE) nº 1303/2013, serán aprobados polos respectivos comités de seguimento dos programas.

**O OT 9** do PO **FEDER** a través do seu OE 9.7.1 prevé investimentos en infraestruturas sociais e sanitarias, entre as cales se encontran actuacións de mellora da rede de centros para a inclusión social e de atención das persoas maiores, que se complementa coas accións específicas incluídas no Plan de inclusión social activa de Galicia 2014 -2020 do OE 9.1.1 do OT 9 de PO **FSE,** co fin de garantir a inclusión social a colectivos en risco de pobreza e exclusión. Así mesmo, compleméntase coas actuacións incluídas no OE 9.3.2 e OE 9.4.1, relativas a facer efectivo un modelo accesible, formación, sensibilización e concesión de axudas para servizos de promoción da autonomía e a implementación da carteira de servizos sociais.

**O OT 10** do PO **FEDER** a través do seu OE 10.5.1 prevé a mellora de infraestruturas de educación e formación, consistentes na construción de novos centros e obras de ampliación e mellora nos ámbitos da primeira infancia (de 0 a 3 anos), educación infantil, primaria, secundaria e formación profesional, dentro do Plan de dotación de infraestruturas educativas en Galicia 2014-2020. Estas actuacións vense complementadas coas seguintes incluídas no PO **FSE**:

- Actuacións encamiñadas á posta en marcha de accións para familias usuarias de servizos de conciliación e accións individuais de formación para persoal especializado en atención á infancia incluídas no Plan de dinamización demográfica e de conciliación da vida laboral e familiar recollido no OE 9.4.1 do OT 9 do PO FSE.
- Incremento de prazas en ciclos formativos de grao medio da FP.
- As accións consideradas nos programas de mellora da aprendizaxe e rendemento - programas de diversificación curricular (PDC) (OE 10.1.1 do OT 10 do PO FSE).

### COORDINACIÓN CO PROGRAMA OPERATIVO FEMP GALICIA 2014-2020

O programa operativo FEDER Galicia 2014-2020 elaborouse de xeito coordinado co programa operativo FEMP 2014-2020, tratando de xerar sinerxías que permitan un mellor aproveitamento e eficacia do financiamento europeo.

A axuda comunitaria do PO FEMP 2014-2020 alcanza un importe de 371.016.842 euros.

Teranse en conta os criterios de delimitación entre os fondos FEMP e FEDER, en particular nos obxectivos temáticos 3, 4 e 6, onde os dous fondos operan desde diferentes ámbitos de intervención. Así mesmo, os criterios de selección de operacións que se establezan no marco do artigo 125, apartado 3, letra a, do Regulamento (UE) nº 1303/2013, serán aprobados polos respectivos comités de seguimento dos programas.

**No marco do OT 3,** o **FEMP** prevé investimentos relacionados coa competitividade e a viabilidade do sector da pesca costeira artesanal e a mellora das condicións de seguridade e o traballo, co apoio á asociación entre investigadores e pescadores, co fomento da acuicultura e de novas empresas acuícolas sustentables, e coa incentivación dos sectores da transformación e a comercialización. Mentres que o **FEDER** mostra a súa correspondencia e complementariedade neste OT, a través das actuacións previstas de apoio financeiro a persoas emprendedoras e a novas pemes e de incremento da presenza das pemes galegas nos mercados exteriores.

**Relacionado co OT 4,** o **FEMP** contribuirá ao aumento da eficiencia enerxética e á mitigación do cambio climático a través de actuacións de investimentos a bordo e de substitución ou modernización de motores principais ou auxiliares, e de investimentos de reconversión a fontes de enerxía renovables no sector da acuicultura. Mentres que o **FEDER** mostra a súa correspondencia e complementariedade neste OT, a través do apoio a actuacións de fomento da biomasa térmica en pemes e de impulso do uso de enerxías renovables nas empresas e infraestruturas públicas, incluídos os edificios públicos, e nas vivendas, así como as de fomento da mobilidade urbana sustentable: transporte urbano limpo, transporte colectivo, conexión urbana-rural, melloras da rede viaria, transporte ciclista, peonil, mobilidade eléctrica e desenvolvemento de sistemas de subministración de enerxías limpas.

**No marco do OT 6**, o **FEMP** contribuirá á conservación e protección ambiental a través de actuacións vinculadas principalmente coa redución do impacto da pesca no medio mariño, coa protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas acuáticos, e coa potenciación do uso dunha acuicultura eficiente no uso dos recursos. Mentres que o **FEDER** mostra a súa correspondencia e complementariedade neste OT, a través das actuacións previstas de prevención e redución de residuos, incluíndo a separación, recollida selectiva e reciclaxe de residuos domésticos e industriais; de investimentos en infraestruturas de saneamento, depuración e reutilización de augas residuais e de mellora da calidade da auga, de actuacións de posta en valor dos recursos culturais e patrimoniais e de preservación do patrimonio material e inmaterial, e de investimentos de conservación da biodiversidade da rexión que garantan a mellora do estado dos hábitats e das especies.

## COORDINACIÓN CO PROGRAMA OPERATIVO DE DESENVOLVEMENTO RURAL (PDR) FEADER GALICIA 2014-2020

O programa operativo FEDER 2014-2020 Galicia elaborouse de xeito coordinado co Programa de desenvolvemento rural do Feader, tratando de xerar sinerxías entre ambos os dous programas que permitan un mellor aproveitamento, así como unha maior eficacia, do financiamento europeo.

A axuda comunitaria do PO FEADER Galicia 2014-2020 alcanza un importe de 889.800.000 euros.

O FEADER contribuirá á promoción dun desenvolvemento rural sustentable en Galicia como complemento das políticas de apoio ao mercado e aos ingresos aplicadas no marco da política agraria común, a política de cohesión e a política pesqueira común.

Teranse en conta os criterios de delimitación entre os fondos FEADER e FEDER, en particular nos obxectivos temáticos 2, 3, 4, 5, 6 e 9, onde os dous fondos operan desde diferentes ámbitos de intervención. Así mesmo, os criterios de selección de operacións que se establezan no marco do artigo 125, apartado 3, letra a, do Regulamento (UE) nº 1303/2013, serán aprobados polos respectivos comités de seguimento dos programas.

**No marco do OT 2**, o **FEADER** contribuirá a mellorar a accesibilidade ás tecnoloxías de información e comunicación (TIC), así como o seu uso e calidade nas zonas rurais a través de accións de infraestruturas de banda larga. Mentres o **FEDER** mostra a súa correspondencia e complementariedade neste OT a través do OE 2.3.1 e o OE 2.3.2, cuxa finalidade é, respectivamente, lograr servizos públicos dixitais en todos os ámbitos de goberno para mellorar a calidade de vida dos cidadáns e o desenvolvemento de sistemas para simplificar e mellorar os procedementos da Administración pública.

**No marco do OT 3,** o **FEADER** recolle investimentos relacionados principalmente co apoio á reestruturación das explotacións agrícolas e co fomento do procesamento, o comercio e o desenvolvemento dos produtos agrícolas e o impulso á primeira instalación de agricultores mozos que axudarán a lograr unha maior integración dos produtores na cadea de distribución e facilitar o relevo xeracional no sector agrícola. Mentres o **FEDER** mostra a súa correspondencia e complementariedade neste OT a través das actuacións previstas de apoio financeiro a persoas emprendedoras e a novas pemes e de incremento da presenza das pemes galegas nos mercados exteriores.

**Relacionado co OT 4,** o **FEADER** contribuirá ao aumento da eficiencia enerxética e á mitigación do cambio climático a través principalmente de actuacións de investimentos, prevención de danos causados por incendios, desastres naturais e catástrofes e investimentos en tecnoloxías forestais e de conservación de recursos xenéticos en silvicultura. Mentres, o **FEDER** mostra a súa correspondencia e complementariedade neste OT a través do apoio a actuacións de fomento da biomasa térmica en pemes e de impulso do uso de enerxías renovables nas empresas e infraestruturas públicas, incluídos os edificios públicos, e nas vivendas, así como as de fomento da mobilidade urbana sustentable: transporte urbano limpo, transporte colectivo, conexión urbana-rural, melloras da rede viaria, transporte ciclista, peonil, mobilidade eléctrica e desenvolvemento de sistemas de subministración de enerxías limpas.

**No marco do OT 5, o FEADER** contribuirá á adaptación ao cambio climático e á prevención e xestión de riscos a través principalmente de actuacións de mellora do solo nas áreas de montaña e noutras áreas con limitacións naturais e de impulso das infraestruturas de desenvolvemento, adaptación e modernización de agricultura e silvicultura. Mentres que o **FEDER** mostra a súa correspondencia e complementariedade neste OT, a través das actuacións encamiñadas a mellorar as vulnerabilidades dos ecosistemas galegos para os efectos do cambio climático mediante a observación e modelización dos riscos máis frecuentes en Galicia, e de prevención e mitigación das regas e a súa detección precoz (OE 5.1.1 e OE 5.2.1 do FEDER).

**No marco do OT 6**, o **FEADER** contribuirá á conservación e protección ambiental a través de actuacións vinculadas á restauración e preservación da biodiversidade, incluíndo as zonas Natura 2000 e os sistemas agrarios de alto valor natural e as paisaxes europeas, tales como as relacionadas principalmente con medidas agroambientais e de restauración de danos de incendios, de desastres naturais e de catástrofes, así como os investimentos de conservación e mantemento en agricultura ecolóxica e os investimentos en áreas de montaña e noutras áreas con limitacións naturais. Mentres, o **FEDER** mostra a súa correspondencia e complementariedade neste OT, a través das actuacións previstas de prevención e redución de residuos, incluíndo a separación, recollida selectiva e reciclaxe de residuos domésticos e industriais, de investimentos en infraestruturas de saneamento, depuración e reutilización de augas residuais e de mellora da calidade da auga, de actuacións de posta en valor dos recursos culturais e patrimoniais e de preservación do patrimonio material e inmaterial, e de investimentos de conservación da biodiversidade da rexión que garantan a mellora do estado dos hábitats e das especies.

**No marco do OT 9**, o **FEADER** contribuirá a fomentar a inclusión social, a redución da pobreza e o desenvolvemento económico nas zonas rurais, principalmente a través de investimentos en estratexia, operacións e animación de desenvolvemento local (Leader), de creación, mellora e ampliación de servizos básicos locais e infraestruturas recreativas de uso público, información turística e infraestruturas de turismo a pequena escala. Mentres o **FEDER,** a través do seu OE 9.7.1, prevé investimentos en infraestruturas sociais e sanitarias, entre as cales se encontran actuacións de mellora da rede de centros para a inclusión social e de atención das persoas maiores.

## COORDINACIÓN COS PROGRAMAS OPERATIVOS FEDER DE ÁMBITO ESTATAL

No período de programación 2014-2020, Galicia recibirá fondos estruturais procedentes do FEDER nunha contía indicativa de 2.018.032.520 euros. A distribución dos ditos fondos, segundo o instrumento de intervención en que van ir consignados, é a que se reflicte na táboa que segue.

***Cadro de distribución da asignación indicativa das axudas do FEDER a Galicia por instrumentos de intervención rexional e plurirrexional***

| Instrumento de intervención 2014-2020 | Importe € | % |
|---|---|---|
| PO FEDER Galicia<br>*xestionado pola Xunta de Galicia* | 913.687.840 | 45,3% |
| PO FEDER Crecemento Intelixente e Sustentable<br>*xestionado pola Administración Xeral do Estado* | 1.044.281.514 | 51,7% |
| PO FEDER Iniciativa peme<br>*xestionado pola Administración xeral do Estado* | 60.063.166 | 3,0% |
| **TOTAL FEDER** | **2.018.032.520** | **100,00%** |

*Fonte: elaboración propia.*

A devandita asignación financeira programa cumpre cos criterios de priorización establecidos para a programación FEDER de Galicia e establecidos polo Regulamento 1301/2013.

Durante a fase de programación, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos mantivo contacto directo cos impulsores dos programas operativos plurirrexionais, a través de reunións bilaterais nas cales estiveron presentes os principais xestores de ámbito estatal e ámbito autonómico que comparten áreas de actuación, de cara a aliñar os obxectivos de cada actuación, evitando dese xeito a existencia de duplicidades e garantindo a complementariedade das actuacións desenvolvidas nos diferentes programas operativos FEDER.

Neste sentido, procedeuse a delimitar a tipoloxía de actuacións nos OT onde coexisten actuacións dependentes da Administración xeral do Estado e a Xunta de Galicia. Para iso tratouse tanto de facer unha diferenciación de tipoloxías de actuación como de establecer limiares de investimento (ata esta cifra as actuacións articularanse a través do presente programa e, superando o dito limiar, a través dos programas plurirrexionais) de forma que se asegure a complementariedade e se evite o risco de solapamento.

No caso das actuacións vinculadas ao **obxectivo temático 1**, as actuacións da Administración xeral do Estado, que se realizarán mediante o **Programa operativo plurirrexional de crecemento intelixente FEDER 2014-2020**, desenvolveranse principalmente:

- Financiamento de proxectos de I+D e innovación de grande escala, e quedan para o presente programa aqueles dun tamaño máis normal
- Desenvolvemento de infraestruturas científicas e técnicas singulares
- Desenvolvemento de proxectos de compra pública innovadora e colaboración público-privada en I+D+i
- Adquisición e mellora de equipamentos científico-tecnolóxicos
- Desenvolvemento especifico de proxectos vinculados á saúde, demografía e benestar.

Na coordinación dos apoios seguirase o esquema: apoio complementario, conxunto ou por segmentos, na medida en que cada un teña cabida na execución de cada un dos instrumentos previstos no PO FEDER Galicia 2014-2020.

A coordinación entre os programas plurirrexionais e rexionais que fomentan a I+D+i cos diferentes fondos EIE levarase a cabo a través da Rede de Políticas de I+D+i, o Comité de Coordinación de Fondos e os comités rexionais de Coordinación de Fondos.

No ámbito do obxectivo temático 1 teranse en conta as orientacións da Comisión sobre sinerxías incluídas na guía "Enabling synergies between European Structural and Investment Funds, Horizon 2020 and other research, innovation and competitiveness-related Union programmes", dispoñible en: http://ec.europa.eu/regional_policy/sources/docgener/guides/synergy/synergies_en.pdf

No marco do **obxectivo temático 2**, as actuacións da Administración xeral do Estado, que se realizarán mediante o **Programa operativo plurirrexional de crecemento intelixente FEDER 2014-2020**, desenvolveranse principalmente:

- Desenvolvemento de infraestruturas de banda larga de nova xeración
- Desenvolvemento de medidas de apoio á implantación de TIC nas pemes de Galicia e o emprendemento dixital
- Proxectos de desenvolvemento de proxectos de I+D+i no sector de empresas TIC
- Desenvolvemento de medidas de educación dixital

Ademais dos mecanismos de coordinación que xa veñen sendo usados entre as CC.AA. e a Administración xeral do estado, como a Conferencia Sectorial de Telecomunicacións e Sociedade da Información ou a sinatura de convenios de colaboración onde se fixan os obxectivos, repartición de responsabilidades, execución e seguimento das actuacións, desenvolverase un acordo de intencións entre os distintos axentes encargados da execución das actuacións que se vaian desenvolver durante o período de programación 2014-2020 dentro do obxectivo temático 2.

Este acordo, que contará coa participación da AXE, as CC.AA., o ICEX e as cámaras de comercio, permitirá establecer un mecanismo de coordinación fixo e estable a aquelas áreas e CC.AA. en que poidan concorrer actuacións de similar natureza por parte de máis dun dos asinantes. Este acordo de intencións estará en vigor durante todo o período de programación e formalizará o mecanismo de coordinación común entre os axentes encargados da execución das actuacións, a subscrición de convenios bilaterais de colaboración coas administracións competentes ou outros organismos, nas áreas temáticas en que se vai implementar o obxectivo temático 2, independentemente de que se executen directamente ou mediante convocatoria de axudas ou outros.

No ámbito do obxectivo temático 2 teranse en conta as orientacións da Comisión sobre sinerxías e interoperabilidade coas plataformas de servizos dixitais do mecanismo «Conectar Europa» incluídas na guía "*Enabling synergies between European Structural and Investment Funds, Horizon 2020 and other research, innovation and competitiveness-related Union programmes*", dispoñible en:

http://ec.europa.eu/regional_policy/sources/docgener/guides/synergy/synergies_en.pdf

As políticas de apoio ás PEMES do **Obxectivo Temático 3** son basicamente competencia das comunidades autónomas, polo que parte importante deste obxectivo temático o desenvolverana as administracións rexionais a través dos programas rexionais.

Tamén se definiu o programa operativo plurirrexional **Iniciativa PEME**" un instrumento financeiro dirixido a mellorar o financiamento das pemes e no cal participan tanto a Administración xeral do Estado coma as comunidades autónomas. O apoio financeiro ás pemes, que representan máis do 99% do tecido empresarial español será esencial para contribuír ao proceso de recuperación económica en Galicia e en España.

A Administración xeral do Estado, **a través do PO FEDER de Crecemento Intelixente**, levará a cabo principalmente actividades de fomento da internacionalización das pemes, a través do ICEX. A coordinación coas actuacións das CC.AA. nos programas rexionais levarase a cabo a través de convenios con cada unha delas, para delimitar o ámbito de actuación de cada Administración neste campo.

Así mesmo, a coordinación entre os programas plurirrexionais e rexionais neste obxectivo temático e con outros instrumentos da Unión como COSME e Horizonte 2020 levarase a cabo na Rede de Políticas de I+D+i.

Para facilitar a coordinación neste ámbito con COSME e Horizonte 2020 teranse en conta as orientacións da Comisión sobre sinerxías incluídas na guía "Enabling synergies between European Structural and Investment Funds, Horizon 2020 and other research, innovation and competitiveness-related Union programmes", dispoñible en:

http://ec.europa.eu/regional_policy/sources/docgener/guides/synergy/synergies_en.pdf

Dada a multiplicidade de actuacións que se deberán levar a cabo dentro do **obxectivo temático 4,** destinado a favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores, que implican a participación da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas, a coordinación entre ambos os dous niveis da Administración será un aspecto fundamental. Esta lógrase mediante a Conferencia Sectorial de Enerxía e a Comisión Consultiva de Aforro e Eficiencia Enerxética, na cal participan o IDAE e as CC.AA., e a Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático, na cal participan a Oficina Española de Cambio Climático e as CC.AA.

A Oficina Española de Cambio Climático (OECC) asegurará a coherencia das actuacións que se deberán incluír no obxectivo temático 4 coa Estratexia de adaptación ao cambio climático. A Rede de Autoridades Ambientais e a Rede de Iniciativas Urbanas participarán tamén activamente, dentro dos seus respectivos ámbitos, para asegurar a coordinación das actuacións que se deberán incluír neste obxectivo.

Adicionalmente, co obxecto de evitar solapamentos entre as actuacións da Administración xeral do Estado, a través do **Programa operativo plurirrexional de crecemento sustentable**, que serán instrumentalizadas polo IDAE, e as das comunidades autónomas, celebráronse reunións entre o propio IDAE, cada CA e a DXFC co fin de fixar criterios de coordinación. As conclusións deste proceso foron as seguintes:

- No caso das actuacións en interconexións eléctricas cos SEIE e grandes instalacións renovables de usos eléctricos, non existirán problemas de coordinación ao recaer a súa competencia no Estado.
- No resto de actuacións en renovables, o FEDER financiará as actuacións previstas nos puntos 1 a 7 do apartado de propostas de intervención do Acordo de Asociación.
- En materia de eficiencia enerxética e renovables de usos térmicos estableceranse criterios nas convocatorias que eviten solapamentos como: o tamaño das actuacións (*ktep* producidos ou aforrados) ou o seu ámbito territorial (proxectos que se deberán realizar en establecementos de beneficiarios situados nunha única ou en máis dunha CA).
- No que se refire á mobilidade urbana sustentable, a coordinación asegurarase a través da RIU, da cal forman parte tanto os responsables dos fondos comunitarios das comunidades autónomas como o IDAE.
- Considerarase a posibilidade de creación dun mecanismo de coordinación específico que permita integrar todas estas actuacións.

Finalmente, no ámbito do FEDER, a coordinación entre a AXE e as CC.AA. está asegurada no **obxectivo temático 6**, xa que a AXE vai programar no período 2014-2020 co devandito fondo unicamente en saneamento e depuración de augas residuais, a través do **Programa operativo plurirrexional de crecemento sustentable**.

Significa que a competencia nesta materia é por defecto autonómica, salvo nas instalacións que sexan declaradas de interese xeral, caso en que a competencia é estatal. O Estado unicamente pode realizar actuacións en instalacións declaradas de interese xeral ou, nas non declaradas como tales, a través da celebración do correspondente convenio coa comunidade autónoma; polo tanto, será imposible o solapamento de actuacións.

Por outro lado, a coordinación das actuacións nestes sectores no ámbito urbano será posta en práctica pola Rede de Iniciativas Urbanas, na cal participan a Rede de Autoridades Ambientais e as CC.AA.

# 9. SECCIÓN 9 - CONDICIÓNS *EX ANTE*

## 9.1 Condicións *ex ante*

Información sobre a avaliación da aplicación e o cumprimento das condicionalidades ex ante (opcional).

As autoridades españolas documentaron o cumprimento das condicións ex ante de todos os obxectivos temáticos con ocasión da presentación do acordo de asociación (AA). Neste apartado remitímonos, polo tanto, ao AA e ao documento extenso que o acompañaba nesta materia.

Atendendo á información reflectida no acordo de asociación verificaranse a nivel de PO as seguintes condicionalidades *ex ante*:

**1.1 Investigación e innovación**

A RIS3 de Galicia articulouse seguindo meticulosamente a Guía para o desenvolvemento dunha estratexia de especialización intelixente (RIS3) elaborada pola Smart Specialization Plataform.

Con carácter previo elaborouse un estudo de diagnóstico, no cal se identificaron unha serie de áreas prioritarias para concentrar os recursos de innovación, chegando a un DAFO inicial. Este DAFO foi utilizado, no marco da elaboración da RIS3, como punto de partida dos grupos de traballo temáticos para elaborar o DAFO froito do descubrimento emprendedor sobre o cal construír a "visión compartida" da estratexia.

A RIS3 formulouse baixo unha metodoloxía específica para o diagnóstico, a gobernanza, a visión compartida, o establecemento de prioridades, a definición dos programas e instrumentos e o sistema de validación e seguimento. A dita metodoloxía baseouse na Guía publicada pola plataforma S3.

No proceso de formulación da estratexia establecéronse os 3 retos e as 10 prioridades que conformarán a Estratexia RIS3.

Considérase unha metodoloxía de avaliación dos resultados da estratexia na que se define un proceso de avaliación periódica e sistematizada para monitorizar os progresos alcanzados a medida que as liñas de actuación se vaian desenvolvendo, así como unha estrutura de avaliación e unha proposta inicial de indicadores.

A información detallada pódese consultar en: http://www.ris3galicia.es/?lang=es

**5.1. Prevención de riscos e xestión de riscos**

A Comunidade Autónoma de Galicia dispón do seu propio Plan territorial de riscos (Platerga), http://cpapx.xunta.es/c/document_library/get_file?folderId=127859&name=DLFE-8406.pdf, e outros plans de emerxencias de carácter sectorial ou específico http://cpapx.xunta.es/plans-de-emerxencia

**9.3. Saúde**

Existe un marco normativo xeral que regula o Sistema nacional de saúde (SNS): Lei 14/1986 xeral de sanidade; Lei 16/2003 de cohesión e calidade do SNS; Lei 41/2002 reguladora da autonomía e dereitos do paciente; Lei 29/2006 de garantías e uso racional de medicamentos; a Lei 33/2011, xeral de saúde pública; e outra serie de RD sobre gasto farmacéutico, receita médica electrónica e sobre sustentabilidade, calidade e seguridade do SNS.

Tamén son de aplicación as estratexias de saúde do SNS e, en especial, a Estratexia de promoción da saúde e prevención no Sistema Nacional de Saúde.

Existe un enfoque estratéxico nacional para a implantación e desenvolvemento das medidas sanitarias, que se lidera desde o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e se canaliza a través do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde de España.

As CC.AA. son axentes esenciais do SNS responsables da xestión e aplicación das prestacións sanitarias, así como da elaboración e execución dos plans de investimento sanitarios. Para iso, desenvolven a súa propia normativa e elaboran os seus plans rexionais de saúde nos cales se perfilan de xeito indicativo os recursos orzamentarios dispoñibles.

Neste sentido, Galicia, no apartado 2.3.2 do Plan estratéxico de Galicia 2010-2014, desenvolve o obxectivo estratéxico denominado 1.2: garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas.

A partir diso, o SERGAS ten definida a súa propia estratexia de acción Estratexia Sergas 2014 e un plan específico de prioridades sanitarias.

A estratexia da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública tamén debe considerarse como parte da planificación rexional de prioridades nesta materia.

**Ámbito 7. Sistemas estatísticos e indicadores de resultados**

A selección de indicadores de resultado realizouse no marco da elaboración dos programas, para asegurar a súa idoneidade e pertinencia en relación coas liñas e tipoloxías de operacións programadas. Baséanse, en todos os casos, en que resultou oportuno e viable, na utilización de informacións e operacións estatísticas incluídas no sistema estatístico oficial do Estado e das comunidades autónomas. Cando, polas súas condicións particulares, non existe un indicador estatístico oficial apropiadamente aplicable, procedeuse a definir indicadores específicos de programa; nestes casos, a elaboración do indicador baséase na recompilación de información derivada de todas as operacións do programa, o que asegura a súa validez estatística.

A selección realizada asegura o cumprimento das condicións de calidade estatística e o establecemento de valores de referencia base e obxectivo pertinentes. No marco da xestión dos programas, adóptanse as medidas oportunas para a publicidade e posta á disposición do público dos correspondentes resultados, particularmente no que se refire aos indicadores que non forman parte de estatísticas oficiais na actualidade.

Ademais, disponse da información do Instituto Nacional de Estatística, que ten encomendada unha serie de funcións como a formulación do proxecto do Plan estatístico nacional coa colaboración dos departamentos ministeriais e do Banco de España; a proposta de normas comúns sobre conceptos, unidades estatísticas, clasificacións e códigos; e as relacións en materia estatística cos organismos internacionais especializados e, en particular, coa Oficina de Estatística da Unión Europea (EUROSTAT).

No caso específico da Comunidade Autónoma de Galicia, disponse de lexislación específica: Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia (BOE do 3.10.1988) (DOG do 3.8.1988), e un sistema de planificación estatístico: Lei 8/2011, do 9 de novembro, do Plan galego de estatística 2012-2016 (BOE do 6.12.2011) (DOG do 24.11.2011).

Inclúese un anexo ao PO que amplía a información desta condición *ex ante* e o detalle dos indicadores de resultado: descrición, fonte, unidade de medida...

Por último, na táboa 26 do PO figura o Plan de acción para cumprir as condicións *ex ante* **6.1 e 6.2.**

***Cadro 24: Condicións ex ante aplicables e avaliación do seu cumprimento***

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios a que se aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* (si/non/ parcialmente) |
|---|---|---|
| T.01.1.- Investigación e innovación | 01.-EP1 Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación | SI |
| T.01.2 Infraestruturas de investigación e innovación | 01.-EP1 Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación | SI |
| T.02.1 Crecemento dixital | 02 - EP2 Mellorar o uso e calidade das TIC e o acceso a elas. | SI |
| T.02.2 Infraestrutura de rede de próxima xeración (RPX) | 02 - EP2 Mellorar o uso e calidade das TIC e o acceso a elas. | SI |
| T.03.1. Soster a promoción do espírito empresarial | 03 - EP3 Mellorar a competitividade das pemes, do sector agrícola (no caso do Feader) e do sector da pesca e da acuicultura (no caso do FEMP) | SI |
| T.04.1. Leváronse a cabo accións para fomentar as melloras rendibles da eficiencia do uso final da enerxía e o investimento rendible en eficiencia enerxética na construción e renovación de inmobles | 04 - EP4 Favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores | SI |
| T.04.2. Leváronse a cabo accións de fomento da coxeración de calor e enerxía de alta eficiencia | 04 - EP4 Favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores | SI |
| T.04.3. Leváronse a cabo accións para fomentar a produción e distribución de fontes de enerxía renovables | 04 - EP4 Favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores | SI |
| T.05.1 - Prevención de riscos e xestión de riscos: existencia de avaliacións de riscos nacionais ou rexionais para a xestión das catástrofes, tendo en conta a adaptación ao cambio climático | 05-EP5 Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos | SI |
| T.06.1. Sector da auga | 06 - EP6 Conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos | PARCIALMENTE |
| T.06.2. Sector dos residuos | 06 - EP6 Conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos | PARCIALMENTE |
| T.09.1. Redución da pobreza | 09 - EP9 Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación | SI |

| | | |
|---|---|---|
| T.09.3. Saúde | 09 - EP9 Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación | SI |
| T.10.2. Ensino superior | 10 -EP10 Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente | SI |
| G.1 - Existencia de capacidade administrativa para a execución e aplicación da lexislación e a política da Unión contra a discriminación no ámbito dos fondos EIE. | 01 - EP1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación<br><br>02 - EP2. Mellorar o uso e calidade das tecnoloxías da información e da comunicación e o acceso a estas<br><br>03 - EP3. Mellorar a competitividade das pemes<br><br>04 - EP4. Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores<br><br>05 - EP5. Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos<br><br>06 - EP6. Conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos<br><br>09 - EP9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera outra forma de discriminación<br><br>10 - EP10. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente<br><br>13 - EP13. Eixe prioritario de asistencia técnica. | SI |
| G.2 - Existencia de capacidade administrativa para a execución e aplicación da lexislación e a política da Unión sobre igualdade de xénero no ámbito dos fondos EIE. | 01 - EP1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación<br><br>02 - EP2. Mellorar o uso e calidade das tecnoloxías da información e da comunicación e o acceso a estas<br><br>03 - EP3. Mellorar a competitividade das pemes<br><br>04 - EP4. Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores<br><br>05 - EP5. Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos<br><br>06 - EP6. Conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos<br><br>09 - EP9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera outra forma de discriminación<br><br>10 - EP10. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente<br><br>13 - EP13. Eixe prioritario de asistencia | SI |

| | | |
|---|---|---|
| | técnica | |
| G.3 - Existencia de capacidade administrativa para a execución e aplicación da Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade no ámbito dos fondos EIE de conformidade coa Decisión 2010/48/CE do Consello | 01 - EP1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación<br><br>02 - EP2. Mellorar o uso e calidade das tecnoloxías da información e da comunicación e o acceso a estas<br><br>03 - EP3. Mellorar a competitividade das pemes<br><br>04 - EP4. Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores<br><br>05 - EP5. Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos<br><br>06 - EP6. Conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos<br><br>09 - EP9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera outra forma de discriminación<br><br>10 - EP10. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente<br><br>13 - EP13. Eixe prioritario de asistencia técnica | SI |
| G.4 - Existencia de disposicións para a aplicación efectiva da lexislación da Unión en materia de contratación pública no ámbito dos fondos EIE. | 01 - EP1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación<br><br>02 - EP2. Mellorar o uso e calidade das tecnoloxías da información e da comunicación e o acceso a estas<br><br>03 - EP3. Mellorar a competitividade das pemes<br><br>04 - EP4. Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores<br><br>05 - EP5. Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos<br><br>06 - EP6. Conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos<br><br>09 - EP9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera outra forma de discriminación<br><br>10 - EP10. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente<br><br>13 - EP13. Eixe prioritario de asistencia técnica | SI |
| G.5 - Existencia de disposicións para a aplicación efectiva da lexislación da Unión sobre axudas de Estado no ámbito dos fondos EIE. | 01 - EP1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación<br><br>02 - EP2. Mellorar o uso e calidade das tecnoloxías da información e da comunicación e o acceso a estas | SI |

| | | |
|---|---|---|
| | 03 - EP3. Mellorar a competitividade das peme<br><br>04 - EP4. Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores<br><br>05 - EP5. Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos<br><br>06 - EP6. Conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos<br><br>09 - EP9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera outra forma de discriminación<br><br>10 - EP10. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente<br><br>13 - EP13. Eixe prioritario de asistencia técnica | |
| G.6 - Existencia de disposicións para a aplicación efectiva da lexislación da Unión sobre ambiente relacionada coa EIA e a EEM. | 01 - EP1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación<br><br>02 - EP2. Mellorar o uso e calidade das tecnoloxías da información e da comunicación e o acceso a estas<br><br>03 - EP3. Mellorar a competitividade das pemes<br><br>04 - EP4. Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores<br><br>05 - EP5. Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos<br><br>06 - EP6. Conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos<br><br>09 - EP9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera outra forma de discriminación<br><br>10 - EP10. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente<br><br>13 - EP13. Eixe prioritario de asistencia técnica | SI |
| G.7 - Existencia dunha base estatística que permita avaliar a eficacia e o impacto dos programas. Existencia dun sistema de indicadores de resultados que permita seleccionar as medidas que contribúan máis eficazmente a obter os resultados esperados, facer un seguimento dos avances e realizar a avaliación de impacto. | 01 - EP1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación<br><br>02 - EP2. Mellorar o uso e calidade das tecnoloxías da información e da comunicación e o acceso a estas<br><br>03 - EP3. Mellorar a competitividade das pemes<br><br>04 - EP4. Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores<br><br>05 - EP5. Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos | SI |

| | | |
|---|---|---|
| | 06 - EP6. Conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos<br><br>09 - EP9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera outra forma de discriminación<br><br>10 - EP10. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente<br><br>13 - EP13. Eixe prioritario de asistencia técnica | |

| Condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios (si/non/parcialmente) | Referencia: (referencia a estratexias, actos xurídicos ou outros documentos pertinentes, incluídas as referencias ás seccións, artigos ou apartados pertinentes, xunto cos enlaces ou o acceso ao texto completo) | Explicacións |
|---|---|---|---|---|
| T.01.1.- Investigación e innovación | Existe un marco político estratéxico nacional ou rexional de investigación e innovación para unha especialización intelixente que: | SI | No ámbito de Galicia, existe a Estratexia rexional de especialización intelixente de Galicia: http://www.ris3galicia.es/?lang=es | A RIS3 de Galicia articulouse seguindo meticulosamente a Guía para o desenvolvemento dunha Estratexia de especialización intelixente (RÍES3) elaborada pola Smart Specialization Plataform.<br><br>Con carácter previo á formulación da RIS3 elaborouse un estudo de "diagnóstico de contexto para a definición dunha Estratexia de especialización intelixente en Galicia", no cal se identificaron unha serie de áreas prioritarias para concentrar os recursos de innovación, chegando a un DAFO inicial. Este DAFO foi utilizado, no marco da elaboración da "Estratexia rexional de especialización intelixente de Galicia 2014-2020", como punto de partida dos grupos de traballo temáticos para elaborar o DAFO froito do descubrimento emprendedor sobre o que construír a "visión compartida" da estratexia.<br><br>A RIS3 formulouse baixo unha metodoloxía específica para o diagnóstico, a gobernanza, a visión compartida, o establecemento de prioridades, a definición dos programas e instrumentos e o sistema de validación e seguimento. A devandita metodoloxía baseouse na Guía publicada pola plataforma S3. Véxase sección 3: Metodoloxía da "Estratexia rexional |

| Condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios (si/non/parcialmente) | Referencia:<br><br>(referencia a estratexias, actos xurídicos ou outros documentos pertinentes, incluídas as referencias ás seccións, artigos ou apartados pertinentes, xunto cos enlaces ou o acceso ao texto completo) | Explicacións |
|---|---|---|---|---|
| | | | | de especialización intelixente de Galicia 2014 2020".<br><br>No proceso de formulación da Estratexia establecéronse os 3 retos e as 10 prioridades, que conformarán a Estratexia RIS3. Véxase apartado 3.5: Metodoloxía seguida para o establecemento de prioridades da "Estratexia rexional de especialización intelixente de Galicia 2014-2020". No devandito apartado detállase pormenorizadamente o punto de partida a nivel de propostas dos axentes galegos participantes e os pasos seguidos para pasar dos 30 nichos potenciais ás 10 prioridades finais, pasando polos 18 nichos priorizados, explicando cal foi a metodoloxía e os responsables de cada un dos pasos realizados.<br><br>As prioridades son explicitadas na estratexia do OT1 no apartado 1.1.1 da sección 1.<br><br>Hai unha descrición dos 20 instrumentos deseñados para a implementación da RIS3, véxase apartado 7.4: Fichas dos instrumentos propostos da "Estratexia rexional de especialización intelixente de Galicia 2014-2020". Os devanditos instrumentos enmárcanse en 4 programas, que tamén aparecen reflectidos no apartado 7 da estratexia. |

| Condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios (si/non/parcialmente) | Referencia:<br><br>(referencia a estratexias, actos xurídicos ou outros documentos pertinentes, incluídas as referencias ás seccións, artigos ou apartados pertinentes, xunto cos enlaces ou o acceso ao texto completo) | Explicacións |
|---|---|---|---|---|
| | | | | Cabe destacar que as necesidades das pemes e a mobilización de investimento privado se tiveron en conta desde o principio d a definición da estratexia, pois as pemes e a mobilización de investimento privado foron dous dos catro principios reitores que se obtiveron como conclusión do diagnóstico e do DAFO froito do proceso emprendedor. Á hora de definir a estratexia e os seus instrumentos, estes 4 principios, unha vez validados polos grupos de traballo no marco do proceso, usáronse como base para definir os catro programas ao redor dos que se definiron os 20 instrumentos integrantes do Plan de acción da estratexia.<br><br>Considérase unha metodoloxía de avaliación dos resultados da estratexia na cal se define un proceso de avaliación periódica e sistematizada para monitorizar os progresos alcanzados a medida que as liñas de actuación se vaian desenvolvendo, así como unha estrutura de avaliación e unha proposta inicial de indicadores.<br><br>Garántese a toma en consideración dos achados do mecanismo de seguimento a través da gobernanza establecido na RIS3, ao incluírse na estrutura de avaliación o Consello Reitor, que é o órgano responsable do rendemento global da estratexia, do cumprimento dos obxectivos de alto nivel e que conta co apoio político e institucional ao estar formado polos representantes do Goberno rexional no seu |

| Condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios (si/non/parcial mente) | Referencia: (referencia a estratexias, actos xurídicos ou outros documentos pertinentes, incluídas as referencias ás seccións, artigos ou apartados pertinentes, xunto cos enlaces ou o acceso ao texto completo) | Explicacións |
|---|---|---|---|---|
| | | | | conxunto.<br><br>Dentro da metodoloxía de avaliación proposta, tanto o equipo xestor coma o Consello Asesor da RIS3 trasladan a este Consello Reitor as súas propostas de modificación e revisión para a súa valoración. |
| | - Está baseado nunha análise DAFO ou similar para concentrar os recursos nun conxunto limitado de prioridades de investigación e innovación; | SI | | A EECTI está baseada nunha análise das características do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación expresadas en termos de fortalezas, debilidades, vantaxes e oportunidades (páxina 15 da EECTI). Esta análise DAFO é o resultado dun proceso metodoloxicamente robusto, baseado na evidencia e contrastado por distintos axentes; destaca a ampla representación e número de participantes e expertos involucrados. Así, creáronse tres grupos de traballo que desenvolveron a súa actividade en paralelo e de xeito coordinado polo Ministerio de Economía e Competitividade: o Grupo de Traballo AXE-Comunidades Autónomas, que levou a cabo un diagnóstico consensuado da situación a nivel de país, planificación de políticas e actuacións de I+I e coordinación para promover unha especialización intelixente, tanto a nivel nacional como rexional e impulsar a cooperación e favorecer a creación de sinerxías; o Grupo de Traballo Interministerial de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, que levou a cabo un diagnóstico consensuado do DAFO, considerando diagnósticos sectoriais |

| Condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios (si/non/parcial mente) | Referencia:<br><br>(referencia a estratexias, actos xurídicos ou outros documentos pertinentes, incluídas as referencias ás seccións, artigos ou apartados pertinentes, xunto cos enlaces ou o acceso ao texto completo) | Explicacións |
|---|---|---|---|---|
| | | | | (educación, industrial, fomento, etc.) e destacando a necesidade de integrar a investigación e especialmente a innovación nas políticas sectoriais; e o Grupo Asesor Expertos Externos, integrado por distintos axentes do sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, que achegaron visións contrastadas da realidade do Sistema español de I+D+i e as súas necesidades. Así mesmo, na análise tivéronse en conta as propostas e recomendacións solicitadas e remitidas polas principais asociacións científicas, empresariais e de axentes de transferencia do país, así como polos axentes sociais. Finalmente, o primeiro borrador elaborado da EECTI que contén a análise DAFO someteuse á consulta pública durante o mes de outubro de 2012 e ao informe do Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.<br><br>A análise DAFO serviu para definir as prioridades da EECTI, que son de dous tipos: horizontais e temáticas. As prioridades horizontais fan referencia a procesos e aspectos estruturais do sistema que é necesario fortalecer. A súa formulación é reflexo das principais debilidades detectadas no DAFO, incluíndo a xeración de capacidades destinadas a promover a converxencia (escaleira cara á excelencia), a colaboración público-privada, a maior participación empresarial en I+i e a mellora da eficiencia do sistema público de I+i. As prioridades temáticas inclúense nos obxectivos da EECTI de fomentar o liderado empresarial en I+D+i e de orientar a I+I aos retos da |

| Condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios (si/non/parcialmente) | Referencia:<br><br>(referencia a estratexias, actos xurídicos ou outros documentos pertinentes, incluídas as referencias ás seccións, artigos ou apartados pertinentes, xunto cos enlaces ou o acceso ao texto completo) | Explicacións |
|---|---|---|---|---|
| | | | | sociedade, aliñados cos de Horizonte 2020. Para identificar dentro de cada reto as prioridades temáticas e sectoriais no ámbito da investigación científica e técnica e de innovación en correspondencia coas oportunidades de desenvolvemento económico e industrial do país, fíxose unha análise estatística e cuantitativa dos datos dos proxectos presentados para ser financiados polo Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI), tivéronse en conta os datos facilitados por unha abundante literatura dedicada ao tema, incluíndo os informes da Fundación COTEC, e revisáronse e validáronse, no seo dos tres grupos de traballo, as 14 áreas de traballo prioritarias con potencial de crecemento identificadas no documento.<br><br>«Oportunidades tecnolóxicas e industriais para o desenvolvemento da economía española» do Observatorio de Prospectiva Tecnolóxica e Industrial (OPTI), en cuxa elaboración participaron 200 expertos de alto nivel de cualificación e diferente extracción profesional, con coñecemento da economía do país, das súas capacidades tecnolóxicas e produtivas e con experiencia na toma de decisións estratéxicas. O resultado deste traballo foi sometido á consulta pública e ao informe do Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación e está claramente reflectido na descrición dos retos da sociedade da EECTI. Na devandita descrición tívose moi en conta que, ao ser |

| Condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios (si/non/parcialmente) | Referencia: (referencia a estratexias, actos xurídicos ou outros documentos pertinentes, incluídas as referencias ás seccións, artigos ou apartados pertinentes, xunto cos enlaces ou o acceso ao texto completo) | Explicacións |
|---|---|---|---|---|
| | | | | unha estratexia compartida pola AXE e todas as CC.AA., nos retos se deberían encadrar as prioridades identificadas polas RIS3 das rexións unha vez que estas rematasen o proceso de priorización. Este encadramento é fundamental para lograr a coherencia do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, potenciar as sinerxías -entre as propias RIS3 rexionais, coas políticas nacionais e con Horizonte 2020-, conseguir masa crítica e explotar as complementariedades. No caso do Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación, que desenvolve a EECTI a nivel de AXE, para a definición das prioridades dentro de cada reto, o Grupo Interministerial de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación traballou nos aspectos de coordinación coas distintas políticas sectoriais. O resultado foi debatido no Grupo Asesor de Expertos Externos e sometido á consulta pública e ao informe do Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación e está claramente reflectido na descrición operativa que de cada un dos retos se inclúe no Plan estatal. |
| | - Perfila medidas destinadas a estimular o investimento privado | SI | | A análise DAFO do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación puxo de manifesto a necesidade de que o estímulo ao investimento privado en I+D+i fose un elemento estratéxico fundamental da EECTI e do Plan Estatal. Para |

| Condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios (si/non/parcial mente) | Referencia: (referencia a estratexias, actos xurídicos ou outros documentos pertinentes, incluídas as referencias ás seccións, artigos ou apartados pertinentes, xunto cos enlaces ou o acceso ao texto completo) | Explicacións |
|---|---|---|---|---|
| | en IDT; | | | asegurar un maior apancamento do investimento privado, na elaboración da EECTI e do Plan Estatal participaron expertos de recoñecida traxectoria e profundo coñecemento das actividades de I+D+i do sector empresarial, tanto no Grupo Asesor de Expertos Externos como no Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación. Así mesmo, no proceso de elaboración tivéronse en conta as propostas e recomendacións remitidas polas principais asociacións empresariais do país (CEOE, Cepyme) e polas plataformas tecnolóxicas españolas. Como resultado destes traballos e achegas, o Plan estatal presta especial atención: (a) ao desenvolvemento de instrumentos de colaboración público-privada que permitan incrementar a participación privada en actuacións de I+D+i de universidades e centros públicos de I+D; (b) á adopción de medidas que favorezan que as empresas innovadoras accedan ás liñas de financiamento bancarias, especialmente empresas de base tecnolóxica e novas empresas innovadoras; (c) á creación dun contorno favorable ao desenvolvemento do capital risco que cubra as distintas fases de desenvolvemento empresarial; (d) ao fomento da compra pública innovadora, como instrumento desde o lado da demanda que favorece o desenvolvemento empresarial en sectores clave e a prestación de servizos públicos innovadores.<br><br>Ademais, a EECTI recolle que se vai incrementar a |

| Condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios (si/non/parcial mente) | Referencia: (referencia a estratexias, actos xurídicos ou outros documentos pertinentes, incluídas as referencias ás seccións, artigos ou apartados pertinentes, xunto cos enlaces ou o acceso ao texto completo) | Explicacións |
|---|---|---|---|---|
| | | | | participación privada no financiamento da I+D+i mediante a adopción de medidas de carácter transversal destinadas a promover a creación dun ecosistema de innovación, especialmente entre as PEMES, e ligadas ás grandes reformas do marco normativo e regulador, entre as cales destacan a Lei de apoio a emprendedores e a súa internacionalización (Lei 14/2013, do 27 de setembro) e o anteproxecto de Lei de propiedade industrial, tamén se estimulará a participación privada a través de intervencións destinadas a fomentar o mecenado, o micromecenado, o aforro colectivo pola I+D e o patrocinio, ademais de optimizar os estímulos fiscais ás actividades de I+D+i. Así mesmo, contribuirase á posta en valor da responsabilidade social corporativa (RSC) como a achega activa e voluntaria ao progreso social, económico e ambiental da nosa contorna por parte das compañías que aposten pola innovación tecnolóxica como elemento de competitividade e sustentabilidade.<br><br>As actuacións que se recollen están destinadas a cubrir as necesidades das pemes ao longo de todo o ciclo da innovación, incluíndo: apoio á creación de empresas de base tecnolóxica; xeración e fortalecemento das capacidades empresariais de absorción de coñecemento, mediante o financiamento de investimentos en innovación e modernización tecnolóxica; o financiamento de proxectos de I+D; os instrumentos financeiros para |

| Condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios (si/non/parcial mente) | Referencia:<br><br>(referencia a estratexias, actos xurídicos ou outros documentos pertinentes, incluídas as referencias ás seccións, artigos ou apartados pertinentes, xunto cos enlaces ou o acceso ao texto completo) | Explicacións |
|---|---|---|---|---|
| | | | | facilitar a achega de garantías; o apoio á internacionalización a través do financiamento de proxectos de I+D, tanto en esquemas de colaboración bilateral como multilateral e da prestación de servizos de apoio á internacionalización; a creación de novos mercados innovadores mediante actuacións de compra pública innovadora. |
| | - Conta cun mecanismo de seguimento. | SI | | Tanto a EECTI (páxinas 39-41 da EECTI) como o Plan estatal (páxinas 12, 13 do plan) inclúen o conxunto de indicadores de resultado que permiten medir o grao de consecución dos obxectivos xerais da EECTI e dos obxectivos específicos do plan. Na actualidade, a AXE e as CC.AA. están a traballar no deseño dun sistema de información unificado e homoxéneo que permita captar datos para realizar o seguimento e avaliación da EECTI e dos seus plans de desenvolvemento, denominado Sistema de información sobre ciencia, tecnoloxía e innovación (SICTI), creado pola Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.<br><br>Así mesmo, a Lei 14/2011, do 1 de xuño, establece como se garante que os achados do mecanismo de seguimento son tidos en consideración. En virtude desta, é o Consello de Política Científica, Tecnolóxica e da Innovación o responsable do seguimento xeral da EECTI, da súa revisión, de propoñer ao Goberno a introdución de eventuais medidas correctoras durante |

| Condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios (si/non/parcialmente) | Referencia: (referencia a estratexias, actos xurídicos ou outros documentos pertinentes, incluídas as referencias ás seccións, artigos ou apartados pertinentes, xunto cos enlaces ou o acceso ao texto completo) | Explicacións |
|---|---|---|---|---|
| | | | | o seu período de vixencia e da súa avaliación ex *post.* No seo do Consello elaborarase un informe de carácter bianual, que recollerá as actuacións levadas a cabo e os principais resultados do seguimento da EECTI, xunto coa valoración de todos os axentes do sistema, cuxa participación se realizará mediante un cuestionario específico dirixido a unha mostra representativa de axentes responsables da execución das actividades. O Consello conta co apoio do Consello Asesor para a Ciencia, a Tecnoloxía, que analizará as tendencias e realizará propostas correctoras, e con tres instrumentos importantes: o SICTI citado, a Rede de Políticas Públicas de I+D+i, que serve de foro de intercambio de información e experiencias entre todos os axentes (AXE, CC.AA., autoridades de xestión, puntos nacionais de contacto de Horizonte 2020), e o Observatorio Español de I+D+i "Icono" que, xunto cos observatorios específicos existentes a nivel rexional, analizará as tendencias e coordinará os estudos necesarios en materia de impacto dos resultados e prospectiva de tendencias e necesidades, para o seguimento da EECTI e dos plans que a desenvolven. A Lei 14/2011, do 1 de xuño, tamén establece a gobernanza do seguimento do Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación, atribuíndo á Comisión Delegada do Goberno para Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación o seu seguimento e avaliación, que quedará reflectido nas correspondentes memorias anuais do Plan |

| Condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios (si/non/parcialmente) | Referencia: (referencia a estratexias, actos xurídicos ou outros documentos pertinentes, incluídas as referencias ás seccións, artigos ou apartados pertinentes, xunto cos enlaces ou o acceso ao texto completo) | Explicacións |
|---|---|---|---|---|
| | | | | estatal (páxinas 53-54 do plan). O instrumento de actualización anual do Plan estatal son os seus plans de actuación anuais, que son a ferramenta de programación da AXE, que contén os recursos orzamentarios e o calendario previsto para cada unha das actuacións que se desenvolverén durante o ano en curso. |
| | - Adoptouse un marco no cal se perfilan os recursos orzamentarios dispoñibles para a investigación e a innovación. | SI | | Tanto a EECTI coma o Plan estatal establecen uns obxectivos de financiamento expresados en termos de gasto en actividades de I+D como porcentaxe do PIB, o que permite a desagregación por fonte de financiamento: administracións públicas (incluíndo universidades), sector privado (empresas e institucións privadas sen fins de lucro) e estranxeiro. Os correspondentes plans anuais de actuación do Plan estatal establecen a distribución entre as actuacións planificadas dos créditos orzados para a I+D+i nos orzamentos xerais do Estado (política de gasto do programa 46). Esta configuración do marco orzamentario deriva do cumprimento das medidas excepcionais vixentes no momento de aprobación da EECTI e do Plan estatal, contidas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e da necesidade de dotar a economía española de mecanismos de control do déficit público. Os obxectivos de financiamento da EECTI cobren o período 2014-2020. Os do Plan estatal cobren o seu período de vixencia 2013-2016. |

| Condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios (si/non/parcial mente) | Referencia:<br><br>(referencia a estratexias, actos xurídicos ou outros documentos pertinentes, incluídas as referencias ás seccións, artigos ou apartados pertinentes, xunto cos enlaces ou o acceso ao texto completo) | Explicacións |
|---|---|---|---|---|
| | | | | Durante 2016 elaborarase o Plan estatal 2017-2020, de acordo co procedemento establecido pola Lei 14/2011, do 1 de xuño. O novo plan establecerá os obxectivos de financiamento en 2017-2020, de xeito coherente cos da EECTI. |
| T.01.2 Infraestruturas de investigación e innovación | Adoptouse un plan plurianual indicativo para orzar e priorizar os investimentos relacionados coas prioridades da Unión e, de ser o caso, o Foro Estratéxico Europeo sobre Infraestruturas de Investigación (ESFRI). | SI | Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación 2013-2016<br><br>http://www.idi.mineco.gob.es/portal/site/MICINN/menuitem.7eeac5cd345b4f34f09dfd1001432ea0/?vgnextoid=abf192b9036c2210VgnVCM1000001d04140aRCRD&lang_choosen=es<br><br>E os seus plans anuais de actuación<br><br>http://www.idi.mineco.gob.es/stfls/MICINN/Investigacion/FICHEROS/PlanAnual2013.pdf<br><br>O Mapa de infraestruturas científicas e técnicas singulares<br><br>http://www.idi.mineco.gob.es/portal/site/MICINN/menuitem.6f2062042f6a5bc43b3f6810d14041a0/?vgnextoid=cb09846085f90210VgnVCM1000001034e20aRCR | O Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación 2013-2016 e os seus plans anuais de actuación constitúen o marco plurianual indicativo para orzar e priorizar actuacións de construción, mellora e equipamento de infraestruturas de investigación e innovación. Para orzar e priorizar os investimentos en grandes infraestruturas ligadas ás prioridades da UE, tales como as infraestruturas científicas e técnicas singulares (ICTS) e as infraestruturas pertencentes á folla de ruta ESFRI (Foro Estratéxico Europeo sobre Infraestruturas de Investigación). O Plan estatal apóiase no Mapa de infraestruturas científicas e técnicas singulares e na Estratexia española para a participación en infraestruturas científicas e organismos internacionais. |

| Condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios (si/non/parcialmente) | Referencia:<br><br>(referencia a estratexias, actos xurídicos ou outros documentos pertinentes, incluídas as referencias ás seccións, artigos ou apartados pertinentes, xunto cos enlaces ou o acceso ao texto completo) | Explicacións |
|---|---|---|---|---|
| | | | D<br><br>E a Estratexia española para a participación en infraestruturas científicas e organismos internacionais.<br><br>http://www.csic.es/instrunext | |
| T.02.1 Crecemento dixital | Existe un marco político estratéxico para o crecemento dixital, por exemplo, dentro do marco político estratéxico nacional ou rexional de innovación para unha especialización intelixente, que comprende:<br><br>- a elaboración de orzamento e priorización de accións mediante unha análise DAFO ou similar coherente | SI | Axenda Dixital para España:<br>http://www.agendadigital.gob.es/agenda-digital/recursos/Recursos/1.%20Versi%C3%B3n%20definitiva/Agenda_Digital_para_Espana.pdf<br>Plan de acción de Administración electrónica da AXE.<br>http://www.agendadigital.gob.es/planes-actuaciones/Paginas/planes-actuaciones.aspx<br>Lei 11/2007<br>http://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2007-12352<br><br>Informe en abril de 2012 sobre diagnóstico da situación da SI en España<br><br>http://www.agendadigital.gob.es/agenda-digital/recursos/Recursos/2.%20Proceso%20de%20el | A Axenda Dixital para España, aprobada polo Consello de Ministros o 15 de febreiro de 2013, é o marco político estratéxico nacional para o crecemento dixital, que permite alcanzar os obxectivos da Axenda Dixital para Europa.<br><br>Ademais elaboráronse: o Plan de acción de Administración electrónica da AXE e o Plan de servizos públicos dixitais.<br><br>Polo que se refire ao Plan de acción de Administración electrónica da AXE, o Consello de Ministros celebrado o 19 de setembro de 2014 aprobou a modificación da estrutura dos ministerios da Presidencia e de Facenda e Administracións Públicas para crear a nova estrutura de gobernanza das tecnoloxías da información e das comunicacións no ámbito da AXE (Real decreto 802/2014, do 19 de |

| Condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios (si/non/parcialmente) | Referencia:<br><br>(referencia a estratexias, actos xurídicos ou outros documentos pertinentes, incluídas as referencias ás seccións, artigos ou apartados pertinentes, xunto cos enlaces ou o acceso ao texto completo) | Explicacións |
|---|---|---|---|---|
| Condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios (si/non/parcialmente) | Referencia: (referencia a estratexias, actos xurídicos ou outros documentos pertinentes, incluídas as referencias ás seccións, artigos ou apartados pertinentes, xunto cos enlaces ou o acceso ao texto completo) | Explicacións |
|---|---|---|---|---|
| efectiva da lexislación da Unión sobre axudas de Estado no ámbito dos fondos EIE. | - Disposicións para a formación e difusión da información para o persoal que participa na execución dos fondos EIE;<br><br>-Disposicións para garantir a capacidade administrativa para a execución e a aplicación das normas da Unión sobre axudas de Estado. | | cumprimento das normas da UE.<br><br>O RD 1755/1987 regula o procedemento de comunicación á Comisión das CE dos proxectos das administracións ou entes públicos que se propoñan establecer, conceder ou modificar axudas internas. Aplícase a calquera medida que puidese conter elementos de axuda (incluídos os instrumentos financeiros).<br><br>No acordo de asociación, ámbito 5, aparecen recollidas as disposicións para a formación e difusión da información para o persoal que participa na execución dos fondos EIE e para garantir a capacidade administrativa para a execución e a aplicación das normas da Unión sobre axudas de Estado.<br><br>http://www.dgfc.sgpg.meh.es/sitios/dgfc/es-ES/ipr/fcp1420/p/pa/Documents/20140513_M_AMBITO_5_AYUDAS_ESTATALES_OCT1.pdf | unha serie de disposicións tendentes ao cumprimento das normas da UE sobre axudas estatais. O seu ámbito de aplicación abrangue todas as administracións públicas.<br><br>O Real decreto 1755/1987 do 26 de decembro, regula o procedemento de comunicación á Comisión das Comunidades Europeas dos proxectos das administracións ou entes públicos que se propoñan establecer, conceder ou modificar axudas internas. Aplícase a calquera medida que puidese conter elementos de axuda (concepto moito máis amplo que o de subvención e que abrangue desde logo os instrumentos financeiros).<br><br>O RD obriga calquera Administración a enviar os proxectos, coa suficiente antelación, á Secretaría da CIAUE, que pode solicitar datos adicionais (e mesmo informe previo do Consello Reitor de Incentivos Rexionais).<br><br>Polo que respecta ás axudas mediante instrumentos financeiros, as medidas para garantir que a autoridade de xestión, o fondo de fondos e os organismos que executan instrumentos financeiros cumpren coas normas relativas ás axudas estatais, substánciase nun primeiro momento o "procedemento de conformidade" executado pola AG, que será a condición imprescindible para que se efectúe a sinatura do acordo de financiamento e un modelo único de acordo de financiamento que inclúe un índice anotado para cumprir todos os aspectos necesarios para o funcionamento do |

| Condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios (si/non/parcialmente) | Referencia: (referencia a estratexias, actos xurídicos ou outros documentos pertinentes, incluídas as referencias ás seccións, artigos ou apartados pertinentes, xunto cos enlaces ou o acceso ao texto completo) | Explicacións |
|---|---|---|---|---|
| | | | | instrumento de acordo coa regulamentación, incluída a relativa a axudas de Estado.<br>O procedemento de conformidade versa sobre os seguintes aspectos:<br>I) O deseño do instrumento financeiro:<br>- Realizáronse estudos suficientes para comprender as deficiencias do mercado en cuestión e as solucións para mitigalas.<br>- Analizáronse estas solucións respecto da súa adecuación á normativa reguladora nacional e da UE. Entre estes aspectos analízase se o instrumento supón un réxime de axudas, se a medida entra dentro do ámbito de aplicación do RXEC, se se trata dunha axuda *de minimis*, etc. (excluídos da obriga de notificación) e se se debe notificar ou se notificou á Comisión, de ser o caso. Esta análise de conformidade impúlsase desde os centros directivos responsables das axudas comunitarias que se asignan a un instrumento financeiro e que se encargarán da súa constitución. A avaliación inicial e tramitación do procedemento corresponde ás secretarías xerais técnicas respectivas ou unidades asimilables, as cales comunican a información correspondente á Comisión Interministerial do Ministerio de Asuntos Exteriores. En relación cos intermediarios financeiros seleccionados para xestionar os instrumentos ou para realizar as operacións financeiras, o respecto ás normas de axudas de |

| Condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios (si/non/parcialmente) | Referencia: (referencia a estratexias, actos xurídicos ou outros documentos pertinentes, incluídas as referencias ás seccións, artigos ou apartados pertinentes, xunto cos enlaces ou o acceso ao texto completo) | Explicacións |
|---|---|---|---|---|
| | | | | Estado garántese ademais mediante a transparencia nos procesos de selección, aos cales se aplicarán as normas de contratación pública, cando proceda, e mediante a xustificación e limitación das retribucións acordadas ao seu favor. Ambos os dous aspectos son igualmente obxecto de verificación a través dos sistemas de control existentes. Adicionalmente, os órganos encargados da xestión dos fondos deberán revisar todos os aspectos necesarios para garantir que o gasto declarado resulte elixible, entre eles a compatibilidade do deseño e execución do instrumento de acordo coa normativa de axudas de Estado.<br><br>II) Tamén se verifica a idoneidade do organismo que executará o instrumento financeiro analizando diferentes aspectos. Así, en relación co procedemento para a selección dos intermediarios (xestores do fondo), utilízanse polo menos os seguintes criterios de selección: metodoloxía para identificar e valorar os intermediarios financeiros ou os destinatarios finais segundo proceda; custos e cargos de xestión pretendidos e forma de cálculo; gastos e comisións que se pretende cobrar aos destinatarios finais; outras capacidades como a de recadar fondos adicionais ás contribucións do programa para os investimentos dos destinatarios finais; ou unha actividade adicional en comparación coa que é obxecto do instrumento; ou, nos casos de risco compartido, as medidas propostas para aliñar intereses e mitigar posibles conflitos. Nesta fase |

| Condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios (si/non/parcialmente) | Referencia: (referencia a estratexias, actos xurídicos ou outros documentos pertinentes, incluídas as referencias ás seccións, artigos ou apartados pertinentes, xunto cos enlaces ou o acceso ao texto completo) | Explicacións |
|---|---|---|---|---|
| | | | | tamén se analiza se o instrumento supón algún tipo de axuda ao intermediario ou órgano que executa o instrumento e, de ser o caso, se o seu deseño é compatible coa normativa de referencia. Inclúese a valoración da capacidade do organismo para poñer en marcha mecanismos que permitan valorar se as operacións financiadas cumpren cos criterios para ser admisibles conforme a normativa de axudas de estado e para conservar unha adecuada pista de auditoría.<br><br>III) Analízanse os procedementos de xestión do instrumento co fin de comprobar que cobren adecuadamente todos os aspectos da xestión, tanto das cantidades achegadas coma das solicitudes efectuadas polas empresas, con regulación normativa. Estes procedementos inclúen os aspectos de xestión para asegurar o cumprimento dos requisitos derivados da normativa de axudas de Estado, como identificar os beneficiarios, o tipo de proxecto, a existencia doutras axudas a favor deste, etc.<br><br>IV) En caso de que as actuacións do instrumento sexan susceptibles de ser consideradas axudas de Estado para os beneficiarios finais, exíxese que os xestores do fondo ou as entidades encargadas de desenvolver as operacións financeiras do fondo analicen, para cada unha delas, o cumprimento dos requisitos establecidos no seu deseño e que garantiron unha avaliación *ex ante* positiva, debendo asegurarse de que a medida está cuberta |

| Condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios (si/non/parcialmente) | Referencia: (referencia a estratexias, actos xurídicos ou outros documentos pertinentes, incluídas as referencias ás seccións, artigos ou apartados pertinentes, xunto cos enlaces ou o acceso ao texto completo) | Explicacións |
|---|---|---|---|---|
| | | | | por unha base de compatibilidade (por exemplo, RXEC ou réxime de axudas notificado e aprobado pola Comisión Europea). Igualmente deben revisarse as normas reguladoras da acumulación de axudas. A documentación acreditativa desta revisión, que se baseará na verificación das condicións da operación financiada e, en moitos casos, na existencia de declaracións responsables por parte dos beneficiarios da posible axuda, xunto cos demais xustificantes que permiten acreditar a elixibilidade do gasto, deben quedar á disposición do fondo de fondos, dos organismos intermedios e da autoridade de xestión, respectivamente. A Autoridade de Xestión ou os organismos intermedios deberán revisar esta documentación para os efectos de que, no peche do programa operativo, se poida determinar o gasto elixible facendo, de ser o caso, as comprobacións necesarias para confirmar a veracidade da información e declaracións achegadas. Estas comprobacións poderán efectuarse a través do acceso aos diferentes rexistros de axudas existentes. Ademais, en caso de que as funcións fosen delegadas a organismos intermedios, os servizos de control da Autoridade de Xestión verifican que os procedementos de revisión seguidos polos organismos intermedios son adecuados. Estes mecanismos son, ademais, obxecto de revisión pola Autoridade de Auditoría, polos servizos de auditoría da Comisión Europea e polo Tribunal Europeo de Contas. |

| Condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios (si/non/parcialmente) | Referencia: (referencia a estratexias, actos xurídicos ou outros documentos pertinentes, incluídas as referencias ás seccións, artigos ou apartados pertinentes, xunto cos enlaces ou o acceso ao texto completo) | Explicacións |
|---|---|---|---|---|
| | | | | Tanto a AXE coma as CC.AA. provén as necesidades de formación e perfeccionamento dos seus funcionarios en diversas materias, incluída a relativa a axudas de Estado. Ademais, hai unidades ou organismos dependentes da Administración xeral que realizan funcións de formación neste ámbito para traballadores de todos os niveis da Administración: local, autonómica e xeral. Non obstante, incorpórase o compromiso de realizar un plan de formación específico deseñado para actualizar a formación do persoal que en España aplica a normativa sobre axudas estatais, en particular ao persoal relacionado coa xestión e execución dos fondos comunitarios (EIE). Trátase de repasar a normativa neste sector da actividade pública e de poñer ao día todos os aspectos que foron obxecto de recente reforma, en particular, a aplicación do Regulamento xeral de exención por categorías. A formación cofinanciarase coa partida de asistencia técnica consignada nos programas operativos plurirrexionais 2014-2020.<br><br>Polo que se refire á difusión e intercambio de información para o persoal que participa na xestión de axudas públicas e na execución dos fondos, existen distintas canles baseadas en boa medida nos mecanismos de coordinación establecidos entre as distintas administracións en relación con esta materia:<br><br>1.- Real decreto 1755/1987, que creou canles de comunicación permanente, entre as CC.AA. e a |

| Condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios (si/non/parcialmente) | Referencia: (referencia a estratexias, actos xurídicos ou outros documentos pertinentes, incluídas as referencias ás seccións, artigos ou apartados pertinentes, xunto cos enlaces ou o acceso ao texto completo) | Explicacións |
|---|---|---|---|---|
| | | | | Secretaría de Estado para a UE, propiciando unha dinámica de traballo en común, a través da celebración de reunións e seminarios coas CC.AA. para a difusión e posta en común de coñecementos nesta materia.<br><br>Trátase, polo tanto, dun réxime permanente de colaboración entre as CC.AA. e a AXE, a través da Secretaría de Estado para a UE, como órgano de coordinación na materia.<br><br>2.- Grupo de Traballo de Axudas da CIAUE, integrado por expertos en axudas de todos os sectores, que depende da Comisión Interministerial de Asuntos Europeos (CIAUE), no cal participan representantes das CC.AA.<br><br>3.- Asesoramento, información e apoio técnico permanente a todas as administracións, tanto sobre o contido ou a compatibilidade como sobre o procedemento, realizado a través dunha rede creada para o efecto pola Subdirección Xeral de Asuntos Xurídicos e Institucionais da Dirección Xeral de Coordinación de Políticas Comúns e de Asuntos Xerais da UE, integrada na da Secretaría de Estado para a Unión Europea (SEUE),segundo o Acordo do 29.11.1990, da Conferencia Sectorial para Asuntos Relacionados coas Comunidades Europeas.<br><br>4.- Circulares da Dirección Xeral de Coordinación de Políticas Comúns e de Asuntos Xerais da UE do MAEC a todas as administracións españolas, sobre |

| Condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios (si/non/parcialmente) | Referencia: (referencia a estratexias, actos xurídicos ou outros documentos pertinentes, incluídas as referencias ás seccións, artigos ou apartados pertinentes, xunto cos enlaces ou o acceso ao texto completo) | Explicacións |
|---|---|---|---|---|
| | | | | as novidades normativas ou aspectos relevantes de obrigado cumprimento sobre a normativa europea en materia de axudas de Estado.<br>5.- A SDG de Asuntos Xurídicos tamén coordina as diferentes administracións implicadas e mantenas puntualmente informadas tanto da situación dos expedientes por elas remitidos por elas coma das novidades normativas ou do estado de situación dos proxectos normativos. Así mesmo,estuda as comunicacións, directrices, cartas e demais envíos da Comisión sobre axudas, informa sobre eles e tamén as administracións. Igualmente facilita asesoría e calquera apoio técnico ou contacto que se solicite.<br>Existen unha serie de instrumentos para garantir a capacidade administrativa para a execución e a aplicación das normas da UE sobre axudas estatais; cabe sinalar os seguintes: 1) Existencia dun procedemento único a nivel nacional para a verificación e posterior comunicación á Comisión Europea dos proxectos de concesión ou modificación de axudas; 2) Existencia dun mecanismo de coordinación AXE-CC.AA. en materia de axudas de Estado; 3) a Base nacional de subvencións; 4) a Comisión interministerial de Asuntos Europeos; 5) a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia; 6) o control financeiro das axudas públicas: a Lei 38/2003, xeral de subvencións, no seu título III "Do control financeiro das subvencións", establece unha regulación |

| Condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios (si/non/parcialmente) | Referencia: (referencia a estratexias, actos xurídicos ou outros documentos pertinentes, incluídas as referencias ás seccións, artigos ou apartados pertinentes, xunto cos enlaces ou o acceso ao texto completo) | Explicacións |
|---|---|---|---|---|
| | | | | exhaustiva dos mecanismos de control. |
| G.6- Lexislación sobre ambiente relacionada coa avaliación de impacto ambiental (EIA) e a avaliación estratéxica ambiental (EEM): existencia de disposicións para a aplicación efectiva da lexislación da Unión sobre ambiente relacionada coa EIA e a EEM. | - Disposicións para a aplicación efectiva da Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello ( 2 ) (EIA) e da Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello ( 3 ) (EEM).<br><br>- Disposicións para a formación e difusión da información para o persoal que participa na execución das directivas sobre a EIA e a EEM.<br><br>- Disposicións destinadas a garantir unha capacidade administrativa suficiente. | SI | Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.<br><br>http://www.boe.es/boe/dias/2013/12/11/pdfs/BOE-A-2013-12913.pdf<br><br>Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de avaliación de impacto ambiental para Galicia.<br><br>http://igvs.xunta.es/ipecos-opencms-portlet/export/sites/default/PortalVivenda/Biblioteca/Lexislacion/20091118_Decreto_442-1990x_de_13_de_setembrox_sobre_avaliacixn_do_impacto_ambiental_para_Galicia__DOG_25-9-1990_.pdf<br><br>Decreto 327/1991, do 4 de outubro, de avaliación de efectos ambientais para Galicia.<br><br>http://www.eia.es/nueva/legislacion/autonomica/galicia/DECRETO_327_91_avaliacion_efectos_ambientais.pdf<br><br>Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental.<br><br>https://www.boe.es/boe/dias/1995/06/16/pdfs/A18070-18077.pdf<br><br>Lei 2/1995, do 31 de marzo, pola que se lle dá nova redacción á disposición derrogatoria única da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.<br><br>http://www.boe.es/boe/dias/1995/06/16/pdfs/A18077- | A lexislación nacional sobre avaliación ambiental de plans e programas (avaliación ambiental estratéxica) e de proxectos unificouse mediante a aprobación da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. As CC.AA. aprobaron as súas propias normas de desenvolvemento da normativa de avaliación ambiental. No caso de Galicia:<br><br>• Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de avaliación de impacto ambiental para Galicia.<br><br>• Decreto 327/1991, do 4 de outubro, de avaliación de efectos ambientais para Galicia.<br><br>• Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental.<br><br>• Lei 2/1995, do 31 de marzo, pola que se lle dá nova redacción á disposición derrogatoria única da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.<br><br>• Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.<br><br>• Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.<br><br>• Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental (DOG nº 126, do 1.7.2008). |

| Condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios (si/non/parcialmente) | Referencia: (referencia a estratexias, actos xurídicos ou outros documentos pertinentes, incluídas as referencias ás seccións, artigos ou apartados pertinentes, xunto cos enlaces ou o acceso ao texto completo) | Explicacións |
|---|---|---|---|---|
| | | | 18077.pdf<br>Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.<br>http://www.xunta.es/dog/Publicados/1997/19970217/Anuncio33F2_es.html<br>Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.<br>http://www.eia.es/nueva/legislacion/autonomica/galicia/DECRETO%2080_2000.pdf<br>Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental (DOG nº 126, do 1.7.2008).<br>http://www.xunta.es/dog/Publicados/2008/20080701/Anuncio2C81A_es.html | Tanto a AXE coma as CC.AA. realizan diversos cursos de impulso e fomento da súa formación continua, prestando especial consideración á adecuación dos seus perfís profesionais ás necesidades das distintas áreas competenciais. Entre outros, cursos de avaliación ambiental, cursos de lexislación ambiental teórico-prácticos (que conteñen un módulo específico dedicado á avaliación ambiental) e cursos de dereito de acceso á información ambiental: Convenio Aarhus e Lei 27/2006, do 18 de xullo.<br>Polo que se refire á diseminación de información e intercambio de boas prácticas en materia de avaliación de impacto ambiental e de avaliación ambiental estratéxica, estanse a utilizar principalmente dous mecanismos de coordinación entre administracións: A Conferencia Sectorial de Medio Ambiente e a Rede de Autoridades Ambientais. |
| G.7- Sistemas estatísticos e indicadores de resultados: existencia dunha base estatística que permita | Existen disposicións para a recompilación e agregación oportunas de datos estatísticos cos seguintes elementos:<br>- a identificación de fontes e mecanismos para | SI | Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia. (BOE do 3.10.1988) (modificada pola Lei 7/1993, do 24 de maio; pola Lei 10/2001, do 17 do setembro; pola Lei 16/2006, 27 de decembro, e pola Lei 8/2011, do 9 de novembro.<br>http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s6/lexislacion/lei_estatistica_galicia.pdf (DOG do 3.8.1988).<br>Lei 8/2011, do 9 de novembro, do Plan galego de estatística 2012-2016.(BOE do 6.12.2011) (DOG do | No caso do FEDER, a selección de indicadores de resultado realizouse no marco da elaboración dos programas, para asegurar a súa idoneidade e pertinencia en relación coas liñas e tipoloxías de operacións programadas. Baséanse, en todos os casos en que resultou oportuno e viable, na utilización de informacións e operacións estatísticas incluídas no sistema estatístico oficial do Estado e das comunidades autónomas. Cando, polas súas condicións particulares, non existe un indicador estatístico oficial apropiadamente aplicable, |

| Condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios (si/non/parcialmente) | Referencia: (referencia a estratexias, actos xurídicos ou outros documentos pertinentes, incluídas as referencias ás seccións, artigos ou apartados pertinentes, xunto cos enlaces ou o acceso ao texto completo) | Explicacións |
|---|---|---|---|---|
| avaliar a eficacia e o impacto dos programas.<br>Existencia dun sistema de indicadores de resultados que permita seleccionar as medidas que contribúan máis eficazmente a obter os resultados esperados, facer un seguimento dos avances e realizar a avaliación de impacto. | garantir a validación estatística;<br>- disposicións para a publicación e posta á disposición do público de datos agregados.<br>Un sistema eficaz de indicadores de resultados que comprende:<br>- unha selección de indicadores de resultados para cada programa, que facilita información sobre os motivos da selección das accións financiadas polo programa;<br>- o establecemento de obxectivos para estes indicadores;<br>- a conformidade de cada indicador cos seguintes requisitos: solidez e validación estatística, claridade da interpretación | | 24.11.2011).<br>http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s6/lexislacion/plan_galego_estatistica_2012_2016_es.pdf | procedeuse a definir indicadores específicos de programa; nestes casos, a elaboración do indicador baséase na recompilación de información derivada de todas as operacións do programa, o que asegura a súa validez estatística.<br>A selección realizada asegura o cumprimento das condicións de calidade estatística e o establecemento de valores de referencia base e obxectivo pertinentes. No marco da xestión dos programas, adóptanse as medidas oportunas para a publicidade e posta á disposición do público dos correspondentes resultados, particularmente no que se refire aos indicadores que non forman parte de estatísticas oficiais na actualidade.<br>Ademais, disponse da información do Instituto Nacional de Estatística, que ten encomendadas unha serie de funcións como a formulación do proxecto do Plan estatístico nacional coa colaboración dos departamentos ministeriais e do Banco de España; a proposta de normas comúns sobre conceptos, unidades estatísticas, clasificacións e códigos; e as relacións en materia estatística cos organismos internacionais especializados e, en particular, coa Oficina de Estatística da Unión Europea (Eurostat).<br>No caso específico da Comunidade Autónoma de Galicia, disponse de lexislación específica: Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia. (BOE do 3.10.1988) (DOG do 3.8.1988) e un sistema de planificación estatístico Lei 8/2011, do 9 |

| Condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios (si/non/parcialmente) | Referencia: (referencia a estratexias, actos xurídicos ou outros documentos pertinentes, incluídas as referencias ás seccións, artigos ou apartados pertinentes, xunto cos enlaces ou o acceso ao texto completo) | Explicacións |
|---|---|---|---|---|
| | normativa, reactividade á política, recompilación oportuna dos datos.<br><br>- Existencia de procedementos para que en todas as operacións financiadas polo programa se adopte un sistema de indicadores eficaz. | | | de novembro, do Plan galego de estatística 2012 - 2016 (BOE do 6.12.2011) (DOG do 24.11.2011).<br><br>Así mesmo, a Xunta definiu os seus propios indicadores de resultado, pertinencia, relevancia, e validez estatística do programa operativo FEDER 2014-2020 de Galicia (véxase táboa).<br><br>Inclúese un anexo en que se amplía a información desta condición *ex ante*. |

***Indicadores de resultado. Pertinencia, relevancia e validez estatística do Programa Operativo FEDER 2014-2020 de Galicia***

| CÓDIGO | OBXECTIVO TEMÁTICO | DENOMINACIÓN ABREVIADA |
|---|---|---|
| R112G | OT.1 | Patentes solicitadas á Oficina Española de Patentes e Marcas (OEPM) |
| R036A | OT.1 | Empresas (de 10 ou máis traballadores asalariados) que realizan actividades innovadoras |
| R001S | OT.1 | Número de participacións en consorcios de proxectos internacionais (H2020), número e tipo de propostas presentadas |
| R021B | OT.2 | Poboación escolar cuberta polos servizos públicos rexionais electrónicos educativos (e-educación) |
| R231G | OT.2 | Urxencias por 1.000 habitantes en pacientes pluripatolóxicos ao ano |
| R232G | OT.2 | Persoas (16-74 anos) que interactuaron coa Administración pola internet para obter información no último ano sobre o total da poboación dese grupo de idade |
| R030a | OT.3 | Taxa de supervivencia nacional/rexional de pemes no cuarto ano de vida |
| R030B | OT.3 | Taxa de actividade emprendedora |
| R341G | OT.3 | Empresas medianas (entre 50 e 249 traballadores asalariados) |
| R031 | OT.3 | Número de pemes exportadoras (nacional, categoría rexión, rexión) |
| R332G | OT.3 | Tamaño medio das empresas da bisbarra de Ourense |
| R04×1 | OT.4 | Capacidade de produción e distribución de enerxía renovable para usos térmicos |
| R04×2 | OT.4 | Intensidade enerxética final |
| R04×3 | OT.4 | Consumo final de enerxía en edificios e vivendas públicas |
| R073A | OT.4 | Viaxeiros en transporte urbano regular |
| R05×1 | OT.5 | Poboación exposta á calidade do aire mala ou mellorable |
| R050A | OT.5 | Poboación exposta a risco de inundacións |
| R051 | OT.5 | Superficie queimada polos incendios forestais |
| R611G | OT.6 | Volume de residuos domésticos recollidos selectivamente sobre produción de residuos domésticos |
| R060B | OT.6 | Volume de augas residuais tratadas |

| CÓDIGO | OBXECTIVO TEMÁTICO | DENOMINACIÓN ABREVIADA |
|---|---|---|
| R631G | OT.6 | Viaxeiros que visitan Galicia por motivos culturais |
| R632a | OT.6 | Pernoitas en establecementos turísticos |
| R632b | OT.6 | Peregrinos que reciben acreditación |
| R641G | OT.6 | Superficie de patrimonio natural en estado de risco |
| R971a | OT.9 | Tempo medio de espera estrutural cirúrxico |
| R971b | OT.9 | Ambulatorización dos procesos cirúrxicos |
| R151a | OT.10 | Alumnos por unidade en funcionamento en centros docentes públicos |
| R151b | OT.10 | Taxa de escolarización de poboación de 0 a 3 anos |

## 9.2 Descrición das accións para cumprir as condicións *ex ante*, organismos responsables e prazos[29]

As autoridades españolas documentaron o cumprimento das condicións *ex ante* de todos os obxectivos temáticos con ocasión da presentación do acordo de asociación (AA). Neste apartado remitímonos, polo tanto, ao AA e ao documento extenso que o acompañaba nesta materia.

***Cadro 25: Accións para cumprir as condicións ex ante xerais aplicables***

[Non procede]

[29] Os cadros 25 e 26 só se refiren ás condicións *ex ante* xerais e temáticas aplicables que se incumpriron totalmente ou se cumpriron parcialmente (véxase o cadro 24) no momento da presentación do programa.

***Cadro 26: Accións para cumprir as condicións ex ante temáticas aplicables***

| Condición *ex ante* | Criterios | Plan de acción |
|---|---|---|
| T.06.1.Sector da auga. | - En sectores apoiados polo FEDER, o Estado membro garantiu a contribución dos diversos usos da auga á recuperación dos custos dos servizos relacionados coa auga, por sector, de acordo co artigo 9, apartado 1, primeiro guión, da Directiva 2000/60/CE, tomando en consideración, cando proceda, os efectos sociais, ambientais e económicos da recuperación, así como as condicións xeográficas e climáticas da rexión ou rexións afectadas.<br>- Adoptouse un Plan hidrolóxico de bacías para a demarcación hidrográfica acorde co artigo 13 da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000. | 1º.- Respecto á contribución dos distintos usos á recuperación do custo dos servizos da auga, os plans hidrolóxicos do segundo ciclo incorporarán unha estimación homoxénea do grao de recuperación de custos, incluíndo a parte correspondente aos servizos dos custos ambientais totais que non fosen previamente internalizados. Así mesmo, con independencia da análise de recuperación de custos, incluirán unha estimación dos custos do recurso en condicións de subministración normais, conforme o escenario de planificación previsto para 2021. Todo isto tomando en consideración, cando proceda, os efectos sociais da recuperación, así como as condicións xeográficas e climáticas da rexión ou rexións afectadas. Prazo: 4º trimestre 2016.<br>2º.- Asúmese o compromiso de estudar a idoneidade dos instrumentos de recuperación de custos incluídos en cada plan de bacía para a consecución dos fins da DMA e, de ser o caso, de revisalos á luz dos resultados das análises económicas que se conteñen en cada Plan. Prazo: 4º trimestre de 2016.<br>Organismo responsable: Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para bacías intercomunitarias. Comunidade autónoma para bacías intracomunitarias. |

| Condición *ex ante* | Criterios | Plan de acción |
|---|---|---|
| 6.2. Sector dos residuos | Plans de residuos AXE-CC.AA. | A primeira condición *ex ante*: informe correspondente ao ano 2012 sobre os avances realizados na consecución dos obxectivos establecidos no artigo 11 da Directiva 2008/98/CE: enviarase á Comisión Europea en novembro de 2014.<br>A segunda condición *ex ante*: existencia de plans de xestión de residuos que cumpran os requisitos da Directiva marco de residuos; realizaranse as seguintes actuacións:<br>Revisión do Plan nacional integrado de residuos 2008-2015 e aprobación do novo plan antes de finais de novembro de 2014. A Administración responsable é o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.<br>Revisión dos plans autonómicos e aprobación antes da fin de novembro de 2015. As administracións responsables son as comunidades autónomas e cidades autónomas, a través das súas consellerías de Medio Ambiente.<br>Comunicación dos novos plans ou das modificacións á Comisión Europea antes de decembro de 2015.<br>A Administración responsable é o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.<br>A cuarta condición *ex ante*: previsión de implementación das medidas necesarias para cumprir no ano 2020 os obxectivos de xestión de residuos previstos na Directiva marco de residuos, tal e como indica a Comisión Europea. Estas medidas deberán formar parte dos plans de xestión de residuos, polo tanto, o cumprimento desta condición ten o mesmo calendario que o proposto para a condición *ex ante* 2 relativa aos plans de xestión estatal e autonómicos. As medidas que se propoñan para cumprir cos obxectivos de reciclaxe de residuos establecidos para 2020 deberán incluír algún dos instrumentos económicos que a Comisión sinala como criterios de cumprimento na Guía sobre as condicións *ex ante*. A nivel estatal proponse:<br>•A revisión das taxas. Aproveitando a experiencia extraída de iniciativas xa existentes, trátase de desenvolver un marco normativo común sobre fiscalidade ambiental como instrumento para impulsar a reciclaxe. Afectaría todo tipo de residuos depositados en vertedoiro, diferenciando a contía en función do tipo de residuo que se deposita (perigosos, non perigosos e inertes). A tramitación e aprobación realizarase ao longo de 2015. As administracións responsables son o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e as comunidades autónomas.<br>•Revisión da aplicación da normativa sobre responsabilidade ampliada do produtor para determinados fluxos de residuos. Na actualidade estase a finalizar a revisión da normativa sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, na cal se reforzan determinados aspectos relativos á responsabilidade ampliada do produtor de aparellos eléctricos e electrónicos. Adicionalmente estase a iniciar a revisión da normativa sobre vehículos ao final da súa vida útil e aceites usados, co obxecto tamén de limitar mellor as obrigas dos produtores en relación cos residuos xerados por estes produtos. A tramitación e aprobación realizarase ao longo de 2015. A Administración responsable é o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.<br>Igualmente, prevese incluír unha dotación económica específica nos plans de xestión de residuos, dentro das dispoñibilidades orzamentarias, para avanzar na aplicación da xerarquía de residuos que incremente a eficacia dos plans de xestión. |

# 10. SECCIÓN 10 - REDUCIÓN DA CARGA ADMINISTRATIVA PARA OS BENEFICIARIOS

Resumo da avaliación da carga administrativa para os beneficiarios e, cando sexa necesario, accións previstas, xunto cun calendario indicativo para a redución da dita carga.

Sobre a base da experiencia acumulada durante o período 2007-2013, identificáronse oportunidades de mellora e medíronas para lograr a redución da carga administrativa para os beneficiarios nos programas FEDER.

1) Redución do número e adecuación dos organismos no período 2014-2020

Tras a análise levada a cabo no acordo de asociación sobre o número de organismos intermedios participantes no Programa 2007-2013, concluíuse que existe marxe para reducir o devandito número en 2014-2020, pois:

- Elimínase a reiteración de organismos intermedios da AXE no PO ao non existir programación financeira da AXE nos programas rexionais.
- Redúcese o número de organismos xestores que terá o programa, dado que se considerou que incrementaba a dificultade de xestión e ampliaba os riscos de eficacia, eficiencia e capacidade de xestión.

Iso é resultado da necesidade de concentración temática das intervencións, así como responde á necesidade de simplificar o labor administrativo de xestión e control do programa que levará a cabo o organismo intermedio da Xunta de Galicia, nos termos sinalados na sección 7. Deste xeito, espérase un aumento da especialización tanto dos recursos humanos que participan na xestión do FEDER como das ferramentas postas á súa disposición.

2) Harmonización das normas con outros fondos EIE.

A posibilidade que permite o Regulamento de disposicións comúns en relación coa planificación, subvencionabilidade e financiamento reduce o número de documentos estratéxicos a un documento nacional e a un da UE para todos os fondos, o que diminúe a complexidade para os beneficiarios, que se vían obrigados a familiarizarse con múltiples normas. Iso facilita tamén as sinerxías e complementariedades entre fondos durante a fase de implementación dos programas.

3) Seguridade xurídica mediante normas máis claras

As normas claras e sinxelas son unha importante fonte de simplificación. Tomando como punto de partida as leccións aprendidas do 2007-2013, ao longo do 2014-2020 poñerase á disposición dos organismos implicados e dos beneficiarios a información pertinente para o desempeño das súas tarefas no relativo a aqueles ámbitos máis relevantes na xestión do FEDER, entre os cales se encontran: operacións, contas anuais, criterios de selección de operacións, seguimento da execución, indicadores, informes anuais de execución, irregularidades, simplificación, verificacións, boas prácticas, etc.

Ademais, están en fase de elaboración documentos descritivos das funcións e procedementos, tanto da AX como da AC, que deberán ser obxecto de informe e ditame por un organismo de auditoría independente, que avaliará o cumprimento polas autoridades dos criterios exixidos no anexo XIII do Regulamento (UE) nº 1303/2013, con carácter previo á designación das autoridades. Estes documentos constituirán unha garantía da seguridade xurídica e da claridade das normas e procedementos que deben seguir os organismos implicados na xestión e no control do programa.

Os documentos que establece o artigo 125.3.c que se facilitarán ao beneficiario tamén resultarán un avance na seguridade xurídica e claridade de normas, xa que debe expresar as "condicións en que se obtén a axuda para cada operación, en especial os requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos que deban obterse con ela, ao plan financeiro e ao seu calendario de execución."

4) Execución máis eficiente e xeración de informes máis lixeiros

En 2014-2020 os informes anuais de carácter ordinario serán máis lixeiros e ofrecerán só datos esenciais sobre o progreso realizado, ademais de estar integramente elaborados a partir dos datos da aplicación Fondos 2020. O primeiro informe anual non se presentará ata 2016. Estará composto na súa maior parte por datos procedentes do sistema de información dispoñible automaticamente e, nunha menor proporción, de información adicional proporcionada polos organismos participantes. A xeración de informes máis automatizados e lixeiros reducirá a carga que supón producir un

informe anual, orientando mellor os organismos respecto á información que se deberá subministrar e garantindo unha xestión máis proporcionada.

5) Redución da carga administrativa para os beneficiarios mediante metodoloxías de custos simplificados.

*Custos simplificados*

Os regulamentos 2014-2020 inclúen unha serie de medidas que facilitarán a simplificación administrativa e redución de cargas, tanto para os organismos implicados na xestión das actuacións coma para os beneficiarios. Entre elas destaca a previsión de distintas opcións dos custos simplificados (artigos 67 e 68 do Regulamento (UE) nº 1303/2013).

Durante o proceso de programación déuselles cumprida información sobre as posibilidades de utilización de opcións de custos simplificados aos distintos axentes involucrados, feito que foi ben valorado nas devanditas reunións, por canto supón unha redución considerable da carga administrativa derivada da xestión de réximes de axuda para todos os órganos implicados na xestión e no control do programa e para os beneficiarios, o cal permitirá, ademais, incidir en maior medida no enfoque a resultados, en liña coas exixencias do novo período de programación

Por iso, estase a levar a cabo unha análise específica das oportunidades que a introdución de custos simplificados ofrece nas distintas tipoloxías de actuacións previstas no programa susceptibles de empregar a devandita metodoloxía, tomando como referencia os artigos 67 e 68 do o Regulamento (UE) nº 1303/2013 e a Guía de opcións de custos simplificados elaborada no seo do EGESIF.

En canto aos OT en que prevé utilizar as opcións de custos simplificados, *a priori*, considérase que podería utilizarse no ámbito das axudas a I+D+i encadradas no obxectivo temático 1, ben que se valorará tamén a súa utilización, ben que, en menor medida, noutros obxectivos temáticos nos cales se inclúen actuacións que se deberán xestionar a través de réximes de axuda (p. ex.: OT 3, OT 4). Respecto á concreta metodoloxía que se deberá utilizar, sen prexuízo do que resulte dos estudos específicos actualmente en curso, prevense como opcións máis adecuadas a utilización de baremos estándar de custos unitarios (art. 67.1.b) do Regulamento (UE) nº 1303/2013), fundamentalmente para o cálculo de custos de persoal, así como o financiamento a tipo fixo de custos indirectos e custos de persoal relativos a subvencións, previstos no artigo 68.

*Flat rate*

O artigo 61 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 permite, para o cálculo do gasto elixible dos proxectos xeradores de ingresos netos, a aplicación dunha porcentaxe fixa de desconto sobre o investimento, con independencia dos ingresos do proxecto. Esta posibilidade aproveitarase en todos aqueles casos en que sexa posible, para o cal se procederá a informar previamente os organismos xestores.

6) Sistemas de información

No que respecta á xestión do programa operativo, de acordo co disposto no artigo 125.2.d) do Regulamento UE9 nº 1303/2013, a Autoridade de Xestión deberá establecer un sistema para o rexistro e almacenamento informatizados dos datos de cada operación necesarios para o seguimento, a avaliación, a xestión financeira, a verificación e a auditoría, incluídos datos sobre cada participante nas operacións, cando proceda.

Para responder a esta exixencia, prevese a utilización do sistema de información Fondos 2020, cuxo desenvolvemento parte da actual aplicación Fondos 2007 e será capaz de relacionarse coas ferramentas que defina a Comisión Europea así como coas do organismo intermedio. Fondos 2020 será unha aplicación que, por un lado, funcionará como sistema integral da xestión do FEDER onde se implementarán os procedementos que dean sustento ás funcións da DXFC e das diversas autoridades (xestión, certificación e auditoría). Por outro lado actuará como *hub* no que, ademais de recibir a información que remita o organismo intermedio, facilite a todos os participantes nas diferentes fases da xestión dos fondos FEDER as interconexións precisas coas ferramentas que garantan unha adecuada xestión, como a utilización de medidas antifraude nacionais e comunitarias.

Fondos 2020 estará integrado no Esquema nacional de interoperabilidade no referente á codificación de organismos intermedios e beneficiarios públicos e integrará unha codificación máis detallada en aspectos como os propios programas operativos, tal e como se exixe nos regulamentos, así como nos criterios de selección de operacións e nos informes anuais, a prol da reutilización da información en calquera fase da súa explotación.

Así mesmo, considerarase a opción dun sistema de información común para todos os organismos intermedios dos programas FEDER de España, que estará dispoñible mesmo na "nube", e que ten por fin reducir os custos totais de

propiedade e asegurar a plena dispoñibilidade das aplicacións, seguindo as liñas de avance da Administración electrónica en España.

Tamén se apoiará como boa práctica a utilización por parte dos distintos organismos intermedios dos programas de ferramentas de xestión comúns, como outro xeito de reducir custos e simplificar a xestión do cambio.

7) Extensión da xestión electrónica dos expedientes

Durante o período de programación 2007-2013 foron varias as fontes de carga administrativa para as persoas e organismos beneficiarios do programa, en función do mecanismo de execución de gasto utilizado nas diferentes accións. Por un lado, en materia de contratación, a exixencia de tramitación e conservación en papel de toda a documentación administrativa vinculada aos procedementos de contratación supuxo uns custos de xestión considerables e unha ralentización dos prazos de tramitación. Por outro lado, en materia de subvencións e convenios, a presentación das solicitudes de financiamento presencialmente e en formato papel, así como a cuantiosa documentación que se deberá achegar tanto no momento da solicitude da axuda como para a xustificación dos gastos realizados. Estes elementos supoñen unha importante carga de traballo que xera nas persoas e nos organismos beneficiarios a necesidade de efectuar numerosos desprazamentos, así como un traballo de réplica e compulsa de documentación de carácter laborioso e exixente.

De acordo co estipulado no artigo 122.3 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, e en liña coa normativa comunitaria e española en materia de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, é preciso estender e mellorar o uso da Administración electrónica na xestión dos fondos EIE, de forma que todos os intercambios de información entre os beneficiarios e as autoridades e os organismos implicados na xestión e no control do programa se poidan efectuar por medio de sistemas de intercambio electrónico de datos.

Cabe precisar que desde a Administración autonómica xa se puxeron en marcha, neste período, medidas de modernización administrativa dirixidas á posibilidade de relacionarse telematicamente coas administracións públicas con todas as garantías, aforrando custos e tempo. O Goberno galego puxo en marcha, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, o Plan de modernización da Administración pública, articulado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, desde a cal a cidadanía e empresas poden exercer, en condicións totalmente seguras, o seu dereito de acceso á información e aos servizos electrónicos da Administración autonómica.

Esta páxina web está operativa desde setembro de 2011, tendo como obxectivo que se converta, de xeito progresivo, no punto de acceso único a toda a Administración en internet, ofrecendo a mesma información e os mesmos servizos que ten agora á súa disposición a cidadanía en calquera das xanelas das consellerías. No marco deste plan, numerosas liñas de axudas se encontran xa dispoñibles para a súa tramitación electrónica, co conseguinte aforro de recursos para a Administración e para as persoas e organismos beneficiarios.

Así mesmo, a consolidación da Axenda Dixital de Galicia 2014 supón outra aposta decidida pola simplificación nas relacións entre a Administración e a cidadanía, na medida en que un dos eixes estratéxicos da Axenda é a consolidación dunha Administración intelixente, que replique nos medios electrónicos todo o catálogo de servizos dispoñibles nas súas sedes físicas.

Por outro lado, os organismos intermedios actuais do programa operativo FEDER 2007-2013 de Galicia son os seguintes:

- Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios (Xunta de Galicia)
- Dirección Xeral de Programación Económica e Orzamentos (Mº Fomento)
- Dirección Xeral de Cooperación Local (Mº de Facenda e Administracións Públicas)
- Dirección Xeral de Servizos (Mº de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente).
- Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información (MINETUR) (Mº de Industria, Enerxía e Turismo)
- Dirección Xeral de Comercio Interior (Mº de Economía e Competitividade)
- Dirección Xeral de Industria e da PEME (Mº de Industria, Enerxía e Turismo)
- Subdirección Xeral de Incentivos Rexionais (Mº Facenda e Administracións Públicas)
- TURESPAÑA (Mº de Industria, Enerxía e Turismo)
- Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía IDAE (Mº de Industria, Enerxía e Turismo)
- Aeroportos Españois e Navegación Aérea (Mº Fomento)

- Sociedade Estatal de Infraestrutura de Transporte Terrestre (SEITT) (Mº Fomento)
- Entidade Pública Empresarial RED.ES (Mº de Industria, Enerxía e Turismo)
- Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX). (Mº de Economía e Competitividade)
- Concello da Coruña
- Concello de Lugo
- Concello de Santiago de Compostela
- Concello de Ferrol
- Consello Superior de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación
- INCYDE
- Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) (Mº Fomento)
- Xerencia de Infraestruturas e Equipamento (Mº de Cultura)
- ENISA (Mº de Industria, Enerxía e Turismo)

No PO FEDER de Galicia 2014-2020, o organismo intermedio será a Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos da Consellería de Facenda, abranguendo todo o ámbito da Xunta de Galicia e os seus organismos dependentes.

.

| **Iniciativas de redución da carga administrativa para os beneficiarios** | **Calendario estimativo de implementación da medida** | **Observacións** |
|---|---|---|
| Redución do número e adecuación dos organismos no período 2014-2020 | Xa implementada | O PO prevé un único organismo intermedio na comunidade autónoma |
| Harmonización das normas con outros fondos EIE | Xa implementada | A simplificación normativa xa deriva dos regulamentos comunitarios que regulan os fondos EIE |
| Seguridade xurídica mediante normas máis claras | En proceso de implementación ao longo do ano 2015 | Actualmente está en trámite o proceso para a designación das autoridades competentes e encóntranse en fase de elaboración os documentos descritivos do sistema de xestión e control.<br>Ao longo de 2015 elaboraranse os manuais, directrices e demais documentos descritivos dos procedementos para os organismos implicados na xestión e os beneficiarios. |
| Execución máis eficiente e xeración de informes máis lixeiros | Maio de 2016 | O primeiro informe anual de execución presentarase non máis tarde do 31 de maio de 2016 (arts. 50 e 111 do Regulamento (UE) nº 1303/2013) |
| Redución da carga administrativa para os beneficiarios mediante metodoloxías de custos simplificados | A partir do ano 2015 | En fase de elaboración polo organismo intermedio un estudo sobre posibilidades de utilización de metodoloxías de custos simplificados en distintas actuacións do PO. |
| Sistemas de información | En proceso de implementación desde 2014 | A Autoridade de Xestión está a desenvolver na actualidade a aplicación informática Fondos 2020, que avanzará modularmente ao longo do ano 2016.<br>Paralelamente, o organismo intermedio está a traballar no deseño dunha ferramenta informática de xestión compatible con Fondos 2020 |
| Extensión da xestión electrónica dos expedientes | Decembro de 2015 | De acordo co exixido no art. 122.3 do Regulamento (UE) nº 1303/2013) |

# 11. SECCIÓN 11 - PRINCIPIOS HORIZONTAIS

## 11.1 Desenvolvemento sustentable

Descrición das medidas específicas para ter en conta os requisitos de protección do ambiente, a eficiencia na utilización dos recursos, a mitigación do cambio climático e a adaptación a este, a capacidade de recuperación tras as catástrofes e a prevención e xestión de riscos na selección das operacións.

No artigo 8 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 establécese que os Estados membros e a Comisión velarán por que na preparación e na execución dos acordos de asociación e dos programas operativos se promovan os requisitos de protección ambiental, a eficiencia dos recursos, a mitigación do cambio climático e a adaptación a este, a biodiversidade, a capacidade de adaptación fronte aos desastres e a prevención e xestión de riscos.

Así mesmo, o artigo 2 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 establece que a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional se reforzará a cohesión económica, social e territorial a través do desenvolvemento sustentable e o axuste estrutural das economías rexionais, así como da reconversión das rexións industriais en declive e das rexións cun atraso de desenvolvemento. De igual xeito, o citado regulamento establece tanto obxectivos temáticos vinculados de forma directa ao desenvolvemento sustentable (como o obxectivo de favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores ou o obxectivo de conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos), ademais de combinar estes ámbitos con outra serie de obxectivos específicos situados noutros eixes, coa idea de integrar a cuestión do desenvolvemento sustentable con carácter transversal en todos os ámbitos de intervención.

O Regulamento (UE) nº 1303/2013, así mesmo, establece no seu artigo 55, que a avaliación *ex ante* dos programas operativos deberá incorporar, cando proceda, os requisitos para realizar a avaliación estratéxica ambiental. Estes requisitos, establecidos na *Directiva 2001/42/CEE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente* (Directiva EEM), céntranse na obriga por parte dos Estados membros de valorar os efectos de determinados plans e programas sobre o ambiente. Preténdese, desta forma, establecer a **avaliación ambiental** como un instrumento de prevención clave para que os procesos de planificación e programación incorporen o principio horizontal do ambiente no seu desenvolvemento.

O propósito da Directiva EEM non é outro que "*proporcionar un alto nivel de protección do ambiente e contribuír á integración das consideracións ambientais na preparación e adopción de plans e programas con vistas a promover o desenvolvemento sustentable*".

Esta directiva foi incorporada ao dereito interno español mediante a Lei 9/2006, do 28 de abril, que foi derrogada pola nova *Lei 21/2013*, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, que se publicou o 11 de decembro do devandito ano. Nela unifícase o dereito comunitario ao redor dos procedementos de avaliación ambiental establecidos na *Directiva 2001/42/CE, do 27 de xuño, sobre avaliación das repercusións de determinados plans e programas no ambiente*, e na *Directiva 2011/92/CE, do 13 de decembro, de avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o ambiente.*

O procedemento para o desenvolvemento da EAE do PO FEDER de Galicia, de acordo coa *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental*, que seguiu o procedemento ordinario, resúmese nos seguintes pasos:

- Inicio do proceso de avaliación ambiental estratéxica o 20.3.2014 co envío, por parte da DX de Planificación e Orzamentos, do documento inicial estratéxico e do primeiro borrador do PO FEDER Galicia 2014-2020.

- Apertura do prazo de 45 días hábiles (a partir desa data e ata o 15.5.2014) para formular as observacións e suxestións. Para iso, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia puxo á disposición das administracións públicas axentes participantes e público interesado, na súa páxina web,

http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Avaliacion_ambiental, ambos os dous documentos (documento inicial estratéxico e primeiro borrador de PO FEDER Galicia 2014-2020).

- Aprobación do documento de alcance do PO FEDER Galicia 2014-2020 o 21.05.2014 pola autoridade ambiental rexional.

- A DX de Planificación e Orzamentos pon á disposición do público en xeral, a través da súa páxina web http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/principio-de-asociacion-14-20;jsessionid=vqQc++kNVo+eXiSeZg8MDxNk.3cff3fba-05c7-3b0f-9a5c-f3401daeaddc o texto do estudo ambiental estratéxico (documento de consulta pública nº 4) xunto co documento xa mencionado do PO FEDER Galicia 2014-2020 (anuncio publicado no *Diario Oficial de Galicia* o 9.7.2014 e a corrección de erros o 17.07.2014).

- Redacción do documento **Resultado do proceso de consulta pública do PO FEDER Galicia 2014-2020 e resumo da integración dos aspectos ambientais no PO,** unha vez finalizado o proceso de información pública (2.9.2014), no cal se recollen as alegacións recibidas e a súa integración no PO e no EAE. Este documento remitiuse ao órgano ambiental, xunto coa proposta final do PO e o estudo ambiental estratéxico, tal e como establece o artigo 24 da Lei 21/2013.

- Como conclusión do proceso de avaliación ambiental estratéxica, o órgano ambiental da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, formulou a declaración ambiental estratéxica do PO FEDER de Galicia 2014-2020, mediante Resolución do 20 de novembro.

- A Declaración ambiental estratéxica do PO FEDER Galicia 2014-2020 **publicouse** na sede electrónica do órgano ambiental da Xunta de Galicia e no *Diario Oficial de Galicia* o 09.12.2014 (Anuncio do 21 de novembro de 2014, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas). Pode consultarse no seguinte enderezo da internet: http://www.cmati.xunta.es/busca-por-palabra-clave, introducindo o código: 1631/2014.

Na elaboración do programa operativo tivéronse en conta as consideracións ambientais e as opinións expresadas, tanto pola autoridade ambiental como as recibidas das consultas realizadas e da participación pública, durante o proceso de **avaliación ambiental estratéxica**, de maneira que o PO é coherente con estas.

A continuación cítanse algúns **exemplos** sobre como o programa atenderá esta exixencia normativa:

- Nas actuacións dirixidas a empresas no marco do obxectivo temático 1, os organismos xestores terán en conta que as actuacións desenvolvidas garantan o respecto aos principios ambientais procedentes. De igual modo, en liñas vinculadas á investigación, terá unha especial relevancia a visión dos proxectos sobre a eficiencia no uso dos recursos enerxéticos autóctonos. Así mesmo, nalgúns casos incluiranse, entre os criterios de valoración asociados, as implicacións ambientais das actuacións que se van financiar, se o seu desenvolvemento implicaría unha redución significativa da contaminación ou do consumo enerxético

- Dentro das accións que se incluíron no programa operativo vinculadas ao obxectivo temático 2, todas elas van dirixidas cara á promoción dos servizos públicos dixitais, co conseguinte aforro no consumo de recursos de carácter físico que leva consigo a asunción da tramitación electrónica como eixe da relación cidadanía-Administración.

- As actuacións localizadas no marco do obxectivo temático 3 encóntranse dirixidas maioritariamente a pemes e nelas fomentarase a implantación de novos medios produtivos tecnoloxicamente máis avanzados, que comportan un efecto positivo para o ambiente. Así mesmo, á hora de avaliar os proxectos desenvolvidos polas empresas beneficiarias, trataranse problemáticas empresariais vinculadas á eficiencia dos recursos e ao tratamento dos residuos.

- No marco do obxectivo temático 4 todas as actuacións van dirixidas á transición do modelo produtivo actual cara a un sistema eficiente en materia enerxética e respectuosa co ambiente. As accións finalmente elixidas concentraranse en mellorar as infraestruturas dispoñibles no ámbito do transporte co obxectivo de lograr unha

mobilidade urbana sustentable, así como en accións vinculadas á xeración de enerxías renovables a través de enerxías limpas como a biomasa.

- As actuacións localizadas no obxectivo temático 5, "Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos", teñen integradas na súa razón de ser a contribución ao desenvolvemento sustentable a través da adaptación dos medios dispoñibles aos desafíos provocados polo cambio climático, como por exemplo as actuacións relativas á análise sectorial da adaptación ao cambio climático en Galicia, ou as actuacións dirixidas á prevención e xestión de inundacións na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, mediante a cal se pretenden mitigar os efectos do cambio climático a través dunha estratexia dual (adaptación aos riscos e prevención mediante mecanismos de alerta).

- No contexto do obxectivo temático 6 inclúense varias accións vinculadas directamente á eficacia e reciclaxe de residuos, tanto domésticos coma industriais. Así mesmo, realizaranse actuacións vinculadas á Directiva marco da auga, mediante as que contribuír ao saneamento das rías galegas. Outro dos aspectos vinculados ao desenvolvemento sustentable serán as accións dirixidas á posta en valor do patrimonio natural galego mediante intervencións de fomento e difusión da biodiversidade ou a restauración de bens de interese turístico.

- Entre as accións incluídas no obxectivo temático 9 encóntrase a adaptación de infraestruturas sociais ás novas tecnoloxías e servizos innovadores, tendo en conta con carácter transversal criterios de eficiencia enerxética.

## 11.2 Igualdade de oportunidades e non discriminación

Descrición de accións específicas para promover a igualdade de oportunidades e evitar a discriminación por razón de sexo, orixe racial ou étnica, relixión ou crenza, discapacidade, idade ou orientación sexual durante a preparación, deseño e implementación do programa operacional e, en particular no referente ao acceso ao financiamento, tendo en conta as necesidades dos distintos grupos en risco deste tipo de discriminación e, en particular os requisitos para garantir a accesibilidade para persoas con discapacidade.

O artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 establece que os Estados membros e a Comisión velarán por que se teña en conta e se promova a igualdade entre homes e mulleres e a integración da perspectiva de xénero ao longo da preparación e a execución dos programas, entre o que se inclúe o que se refire ao seguimento, á presentación de informes e á avaliación. Así mesmo, exixe que os Estados membros e a Comisión tomen as medidas oportunas para evitar calquera discriminación por razón de sexo, raza ou orixe étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual durante a preparación e execución dos programas. En particular, durante a preparación e aplicación dos programas terase en conta a accesibilidade para as persoas con discapacidade.

Neste sentido, os programas poden apoiar medidas específicas mediante as cales se propoña loitar contra calquera tipo de discriminación, mellorar a accesibilidade das persoas con discapacidade, favorecer a integración no emprego e na educación e a formación das persoas máis vulnerables, reducir as desigualdades en termos de estado de saúde e acceso aos servizos sociais, etc., sempre tendo en conta os ámbitos de intervención do FEDER establecidos no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013.

Neste sentido, a defensa da igualdade de oportunidades e non discriminación formúlase con carácter transversal e será un principio xeral que todas as actuacións incluídas na programación 2014-2020 terán que respectar. A continuación cítanse varios exemplos concretos que mostran o enfoque das accións nesta materia:

- Nos plans de desenvolvemento da Administración electrónica (localizados no obxectivo temático 2) tense en conta a existencia dun elevado volume da poboación (31,7%) entre 16 e 74 anos que non accede á internet, en boa medida pola súa residencia en medios rurais ou pola idade relativamente avanzada; do mesmo modo, tense en conta a existencia de persoas en situación de risco de exclusión dixital (persoas con discapacidade, inmigrantes, minorías étnicas). A través destas actuacións, o impulso outorgado á acción da Administración por vías electrónicas pode supoñer un importante cambio nos usos e costumes destes grupos poboacionais á hora de vinculalos ao mundo dixital.

- Dentro das diversas accións vinculadas ao obxectivo temático 3 onde se formulan axudas directas a pequenas e medianas empresas, tense previsto valorar positivamente, na avaliación da potencial creación de emprego prevista para os proxectos, que a dita creación de emprego estea vinculada a colectivos desfavorecidos.

  Outras actuacións incluídas neste obxectivo temático van dirixidas cara á identificación de oportunidades e prestación de servizos para a profesionalización, modernización e reconfiguración de negocios. Nese sentido, considérase posible que os servizos de capacitación empresarial teñan un impacto moi positivo nos centros especiais de emprego ou noutras empresas de economía social, ás cales se lles concederá un carácter prioritario.

- En relación coas actuacións vinculadas ao desenvolvemento de infraestruturas verdes que se inclúen no obxectivo temático 4, as actuacións terán en conta as características necesarias que permitan o acceso ás ditas infraestruturas ás persoas con accesibilidade reducida.

- Con carácter transversal a varios obxectivos temáticos, en materia de contratación terase en conta que, naqueles procedementos de contratación onde se presenten dúas ou máis proposicións que resulten ser as máis vantaxosas, prevalecerán aquelas que, de conformidade co establecido no artigo 28.1 do Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego, dispoñan da Marca Galega de Excelencia en Igualdade, que dará dereito a unha preferencia na adxudicación de contratos. Así mesmo, terase en conta o establecido na disposición adicional cuarta, parágrafo primeiro, do texto refundido da Lei de contratos do sector público, de maneira que, no caso de que o devandito empate se mantivese, será valorada positivamente aquela empresa que poida acreditar manter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 por cento.

- No marco do obxectivo temático 6, naquelas actuacións dirixidas á promoción dos valores naturais da rexión, púxose de manifesto a posta en marcha de accións específicas dirixidas a diferentes colectivos con necesidades especiais en materia de accesibilidade.

- No marco do obxectivo temático 9, formuláronse actuacións directamente dirixidas a colectivos con necesidades específicas (persoas maiores, dependentes e con discapacidade), tratando con elas de facilitar a súa integración. Estas van en consonancia coa Estratexia en materia de prevención e detección de dependentes de Galicia, o Plan de acción integral contra a discapacidade e o Plan galego de persoas maiores.

- No marco do obxectivo temático 10, atenderanse infraestruturas que tratan de ampliar a oferta educativa, entre outras razóns para atender os índices de fracaso escolar existentes en Galicia, para o cal se prevé un desenvolvemento de infraestruturas adaptadas á necesaria adaptación á diversidade.

## 11.3 Igualdade entre homes e mulleres

Descrición da contribución do programa operativo á promoción da igualdade entre homes e mulleres e, no seu caso, as normas que garantan a integración da perspectiva de xénero ao programa operativo e a nivel de operación.

O artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 establece que os Estados membros e a Comisión velarán por que se teña en conta e se promova a igualdade entre homes e mulleres e a integración da perspectiva de xénero ao longo da preparación e a execución dos programas, entre o cal se inclúe o que se refire ao seguimento, á presentación de informes e á avaliación. Así mesmo, exixe que os Estados membros e a Comisión tomen as medidas oportunas para evitar calquera discriminación por razón de sexo, raza ou orixe étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual durante a preparación e execución dos programas.

Na **Fase de programación,** aínda que tendo en conta os ámbitos de intervención do FEDER establecidos no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 non se formula a realización de medidas especificamente dirixidas á promoción da igualdade entre homes e mulleres, si se considera o principio de igualdade entre homes e mulleres como un elemento de aplicación transversal a todas as actuacións incluídas no programa operativo.

- O programa ten en conta as fendas de xénero existentes en Galicia e desagrega todos os datos por sexo; sinala os principais resultados esperados para homes e mulleres e fixa criterios de selección de operacións que garantan que os recursos alcanzan por igual a ambos os dous sexos.

Na **Fase de implementación** adoptaranse as seguintes medidas:

- Potenciarase o uso de cláusulas sociais en convenios, convocatorias de subvencións e contratacións públicas que promovan a igualdade entre mulleres e homes naqueles ámbitos onde se detectou a existencia dunha fenda de xénero.

- Estableceranse criterios de selección de operacións que integren a promoción da igualdade de xénero naqueles ámbitos onde se detectou a existencia dunha fenda de xénero.

- Os informes de execución anuais incluirán información sobre a execución relativa á promoción da igualdade entre homes e mulleres.

- A estratexia de comunicación do programa visibilizará a achega das mulleres e o seu acceso ao FEDER, así como promoverá a diversificación dos medios de información e a publicidade para garantir a accesibilidade á información e o uso de linguaxe e imaxes non sexistas.

- Tanto a Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos da Consellería de Facenda como a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza continuarán participando activamente na Rede de Políticas de Igualdade e difundindo a información e os materiais elaborados entre os órganos xestores do programa.

Na F**ase de seguimento e avaliación** adoptaranse as seguintes medidas:

A avaliación *ex ante* xa valorou a adecuación das medidas planeadas para promover a igualdade entre mulleres e homes e o programa contará cun ditame na materia. Ademais:

- A Secretaria Xeral da Igualdade formará parte do comité de seguimento do programa, no cal se velará por unha participación equilibrada de mulleres e homes.

- Definirase un sistema de seguimento específico que permita valorar a existencia de novas fendas ou o agrandamento das actuais, a posible vinculación das accións desenvolvidas no marco do programa operativo en relación coas fendas de xénero en Galicia e o grao de aplicación de medidas correctoras que se determinasen no marco do ditame.

- Nas avaliacións que se realicen analizarase a integración transversal do principio de igualdade de xénero do programa.

Na **Fase de execución** adoptaranse as seguintes medidas:

A igualdade entre mulleres e homes non só se promoverá a nivel de programa, incorporando transversalmente o xénero nas distintas fases de execución, tal e como se describiu anteriormente, senón tamén a nivel de operación.

Velarase porque cada proxecto cofinanciado teña en conta no seu deseño e implementación as fendas de xénero existentes no seu ámbito de intervención. A continuación cítanse varios exemplos concretos que mostran o enfoque das accións nesta materia:

- Dentro das accións vinculadas ao obxectivo temático 1, nalgúns casos, entre os criterios de valoración relacionados co impacto socioeconómico da actuación para financiar incluiranse algúns relacionados coa participación equilibrada de mulleres no equipo investigador responsable.

- Dentro das diversas accións vinculadas ao obxectivo temático 3, onde se formulan axudas directas a pequenas e medianas empresas, tense previsto valorar positivamente, na avaliación da potencial creación de emprego prevista para os proxectos, que a dita creación de emprego estea vinculada ao emprego feminino.

  Máis concretamente, naquelas actuacións vinculadas ao apoio a proxectos de emprendemento serán mellor valoradas aquelas solicitudes que ofrezan un maior número de contratación de mulleres.

- Outro dos aspectos que se terá en conta con carácter transversal a todas as actuacións é que, en caso de que a valoración das ofertas presentadas polas empresas participantes nunha licitación ofreza unha situación de empate técnico, en virtude do recollido no artigo 11.4 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, de traballo en igualdade das mulleres de Galicia, as empresas que implantasen un plan de igualdade terán preferencia na adxudicación dos contratos coa Comunidade Autónoma de Galicia.

- As actuacións vinculadas á promoción dos valores do patrimonio natural e da biodiversidade da rexión recollerán información sobre o uso público dos espazos tendo en conta a diferenciación de xénero, co fin de dispoñer información sobre a poboación receptora das campañas de educación ambiental.

- Naquelas actuacións vinculadas co turismo (especialmente no referente ao Camiño de Santiago) os organismos xestores poñen de manifesto que a información utilizada para avaliar adecuadamente o resultado das accións terá en conta o xénero, recollendo a información de xeito segregado. Así mesmo, no desenvolvemento de infraestruturas vinculadas ao Camiño de Santiago formularase unha atención especial das imaxes de promoción turística e nos servizos que se desenvolvan nos albergues.

- No marco do obxectivo temático 10 vanse desenvolver accións destinadas á mellora das infraestruturas educativas, cubrindo os diferentes niveis de educación preescolar e obrigatoria, o que permitirá dispoñer de mellores medios á hora de atender as necesidades de conciliación familiar e profesional de homes e mulleres.

# 12. SECCIÓN 12- ELEMENTOS INDEPENDENTES

## 12.1 Grandes proxectos que se van executar durante o período de programación

A programación definida para o período 2014-2020 non considera proxectos que poidan ter a consideración de gran proxecto, segundo queda definido no artigo 100 do Regulamento (UE) nº 1303/2013[30].

***Cadro 27: Lista dos grandes proxectos***

[Non procede]

[30] "Operación que comprenda unha serie de traballos, actividades ou servizos e estea dirixida a efectuar unha tarefa indivisible dunha natureza económica ou técnica precisa con obxectivos claramente definidos, e para a cal o custo subvencionable total sexa superior a 50 000 000 euros e, no caso das operacións que contribúan ao obxectivo temático previsto no artigo 9, parágrafo primeiro, punto 7, cando o custo subvencionable total sexa superior a 75 000 000 euros".

## 12.2 Marco de rendemento do programa operativo

***Cadro 28: Marco de rendemento por Fondo e categoría de rexión (cadro recapitulativo)***

| Obxectivo temático | Fondo | Categoría de rexión | Indicador ou etapa clave de execución | Unidade de medida, cando proceda | Fito para 2018 | | | Meta final (2023) [1] | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | H | M | T |
| 01 - EP1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación | FEDER | Máis desenvolvidas | Número de empresas que reciben axudas | Empresas | - | - | 73 | - | - | 170 |
| 01 - EP1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación | FEDER | Máis desenvolvidas | Investimento privado en paralelo ao apoio público en proxectos de innovación ou I+D | Euros | - | - | 3.025.858 | - | - | 8.316.075 |
| 01 - EP1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación | FEDER | Máis desenvolvidas | Importe total do gasto subvencionable anotado no sistema da AC e certificado segundo o art. 126.c do RDC | Euros | - | - | 33.996.711 | - | - | 178.000.000 |
| 02 - EP2. Mellorar o uso e calidade das TIC e o acceso a elas | FEDER | Máis desenvolvidas | Poboación escolar que está cuberta polos servizos públicos electrónicos educativos | Persoas | - | - | 90.000 | - | - | 115.000 |
| 02 - EP2. Mellorar o uso e calidade das TIC e o acceso a elas | FEDER | Máis desenvolvidas | Número de usuarios que teñen acceso ou cubertos polas aplicacións/servizos de Administración electrónica | Usuarios | - | - | 17.775 | - | - | 45.525 |

| Obxectivo temático | Fondo | Categoría de rexión | Indicador ou etapa clave de execución | Unidade de medida, cando proceda | Fito para 2018 | | | Meta final (2023) [(1)] | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | H | M | T |
| 02 - EP2. Mellorar o uso e calidade das TIC e o acceso a elas | FEDER | Máis desenvolvidas | Importe total do gasto subvencionable anotado no sistema da AC e certificado segundo o art. 126.c do RDC | Euros | - | - | 62.745.833 | - | - | 175.875.000 |
| 03 - EP3. Mellorar a competitividade das pemes, do sector agrícola (no caso do Feader) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP) | FEDER | Máis desenvolvidas | Número de empresas que reciben axudas | Empresas | - | - | 436 | - | - | 936 |
| 03 - EP3. Mellorar a competitividade das pemes, do sector agrícola (no caso do Feader) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP) | FEDER | Máis desenvolvidas | Importe total do gasto subvencionable anotado no sistema da AC e certificado segundo o art. 126.c do RDC | Euros | - | - | 33.312.500 | - | - | 178.750.000 |
| 04 - EP4. Favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores | FEDER | Máis desenvolvidas | Reducción do consumo anual de enerxía primaria en edificios públicos | KWh/año | - | - | 14.340.660 | - | - | 52.994.413 |

| Obxectivo temático | Fondo | Categoría de rexión | Indicador ou etapa clave de execución | Unidade de medida, cando proceda | Fito para 2018 | | | Meta final (2023) [1] | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | H | M | T |
| 04 - EP4. Favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores | FEDER | Máis desenvolvidas | Redución do consumo de enerxía final en infraestruturas públicas ou empresas | Ktep/ano | - | - | 6,7 | - | - | 19,1 |
| 04 - EP4. S Favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores | FEDER | Máis desenvolvidas | Lonxitude de pistas para bicicletas e sendeiros | Quilómetros | - | - | 42 | - | - | 107 |
| 04 - EP4. Favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores | FEDER | Máis desenvolvidas | Importe total do gasto subvencionable anotado no sistema da AC e certificado segundo o art. 126.c do RDC | Euros | - | - | 44.821.125 | - | - | 229.032.462,5 |
| 05 - EP5. Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos | FEDER | Máis desenvolvidas | Poboación beneficiaria das medidas de prevención de inundacións | Persoas | - | - | 9.490 | - | - | 29.129 |
| 05 - EP5. Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos | FEDER | Máis desenvolvidas | Poboación beneficiada por medidas de planificación para prevención de catástrofes e restauración de zonas danadas | Persoas | - | - | 1.800.000 | - | - | 2.613.978 |

| Obxectivo temático | Fondo | Categoría de rexión | Indicador ou etapa clave de execución | Unidade de medida, cando proceda | Fito para 2018 | | | Meta final (2023) [1] | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | H | M | T |
| 05 - EP5. Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos | FEDER | Máis desenvolvidas | Importe total do gasto subvencionable anotado no sistema da AC e certificado segundo o art. 126.c do RDC | Euros | - | - | 20.619.761 | - | - | 49.422.659 |
| 06 - EP6. Conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos | FEDER | Máis desenvolvidas | Poboación adicional beneficiada por unha mellor depuración de augas residuais, equivalente de poboación | Poboación-equivalente | - | - | 4.266 | - | - | 169.327 |
| 06 - EP6. Conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos | FEDER | Máis desenvolvidas | Importe total do gasto subvencionable anotado no sistema da AC e certificado segundo o art. 126.c do RDC | Euros | - | - | 73.010.646 | - | - | 190.068.044 |
| 09 - EP9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación | FEDER | Máis desenvolvidas | Poboación cuberta polos servizos de saúde | Persoas | - | - | 435.360 | - | - | 435.860 |
| 09 - EP9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación | FEDER | Máis desenvolvidas | Importe total do gasto subvencionable anotado no sistema da AC e certificado segundo o art. 126.c do RDC | Euros | - | - | 57.298.104 | - | - | 64.298.104 |

| Obxectivo temático | Fondo | Categoría de rexión | Indicador ou etapa clave de execución | Unidade de medida, cando proceda | Fito para 2018 | | | Meta final (2023) [1] | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | H | M | T |
| 10- EP10. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente | FEDER | Máis desenvolvidas | Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas | Persoas | - | - | 1.596 | - | - | 3.870 |
| 10- EP10. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente | FEDER | Máis desenvolvidas | Importe total do gasto subvencionable anotado no sistema da AC e certificado segundo o art. 126.c do RDC | Euros | - | - | 20.407.344 | - | - | 59.162.500 |

( 1 ) Os valores previstos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou analizado por xénero.

## 12.3 Socios pertinentes que participan na preparación do programa

- Administración xeral da Xunta:
  - Dirección Xeral de Mobilidade.
  - Dirección Xeral de Conservación da Natureza.
  - Axencia Turismo de Galicia.
  - Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
  - Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes.
  - Secretaría Xeral do Mar.
  - Secretaría Xeral de Igualdade.
  - Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.
  - Dirección Xeral de Familia e Inclusión.
  - Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos.
  - Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.
  - Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.
  - Dirección Xeral de Enerxía e Minas.
  - Dirección Xeral de Comercio.
  - Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
  - Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
  - Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública.
  - Servizo Galego de Saúde (SERGAS).
  - Secretaría Xeral de Política Social.
  - Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar.
  - Secretaría Xeral de Universidades.
  - Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
  - Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda.
  - Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
  - Secretaría Xeral Técnica da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
  - Augas de Galicia.

  - Instituto Enerxético de Galicia (INEGA).
  - Instituto Galego de Estatística (IGE).
  - Axencia Galega de Infraestruturas (AXI).
  - Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).
  - Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).
  - Axencia Galega de Innovación (GAIN).
  - Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA).
  - Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS).
  - Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financiera e Contable (CIXTEC).
  - Entidade pública Portos de Galicia.
  - Instituto de Estudos do Territorio (IET).
- Administración Xeral do Estado:
  - Ministerio de Facenda e Administracións Públicas:
    - Dirección Xeral de Fondos Comunitarios.
  - Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente:
    - ConFEDERacións Hidrográficas do Miño-Sil, Cantábrico Occidental e Douro.
- Unión Europea:
  - Representantes da Comisión Europea (DG REGIO)
- Administración local:
  - FEDERación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).
  - Deputación Provincial da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.
  - Concello da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago de Compostela e Vigo.
- Organizacións empresariais:
  - Clúster TIC.
  - Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA).
  - Clúster da Madeira de Galicia.
  - Clúster Galego de Autoconsumo enerxético (AGAEN).
  - Asociación de Empresas de Eficiencia Enerxética (A3E)
  - Clúster Audiovisual Galego.
  - Clúster Téxtil Galego (COINTEGA).

  - Asociación Galega de Empresas de Software Libre (AGASOL).
  - Asociación Galega de Empresas TIC (AGESTIC).
  - Asociación Multisectorial de Novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (INEO).
  - Asociación de Empresas de Electrónica, Tecnoloxías da Información, Telecomunicacións e Contidos Dixitais (AMETIC Galicia).
  - Redes de Telecomunicación Galegas (RETEGAL)
  - Empresas Galegas Dedicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías (EGANET)
  - Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (GRADIANT).
- Organizacións económicas e sociais:
  - CC.OO.
  - UGT.
  - Confederación de Empresarios de Galicia.
  - Consello Económico e Social de Galicia.
  - Confederación Intersindical Galega.
  - Consello Galego de Cámaras.
  - Federación Ecoloxista Galega.
  - Asociación Ecoloxista Amigos da Terra.
  - Federación Galega de Medio Ambiente.
  - Fundación Galicia Sustentable
- Institucións educativas:
  - Universidade de Vigo.
  - Universidade da Coruña.
  - Universidade de Santiago de Compostela.

# 13. ANEXOS DO PROGRAMA OPERATIVO

Os documentos que se relacionan a continuación constitúen os principais anexos ao Programa Operativo. Adicionalmente cargáronse no sistema de intercambio electrónico outros documentos de traballo aclaratorios.

Anexo 1. Metodoloxía do Marco de Rendemento.

Anexo 2. Declaración Ambiental Estratéxica do PO.

Anexo 3. Informe do Proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica do PO.

Anexo 4. Informe da avaliación ex ante, xunto cun resumo executivo.

Anexo 5. Ditame do organismo responsable de igualdade.

Anexo 6. Diagnóstico de situación socioeconómica e territorial de Galicia.

Anexo 7. Análise DAFO de Galicia.

Anexo 8. Cadro de lóxica de intervención.

Anexo 9. Cadro de necesidades e retos.

Anexo 10. Condicionalidad ex ante dos indicadores de resultado.

Anexo 11. RIS3 de Galicia.

# RESUMO FINANCEIRO PREVISTO DO PROGRAMA OPERATIVO POR EIXOS, PRIORIDADES DE INVESTIMENTO, OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E CAMPOS DE INTERVENCIÓN

| Eixos | Prioridades de investimento | Obxectivos específicos | Campos de intervención | Axuda FEDER € |
|---|---|---|---|---|
| Eixo 1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación | | | | 142.400.000 |
| | PI.1.2. Fomento do investimento por parte das empresas en innovación e investigación, desenvolvemento de vínculos e sinerxias entre as empresas, os centros de investigación e desenvolvemento e o sector do ensino superior, en particular o investimento no desenvolvemento de produtos e servizos, a transferencia de tecnoloxía, a innovación social a innovación ecolóxica, as aplicacións de servizo público, o estímulo da demanda, a interconexión en rede, as agrupacións e a innovación aberta a través dunha especialización intelixente e o apoio á investigación tecnolóxica e aplicada, liñas piloto, accións de validación precoz dos produtos, capacidades de fabricación avanzada e primeira produción, en particular, en tecnoloxías facilitadoras esenciais e difusión de tecnoloxías polivalentes | | | 133.700.000 |
| | | OE.1.2.1. Impulso e promoción de actividades de I+i lideradas polas empresas, apoio á creación e consolidación de empresas innovadoras e apoio á compra pública innovadora | | 104.500.000 |
| | | | 002 Procesos de investigación e innovación nas grandes empresas | 14.772.500 |
| | | | 056 Investimento en infraestruturas, capacidades e equipo na PEME directamente vinculadas con actividades de investigación e innovación | 400.000 |
| | | | 057 Investimento en infraestruturas, capacidades e equipo en grandes empresas directamente vinculadas con actividades de investigación e innovación | 2.175.000 |
| | | | 064 Procesos de investigación e innovación nas PEME (incluíndo sistemas de vales, procesos, deseño, servizos e innovación social) | 83.152.500 |
| | | | 082 Servizos e aplicacións das TIC para as PEME (incluídos os negocios e o comercio electrónicos e os procesos empresariais en rede), laboratorios viventes, ciberemprendedores e empresas emerxentes baseadas en TIC) | 4.000.000 |
| | | OE.1.2.3.Fomento e xeración de coñecemento de fronteira e de coñecemento orientado aos retos da sociedade, desenvolvemento de tecnoloxías emerxentes. | | 29.200.000 |
| | | | 060 Actividades de investigación e innovación en centros de investigación públicos e centros de competencia incluíndo a interconexión en rede | 26.000.000 |
| | | | 061 Actividades de investigación e innovación en centros de investigación privados incluíndo a interconexión en rede | 3.200.000 |
| | PI.1.1. Mellora das infraestruturas de investigación e innovación (I+i), e da capacidade para desenvolver excelencia en materia de I+i e fomento dos centros de competencia, en especial os de interese europeo | | | 8.700.000 |
| | | OE.1.1.2. Fortalecemento das institucións de I+D e creación, consolidación e mellora das infraestruturas científicas e tecnolóxicas. | | 8.700.000 |

| Eixos | Prioridades de investimento | Obxectivos específicos | Campos de intervención | Axuda FEDER € |
|---|---|---|---|---|
| | | | 058 Infraestruturas de investigación e innovación (públicas) | 1.400.000 |
| | | | 059 Infraestruturas de investigación e innovación (privadas, incluídos parques científicos) | 7.300.000 |
| Eixo 2. Mellorar o uso e calidade das TIC e o acceso ás mesmas | | | | 140.700.000 |
| | PI.2.3. Reforzo das aplicacións das TIC para a administración electrónica, a aprendizaxe electrónica, a inclusión electrónica, a cultura electrónica e a sanidade electrónica | | | 140.700.000 |
| | | OE.2.3.1. Promover os servizos públicos dixitais, a alfabetización dixital, e-aprendizaxe, e-inclusión e e-saúde | | 90.400.000 |
| | | | 078 Servizos e aplicacións de administración pública electrónica (incluíndo a contratación pública electrónica, medidas TIC de apoio á reforma da administración pública, ciberseguridade, medidas de confianza e privacidade, xustiza electrónica e democracia electrónica) | 28.600.000 |
| | | | 080 Servizos e aplicacións de inclusión dixital, accesibilidade dixital, aprendizaxe e educación electrónicas e alfabetización dixital | 19.000.000 |
| | | | 081 Solucións das TIC para responder o desafío do envellecemento activo e saudable e servizos e aplicacións de saúde electrónica (incluíndo a ciberasistencia e a vida cotiá asistida pola contorna) | 30.800.000 |
| | | | 079 Acceso a información do sector público (incluíndo datos culturais abertos en liña, bibliotecas dixitais, contidos electrónicos e turismo electrónico) | 12.000.000 |
| | | OE.2.3.2. Reforzar o e-goberno, e-cultura e a confianza no ámbito dixital. | | 50.300.000 |
| | | | 078 Servizos e aplicacións de administración pública electrónica (incluíndo a contratación pública electrónica, medidas TIC de apoio á reforma da administración pública, ciberseguridade, medidas de confianza e privacidade, xustiza electrónica e democracia electrónica) | 50.300.000 |
| Eixo 3. Mellorar a competitividade das PEME, do sector agrícola (no caso do *FEADER) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP) | | | | 143.000.000 |
| | PI.3.4. Apoio á capacidade das PEME para crecer nos mercados rexionais, nacionais e internacionais e nos procesos de innovación | | | 128.000.000 |
| | | OE.3.4.1. Promover o crecemento e a consolidación das PEME, en particular mellorando o seu financiamento, tecnoloxía e acceso a servizos de apoio avanzados | | 77.000.000 |
| | | | 001 Investimento produtivo xenérica en pequenas e medianas –empresas («PEME») | 64.000.000 |
| | | | 063 Apoio a grupos de empresas e redes de empresas, principalmente en beneficio das PEME | 1.000.000 |
| | | | 066 Servizos de axuda avanzados para PEME e grupos de PEME (incluíndo servizos de xestión, comercialización e deseño) | 12.000.000 |

| Eixos | Prioridades de investimento | Obxectivos específicos | Campos de intervención | Axuda FEDER € |
|---|---|---|---|---|
| | | OE.3.4.3. Promover a Internacionalización das PEMEs. | | 51.000.000 |
| | | | 066 Servizos de axuda avanzados para PEME e grupos de PEME (incluíndo servizos de xestión, comercialización e deseño) | 36.000.000 |
| | | | 072 Infraestruturas empresariais para as PEME (incluíndo instalacións e parques industriais) | 15.000.000 |
| | PI.3.1. Promoción do espírito empresarial, en particular facilitando o aproveitamento económico de novas ideas e impulsando a creación de novas empresas, tamén mediante viveiros de empresas | | | 15.000.000 |
| | | OE.3.1.2. Creación de novas empresas e viveiros de empresas, en particular mellorando o acceso a financiamento e a servizos de apoio avanzados. | | 15.000.000 |
| | | | 067 Desenvolvemento empresarial das PEME, apoio ao espírito de empresa e a incubación (incluíndo o apoio a empresas incipientes e empresas derivadas) | 15.000.000 |
| Eixo 4. Favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores | | | | 152.907.438 |
| | PI.4.1. Fomento da produción e distribución de enerxía derivada de fontes renovables | | | 27.700.000 |
| | | OE.4.1.2. Aumentar a participación e distribución das enerxías renovables para usos térmicos, en particular a biomasa, biogás e biocombustibles para o transporte, en consonancia co Plan de Enerxías Renovables 2011-2020 e no seu caso, coa planificación das Comunidades Autónomas. | | 27.700.000 |
| | | | 011 Enerxía renovables: biomasa | 27.700.000 |
| | PI.4.2. Fomento da eficiencia enerxética e o uso de enerxías renovables por parte das empresas | | | 30.000.000 |
| | | OE.4.2.1. Avanzar na avaliación e mellora da eficiencia enerxética das empresas, en particular as PEME. | | 30.000.000 |
| | | | 068 Eficiencia enerxética e proxectos de demostración en PEME e medidas de apoio | 30.000.000 |
| | PI.4.3. Apoio da eficiencia enerxética, da xestión intelixente da enerxía e do uso de enerxías renovables nas infraestruturas públicas, incluídos os edificios públicos, e nas vivendas | | | 68.018.532 |
| | | OE.4.3.1. Mellorar a eficiencia enerxética e redución de emisións de $CO_2$ na edificación e nas infraestruturas e servizos públicos. | | 68.018.532 |
| | | | 014 Renovación do parque inmobiliario existente con obxecto da eficiencia enerxética, proxectos de demostración e medidas de apoio | 68.018.532 |
| | PI.4.5. Fomento de estratexias de redución do carbono para todo tipo de territorio, especialmente as zonas urbanas, incluído o fomento da mobilidade urbana multimodal sustentable e as medidas de adaptación con efecto de mitigación | | | 57.507.438 |

| Eixos | Prioridades de investimento | Obxectivos específicos | Campos de intervención | Axuda FEDER € |
|---|---|---|---|---|
| | | OE.4.5.1. Fomento da mobilidade urbana sustentable: transporte urbano limpo, transporte colectivo, conexión urbana-rural, melloras da rede viaria, transporte ciclista, peonil, mobilidade eléctrica e desenvolvemento de sistemas de subministración de enerxías limpas | | 57.507.438 |
